CONCELLO DE VIGO

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

VALADARES

8

Aránzazu Luna

Gonzalo Navaza

Área de Normalización Lingüística

Universida de Vigo

COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO / VALADARES, NÚM. 8

Edición:
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, 1º andar, porta 15. Rúa das Cumieras, s/n
Campus de Vigo
36202 Vigo
Tfno.: 968 813 574
Fotógrafo: Aránzazu Luna, Gonzalo Navaza
Foto portada: Aránzazu Luna, Gonzalo Navaza
© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2022
© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2022
Printed in Spain - Impreso en España
ISBN: 978-84-8158-938-2
Depósito legal: VG 297-2022
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

CONCELLO DE VIGO

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

VALADARES

8

Aránzazu Luna
Gonzalo Navaza

Universida de Vigo

Fonte da Valada
421
Valadares
ÁGUA NÃO APTA PARA O CONSUMO HUMANO

1 Limiar

A toponimia constitúe un dos elementos máis singulares dos que conforman o denominado *patrimonio cultural inmaterial* dunha comunidade. Transmitidos de xeración en xeración, os nomes dos lugares reflicten a relación das xentes co seu medio natural ao longo dos séculos e forman parte da memoria común cargándoa de identidade local. A diferenza doutros elementos patrimoniais, a toponimia ten unha función social aínda viva: designar a realidade xeográfica. Xa que logo, a súa conservación pode garantirse simplemente co uso, con facer que siga cumprindo a súa función de designar o espazo: canto máis se usa, máis se afianza. Ademais, a súa salvagarda require máis vontade ca recursos. Vontade por parte das administracións e dos organismos responsables, e vontade de uso por parte da sociedade; razón pola cal o seu estudo e divulgación constitúen ferramentas útiles para fomentar a conciencia do seu inmenso valor e, con isto, a súa vixencia.

A publicación desta achega á historia e ao significado dos topónimos de Valadares, incluída na colección da Toponimia do Val de Fragoso, obedece a ese propósito de divulgar o valor patrimonial dos nomes de lugar. Galicia posúe unha enorme riqueza toponímica, no que se refire ao número, variedade e antigüidade dos topónimos, pois aquí conflúen moitos dos factores que favorecen esa riqueza: a orografía irregular, a fragmentación da propiedade, a dispersión dos núcleos habitados, o asentamento continuado da poboación ao longo da historia… No século XVIII xa chamara a atención sobre o tesouro dos nomes de lugar galegos o gran precursor dos estudos científicos da toponimia, o Padre

Sarmiento, quen defendía o seu coñecemento vencellado a disciplinas como a historia, a xeografía, a botánica, a arqueoloxía ou a evolución da lingua.

Os topónimos recollidos e comentados en Valadares pasan dos seiscentos, cunha densidade de aproximadamente corenta e oito nomes por quilómetro cadrado nos case 13 Km^2 do territorio parroquial. É unha densidade relativamente baixa en comparación coa dalgunhas parroquias veciñas, o que se explica pola proporción de superficie de monte, onde en xeral cada topónimo designa áreas máis extensas ca en zonas de terras de labor.

A situación de Valadares respecto do conglomerado urbano de Vigo pode supor unha ameaza para a toponimia histórica, pois con demasiada frecuencia o proceso urbanizador tendeu a sepultar os nomes tradicionais. Afortunadamente, certas prácticas agresivas como as chamadas «toponimia de repertorio» e «toponimia conmemorativa ou honorífica» van diminuíndo e non contan coa profusión que tiveran hai unhas décadas. No caso da parroquia de Valadares, de xeito modélico, no nome das vías principais do actual parque tecnolóxico e loxístico conservouse o nome tradicional dos terreos que ocupou o polígono. Mais non sempre ocorre así. O progresivo despoboamento da Galicia interior, así como o proceso urbanizador da área atlántica, que impón con máis frecuencia da desexable novos nomes aos antigos espazos rurais que vai colonizando, supoñen un risco para o patrimonio toponímico. Na medida en que a xente vaia tomando conciencia do valor e da utilidade deste patrimonio, máis garantía haberá da súa supervivencia.

Estas páxinas son unha primeira aproximación ao estudo do vasto corpus toponímico de Valadares que logrou conservarse e chegar ata nós. Normalmente, os topónimos que designan realidades xeográficas de ámbito relativamente extenso, ou os que nomean cursos de auga de certa importancia, por exemplo, adoitan ser milenarios, remontan ás linguas faladas no noroeste peninsular na prehistoria e son os que mellor sobreviven. Pola contra, os nomes que designan realidades de ámbito máis reducido, como pode ser unha leira cultivada, son os que corren máis perigo de verse alterados en calquera momento da historia, pola mudanza de propietario, de cultivos, de uso ou de calquera das características que motivaron o nome orixinario. Unha consulta

pormenorizada de toda a documentación histórica conservada relativa á parroquia desde o medievo, incluída a de mosteiros, arquivos diocesanos, protocolos notariais, libros parroquiais, contratos de foros etc., talvez permitiría reconstruír a historia particular de cada topónimo e do espazo que nomea. Para este traballo usáronse parcialmente algunhas destas fontes dispoñibles. Do Arquivo Histórico Nacional de Madrid (ANH) tiráronse, entre outras, algunhas atestacións contidas na documentación relativa a preitos ou na xerada en instancias como os conventos de San Domingos de Pontevedra e das franciscanas de Vigo. A documentación pertencente a este arquivo consultouse a través de internet, no servidor Pares (Portal de Arquivos Españoles) do Ministerio de Cultura. Para a documentación anterior ao século XVI servímonos das bases contidas no Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA) e no Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), que recollen a transcrición da documentación medieval de Galicia en latín e en galego, respectivamente. Do Catastro de Ensenada (CME), consultáronse tanto o volume correspondente ás respostas ao Interrogatorio, que se atopa dixitalizado e accesible en internet, coma o volume correspondente á parroquia de Valadares do *Real de Leigos* (*Libro de lo Real de los Individuos Legos*), realizado en 1753 e conservado no Arquivo Provincial de Pontevedra, e tamén en copia dixital no Arquivo Galiciana. No Arquivo Provincial tamén puidemos consultar algunha documentación manuscrita de protocolos notariais relativos a lugares da parroquia. Outras fontes foron o *Libro de afanegados* da parroquia de Valadares (1876-1877), en copia fotográfica facilitada polo centro veciñal, e nalgún caso fondos documentais do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS) ou do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS), tamén consultados a través de internet. Na bibliografía final atópanse as referencias completas das fontes documentais citadas ao longo do texto.

A relación de topónimos comentados aparece ordenada en entradas por orde alfabética, logo duns apartados iniciais onde se fai unha breve descrición da historia de Valadares desde que era couto señorial e o estudo do seu nome, así como a referencia aos seus principais núcleos de poboación e o rexistro deles nos diferentes nomenclátores. Ao final do libro exponse unha relación dos topónimos agrupados segundo a súa motivación semántica.

Desde estas páxinas queremos agradecerlles ao Servizo de Normalización Lingüistica do Concello de Vigo e mais á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo a confianza en nós para levarmos a cabo esta nova achega á toponimia do Val de Fragoso, e en especial a Eva Castro Figueiras, da ANL e veciña de Valadares, que revisou atentamente o texto e suxeriu atinadas modificacións. Tamén o apoio recibido desde o Centro Veciñal e Cultural de Valadares, presidido por Ana María Pérez Davila. Vaia asemade o noso agradecemento a todo o equipo que realizou o traballo de campo recollendo e localizando os topónimos (Laura Benedicto, Amparo Otero e Diego Monroy), así como a Manuel Dasilva Díaz, Isidro Piñeiro Pérez e Carlos Alonso Piñeiro polo seu apoio e boa disposición para canta dúbida e consulta precisamos no proceso de estudo e de redacción. E grazas tamén a toda a veciñanza que achegou información de interese para a correcta interpretación dos topónimos e que é, ao cabo, depositaria dos nomes que aparecen neste libro.

2 A parroquia de Valadares

Valadares é na actualidade unha das parroquias rurais de Vigo, situada no sur do seu termo municipal e do Val de Fragoso, xa na estrema deste co Val de Miñor. Ocupa unha extensa superficie de case 13 Km^2, cun relevo moi accidentado pola prolongación do noroeste da serra do Galiñeiro, con cumes como o monte Alba (502 m) e O Cepudo (527 m), os puntos de maior altura sobre o nivel do mar no territorio vigués. Limita ao norte coas parroquias de Comesaña e de Matamá, ao leste con Beade e con Zamáns, e ao oeste con Coruxo, todas estas pertencentes tamén a Vigo, e ao sur coas de Chandebrito e Vincios, pertencentes a Nigrán e a Gondomar, respectivamente.

Desde a Idade Media ata o século XIX, Valadares constituíu un couto, isto é, unha xurisdición autónoma formada por unha soa freguesía, onde a persoa que exercía o señorío tiña o dereito de designar o xuíz que administraba xustiza e de presentar o párroco, ademais de percibir determinadas rendas, tributos e servizos da veciñanza. Debido á súa condición de couto de señorío laico e non eclesiástico, boa parte da documentación histórica referente ao couto de Valadares, en forma de testamentos, preitos, memoriais e executorias, é documentación relativa á estirpe dos seus señores, os cales ostentaron a partir do último terzo do século XVII o título de *Marqués de Valladares* (instituído en 1673 con esa denominación que emprega a forma castelanizada do topónimo). Xa desde a Idade Media viñan exercendo señorío sobre os coutos de Valadares en Fragoso e de Saxamonte en Redondela e usando o apelido toponímico orixinado no nome do primeiro, desde polo menos o século XV coa cadea onomástica «Sarmiento de Valadares» ou outras variantes. A tradición xenealóxica do marquesado conservou co-

pias e traslados de documentos antigos que remontarían aos séculos XII e XIII, mais os especialistas non lles conceden garantía de autenticidade, entre outras razóns porque mesturan a liñaxe dos Valadares do Val de Fragoso coa dos Valadares portugueses de Monção.

Ademais de constituír *couto*, Valadares tivo no Antigo Réxime a consideración de *vila*. Na administración dos territorios da Coroa de Castela no século XVI consta como «villa y coto» no Partido de Val de Fragoso, Provincia de Tui, Reino de Galicia. No século XVIII era unha das vinte e unha vilas da provincia de Tui (Río Barxa, 1990: 225).


Conocidac ou
sa sejaatodos que Aluaro Fernandez de Va
ladares Caualeyro deboo coraçon e deboa bõ
tade e sen ninhum mao engano e preito mora
dor a opresente no meu Couto de Valadares no
nome do Padre e do Fillo e do Esprito Sancto
que son Tres E vn so Deus verdadeyro q
mora no Ceu, achandome muy doente do mal
que Deus me quixo dar fago minha manda
na maneyra que dita sera, mando a Deus min
halma que ha comprou E o corpo a terra e que
p enterren na Igreja de Sant Andrel de Va
ladares E mando que no dia do meu finamẽto

Copia de 1632 do suposto testamento do século XIII de Álvaro Fernández de Valadares

Valadares na documentación escrita

Aínda que a arqueoloxía pode confirmar que o territorio estivo habitado desde a prehistoria, os máis antigos rexistros escritos que coñecemos relativos a Valadares son dos últimos séculos da Idade Media. No século XII non aparece mencionada entre as freguesías do Val de Fragoso nos acordos do cabido de Tui e o seu bispo nin noutra documentación eclesiástica, razón pola cal o historiador Ávila y la Cueva (II, 826) interpreta que Valadares só adquiriu a condición de parroquia autónoma tardiamente e que en orixe era anexa de Santa Mariña de Vincios. Con todo, as referencias que temos do século XIII permiten afirmar que xa nese tempo Valadares dispuña de igrexa parroquial. O párroco de nome coñecido máis antigo que podemos documentar é do século XIV.



Na colección documental do mosteiro de Santa María de Oia hai referencias do século XII a certas propiedades ou herdades chamadas «de Valadares» (*Ualladares*, 1175; *hereditate mea de Ualadares*, 1186), mais non temos certeza de se se refiren ao noso ou ao Valadares portugués de Monção, que tamén pertencía á diocese de Tui na época medieval. Na documentación galega desa época, en latín, tamén atopamos referencias a unha terceira freguesía co mesmo nome, no actual concello coruñés de Outes, coa advocación de San Miguel.

A referencia certa máis antiga que coñecemos é un documento do século XIII do mosteiro de Oseira, en latín, onde unha nobre chamada Elvira Fernández lles arrenda en foro a Fernando Pérez de Sárdoma e ao seu fillo Domingo Fernández o casal do Pazo, en Sárdoma, e con el cantas terras posuía nesa parroquia e mais en Valadares: «quanto terradigo hodie habeo in Valadares et in Sardoma» (1261, Oseira).

Do século XIII é tamén a referencia escrita orixinal máis antiga relativa á condición de *couto*, pero é dubidosa. É un documento en galego do ano 1291, transcrito noutro de 1315, conservado na colección diplomática do convento de Sancti Spiritus de Salamanca. Nel, Estevo Fernández de Castro, pertegueiro maior da terra de Santiago, ofrece en arras para o matrimonio do seu fillo Fernando con dona Violante, filla

do rei Sancho IV, diferentes propiedades en Toroño (Toroño era o territorio da diocese tudense situado ao norte do Miño) e noutros lugares, entre as cales se encontra a parroquia de Teis, e engade a esa relación o *couto de Valadares*: «et outrossí vos dou o couto de Valadares». Entre as testemuñas asinantes dese documento está o trobador medieval Paio Gómez Chariño, «almirante do mar». Tal como está redactado o texto, non sabemos con certeza se ese couto de Valadares debe contarse entre as propiedades situadas en Toroño, e entón si que sería a parroquia de Valadares en Fragoso. Mais é verosímil que así sexa, pois en toda a documentación medieval e moderna da catedral de Santiago de Compostela relativa aos intereses do cabido compostelán en territorio tudense, as parroquias de Teis e de Valadares adoitan constituír unha mesma *tenza*.

A partir do século XIV xa dispoñemos de máis documentación firme relativa á parroquia, a cal se rexistra en latín como *Valladares* ou *Valadares*: «ecclesia Santi Andree de Valladares, medietate sine cura ecclesie Santi Andree de Valadares, ecclesie de Valadares…» (1365). No mesmo século XIV temos o seu primeiro párroco de nome coñecido: *Petro Laurencii, rectore ecclesie de Valadares* 'Pedro Lourenzo, reitor da igrexa de Valadares' (1395).

Desde finais do século XV xa temos noticias certas do couto de Valadares e dos seus señores os Sarmiento de Valadares, e os testamentos, preitos e memoriais desa familia ofrécennos documentación acerca dalgúns lugares da parroquia. En internet, no Pares ou no Arquivo Galiciana podemos ver a reprodución fotográfica dalgúns deses manuscritos. Por exemplo, os testamentos de Gonzalo Sarmiento de Valadares (1470) e do seu fillo Gregorio Sarmiento de Valadares (1475), rexedor de Pontevedra, así como numerosos preitos por razóns de foros ou de herdanzas no século XVI, entre eles os que atinxen á demanda de Simón Rodríguez contra os señores do couto ou o preito sobre o lugar do Portal, da mesma época.

Outras fontes de documentación que podemos consultar en internet e que nos informan da historia da parroquia son o Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) e o Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS). Aínda que a parroquia de Valadares sempre pertenceu ao territorio da diocese de Tui, desde a Idade Media gardaba certa vinculación coa igrexa compostelá, pois o cabido catedralicio de Santiago e o seu deán eran beneficiarios da metade das rendas eclesiásticas da

parroquia. Na administración dos bens do cabido, esas rendas incluíanse dentro dunha *tenza* (con frecuencia conxuntamente coas rendas de Teis), que periodicamente se lle adxudicaba por parte do cabido a un intermediario ou *tenceiro*, encargado de recadar os tributos e os décimos, o «dizmo a Deus». En ocasións ese *tenceiro* é un veciño da parroquia, como no caso dun Antonio Costas, a quen os cóengos de Santiago outorgan en carta de arrendamento «todas las rentas y frutos de la tenencia que se dice de Valadares sita en el obispado de Tui» (1521, AHUS).

Para achegármonos á historia dos topónimos de Valadares, dispoñemos de pormenorizada documentación do século XVIII relativa á parroquia no extenso censo fiscal coñecido como Catastro de Ensenada. O de Valadares concluíuse en 1753 e consérvase en dúas copias manuscritas, unha no Arquivo Provincial de Pontevedra e outra no Arquivo de Simancas (Valladolid). Unha década máis tarde, en 1763, realizouse o *Expediente de comprobación* (CCME), que complementa o catastro. Nesta documentación infórmasenos de todos os veciños ou cabezas de familia, de todas as propiedades agrícolas, da súa extensión, calidade e cultivo ou dedicación, de todas as vivendas, dos muíños, das tabernas, do gando e das colmeas, dos oficios, da produción agrícola e das actividades económicas da parroquia.

Algúns deses documentos poden consultarse na actualidade en internet, nos servidores mencionados. Nas mesmas fontes podemos encontrar outra documentación interesante para a historia ou o anecdotario da parroquia; ademais dos mencionados preitos de finais do século XVI, temos á nosa disposición a querela contra Juan da Vila, párroco de Valadares, do ano 1607 (ACS), o convenio de vasalaxe polo cal os marqueses admiten reducir os servizos e os tributos que lles esixen aos veciños (1742), a oposición dos mesmos veciños de Valadares á repartición das bulas nas parroquias do Val de Fragoso en 1789 ou a ficha dun voluntario de Valadares que se alista no batallón do Ribeiro na guerra contra os franceses en 1809 (Pares). Como é sabido, nesa guerra e nos días da chamada Reconquista de Vigo adquiriu renome o abade de Valadares, Juan Rosendo Arias Enríquez, curmán do marqués que exercía daquela o señorío da parroquia.

Ata o século XIX o couto de Valadares estaba incluído administrativamente no partido de Val de Fragoso e no eclesiástico no arciprestado do mesmo nome. Cando en 1835-1836 se creou a actual división en

municipios, as parroquias dese territorio pasaron a constituír un novo concello, que recibiu o nome de *Lavadores* por establecerse na parroquia de Santa Cristina de Lavadores a sede da casa consistorial. O concello de Lavadores tivo un século de vixencia, ata que foi anexionado ao de Vigo en 1941.

O topónimo *Valadares*

Valadares repítese na toponimia galega no nome de dúas parroquias (a do concello de Vigo e outra no coruñés de Outes) e de cinco entidades de poboación (en Outes, Oza dos Ríos, Forcarei, Pontevedra e Sarria). Está presente tamén na topomimia portuguesa, pois ademais do Valadares do concello de Monção, é Valadares tamén o nome dunha parroquia en Vilanova de Gaia. En Santiago de Compostela existiu unha vía pública chamada *Rúa de Valadares*.

Este topónimo contén o plural de *valadar*, resultado galego do latín VALLATALEM, un colectivo de VALLATUM 'valado' mediante o sufixo colectivo correspondente ao latín -ALE, que habitualmente dá como resultado en galego un derivado rematado en -AL (como en *carballal*, *casal*, *sobreiral* etc.), pero que pode presentar a variante -*ar*, especialmente cando na palabra existe outro L que provoca unha disimilación consonántica. En castelán existe a voz *valladar* pero cun significado algo diferente, en tanto que en galego, e no topónimo *Valadares*, se mantivo o significado etimolóxico de *valadar* como 'conxunto de valados' ou 'lugar caracterizado pola presenza ou abundancia de valados'. Nos dicionarios da Real Academia Española do século XVIII diferenciábanse dous substantivos *valladar*, un o usual en castelán e outro antigo ou característico de Galicia (castelanización do galego *valadar*).

Tanto *valado* coma *valadar* ou *valo* (e os casteláns *vallado*, *valladar*, *valla*) son palabras derivadas en última instancia do latín VALLUM 'valo, valado, muro', procedente dun antigo termo indoeuropeo de onde procede tamén o inglés *wall* 'muro'. A motivación do nome da parroquia de Valadares é, polo tanto, a abundancia de valados de pedra, ben para dividir propiedades, ben para conter a disposición en socalcos dos terreos en pendente. O mesmo podemos dicir dos outros *Valadares* galegos e portugueses.

Na documentación medieval eses nomes galegos e portugueses aparecen escritos con L ou LL e ambas as grafías representan unha mesma

pronuncia *Valadares*. Esa é a forma xenuína dos topónimos e nos máis dos casos subsistiu con plena vixencia na fala ata a actualidade, por máis que en ocasións se rexistrasen por escrito como *Valladares*. Constitúe unha excepción o *Valadares* do Val de Fragoso, onde o castelanismo coñeceu notable difusión.

Na súa orixe no século XVI, a castelanización de *Valadares* en *Valladares* produciuse exclusivamente no apelido dos señores, mentres que para referirse ao couto seguía usándose comunmente o nome tradicional *Valadares*. En documentación anterior tamén podemos ver exemplos do topónimo ou do apelido escritos con LL, pero debemos interpretar que representa o mesmo son de L. No testamento de Gregorio Sarmiento, do ano 1475, lemos «Eu, Gregº de Valladares (…), meu padre Gonçalo de Valadares…».

Desde o século XVII as fontes escritas en castelán usan o topónimo e a advocación parroquial coa forma castelanizada, de xeito que o *Santo André de Valadares* medieval pasa a ser *San Andrés de Valladares* nos documentos escritos. Con esta denominación aparece, por exemplo, nos *Censos de la Corona de Castilla* no século XVI, na obra de Prudencio de Sandoval, bispo de Tui, de 1610, e en case todas as fontes posteriores. Podería pensarse que foi a institución do marquesado, creado no século XVII xa coa forma castelanizada do topónimo («Marqués de Valladares») a que contribuíu a asentar a variante castelanizada, pero testemuños como o de Nicolás Taboada Leal en 1840 móstrannos que na primeira metade do século XIX a denominación común na zona seguía a ser *Valadares*, especialmente entre os veciños da parroquia: «…en el siglo XIII se llamaba con el mismo nombre que tiene en la actualidad, sin embargo se nombraba más comúnmente *Valadares*, y todavia muchos naturales del país, y con especialidad los vecinos de la parroquia, la denominan de este último modo» (Taboada Leal, 1840: 100).

O historiador tudense Ávila y la Cueva (1852) exprésase en termos parecidos.[1]

S. *Andres de Valladares.* Aunque en el siglo XIII se llamaba con el mismo nombre que tiene en la actualidad; sin embargo se nombraba mas comunmente *Valadares*, y todavia muchos naturales del pais, y con especialidad los vecinos de la parroquia la denominan de este último modo. En el siglo XV parece que era anejo de *Sta. Marina* de *Vincios*, con quien confina. Valladares es cabeza de marquesado del propio nombre, con título de villa, y fué instituido en 4 de Abril de 1673 á favor de D. Luis de Valladares Meira y Sarmiento, que ya era viz-conde de Meira desde 2 de Diciembre de 1669. Los diezmos de esta parroquia importa-

Na segunda metade do século XIX e sobre todo no XX a situación alterouse de maneira significativa e estendeuse o emprego da forma castelanizada *Valladares*. Debeu contribuír a este emprego o feito de que

1 Transcribimos aquí o que di Ávila y la Cueva sobre Valadares. Refírese ao nome da parroquia indicando que no século XIII se menciona cos nomes de *Valadares* e *Valladares*. Debemos ter presente que nese século XIII non existía a forma castelanizada, pois nacería máis tarde, e que ambas as grafías, *Valadares* e *Valladares*, representaban unha mesma pronunciación (con L). Velaquí o texto de Ávila y la Cueva:

Por mediados del siglo 13 se halla mención de esta parroquia con el nombre de *Valadares* y también *Valladares* en tierra de Fragoso: antiguamente estuvo agregada en clave de aneja a la inmediata de Santa Marina de Vincios, y así se hallaba en el año de 1489 en que el señor obispo Don Pedro Beltrán firmó titulo de la provisión de matriz y anejo à presentación del cabildo catedral de Tuy. Venera por patrono tutelar a San Andrés Apóstol, que su fiesta la tienen a 30 de noviembre. Habítanla 238 vecinos que corresponden por lo contencioso al juez que hay en la misma parroquia y por lo político y gobernativo al procurador general del Valle de Fragoso. (…) Es Valladares cabeza de marquesado, título que concedió la reina gobernadora doña Mariana de Austria, madre de don Carlos 2º, a Dn Luis de Valladares Meyra y Sotomayor en 4 de abril de 1673. Tiene en lo alto de un elevado monte una ermita dedicada a Nra. Sra. de la Alva y a san Bartolomé Apóstol. También hay en Valladares una fundación que sus fondos estan impuestos en las reales arcas y producen cada año 4900 reales que se reparten en esta forma: a seis pobres se da a cada uno 26 reales; para redención de cautivos 837 ½ reales; a la colegiata de Vigo 837 reales y 15 maravedís, al convento de San Francisco de idem 236 reales y 26 maravedís; a la fábrica de la iglesia de Valladares 156 reales; para misas anuales, 800 reales, y para casar huérfanas pobres 900 reales, pero hoy en día no pagan estos réditos. Dista de Tuy 3 leguas [Vol. II, páx. 486-487].

a cidade de Vigo dedicase unha céntrica rúa ao *marqués de Valladares*. Na actualidade, a pesar de que desde 1983 a única forma oficial dos topónimos galegos é a forma galega e que o nome da parroquia figura como *Valadares* no Nomenclátor de Galicia (2003), a forma castelanizada segue a ter notoria presenza na rotulación viaria.

Núcleos habitados. Barrios e entidades de poboación. *Valadares* nos nomenclátores

A dispersión da poboación é característica da Galicia rural. As vivendas ocupan o territorio sen constituír grandes entidades de poboación, senón pequenas unidades, en ocasións de vivendas illadas, que se consideran integradas nunha unidade superior que para os efectos administrativos constitúe un núcleo de poboación; varios núcleos constitúen un barrio e os diferentes barrios forman o conxunto da parroquia. As profundas transformacións que experimentou o territorio de Valadares nas últimas décadas, pola súa condición de periferia dunha gran cidade, pola apertura de vías de comunicación novas (a circunvalación VG-20 e a avenida de Clara Campoamor) e polo notable incremento da poboación fan que a percepción que a propia veciñanza ten dos seus núcleos de poboación se vaia modificando ao longo do tempo. Así, por exemplo, na documentación histórica o núcleo de Seoane, en ocasións, considérase barrio autónomo, mentres que hoxe tende a vincularse ao barrio da Garrida.

Reproducimos a continuación a entrada correspondente á parroquia no *Dicionario geográfico estadístico historico de España y sus posesiones de ultramar* (1845-1949) de Pascual Madoz, e logo nun cadro as diferentes entidades que constan no nomenclátor oficial de diferentes datas (os núcleos que non figuran considéranse «núcleos inferiores e vivendas diseminadas»):

> Valladares, San Andrés. Feligresía con título de villa en la provincia de Pontevedra (6 leg), partido judicial de Vigo (1), diócesis de Tuy, ayuntamiento de Lavadores (1). Situación: parte en una canal formada por los montes Sobreiro, Alba y Fayas y parte en otra encañada al oeste de dicho Monte Alba. El clima es benigno y los aires más frecuentes los del norte, sur y oeste. Tiene 275 casas en los barrios de San Juan y Freijó [sic], Alba de Arriba y Barrocas, Feria, Barreira y Carregal, Senrra [sic], Garrida y Costa, Outeiro, Portal y Prado, y Sobreira, Fabás y Seoanes. Hay escuela de primeras letras frecuentada por 140 niños cuyos padres dan al maestro la retribución convenida. La iglesia parroquial se haya ser-

vida por un cura de segundo ascenso y patronato lego. También hay una ermita dedicada a San Juan y otra á Nuestra Señora del Alba, esta última en la cumbre del monte del mismo nombre. Confina N. San Esteban de Beade, E. Zamanes y O. Corujó [sic]. El terreno es de buena calidad. Nacen en esta feligresía tres riachuelos que van a desaguar en la Ría de Vigo. Hay un camino que conduce al valle de Miñor y parte del distrito de la Guardia. Producción: Trigo, maíz, centeno, judías, vino, lino, patatas, legumbres y frutas, con bastante arbolado de robles, pinos y castaños; se cría ganado vacuno y lanar; alguna caza de conejos y perdices. Industria: la agrícola y molinos harineros. Población 275 vecinos, 1228 almas. Contribuye con su ayuntamiento.

	Madoz 1849	Nomenclátor 1888	Nomenclátores 1910, 1920, 1930, 1940	Nomenclátores 1950, 1960,1970	Nomenclátor 1980	Nomenclátor de Galicia 2003
CONCELLO	Lavadores	Lavadores	Lavadores	Vigo	Vigo	Vigo
Entidades						
Alba de Arriba	Alba de Arriba					Alba
A Barreira	Barreira					
As Barrocas	Barrocas	Barrocas	Barrocas	Barrocas	Barrocas	Barrocas, As
Os Bértolos						Bertoles [sic]
O Canizo						Canizo, O
O Carregal	Carregal					Carregal, O
A Costa	Costa					Costa, A
Os Fabás	Fabás					Fabás [sic]
A Feira	Feira					
O Freixo	Freijó	Freijo	Freijo	Freijo	Freixo	Freixo, O
A Gándara						Gándara, A
A Garrida	Garrida	Garrida	Garrida	Garrida	Garrida	Garrida, A
A Igrexa		Iglesia	Iglesia	Iglesia	Iglesia	Igrexa, A
O Outeiro	Outeiro					Outeiro, O
						Pinguela, A
O Portal	Portal	Portal	Portal	Portal	Portal	Portal, O
Prado	Prado					Prado
San Xoán	San Juan	San Juan	San Juan	San Juan	San Juan	San Xoán
Senra	Senrra					Senra, A
Seoane	Seoanes	Seoane	Sooane	Seoane	Seoane	Seoane
						Simona, A
Sobreira	Sobreira	Sobreira	Sobreira	Sobreira	Sobreira	Sobreira, A

A transformación da paisaxe no último século e medio non se manifesta unicamente no notable incremento da poboación, das edificacións e das estruturas, senón tamén nunha radical transformación da flora. Moitas terras agrícolas alteraron a súa dedicación e nas áreas forestais substituíronse as especies arbóreas do pasado por outras novas. Os soutos e as carballeiras maioritarios no século XVIII foron desprazados polos piñeiros «de repoboación» ao longo do século XIX, e xa no século XX o eucalipto competiu con todas as demais especies. A mediados do século XIX aínda eran maioritarios os carballos en todos os montes comunais do antigo concello de Lavadores, segundo vemos nas fontes oficiais.

Arriba da Iglesia	2,75	Roble
Da Pedra do Sol	1,74	Roble
Do Casal	0,92	Pino
Estupeiral	1,37	Roble
Fuente da Barca	0,17	Roble
Gargal	5,33	Roble
Manda	1,04	Roble
Outide	1,57	Roble
Outide	2,44	Roble
Paradela	1,57	Roble
Regadas	1,63	Roble
Salcidos	4,27	Roble
Tousal	1,74	Roble

Especies arbóreas nos montes publicos do concello de Lavadores
Ministerio de Fomento (1859): *Clasificación General de los montes públicos*. Madrid, Imprenta Nacional

3 Topónimos de Valadares

▶ Abade

— **O Campo do Abade** (O Portal)
— **O Lugar do Abade** (A Igrexa)

Abade procede do latín ABBATEM, unha palabra de orixe hebrea que significaba 'pai'. O termo empregouse para designar formalmente o superior dun mosteiro, mais na fala popular galega usouse tamén para denominar o párroco dunha igrexa matriz. No Catastro de Ensenada, o párroco de Valadares usaba para si mesmo esa denominación: «don Diego Francisco Donallo, *abad* desta villa».

Coñécese como o **Campo do Abade** unha pequena chaira situada ao leste do camiño da Valada, detrás da depuradora de augas, no barrio do Portal. Nalgunhas fontes cartográficas aparece designada como o **Lugar do Abade** unha zona situada ao leste da igrexa parroquial, hoxe ocupada por propiedades privadas, onda o camiño do Laranxo, na estrema dos barrios das Barrocas e da Igrexa. O primeiro rexístrase no Catastro de Ensenada como *Campo Davad* e *Campo de Avad*, e denomina terras de labradío de secaño de primeira calidade; no *Libro de afanegados* (1877) aparece o nome en plural, *Abades*. Os dous topónimos refírense a un *lugar* e a un *campo* que probablemente eran propiedade do abade. Quizais non aluda ao párroco de Valadares, pois nun libro de apeos do convento de San Francisco de Vigo (Pares, AHN Clero L20215) entre varias propiedades situadas na parroquia no ano 1672 lemos: «dos ferrados de pan de sembradura en el campo da Figueira cito [sic, por *sito*] en Valladares que parte con campo de Gregorio Alonso de Valladares y de la otra con campo del Abad de san Martiño de Borreiros».

Na fala de Fragoso, *lugar* non é só un sinónimo de *sitio*, senón que tamén se usa para referirse a unha vivenda rural co terreo circundante, na acepción de *lugar* que no *Dicionario de dicionarios* se define como 'área cercada de muro que contén no seu interior a casa, a horta, un eixido con árbores froiteiras, o hórreo e algunha construción auxiliar', o que noutras áreas se denomina un *lugar acaseirado*.

▶ Abelal

- **O Abelal / Os Abelales** (O Freixo)
- **O Abelal / Os Abelales** (A Sobreira)

Abelal é o resultado galego do latín ABELLANALE, un derivado do nome da froita chamada *Nux abellana*, a abelá. As abeleiras foron árbores moi comúns na flora histórica de Galicia e son moitos os topónimos que falan da súa presenza na paisaxe. O Nomenclátor de Galicia recolle cerca de douscentos núcleos de poboación que conteñen no seu nome un derivado de *abelá*, e na microtoponimia son igualmente numerosísimos os nomes que se refiren a estas árbores: *Abeleira, Abelaira, Abelar, Abeledo, Abelenda, Abelaído, Abelosa* (e *Velosa*), *Abelaídos* e *Balaídos* etc.

O Abelal ou **Os Abelales** é unha área de terras de labor e de mato no Freixo, ao norte da Costa do Freixo. A forma orixinaria do topónimo era un singular *O Abelal*. Na microtoponimia, cando conviven as denominacións singular e plural, o habitual é que a orixinaria sexa a primeira (se, por exemplo, unha área chamada *A Lagoa* está dividida en partes correspondentes a varios propietarios, cada un deles tende a denominar *A Lagoa* a súa parte e a supoñer un nome plural *As Lagoas* para o conxunto). Rexístrase en singular no Catastro de Ensenada: «un quarto de ferrado de monte de segunda calidad al sitio de Avelal»; no *Libro de afanegados* consta tamén como *Abelal* e cualifícase como devesa e labradío.

Tamén vacila no seu uso o singular **O Abelal** e o plural **Os Abelales** para denominar unha zona de terras de labor ao leste do parque tecnolóxico e loxístico; no *Libro de afanegados* esas terras do barrio da Sobreira denominadas *O Abelal* reciben as cualificacións de mato e de labradío.

▶ Abella

— **A Abelleira** (O Freixo)
— **A Abelleira de Arriba** (O Freixo)
— **A Fonte da Abelleira** (O Freixo)

Abelleira é un derivado de *abella* (do latín APĬCŬLAM). No seu uso como topónimo aplicouse non só a sitios caracterizados pola presenza ou abundancia destes insectos, senón tamén a alvarizas ou apiarios, lugares con colmeas. Da actividade apícola en Valadares a mediados do século XVIII infórmanos o Catastro de Ensenada; en 1753 había na parroquia 163 colmeas.

Nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra menciónase entre as propiedades dese convento en Valadares unha chamada **A Abelleira** ou *Coutada da Abelleira* (*Segundos traslados*, 1646); consta tamén no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados*: *sitio de Abelleira*, *Abelleira*, *Abilleira*, preto da estrema norte da parroquia. Hoxe sobrevive o topónimo nunha área máis reducida chamada **A Abelleira de Arriba** (comunmente grafado *Abilleira*), xunto aos Martices, no barrio do Freixo. Deste lugar toma o nome a fonte chamada **A Fonte da Abelleira** (/*Abilleira*).

▶ Abruñeiro

— **Os Abruñeiros** (A Igrexa)

En galego recibe a denominación común de *bruño* ou *abruño* (nalgunhas zonas *gruño*) a ameixa brava, froito da árbore *Prunus spinosa*. *Bruño* é o resultado galego do latín *PRŪNEUM, un derivado de PRŪNUS 'ameixa', e o nome da árbore que dá os bruños é o derivado *bruñeiro* ou *abruñeiro*. O Padre Sarmiento distinguía entre o *abruñeiro bravo* ou silvestre e un *abruñeiro hortense* «cuyos frutos se venden y comen».

Os Abruñeiros é unha zona de arboredo, hoxe maioritariamente de acacia e de eucalipto, no monte das Faixas, ao nordeste do monte dos Pozos. No Catastro de Ensenada (1753) úsanse indistintamente as formas *Bruñeiros* e *Abruñeiros* e indícasenos que é maioritariamente monte de segunda calidade, dedicado a devesa, piñeiral, toxal e castañal. No *Libro de afanegados* (1877) as terras denominadas *Abruñeiros* cualifícanse como tomada, devesa, piñeiral, souto e toxal.

Acebiñeiros ➲ Aceviñeiros

▶ Aceiteiros

— **Aceiteiros / O Campo de Aceiteiros** (O Freixo)

Recibe os nomes de **Aceiteiros** ou ***O Campo de Aceiteiros*** unha área de prados, mato e arboredo en San Xoán, no barrio do Freixo. Ten a aparencia dun derivado de *aceite*, mais descoñecemos a motivación do seu uso como nome de lugar. Cabe a posibilidade de que sexa en orixe un sobrenome de propietario, acaso aplicado a persoas que comercian con aceite. En Galicia Nomeada rexístranse unha ducia de topónimos *Aceiteira*(*s*) ou *Aceiteiro*(*s*) que seguramente non responden á mesma motivación. Nun estudo da toponimia de Saiáns (2011) relaciónase o nome dunhas terras chamadas *As Aceiteiras* co feito de que se pagase por elas de renda anual «un cuarteirón de aceite», segundo consta documentalmente. Tamén podería pensarse que baixo a aparencia de derivado de *aceite* se agache unha alteración doutro nome, como unha forma relacionada co verbo *aseitar* 'axexar, vixiar', ou un derivado *asenteiros*, de *asentes*, un dos nomes galegos da planta *Artemisia absinthium*, mais crémolo pouco probable, pois este *Aceiteiros* do Freixo debe de ser un topónimo relativamente recente, xa que non se rexistra no Catastro de Ensenada nin no *Libro de afanegados*.

▶ Aceviñeiros

— **Aceviñeiros** (A Sobreira, A Garrida)

Aceviñeiros é o nome dunha área de monte nos barrios da Garrida e da Sobreira, entre Outide e Os Lavadouros, onda a autoestrada. Das diferentes denominacións que ten en galego a árbore *Ilex aquifolium* (*acevo, acivro, acivo*…), a variante con sufixo diminutivo *aceviño*, coincidente co nome portugués (*azevinho*, *azevinheiro*) é característica da Galicia meridional. Entre os topónimos relativos a esta árbore que figuran no Nomenclátor de Galicia como nomes de núcleos de poboación, os máis abundantes son os que presentan a forma *Acevedo*. Os derivados da variante *aceviño* rexístranse maioritariamente na Raia Seca ourensá, algúns deles documentados desde a Idade Media (*auga do Azeviñal*, 1278). A eles debemos engadir este *Aceviñeiros* de Vala-

dares. O nome do *acivo* ou *aceviño* procede do latín *ACIFOLUM, variante de *aquifolium*, que significa 'de follas aguzadas'.

No Catastro de Ensenada e no *Expediente de comprobación*, as terras que reciben ese nome (con diferentes grafías: *Aziviñeiros*, *Acebiñeiros*, *Aceviñeiros*, *Civiñeiros*) cualifícanse como monte de primeira calidade. No *Libro de afanegados*, como devesa.

▶ Adro

— **O Adro** (A Igrexa)
— **O Tallo do Adro** (A Igrexa)

Adro é o resultado galego do latín ATRIUM, que en orixe designaba o patio central da *domus*, a casa romana, mais co cristianismo pasou a adquirir o novo significado que chegou ata nós, o de 'terreo, xeralmente cercado, que adoitan ter as igrexas ao seu redor ou ben diante delas' (DRAG). *Adro* é un termo moi presente na toponimia galega, e en ocasións recibe ese nome, e non o de *A Igrexa* ou variantes, o núcleo de poboación inmediato á igrexa parroquial. O Nomenclátor de Galicia recolle unha ducia de localidades chamadas *O Adro*.

En Valadares o topónimo **O Adro** convive co de *O Torreiro* (➲) para denominar o campo situado a carón da igrexa, co seu palco de música, onde se celebran as festas, de aí que nalgúns mapas conste co nome de *Adro das Festas* ou *Adro de Festas*. O Catastro de Ensenada rexistra no barrio da Igrexa unhas terras cultivadas denominadas **O Tallo do Adro**, nun composto co substantivo *tallo* (de *tallar* 'cortar': en terras cultivadas, parte dunha área máis extensa que se dividiu; ➲ *Talliños*), que consta tamén no *Libro de afanegados*, onde se cualifica como labradío de secaño e de regadío de segunda calidade.

▶ Aforada

— **A Aforada** (As Barrocas)

Desde a Idade Media e ata o século XX, a propiedade da terra en Galicia rexeuse polo sistema do *foro*, mediante o cal os campesiños traballaban terras que non eran súas, senón dos señores, aos cales lles pagaban unha renda anual en virtude dun contrato denominado *foro*, un arrendamento de longa duración, que podía afectar a tres xeracións (tres voces) ou ao reinado de tres reis. O preito do lugar do Portal, do

século XVI, ten a súa orixe nunha demanda contra os Sarmiento de Valadares por aforárenlles supostamente certas propiedades a uns novos foreiros cando aínda estaba vixente o foro dos demandantes. Unha propiedade *aforada* é a sometida a foro.

A Aforada é o nome dunha área de monte nas Barrocas, á beira da chamada Corte de Cabras. Nalgunhas fontes recóllese tamén nas Barrocas un topónimo *O Outeiriño da Aforada*, que identificamos co actual *O Outeiriño* (➲ *Outeiro*). No *Libro de afanegados*, *A Aforada*, tamén denominada «Aforada ó Courás» vén cualificada como *tomada* (➲), isto é, terra gañada ao monte para destinala a cultivos.

▶ Agro, Agra

— **O Agro do Souto** (As Barrocas)
— **A Agra das Cans** (O Freixo)
— **A Agra das Cortes** (O Portal)
— **A Agra de Seoane** (A Garrida)

O substantivo común galego *agro* designa a terra cultivada; é continuación do latín AGRUM (*ager*), do mesmo significado. O plural latino AGRA 'os agros' converteuse en galego nun singular feminino que designa un conxunto de agros. *Agro* e *agra* na toponimia teñen, xa que logo, unha motivación semellante á de *eido* (➲), *campo* (➲), *cortiña* (➲), *cocho* (➲) e outros nomes que designan terras de labor.

O masculino **O Agro do Souto** recibiu o seu nome da proximidade ao Souto, nas Barrocas; no *Libro de afanegados* cualificábase de labradío de secaño e toxal. O feminino *agra* rexistrámolo na documentación na chamada **A Agra das Cans** (➲ *Cans*), no Freixo, e mais en **A Agra das Cortes** e **A Agra de Seoane**, que reunirían agros dos veciños das Cortes e de Seoane, respectivamente (➲ *Cortes*, ➲ *Seoane*).

Aira (A Eira) ➲ Eira

Alobagadas ➲ Lobagadas

▶ Alba

— **Monte Alba** (As Barrocas)
— **Fonte do Monte Alba** (As Barrocas)
— **A Portela de Alba / A Portela de Alba de Arriba** (As Barrocas)
— **A Portela de Alba de Abaixo / A Pena** (As Barrocas)
— **Castro do Monte Alba** (As Barrocas)
— **Ermida do Monte Alba / Capela de Nosa Señora da Alba** (As Barrocas)

O termo *Alba* ten significativa presenza na toponimia de toda a península, pero non todos os topónimos que o conteñen proceden da mesma orixe. Por unha banda, en moitos temos a forma feminina do adxectivo latino *albus*, *alba* 'branco, branca', como por exemplo en *Grixalba* (< ECCLESIA ALBA 'igrexa branca') ou *Peralba* (< PETRA ALBA 'pedra branca'). Outros conteñen un hidrónimo prerromano *alba*, un termo relativo ás augas, dunha primitiva raíz *el*(*b*)- alterada en *alb*-, como sucede no nome do río Alba e na parroquia do mesmo nome en Pontevedra, que se documentan como *Elba* antes do ano 1000, ou en *Albeos*, Crecente, documentado como *Elbenos*. Para outros topónimos *Alba*, finalmente, tense suxerido unha raíz oronímica prerromana emparentada co nome dos *Alpes* e co éuscaro *albo*, *alpi* 'altura, ladeira'. A estas tres posibles motivacións debemos engadir unha advocación relixiosa mariana, *Nosa Señora da Alba* (*Nuestra Señora del Alba* ou *Virgen del Alba* en castelán), que vén sendo equivalente á de *Nosa Señora da Aurora* e onde o substantivo *alba* está coa acepción de 'a primeira luz do día'.

No caso do *Monte Alba*, cremos que o topónimo *Alba* xa existía no lugar antes de que se escollese para a súa capela a advocación de «Nuestra Señora de Alba», por simple homonimia ou paronimia, como ocorreu por exemplo coa parroquia de Nosa Señora do Rocío en Coia, creada nun lugar previamente chamado *O Resío*.

Non podemos saber se foi unha motivación oronímica ou hidronímica prerromana ou se foi o latín *alba* o que deu orixe ao actual nome que se lles aplica ao **Monte Alba**, ás **Ladeiras do Monte Alba**, á **Fonte do Monte Alba**, tamén coñecida como *de San Bertolameu*, e aos lugares chamados **A Portela de Alba**. A **Ermida do Monte Alba** ou a **Capela de Nosa Señora da Alba** dedicóuselle a esa advocación mariana por coincidir co nome do lugar.

As noticias máis antigas que posuímos relativas á capela dedicada a Nosa Señora da Alba en Valadares son de finais do século XVI, como vemos máis adiante. Probablemente debeu crearse pouco antes, a xulgar por outros templos españois dedicados á mesma advocación (Nuestra Señora del Alba, en Quirós, Asturias, tamén instituído nun lugar previamente denominado *Alba* ou *Peña Alba*, creouse cunha bula do papa Pío V no ano 1581).

Adoita dicirse que antes da capela existiu no alto do monte un castelo. Talvez era unha atalaia de vixilancia, semellante á que motivou o topónimo *A Atalaia* na veciña parroquia de Vincios. As referencias que coñecemos relativas á existencia dese castelo son tardías e parecen dar a entender que o monte era coñecido como *Castelo de Alba*. Encóntranse nun expediente do ano 1666 para o ingreso na orde de Santiago do cabaleiro Benito Enríquez Sarmiento, parente dos señores de Valadares, reproducido por José Espinosa no seu libro *Tierra de Fragoso* (*Notas para la historia de Vigo y su comarca*), do ano 1949. Ao tratar da casa soarenga da estirpe dos Valadares, que correspondería ao lugar da igrexa parroquial actual, dise:

> …arriba de dicha casa como un quarto de legua, en un monte muy alto, arruinado, que llaman del Castillo del Alba, en la jurisdición de dicha casa, hay unos cimientos de un castillo con sus murallas de sillería, y en medio de dicho castillo ay una cysterna de piedra picada en un peñasco grande, hecha al pico, y ay asimesmo dentro de dicho castillo una capilla de Nuestra Sra. y en la testera del altar tiene escudo de piedra con las mismas armas de los Valladares que tiene en la casa, que son agedrez o escaques…

A referencia máis antiga que coñecemos da *Ermida do Monte Alba* ou da *Capela de Nosa Señora da Alba* e mais dun *ermitán* ou encargado dela está no preito de 1597 (Pares, ARCV, Ejecutorias, Caja 1842, 9): «Martín de Rrua, servicio de ermitaño de santa María de la Alva, a pagar María Fernández da Portela de Alva». Segundo vemos no Catastro de Ensenada, o cargo de capelán da ermida correspondíalle ao párroco de Valadares, don Diego Francisco Donallo.

José Espinosa reproducía en 1949 algúns detalles das celebracións relixiosas no *Monte Alba*:

> En el sitio que ocupó el castillo existe actualmente una capilla, acaso la misma a que alude el documento copiado, en cuyo frontispicio ostenta un escudo con su campo ajedrezado, armas de la familia Valladares. En esta capilla se venera y festeja a la Virgen con la advocación del Alba, y a San Bartolomé. Para celebrar sus fiestas, el día 15 de Agosto, llevan de la iglesia parroquial las dos imágenes hasta la ermita, y el 24 siguiente, conducen a la imagen del Rosario, que es re-

cibida muy ceremoniosamente cerca de la cumbre, con arreglo a viejas reglas, que si no son precisamente litúrgicas, son tradicionales e inspiradas por la fe.

La procesión, que tiene su origen en la parroquial, imágenes, estandartes, cruz, pendones, clero y fieles, formando pintoresca comitiva se dirigen por laberínticas corredoiras hacia el monte, y poco antes de llegar al santuario, sale de éste otra procesión para recibir a la primera (costumbre muy arraigada en esta, comarca, como queda expresado). A pocos metros de distancia una de la otra, reverentemente se saludan, avanzando con lentitud, inclinándose cada tres pasos, hasta que se ponen en contacto, y así, todos reunidos, entran con música y gaita en la ermita, mientras en ésta deja oir sus sones una campanita algarera y en el espacio estallan labores de pirotecnia. El templo se llena, estrujándose los romeros para oir la misa solemne, y aun fuera, mientras ésta se celebra, reina respetuoso silencio. Tal es la religiosidad de los que allí se congregan.

El minúsculo templo se halla en lugar que si bien es molesto su acceso por la fatiga para conseguir pisarlo, tiene magnífica contrapartida en un panorama que asombra y hace cree en su Hacedor.

Para calcular el radio de la mirada, téngase en cuenta que esta atalaya se halla a 600 metros sobre el mar, y cerca de éste, por lo cual quedan bajo su dominio las islas Cíes, la península de Morrazo, parte del valle Miñor, Monteferro bordeado de espumas, las blancas playas del litoral y la policroma estampa de Fragoso en toda su amplitud, conjunto de bellezas impresionantes que acaso no tengan par.

Creemos digna de recoger aquí una vieja costumbre que anualmente se practica en la ermita del Alba el día de San Bartolomé, y que revela elocuentemente cuánta es la fe que tienen los habitantes de esta comarca.

Después de la misa solemne en honor del santo, la mayor parte de los que a ella asisten se acercan al altar para que un sacerdote les toque en la cabeza con la efigie venerada, acto que se realiza tres veces. A esta ceremonia atribuyen los creyentes virtudes curativas contra la tartamudez y el miedo.

A San Bartolomé regalan aves de corral que han de ser precisamente negras, que después se venden en pública subasta, y con lo que ésta produzca se festeja al santo.

▶ Alá, Alén

— **Lugar de Alá** (O Carregal)
— **Fonte de Alén** (O Freixo)
— **Regueiro de Alén** (O Freixo)

Alá é un adverbio usual en galego, resultado do adverbio latino ILLAC, que denota afastamento respecto do falante. Está presente no nome do

chamado **Lugar de Alá**, pequena área de terras de labor e de vivendas ao nordeste do Carregal, na estrema da parroquia con Beade, fronte ao Hospital Álvaro Cunqueiro. A locución *de alá* refírese quizais á súa situación ao leste da estrada de Valadares, pois a maior parte do núcleo do Carregal localízase ao oeste. Pódese interpretar que o lugar foi denominado desde O Carregal. Para o significado de *lugar*, véxase o que se di do topónimo *Lugar do Abade* (➲ *Abade*).

Alén é outro adverbio, procedente da locución latina AD ILLINC 'na parte de alá'. No nome da **Fonte de Alén**, na zona da Pinguela, no barrio do Freixo, indícasenos que está situada na parte de alá dalgún obstáculo que se toma como referente, quizais o pequeno curso de auga que algunhas fontes denominan **Regueiro de Alén**, un dos brazos que forman o *Río do Freixo* ou *Rego do Freixo*. No *Libro de afanegados* rexístranse en Valadares unhas terras de labor chamadas *Regueiro de Alén*, caracterizadas como labradío de regadío de terceira calidade.

▶ Almitoas / Armitoas / As Mitoas

— **O Picoto das Mitoas** (O Freixo)
— **Fonte das Mitoas** (O Freixo)
— **As Mitoas** (O Freixo)

Unha extensa área de monte ao noroeste da parroquia, no barrio do Freixo, aparece nas fontes escritas con moitas variantes gráficas: *Armitoas, Almitoa, Almitoas, Ermitoa, Hermitoa, Hermitoas, Hermitoa de Alba, Hermitoa de Veiga Grande, Almitoa o Cans*… As terras que reciben ese nome aparecen caracterizadas no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* como tomada e labradío. A propia variabilidade de formas con que se rexistra por escrito mostra que se trataba dun topónimo escuro. Algunhas grafías con *h-* parecen relacionalo coa familia léxica do castelán *ermita*, pero é un erro baseado na semellanza, pois esa relación é imposible por razóns fonéticas. Dadas as características dialectais do galego de Fragoso, a terminación *-oas* só pode responder a un étimo con consoante nasal perdida, *-onas*, e posto que na zona é habitual o emprego de adxectivos femininos creados a partir dun antropónimo para denominar propiedades (*A Garrida* = 'a de Garrido') e que existiu un nome masculino medieval *Mitón* ou *Mittón*, de probable orixe xermánica (do gótico *miton* 'considerar'), é verosimil que o topónimo fose orixinariamente **As Mitoas**, isto é, *As de Mitón* (cf.

A Falcoa = 'a de Falcón', en Castrelos). A alteración do S en R ou L (*As Mitoas/Armitoas/Almitoas*) é resultado do rotacismo; ten paralelo na evolución ata *San Colmado* desde un orixinario *San Cosmado*.

▶ Ameal, Amial, Amieiro

— **O Amial / O Ameal** (A Sobreira)
— **O Amial / O Ameal** (Seoane, A Garrida)
— **Río do Amial** (Seoane, A Garrida)
— **Cachada da Amieira / Cachada de Amieiros** (A Garrida)
— **Amieiros / Amieiras** (O Freixo)

Amieiro e variantes son denominacións comúns en galego da árbore *Alnus glutinosa*, que medra á beira dos ríos; *Ameal* ou *Amial* é un derivado colectivo que se refire á presenza ou á abundancia de amieiros no lugar. O Nomenclátor de Galicia recolle tres localidades chamadas *Ameal* ou *O Ameal* nos concellos de Caldas, Marín e Vigo (parroquia de Cabral) e mais un *O Amial* en Ponteareas. *Ameal* ou *Amial* corresponden a un étimo *AMENALEM ou *AMINALEM, co característico sufixo colectivo. O nome do *amieiro* corresponde a *AMENARIUM ou *AMINARIUM, un termo de orixe prerromana, posiblemente da raíz indoeuropea hidronímica **am-* 'auga', pois os amieiros son árbores propias da beira dos ríos ou de lugares húmidos. É común na flora de Galicia e ten moita presenza na toponimia a partir de derivados como *Amieiro*, *Ameal*, *Ameneiro*, *Amenedo*, *Amedo* etc.

O Amial ou **O Ameal** nomea unha zona de prados, arboredo e mato ao sur de Seoane, á beira do río Zamáns no seu tramo inicial, próxima á estrema coa parroquia de Vincios, onde o río tamén se denomina **Río do Amial**. Este curso fluvial constitúe o principal afluente norte do Miñor (conflúe en Gondomar co do sur, procedente de Couso) e coñécese na actualidade como *Río Zamáns*, pero no século XII (1106, demarcación do couto de Vilaza pola raíña Urraca) era este afluente o que recibía o nome de *Miñor*. Repítese o topónimo **O Amial** ou **O Ameal** nunha área da Sobreira, próxima aos Fabás; no *Libro de afanegados* as propiedades denominadas *Ameal* veñen caracterizadas como prado.

No mesmo *Libro de afanegados* rexístrase no barrio da Garrida unha propiedade chamada **Cachada da Amieira** ou **Cachada de Amieiros**, cualificada como labradío de secaño de segunda, que non puidemos localizar na actualidade. **Amieiros** ou **Amieiras** é tamén unha zona de

mato e de arboredo no barrio do Freixo, entre A Gaspara e A Corte Vella.

▶ Ameixa

— **A Ameixeira** (As Barrocas)

Ameixa é o nome galego de diversas froitas de óso e *ameixeira* o da árbore que as produce (*Prunus domestica*). O nome da *ameixa* é o resultado do latín (D)AMASCENAM, pois en Roma atribuíaselles orixe en Siria e eran coñecidas como *pruna damascena* 'ameixa de Damasco'. É unha especie común entre as árbores froiteiras da nosa flora, e nomes como *Ameixeira, Ameixenda*, *Ameixida*, *Ameixide* etc. teñen notable presenza na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de vinte localidades que levan no seu nome referencia a estas árbores; na microtoponimia é aínda moito máis común. Nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra descríbesenos unha propiedade deste convento en Valadares no século XVI: «una cortiña de coles con un naranjo pequeño y dos o tres ameixeiras» (1591).

A Ameixeira é unha área de mato e de arboredo na ladeira occidental do monte Alba, na parte norte do Xestal da Lapela, no barrio das Barrocas. No Catastro de Ensenada consta como devesa; no *Libro de afanegados*, como tomada.

Ameixoada ➲ Mesadalto

Amieira ➲ Ameal

Amieros ➲ Ameal

▶ Amolar

— **As Amoladouras** (O Freixo)

Amolar é un verbo común ao galego, ao portugués e ao castelán que significa 'afiar, aguzar, facerlle o fío a unha ferramenta', e constitúe un derivado do latín MOLA 'moa', 'moa da boca, moa dun muíño'. *Amolar* ten igualmente moito uso en sentido figurado co significado de 'amargar, molestar, desgustar'. Interpretamos que é o primeiro significado o que

motivou o topónimo **As Amoladouras**, nome dunha área de mato e de arboredo no Freixo, entre o monte da Devesa e o Areeiro da Corte. O topónimo vén quizais suscitado pola presenza de pedras de gra como as utilizadas para afiar ferramentas de ferro, mais non podemos descartar outras motivacións. Na terminación *-ouras* vemos o resultado *-ouro*, *-oura*, propio da fala do Val de Fragoso (e tamén de toda a área tudense e mais do portugués) para o sufixo latino -ORIU, -ORIA, diverxente das formas en *-oiro*, *-oira* do galego doutras áreas e do estándar (os lavadoiros son *lavadouros* en Valadares). Formados a partir do participio dos verbos (*amolad-*), os derivados con este sufixo adoitan designar o lugar onde se realiza a acción do verbo ou o instrumento destinado a realizala.

▶ Ana

— **A de Ana / A Deana (O Portal)**
— **A de Ana Fernández / Lugar de Ana Fernández (O Freixo)**

O nome persoal *Ana*, un nome bíblico, ten orixe no hebreo *Hannah* 'bondadosa'. Chamábase así a avoa materna de Cristo, razón pola cal o nome tivo presenza continuada no repertorio de nomes femininos na tradición cristiá desde a Idade Media ata a actualidade. No territorio de Valadares, un topónimo **A de Ana** identifica unha pequena área de terra de labor e de prado ao sur da Senra, no barrio do Portal. Temos constancia da existencia histórica doutro topónimo semellante **A de Ana Fernández** ou o **Lugar de Ana Fernández** no barrio do Freixo (➲ *Lugar*). Neste último non hai dúbida de que estamos ante un topónimo de propietaria, mais para o primeiro non podemos ter a mesma certeza, xa que pola documentación (o preito do Portal, de 1587, Catastro de Ensenada…) sabemos que o deán e o cabido de Santiago percibían rendas de propiedades no lugar do Portal, e sería igualmente verosímil que este topónimo contivese en orixe unha forma adxectivada **A Deana**, formada sobre o substantivo *deán* 'dignidade eclesiástica'.

▶ André, Andresa

— **A Andresa / A de Andresa** (O Freixo)
— **O Cocho de Mariandrés** (O Carregal)

O nome persoal *André* ten orixe no grego *Andreas*, nome dun dos apóstolos. O galego adaptou en *-é* a terminación en *-as* dos nomes

apostólicos de orixe grega (como en *Thomas* > *Tomé* ➲). Coincide coa advocación parroquial de Valadares, que na documentación medieval se rexistra habitualmente como *Sant'Andree* ou *Sant'André*. Coma noutras áreas galegas, en Valadares tamén existiu unha variante popular *Santrandel*. Na documentación posterior ao século XVI, en castelán, rexístrase sempre coa forma castelá *San Andrés*.

Recibe o nome de **A Andresa** ou **A da Andresa** (con E aberto) unha área de mato no Campo de Abaixo, no Freixo, próxima á estrada do Zondal. Probablemente é outro exemplo de topónimo feminino formado a partir dun nome masculino de propietario (*A Andresa* = 'A de Andrés', como *A Gaspara*, *A Garrida*, *A Simona* etc.), neste caso formada sobre *Andrés*, a forma castelá do nome.

Temos outro topónimo composto co mesmo nome persoal en **O Cocho de Mariandrés** (➲), no Carregal.

Angostas, As / Ancostas, As ➲ Xan

▶ Anselmo

— **A de Anselmo** (As Barrocas)

Chámanse **A de Anselmo** unhas terras cultivadas á beira da estrada do Regueiro, nunha volta do camiño próxima á Igrexa. É outro exemplo de topónimo de propietario, formado a partir dun nome persoal. Non se rexistra no Catastro de Ensenada nin no *Libro de afanegados*, polo que é verosímil que sexa un topónimo de creación relativamente recente. *Anselmo* é un nome de orixe xermánica, común ao galego, ao castelán e ao portugués.

▶ Arañón

— **Arañón** (O Freixo)

Recibe o nome de **Arañón** unha área de mato e de arboredo ao oeste do barrio do Freixo, no Areeiro, entre o Campo das Canas e o Pouso do Areeiro. É un topónimo escuro. A relación co substantivo común *araña* debe de ser só aparente; moi probablemente é un hidrónimo prerromano relativo á auga, coma outros derivados dun tema *ara*(*n*)-, como *Araño*, aldea de Rianxo, ou a *Lagoa de Aranho* en Lamego, Portugal. O

nome de *Arañón* quizais se aplicou a un lugar onde empozaba a auga da chuvia ou a algún nacente ou manancial. Con todo, a carencia de rexistros documentais non permite afirmar que sexa un topónimo antigo.

▶ Area

— **O Areeiro** (O Freixo)
— **O Areeiro da Corte** (O Freixo)
— **Os Bértolos do Areeiro** (O Freixo)
— **A Costa do Areeiro** (O Freixo)
— **O Mato do Areeiro** (O Freixo)
— **O Pouso do Areeiro** (O Freixo)
— **A Areíña** (O Freixo)
— **Muíño da Areíña** (O Freixo)
— **A Areosa** (A Garrida)
— **Cruceiro da Areosa** (A Garrida)
— **Camiño da Areosa** (A Garrida)

O substantivo común *area* (< latín ARENAM) ten presenza na toponimia para designar lugares caracterizados pola constitución areosa do terreo (➲ *Xabre*, ➲ *Pracer*); en zonas do litoral, *area* e o seu derivado *areal* nomean praias.

O Areeiro é unha extensa área de monte ao oeste do barrio do Freixo, ao norte do Zondal, con vivendas. O nome contén o derivado de *area* correspondente ao latín ARENARIUM e está presente igualmente noutros topónimos próximos. **O Areeiro da Corte** é unha parte do Areeiro, e tamén se sitúan nese lugar ou se refiren a el por estaren nas proximidades **Os Bértolos do Areeiro**, **A Costa do Areeiro**, **O Mato do Areeiro** e **O Pouso do Areeiro** (➲ *Bértolos*, ➲ *Costa*, ➲ *Mato*, ➲ *Pouso*).

No Catastro de Ensenada e no *Expediente de comprobación*, as propiedades situadas no Areeiro aparecen caracterizadas unhas como prado ou labradío e outras como tomada ('terra gañada ao monte para o seu cultivo'), mato, devesa ou castañal. As primeiras son as máis próximas ás vivendas. No século XVIII era un lugar habitado, e úsase en cadeas onomásticas para identificar individuos polo seu lugar de residencia, como unha *Dominga de Prado do Areeiro* (CME). Hoxe consérvanse ruínas das edificacións.

A Areíña é o nome dun núcleo habitado no Freixo e das terras de labor inmediatas. Este contén un diminutivo de *area*. Na fala e nalgunhas fontes escritas tamén se rexistra cunha variante **A Ariña** ou **A Ariiña** (como nun *Juan Alonso da Ariyña* en CME) e cun composto **A Areíña do Freixo** («casa terreña al sitio de *la Areýña do Freixo*», CCME). Tamén designa o muíño coñecido como **Muíño da Areíña**.

Un derivado adxectivo mediante o sufixo abundancial *-oso, -osa* está presente nos nomes **A Areosa** e o **Cruceiro da Areosa**, unha zona de vivendas e de campos de cultivo no barrio da Garrida, ao norte da estrada da Gándara, entre esta e a avenida de Clara Campoamor. *Areosa* e *Areoso* son termos frecuentes na toponimia galega; o Nomenclátor de Galicia recolle dezaseis núcleos de poboación chamados *A Areosa*. No *Cruceiro da Areosa* conflúen o **Camiño da Areosa** e o chamado *Camiño do Cruceiro*, e del toma o seu nome a área coñecida como *A Chan do Cruceiro*.

▶ Arroio

— **O Arroio** (As Barrocas)
— **Fonte do Arroio** (As Barrocas)

Arroio é un termo de orixe prerromana, común ao galego, ao portugués e ao castelán (*arroyo*), que o dicionario define como 'pequena corrente de auga que se forma en épocas de chuvias e que non é permanente' (DRAG); no dicionario portugués *Priberam* defínese en cambio como 'pequena corrente de água, permanente ou não' e dáse como sinónimo de *regato*.

Coñécese como **O Arroio** unha área de terras de labor e de vivendas na estrada do Souto, nas Barrocas, na zona de Courás, ao suroeste do colexio público. Na mesma zona está a fonte denominada **Fonte do Arroio**.

No Catastro de Rústica rexistrábase na Sobreira outro topónimo *Arroio* (➲ *Moscaveira*): é un dos topónimos ocupados polo parque tecnolóxico e loxístico.

▶ Auga

— **Augalonga / Agualonga** (A Garrida)
— **Rego de Auga / Regodauga** (A Igrexa)

O substantivo común *auga* (< latín AQUAM) está presente na toponimia de Valadares en nomes onde alternan as formas correspondentes á variedade dialectal local *agua* (/ághua/) coas do galego estándar *auga*.

Recibe o nome de **Augalonga** ou **Agualonga** unha zona de mato, arboredo, terras de labor e edificacións no barrio da Garrida, na estrema coa parroquia de Vincios (Gondomar), próxima ao campo de fútbol da Gándara e ao polígono industrial da Pasaxe. O topónimo rexístrase como *Agua Longa* no texto do preito do Portal do ano 1587 («…heredades de Agua Longa con mais las herdades que están na Gándara») e tamén como *Agua Longa* no Catastro de Ensenada, onde designa monte de segunda calidade. No *Libro de afanegados*, as propiedades chamadas *Agua Longa* cualifícanse como tomada, isto é, terra de cultivo gañada ao monte. O topónimo designou quizais en orixe unha canalización ou unha levada de rego.

Un significado próximo ao anterior é o do topónimo **Rego de Auga** ou **Regodauga** no barrio da Igrexa, onda o núcleo da Rabadeira. Aparece no *Libro de afanegados* como *Regodagua*, cualificado como labradío de secaño de terceira calidade, ademais dun «Rabadeira ó Regodagua», cualificado como devesa.

▶ Avea

— **O Aveal** (As Barrocas, O Freixo)

No Catastro de Ensenada e no *Expediente de comprobación* rexístrase un topónimo **O Aveal** para designar unha parte da *Cacheira* (➲): «monte de segunda calidad al sitio de Aveal o Cacheira». O topónimo contén un derivado de *avea* (< latín AVENAM) mediante o sufixo colectivo *-al* (< -ALE). A avea figura entre os cereais ou grans (xunto co trigo, millo, centeo, millo miúdo, paínzo e orxo…) que se cultivaban na parroquia, segundo nos informa a documentación histórica.

Avelal ➲ Abelal

▶ Babio

— **Babio** (Beade/Valadares)
— **Babio da Rocha** (O Carregal)

— **Babio do Cocho dos Muíños** (O Carregal)
— **Río Babio / Río de Babio** (O Carregal)
— **Babio do Cocho da Porca** (O Carregal)
— **Resío de Babio** (O Carregal)
— **Campos de Babio** (O Carregal/O Portal)
— **Babio da Furna / Babios da Furna** (O Freixo)

Babio é o nome dun dos núcleos de poboación tradicionais da parroquia de Beade, situado na estrema onde esta linda coas de Valadares e Matamá. Dáse a circunstancia de que o único núcleo que rexistra o Nomenclátor de Galicia con ese nome é este da parroquia de Beade, polo que a súa presenza na toponimia de Valadares (nunha área, ademais, próxima a Beade, polo barrio do Carregal) ha estar relacionada, sen dúbida, con este singular topónimo da parroquia veciña.

Na toponimia é frecuente que o mesmo nome dun núcleo habitado se aplique tamén ao río que pasa polas súas inmediacións; é tamén habitual que suceda o contrario e que o nome do río acabe denominando o lugar. Polo Catastro de Ensenada cónstanos que *Babio* era nome, ademais da entidade de poboación e do seu monte comunal, do río que pasa polo lugar, hoxe máis coñecido como río da Barxa, e que probablemente foi este río o que suscitou o topónimo, pois *Babio* remite a un tema hidronímico, tanto pola terminación en *-io* (moi común na hidronimia prerromana) coma pola raíz, tamén hidronímica *Bab-*, presente noutros topónimos de significado relacionado coas augas. Este topónimo de Beade ten paralelo no nome da parroquia de *Babío* (neste caso con acento no *i*), no concello coruñés de Bergondo.

En Valadares temos o nome de *Babio* en varios topónimos do Carregal e do Portal próximos á demarcación con Beade, que na parte de Valadares se localizan maioritariamente nas inmediacións da rotonda da avenida de Clara Campoamor ao sur do Hospital Álvaro Cunqueiro. Nesa zona conflúe o río do Foxo, que vén desde o barrio da Igrexa, co río da Barxa, que discorre cara ao norte, cara ao Lagares, e recolleu pouco antes as augas do río dos Lavadouros e do río de Quintián.

Babio da Rocha (➲ *Rocha*) é o nome de terras húmidas, maioritariamente prados, ao sueste do Canizo. Atéstase con este mesmo nome no Catastro de Ensenada, onde vén caracterizado como «sembradura de regadío de segunda calidad».

Babio do Cocho dos Muíños (➲ *Cocho*, ➲ *Muíño*) é unha zona de mato, prados e cultivos ao sur do Hospital Álvaro Cunqueiro e ao oeste da avenida de Clara Campoamor.

Os **Campos de Babio** é unha zona ao sur das anteriores, na beira da avenida de Clara Campoamor, fronte á Devesa da Cotarela, tamén na estrema dos barrios do Portal e do Carregal. Debeu de ser parte destes campos a propiedade que consta na documentación co nome do **Resío de Babio** (➲ *Resío*) e quizais o chamado **Babio do Cocho da Porca** (➲ *Cocho*), que no Catastro de Ensenada consta como «sembradura regadío segunda calidad», igual ca os anteriores.

Babio da Furna ou **Babios da Furna** (➲ *Furna*) é o nome dunhas terras de arboredo ao oeste da Revoltiña, no barrio do Freixo. No Catastro de Ensenada consta en singular, *Babio da Furna*, e vén descrito como regadío de terceira calidade. Pode sorprender a presenza do substantivo *Babio* tan lonxe do río e dos outros topónimos en que está presente ese nome. Neste caso parece que o topónimo é simplemente eco do nome do lugar de Babio en Beade, pois veciños dese lugar eran foreiros de terras no Freixo no século XVII. Na documentación do convento de San Domingos de Pontevedra relativa á parroquia de Valadares atopamos referencias a propiedades traballadas por veciños de Babio: «demarca con heredad de don Gregorio Sarmiento Balladares, vecino de la villa de Vigo, que poseen los de la aldea de Babio» (*Segundos traslados*, 1646-1660).


demarca Con heredad de don Gregorio Sarmiento
Ba Ladares Vecinos de Lauilla de Vigo que poseeen
los de la aldea de babio= mas Lcampo do

Seguramente eran esas propiedades dos señores da parroquia aforadas a «los de la aldea de Babio» as que motivan a presenza na toponimia de Valadares doutro *Babio* lonxe de Beade, no Freixo.

Balada, Baladiña ➲ Valada

▶ Balcón

— **O Balcón das Rozadiñas** (O Freixo)
— **O Balcón do Cruceiro** (O Freixo)
— **Os Balcóns** (O Freixo)

A situación elevada dun terreo ou dunha propiedade pode motivar na toponimia nomes como *Fiestra*, *Belvís*, *Viso*, *Vista Alegre* ou *Miragaia*, entre outras, todas referentes ao feito de teren boas vistas os lugares así chamados. É tamén o caso do substantivo común *balcón*, procedente do italiano *balcone*, presente en topónimos que supoñemos de creación relativamente recente, como o **Balcón das Rozadiñas** e o **Balcón do Cruceiro** en Valadares, ambos os nomes para uns campos de prado e de mato no barrio do Freixo, ao oeste dos Currás. A zona tamén se denomina nalgunhas fontes co plural **Os Balcóns**.

Bales ➲ Vales

Baltasara ➲ Gaspara

▶ Bandeira

— **A Bandeira** (O Freixo)
— **As Bandeiras** (A Sobreira)

Nos topónimos que conteñen o substantivo *bandeira* non sempre podemos saber se están formados polo común *bandeira* 'pano dunha ou máis cores, case sempre en forma de rectángulo, ás veces con escudo, que é símbolo dunha nación, partido, rexemento etc.' ou se conteñen un derivado de *banda* nas acepcións que ten este nome de 'cada unha das dúas partes de certas cousas, comprendida entre unha liña central imaxinaria e o bordo' ou ben 'territorio máis ou menos amplo situado á beira e nas proximidades dun río, ría, accidente xeográfico etc.'. *Banda* é un termo de orixe xermánica, común ao galego, ao castelán e ao portugués. En áreas de pastoreo, certo costume de sinalar cunha especie de bandeira o lugar do monte onde pace o gando, para poder verse desde o val, puido motivar nalgún caso a presenza deste substantivo na toponimia; noutras ocasións, unha bandeira na porta dunha casa situada nun camiño, igual ca uns ramallos de loureiro ou doutra árbore, podían indicar que se trataba dun mesón, pousada, taberna ou forno de pan. É quizais esta última a motivación do nome do *Monte da Bandeira* na veciña parroquia de Matamá, onde no século XVII había unha *atafona*, segundo podemos ver na documentación relativa

ás propiedades do convento de San Domingos de Pontevedra en terra de Fragoso (*Segundos traslados*, 1646-1660).


mesaña — folio - 347=
foro quesehiço adom° decanpos ybenitoperez de
unaeyra yuna Ata fona nomonte dabandeyra
enmatama — f 353=
Alonsotian fres delcanpo do carballal

A Bandeira, en singular, designa unha zona de monte onde hai unha vivenda illada, no barrio do Freixo, xunto ao camiño da Pinguela, ao leste do Zondal. No Catastro de Ensenada da parroquia de Camos (ano 1753, antes da segregación da de Chandebrito) figuran veciños chamados *Alonso Rodríguez da Bandeira*, *Diego Fernández da Bandeira*, *Diego Cabreira da Bandeira*…

Co plural **As Bandeiras** noméase unha franxa de arboredo fronte ao encoro de Zamáns, no barrio da Sobreira, a carón da autoestrada de Baiona.

▶ Banzo

— **Os Banzóns da Lapela** (As Barrocas)
— **Os Banzos da Portela de Alba** (As Barrocas)

A palabra *banzo* vén definida no DRAG como 'paso dunha escaleira ou dunha escada' e Corominas considéraa leonesa e galego-portuguesa de orixe incerta, posiblemente dun celta *wankjos* 'traveseiro dunha escada'. No seu uso toponímico pode designar socalcos ou terrazas, mais non é un termo usual. No concello coruñés de Outes, non moi lonxe da parroquia homónima de Valadares, hai un núcleo de poboación denominado *Banzas*, que quizais responde á mesma motivación.

Os Banzóns da Lapela é unha área de monte, sen vivendas, a carón da Mina da Cal, na zona denominada A Lapela. No Catastro de Ensenada aparece coas grafías *Banzos* e *Banzôs*, polo que non podemos descartar que en orixe fose *Banzós* (cun sufixo diminutivo correspondente ao latín -ŏla) alterado en *Banzóns*. Nese catastro, as terras dese nome aparecen cualificadas como monte de terceira calidade e dise que «lindan al sur con monte propio fuera del término», referíndose a

que era compartido pola veciña parroquia de Camos (na actualidade a de Chandebrito, nacida na segunda metade do século XVIII como escisión de Camos). No mesmo catastro rexístrase tamén a denominación alternativa de **Os Banzos da Portela de Alba** (*Banzos de Portela d'Alva*).

Barreira ➲ Barro

Barrio da Igrexa ➲ A Igrexa

Barrio da Sobreira ➲ A Sobreira

Barrio do Portal ➲ O Portal

Barrio da Garrida ➲ A Garrida

Barrio das Barrocas ➲ As Barrocas

Barrio do Freixo ➲ O Freixo

Barrio do Carregal ➲ O Carregal

▶ Barro

— **A de Barros** (As Barrocas)
— **A Barreira** (A Igrexa)
— **A Barreira** (O Freixo)
— **Fonte da Barreira** (A Igrexa)
— **As Barreiras** (As Barrocas)
— **As Barreiras** (As Barrocas)
— **O Barreiro** (A Sobreira)
— **Fonte do Barreiro** (A Sobreira, O Portal)

Barro é un termo de orixe prerromana, común ao galego, ao castelán e ao portugués, que designa a arxila ou tamén a lama. *Barro* e os seus derivados (*Barreiro*, *Barreira*, *Barrosa*…) teñen moita presenza na toponimia galega, onde adoitan referirse ao tipo de terreo, barrento ou lamacento, ou a lugares de onde se extraía arxila para diversos usos.

Nas fontes escritas rexístrase un topónimo **A de Barros** no barrio das Barrocas, que designa terras de labradío de segunda calidade. Pola estrutura do topónimo (*A de* + *Nome*) semella conter un apelido *Barros*. Este apelido rexístrase na parroquia polo menos desde o século XVI; no preito de 1597 constan entre os propietarios de terras en Valadares dous individuos chamados *Gregorio de Barros* e *Tristán de Barros*.

Os derivados máis comúns son os formados cos sufixos *-eiro*, *-eira*. **A Barreira** é o nome dun núcleo habitado no barrio da Igrexa, a ambos os lados da estrada de Valadares, á altura de Quinta. Reciben o mesmo nome as terras de labor inmediatas, que no Catastro de Ensenada veñen caracterizadas como «sembradura de secano». Desde polo menos o século XVII vemos o nome da Barreira en cadeas onomásticas para identificar veciños residentes no lugar: «Rosa Alonso da Barreira», «Juan de Comesaña da Barreira, vezino de Balladares, paga nuebe reales por el campo da Barja» (1697-1932, AHD, *Libro de fábrica* 2, f. 11). Repítese o topónimo na fonte chamada **Fonte da Barreira** (➲), enmarcada entre a estrada e o camiño de Quinta.

A Barreira é tamén o nome dunha zona de monte ou de arboredo no barrio do Freixo, ao sur da Costa do Freixo. No Catastro de Ensenada unha das propiedades do rei no territorio do couto e na parroquia de Valadares son sesenta ferrados de devesa no lugar da Barreira.

Un plural **As Barreiras** designa unhas terras no barrio das Barrocas. O masculino **O Barreiro** nomea unha área do barrio da Sobreira, con mato e terras de labor ao sur do parque tecnolóxico, xunto á estrada do Portal. Ao norte deste lugar sitúase a fonte chamada **Fonte do Barreiro**. *O Barreiro* atéstase co mesmo nome no Catastro de Ensenada, onde se describe como «sembradura de secano de tercera calidad».

▶ Barroca

— **As Barrocas** (As Barrocas)
— **Castro das Barrocas** (As Barrocas)
— **Estrada das Barrocas** (As Barrocas)
— **Fonte das Barrocas** (As Barrocas)
— **Lavadouro das Barrocas** (As Barrocas)
— **A Barroquiña** (A Garrida)

No portal Galicia Nomeada recóllense preto dun cento de topónimos galegos formados cos substantivos *barroca* e *barroco* ou algúns

derivados (*Barroquiña, Barroqueiro, Barroqueira*, *Barrocal*, *Barroque*…), que teñen paralelos na toponimia portuguesa. Son nomes de orixe prerromana e de significado problemático, pois idénticos termos aplicáronse a realidades moi diferentes. No masculino *barroco* parece predominar o sentido de 'penedo', 'rocha illada', 'grandes pedras graníticas de forma redondeada', e ten paralelo no castelán occidental *berrueco* e no seu derivado *berroqueño*. A forma feminina *barroca* aparece na toponimia galega ás veces designando penedos, ás veces desniveis pronunciados ou cavorcos provocados polas enxurradas de chuvia, ás veces lamazais. Encontramos a mesma ambigüidade en lingua portuguesa; no seu *Dictionarium latino lusitanicum et vice versa lusitanico latinum*, do ano 1570, Jerónimo Cardoso explica *barroca* como equivalente do latín *rupes* 'rocha', en tanto que o *Vocabulário portuguez* de Bluteau, do ano 1720, definía *barrocas* como 'covas que fazem as agoas impetuosas'. Nos diferentes topónimos galegos e portugueses que conteñen o substantivo *barroca* podemos distinguir así tres posibles significados: 1, o de 'avultamento redondeado', aplicado a formacións pétreas, quizais relacionado con outros termos prerromanos como *barriga*, *barril*, o mencionado *berrueco* castelán e quizais o latín VERRUCA 'verruga'; 2, un significado próximo ao de *barranco*, para designar lugares con desniveis pronunciados ou cantís case verticais; e 3, un significado próximo ao de *barro*, para designar lugares húmidos.

O Nomenclátor de Galicia recolle tres localidades chamadas *A Barroca* nos concellos de Vigo (Navia), Oia (Viladesuso) e Vilagarcía de Arousa (Cea), ademais do plural *As Barrocas* da parroquia de Valadares. O exame dos espazos denominados *A Barroca* no suroeste galego permite supoñer que o máis verosímil é que o significado do topónimo nesta área non sexa o relativo ás grandes pedras senón o de 'cavorco, barranco' ou 'cantil', 'ladeira ou aba de pendente moi pronunciada, onde as chuvias torrenciais abren cavorcos no terreo'. Na cidade de Vigo existe a fonte denominada *Fonte da Barroca*; segundo Taboada Leal (1840), *A Barroca* era o pronunciado desnivel ou cantil que separaba as ladeiras do Castro (as rúas da Falperra e de Santiago) da Ribeira do Berbés.

As Barrocas é o nome do barrio suroccidental de Valadares, lindante coas parroquias de Chandebrito e de Vincios. De acordo co dito, o nome viría motivado polo pronunciado desnivel das ladeiras do Cepudo e do monte Alba. Do nome do barrio toman o seu o **Castro das**

Barrocas (terras de labor e de arboredo; no Catastro de Ensenada rexístrase como labradío de segunda calidade), a **Fonte das Barrocas** e o seu lavadoiro, tamén coñecido como **Lavadouro das Barrocas**, e mais a **Estrada das Barrocas**, que sobe desde a estrada de Valadares.

Nas fontes documentais rexístrase un diminutivo **A Barroquiña** na Garrida que non puidemos localizar na actualidade. No preito do Portal (1587) dáse conta doutra *barroca* próxima ao núcleo do Covelo: «por el comareiro abajo a la barroca del Cobelo».

▶ Barronco

— **Fonte do Barronco** (O Freixo)

O termo *barronco*, o mesmo ca *barranco*, ten orixe prerromana; ambos designan un desnivel pronunciado entre dous planos do terreo. Gardan relación etimolóxica cunha das acepcións de *Barroca* (➲), da cal serían variantes. Na toponimia de Valadares rexístrase unha fonte denominada **Fonte do Barronco** no barrio do Freixo, ao oeste da Miragaia, a carón da estrada do Regueiro, que recibe o seu nome do pronunciado desnivel do terreo.

▶ Barxa

— **A Barxa / As Barxas** (A Sobreira)
— **Río da Barxa / Río das Barxas** (A Sobreira)
— **As Barxas** (A Sobreira)
— **A Barxa do Redondo / Barxa-Redondo** (A Sobreira)
— **As Barxiñas** (O Freixo)
— **O Barxío** (O Portal)

Barxa e *Barcia* (e derivados *Barxela*, *Barciela*, *Barxiña*, *Barxío* etc.) son termos moi presentes na toponimia galega que designan terreos á beira dun río ou as ribeiras que o río cobre nas súas enchentes. Son palabras de orixe prerromana, dunha raíz hidronímica indoeuropea **var-*, documentadas en latín medieval como *vargena* e *varcena*. Teñen correspondencia en *Bárcena* na toponimia castelá. No DRAG constan como *varxa, varcia*, co V- etimolóxico, mais deixaron de ser palabras de uso común e só sobreviven na toponimia, onde se consolidou tradicionalmente a grafía con B-.

A Barxa é o nome dunha zona na estrema de Valadares con Beade, que denomina tamén o núcleo de poboación do mesmo nome, en Beade, e mais o **Río da Barxa**, alternativamente chamado *Río de Babio* (➲) que abastece de auga os muíños dos Babios. Conviven para estes topónimos as formas singular e plural **(A Barxa / As Barxas)**, se ben o plural tamén se aplica especificamente ás terras de labor situadas ao norte do Barxío, na avenida de Clara Campoamor, fronte ao parque tecnolóxico. Na estrema deste Barxío, unha área de cultivos consta nalgunha fonte como **A Barxa do Redondo** ou **Barxa-Redondo** (➲ *Redondo*). No Catastro de Ensenada estes nomes rexístranse só coa forma singular, en varios casos no composto *Barxa de Prado* (*Barja de Prado*), pois estas áreas lindan ao sur co núcleo de Prado, e as terras que designan veñen cualificadas como monte e como labradío de secaño de segunda calidade.

Nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra vemos referencias a propiedades que tiña o convento nesa área da estrema entre Valadares con Matamá e Beade, que a mediados do século XVII contaban entre os seus foreiros co párroco de Matamá, Andrés de Casasnovas, e mais con Juan de Comesaña, veciño de Valadares: «de los Campos da Barja» (…) «Campo da Barxa» (…) «camino que va para la Barja» (*Segundos traslados*, ano 1646).



O Barxío é un derivado de *barxa*. Nomea unha área de arboredo ao oeste do parque tecnolóxico e das Cerdeiras, no barrio do Portal. A diferenza de *barxa* ou *barcia* e os seus diminutivos, que se repiten moito na toponimia galega, *barxío* é un derivado pouco frecuente, cun sufixo *-ío* tamén de probable orixe prerromana. En Galicia Nomeada, onde se recollen preto de medio millón de topónimos, só se rexistran exemplos coa forma *barxío* na parroquia de Valadares (Vigo) e mais en Nigrán e Parada (Nigrán).

Bautista ➲ Campos de Bautista

▶ Bazoca

— **Bazocal / Bazucal** (O Portal)

Algunhas fontes recollen un topónimo **Bazucal** ou **Bazocal** no barrio do Portal, que identificamos co que figura no Catastro de Ensenada como *Mazocal* (➲). É un colectivo formado co sufixo *-al* (< latín -ALE) a partir dun substantivo *bazoco* ou *bazoca*. Estes termos adoitan designar concavidades do terreo onde se empoza a auga da chuvia; son palabras de orixe prerromana, posiblemente céltica, relacionadas con nomes de recipientes como *bacía*, o substantivo *bazuncho*, que se aplica a persoas grosas, ou o verbo *bazucar* 'chapuzar' etc. Outra posibilidade é que o topónimo teña relación coas viñas, pois *bazoca* é a denominación dunha variedade de uva, probablemente derivada do nome do órgano anatómico chamado *bazo*, debido á súa cor amarela. Non puidemos localizar con precisión este topónimo na actualidade.

▶ Bértolo

— **Os Bértolos** (As Barrrocas)
— **Camiño dos Bértolos** (As Barrocas)
— **Os Bértolos do Areeiro** (O Freixo)
— **A Bértola** (A Sobreira)

Bértolo é un hipocorístico ou unha abreviación do nome persoal que ten en galego as formas *Bartolomeu* e *Bertolameu*. É un antropónimo da tradición cristiá, tomado do nome dun dos apóstolos. Crese que ten orixe nun patronímico da lingua aramea. É probable que a devoción por este santo e o seu culto no alto do monte Alba, relacionados coa fonte do mesmo nome (➲), sexan anteriores á institucionalización da capela dedicada á Virxe baixo a advocación de Nosa Señora da Alba. Como adoita suceder, o culto a un santo nun territorio adoita favorecer a imposición dese nome como nome de pía entre a veciñanza. Aínda que entre os propietarios de terras en Valadares que recolle o Catastro de Ensenada hai dous portadores deste nome persoal, é probable que fose máis común o seu uso no pasado. Interpretamos que *Os Bértolos*

era o nome que recibía unha familia portadora deste apelido, descendente dun individuo así chamado.

Os Bértolos é un núcleo habitado no barrio das Barrocas, ao sureste do cemiterio particular, ao cal se chega baixando desde este polo chamado **Camiño dos Bértolos**. Rexístrase no Catastro de Ensenada, coas grafías *Bertholos* e *Bertolos*, como núcleo habitado (polo menos tres vivendas, casas terreñas de diferentes propietarios) e tamén describe un monte de segunda calidade, labradío de hortalizas de primeira e secaño de terceira. É probable que o topónimo *Os Bértolos* se consolidase como nome de núcleo habitado no século XVI, dada a documentación dos preitos de Simón Rodríguez, onde atestamos na parroquia de Valadares en 1597 un «lugar de Gregorio Roco» [Rouco]… «que es agora de Jº Vertulo» [Juan Bértolo].



Posiblemente eran propiedades da xente do lugar dos Bértolos as terras do Freixo denominadas **Os Bértolos do Areeiro**, ao sur do Zondal.

O feminino **A Bértola**, nome dunha zona de arboredo no barrio da Sobreira, ao nordés de Vales, dentro das Coutadiñas, podería conter un nome persoal feminino de propietaria, mais tamén é verosímil que sexa un derivado do nome masculino: *A Bértola* = 'A de Bértolo ou dos Bértolos', segundo o mesmo procedemento que orixinou os topónimos *A Garrida*, *A Simona* etc.

▶ Becerro

— **A Becerreira** (O Freixo/A Igrexa)
— **O Cu do Becerro** (As Barrocas)

O substantivo *becerro* é un termo común, de orixe prerromana, que designa as crías do gando vacún. Na toponimia de Valadares témolo no nome do lugar coñecido como **O Cu do Becerro** (➲). Un derivado *Becerreiras* (tamén coa grafía *Bezerreiras*) consta no Catastro de Ensenada entre as terras «del Común» da vila e do couto de Valadares. Este topónimo identificámolo co que se coñece na actualidade maiormente

en singular, **A Becerreira**, entre O Freixo e A Igrexa, á beira dos Martices. Non sabemos se este topónimo veu motivado pola presenza de becerros no lugar ou se naceu a partir dun nome de propietario, pois rexistramos o uso deste termo como apelido ou como sobrenome na parroquia na documentación histórica: unha *Dominga da Becerreira* no preito de 1597. Todos ou a maioría dos portadores deste sobrenome no Val de Fragoso deben de ter ascendencia remota no lugar da Becerreira, na parroquia de Cabral.

Besada ➲ Vesada

Besta, Pardabesta ➲ Prado da Besta

▶ Bispo

— **O Bispo** (A Sobreira)

O *bispo* (do latín EPISCOPUM, tomado do grego) é a máxima autoridade eclesiástica dunha diocese. Na toponimia de Valadares está presente nunha área de arboredo denominada **O Bispo**, no barrio da Sobreira, nas proximidades de Fontefría e na estrema coas parroquias de Beade e de Zamáns, polo que tamén se rexistra co nome de *Bispo-Fontefría*, onda a estrada da Garrida. Desde polo menos o século XVII temos rexistros escritos relativos a propiedades do bispo de Tui nesa zona da Sobreira. Nos foros do convento de San Domingos de Pontevedra nas parroquias do Val de Fragoso (*Segundos traslados*) encóntrase referencia á «Coutada da Moscaveira que es del obispo de Tui» (1646).

▶ Bouza

— **Bouzacova** (O Freixo)
— **A Bouzana** (A Garrida)

Bouza é un termo de orixe prerromana que permanece vivo no léxico común e ten moita presenza na toponimia. Nos dicionarios defínese como 'terreo inculto, con maleza, toxos, xestas, uces' ou como 'matorral'. Segundo o Nomenclátor de Galicia, preto de duascentas locali-

dades galegas levan no seu nome a palabra *bouza* ou un derivado. Na toponimia de Valadares témola nos seguintes topónimos:

Bouzacova é unha zona de campos con algunha vivenda, no barrio do Freixo, ao suroeste da Gaspara, xunto á estrada de San Xoán. É un composto de *bouza* co adxectivo *covo, cova*, que designa unha *bouza* 'afundida, baixa, situada nun fondal'. Rexístrase no *Memorial cobrador de censos* das franciscanas de Vigo: «Campo de Bouçacoba» (1672).

A Bouzana é o nome dunhas terras de labor na Garrida, ao sur de Seoane, onda a estrada de Zamáns. No Catastro de Ensenada rexístrase como *Bozana*, *Buxana*, *Buzana* e *Busana de Seoane*, onde se cualifica de labradío de regadío de segunda e de terceira calidades. O topónimo parece conter un derivado do nome da vila de Bouzas, non sabemos se directamente cun xentilicio feminino (*A Bouzana* = 'a de Bouzas') ou se mediante un adxectivo formado a partir do xentilicio masculino (*A Bouzana* = 'a do *bouzán*, ou sexa, do de Bouzas', como *A Garrida* é 'a de Garrido' ou *A Falcoa*, 'a de Falcón'). No mesmo catastro e noutras fontes escritas relativas á parroquia hai referencias a veciños de Bouzas que teñen propiedades en Valadares. As formas sen ditongo <*ou*> con que se rexistra nas fontes escritas poden explicarse por castelanización ou por simple alteración fonética. Presenta a mesma alteración un topónimo *Boucela*, diminutivo de *bouza*, que se rexistra no Catastro de Ensenada e no seu *Expediente de comprobación* como *Busela* e non puidemos localizar na actualidade; daquela nomeaba unha propiedade cultivada (regadío de segunda e de terceira) dun veciño da Sobreira chamado Antonio Pérez. Esta redución do ditongo <*ou*> nos rexistros escritos ten paralelo nos derivados de *couso* (➲).

▶ Breña

— **A Esbreñada / Erbreñada** (As Barrocas)
— **A Esbreñada / Erbreñada** (O Carregal)

Un topónimo **Erbreñada** aparece repetido na parroquia para nomear dúas propiedades onde hai na actualidade respectivas vivendas: unha no barrio das Barrocas, ao sur da Pinguela e do cemiterio privado, e outra no barrio do Carregal, na zona dos Cañotais, fronte ao hospital. Non rexistramos estes topónimos na documentación histórica. Aparentemente conteñen unha realización con rotacismo (o *-s* final de sílaba pronunciado como R cando vai ante determinadas consoantes) de *A Es-*

breñada, participio feminino de *esbreñar*, verbo derivado de *breña*, un termo de orixe incerta, quizais prerromana, que o DRAG define como 'conxunto espeso de matas ou maleza'. *Esbreñar* sería entón unha formación análoga a *espedrigar* (➲), mediante o prefixo *es-* (< latín EX-) e significaría 'limpar de breña ou maleza', 'rozar'. Unha terra *esbreñada* sería unha *rozada* (➲), terreos que eran bravos e incultos e foron limpados de matogueira.

Bruñeiros ➲ Abruñeiros

▶ Bufo

— **Bufos / Bufos-Abelal** (A Sobreira)

Bufo (do latín BUBO) é o nome galego de varias especies de aves de rapina nocturna. As fontes documentais relativas á parroquia rexistran no barrio da Sobreira unha área de mato denominada **Bufos** que hoxe non puidemos localizar mais que estaría á beira do Abelal, pois tamén se rexistra como **Bufos-Abelal**. Parece que na súa orixe puido referirse á presenza ou á abundancia destas aves na zona; o bufo adoita ter como hábitat zonas de arboredo e cantís rochosos. Dado o uso de *Bufo*, *Bufa* tamén como sobrenome persoal, non podemos descartar a posibilidade de que o topónimo responda a este uso.

Buzana, Busana, Busela ➲ Bouza

Cabada, Cabadiña ➲ Cavar

▶ Cabalo

— **Cabaleiro** (A Garrida)

Cabaleiro é o nome dunha área de terras de labor, arboredo e prados na Garrida, na estrema coas Barrocas, ao nordeste da estrada na chamada volta do Groño. O Catastro de Ensenada rexistra con ese nome (*Cabaleiro*, *Caballeiro*) as propiedades situadas nesa área e cualíficaas como cultivos de secaño e de regadío de segunda calidade, o mesmo ca no *Libro de afanegados*. Daquela *Cabaleiro* designaba só as terras de

labor, en tanto que a zona de arboredo veciña era coñecida como *O Groño*. No século XIX, o nome de *Cabaleiro*, ou en ocasións en plural, segue designando só as terras de labor, e a zona de mato e de arboredo rexístrase no *Libro de afanegados* como *Groño-Cabaleiro* ou *Groño de Cabaleiro*, cualificado como *devesa*, *piñeiral* ou *toxal*.

Cabaleiro é un derivado común do substantivo *cabalo* (< latín CABALLUM), aínda que descoñecemos a motivación do seu emprego como topónimo. Máis ca á presenza de cabalos no lugar, é verosímil que o nome se referise en orixe a un propietario alcumado *O Cabaleiro* ou apelidado así, pois *Cabaleiro* e a súa castelanización *Caballero* son apelidos relativamente frecuentes en todo o territorio tudense. Algúns derivados de *cabalo* e de *cabalgar* tamén orixinan topónimos que designan grandes pedras superpostas, como nunha *Pedra Cabalaria* da veciña parroquia de Beade; hoxe non se advirte na paisaxe das inmediacións da volta do Groño unha formación rochosa que puidese xustificar esta motivación do topónimo, mais puido habela no pasado.

▶ Cabra

— **Cabreiros** (A Garrida)
— **Cabreira** (A Garrida)
— **O Cocho das Cabras** (A Sobreira)
— **A Corte de Cabras** (As Barrocas, Alba de Arriba)
— **O Ollo da Cabra** (A Garrida)

Cabra é nome común galego, continuador do latín CAPRAM. A cabra forma parte dos animais domésticos desde tempos prehistóricos e ata a Idade Moderna tamén sobreviviu en áreas montañosas afastadas a cabra montesa ou a cabra brava; unhas e outras deixaron pegada na toponimia. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de corenta localidades que levan no seu nome a palabra *cabra* ou un derivado, e na microtoponimia cóntanse por centos os nomes que se refiren a estes animais. Pola información que nos ofrece o Catastro de Ensenada, non son poucos os veciños da parroquia de Valadares que posuían cabras daquela, aínda que entre o chamado gando miúdo eran máis frecuentes as ovellas.

Na toponimia da parroquia de Valadares temos referencia a estes animais nos seguintes nomes:

Cabreiros e *Cabreira* son derivados de *cabra* mediante os sufixos *-eiro*, *-eira*. Na demarcación da parroquia de Valadares do Catastro de Ensenada, un dos marcos do sur, na estrema con Vincios, recibe o nome de **Cabreiros**; no mesmo catastro rexístrase tamén un lugar que estivo habitado, chamado **Cabreira**, que non puidemos localizar con exactitude: «casa arruinada al lugar de Cabreira»; neste caso non podemos descartar que o nome se deba a un apelido de propietarios (en Valadares hai portadores do apelido Cabreira no século XVIII, como un *Juan Cabreira*, veciño da Sobreira).

A Corte de Cabras é o nome de dúas áreas de monte no barrio das Barrocas, unha delas ao sur de Casouteiro, preto da estrema coas terras do barrio do Freixo, e outra ao suroeste da zona denominada Os Courás. Esta segunda vén cualificada como mato e como labradío de secaño no *Libro de afanegados*. Os topónimos posiblemente deban a súa orixe a un cercado para recoller estes animais (➲ *Corte*).

Outro topónimo, **O Cocho das Cabras**, rexístrase no Castastro de Ensenada e mais no *Libro de afanegados* como nome dunha área na Sobreira, que non puidemos localizar na actualidade, onde tiñan propiedades cultivadas veciños residentes nos Fabás.

O Ollo da Cabra é unha zona de terras de labor e de vivendas na Garrida, a ambos os lados da estrada da Garrida, que comunica a avenida de Clara Campoamor coa estrada de Valadares, ao leste do camiño da Pomba, xa preto do barrio da Sobreira. *Ollo de Cabra* é un topónimo que se repite con relativa frecuencia na toponimia galega e portuguesa. Na documentación medieval do mosteiro ourensán de Ramirás menciónase unha *viña* tamén chamada *Ollo de Cabra* en 1483. O de Valadares ten paralelo noutro *Ollo da Cabra* na veciña parroquia de Zamáns (Galicia Nomeada). Aínda que o substantivo *ollo* (< latín OCULUM) na toponimia adoita designar un nacente de auga ou manancial, como nos frecuentes *Ollo da Fonte*, *Ollo da Auga* etc., cremos máis probable que estes topónimos veñan motivados pola vexetación do lugar, pois *ollo de cabra* foi a denominación de varias clases de plantas, gramíneas ou leguminosas, quizais pola semellanza das sementes cos ollos das cabras, de pupila rectangular, como na variedade de feixóns tamén chamados de *ollo de cabra*.

▶ Cachar

— **A Cachada / As Cachadas** (O Freixo)
— **A Cachada** (O Freixo)
— **A Cachada** (O Carregal)
— **As Cachadiñas** (O Freixo)
— **A Cacheira** (As Barrocas)
— **Fonte da Cacheira** (As Barrocas)
— **As Cacheiras da Lapela** (O Freixo)
— **O Cacheiro** (A Garrida)
— **Camiño do Cacheiro** (A Garrida)

No século XVIII, o Padre Sarmiento explicaba o significado dun verbo *cachar* usado en Pontevedra como 'sembrar de trigo o centeno una roza después de ararla', segundo vemos no *Dicionario de dicionarios*. Este *cachar* pertence á mesma familia do substantivo *cacho* (< latín *CACCULUM) 'pedazo, anaco' e o seu significado é idéntico ao de *britar*, *rozar*, *vesar*, *romper monte*: 'amansar unha terra brava ou de monte arándoa en profundidade para cultivar cereal'. O substantivo *cachada* designa esa terra que se *cachou* para cultivala, e vén sendo sinónimo de *roza*, *vesada*, *rotea* etc. Na toponimia galega ten notable presenza, tanto nos nomes de núcleos de poboación (o Nomenclátor de Galicia recolle catorce localidades chamadas *Cachada* ou *Cachadiña*) coma na toponimia menor (varios centos en Galicia Nomeada). A maior parte destes topónimos debeu nacer en data relativamente tardía, quizais a partir do século XVI. No preito do lugar do Portal lemos referencias a esa práctica co verbo *romper*: «…mas la heredad de Agua Longa ansí como vós y el dicho hijo de Aº Costas la rrompistes de monte» (1581). No Catastro de Ensenada rexístranse en Valadares topónimos coa forma *Cacheiro*, *Cacheira*, pero non os *Cachada*, *Cachadiña* que temos hoxe, que en cambio xa se rexistran no *Libro de afanegados*, polo que seguramente naceron a partir da segunda metade do século XVIII ou xa no XIX.

Nas fontes cartográficas recentes alterna o singular **A Cachada** co plural **As Cachadas** para designar unha área de terras mansas (cultivos, prados) ao leste e ao sur dos montes e dos arboredos chamados *A Gaspara* e *Outeiro da Gaspara*, no barrio do Freixo, ao norte da parroquia. Noutras fontes diferéncianse nesa área **A Cachada de Amieiros** ou simplemente *Amieiros* (➲), a situada máis ao norte, e **A Cachada do Codesal** ou simplemente *Codesal* (➲), máis ao sur. Deben de correspon-

der ás terras que se rexistran como *Codesal* no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* como *Cachadas*, cualificadas como labradío de regadío de terceira calidade.

A Cachada é tamén unha área de prados, mato, terras de cultivo e arboredo tamén no barrio de Freixo, no sueste da Costa do Freixo e ao suroeste da Pinguela, xa preto de Casouteiro. Aparece no *Libro de afanegados* como «Hermitóa Cachada» (➲ *Mitoas*) e cualificada como terra de labradío de segunda e de terceira calidades.

Ademais, **A Cachada** é o nome dunha zona no barrio do Carregal, ao norte da entrada leste do túnel de Valadares e na beira da estrada da Garrida, ao sur do Campo da Presa. Nalgunhas fontes aparece como **Cachada-Currás** (➲ *Currás*).

Un derivado diminutivo e plural, **As Cachadiñas**, designa unha área de prados, mato e arboredo na ladeira noroeste do monte Cepudo, ao sur da Chan dos Campos, no barrio do Freixo.

A Cacheira é o nome dun núcleo habitado do barrio das Barrocas, na estrada do Freixo, ao nordeste do monte Alba. No século XVIII aínda non había casas e no Catastro de Ensenada só se rexistra como monte de segunda e de terceira calidade; probablemente seguía estando deshabitado no século XIX, pois no *Libro de afanegados* as propiedades situadas no lugar da Cacheira e dos arredores (en ocasións cos nomes de *A Coviña*, *Cacheira* ou *Coviña*, *Cacheira* ou *Castiñeiras*) veñen caracterizadas como tomada, piñeiral, devesa ou monte de segunda e de terceira calidade.

A Cacheira é tamén o nome da zona de mato, arboredo, prados e terras de labor inmediata ao núcleo habitado da Cacheira, nas Barrocas. Nesa zona sitúase tamén **A Pedra da Cacheira** (unha área de monte onda O Costal do Peimallo, ao sur do núcleo da Cacheira, na ladeira nordeste do monte Alba), a **Lagoa da Cacheira** (prados, terras, arboredo e mato) e a **Fonte da Cacheira** ou **Fonte Cacheira.**

Un plural **As Cacheiras da Lapela** designa unha área de monte na Lapela, ao sueste do Zondal, no barrio do Freixo. No *Libro de afanegados* figura como *Cacheiras* e as súas terras son cualificadas de tomadas, isto é, monte *cachado* para o seu cultivo.

No estremo sur da parroquia, ao leste do polígono da Pasaxe, na Garrida, un masculino **O Cacheiro** nomea as áreas chamadas **A Chan do Cacheiro** e o **Campo do Cacheiro**, con cultivos, prados e arboredo,

ademais do **Camiño do Cacheiro**, ao sur da estrada da Gándara, na parte máis meridional do barrio da Garrida.

▶ Cacho

— **A Horta do Cacho** (O Portal)

Non puidemos localizar con precisión un topónimo **A Horta do Cacho** que a documentación histórica sitúa no barrio do Portal (➲ *Horta*). Cremos que contén no seu segundo elemento o substantivo común *cacho* (latín *CACCŬLUM) 'pedazo', posiblemente referíndose a que a herdade ou a propiedade así chamada formaba parte en orixe doutra propiedade maior.

▶ Cadaval

— **Cadaval** (A Sobreira)

Cádavo é un termo botánico propio do norte peninsular, posiblemente de orixe prerromana; pode ter un significado xenérico de 'cando, tizón, pau que se pon en brasa para iluminar' ou específico para designar a planta tamén chamada *abrótea* ou *asfódelo*, empregada para eses usos. Na toponimia de Galicia repítense localidades chamadas *Cádavo*, *Cadaval*, *Cadavedo*, *Cadavide* etc., referidas ás mesmas especies botánicas. Un derivado colectivo aparece rexistrado como **Cadaval** no Catastro de Ensenada no barrio da Sobreira: cultivos de secaño e de regadío de segunda e de terceira calidade «al sitio de Cadaval»; tamén se documenta no *Libro de afanegados* («Cadaval, labradío regadío»). Neste libro dísenos que diferentes propiedades situadas na Sobreira e en Seoane pagan rendas ou foros á *casa de Cadaval* (por exemplo, un pedazo de devesa no sitio de Carballases: «a la casa Cadabal una cunca de maíz»), polo que posiblemente o topónimo non se refire á flora do lugar senón que contén este apelido, que á súa vez ten orixe nun lugar así chamado. Segundo vemos no Catastro de Ensenada, no século XVIII tiña moitas propiedades na parroquia de Valadares o fidalgo Bernardo de Cadaval, veciño de San Fiz de Nigrán.

▶ Caeiro

— **O Caeiro** (O Carregal)

O topónimo *O Caeiro* nomea sete localidades en Galicia, segundo o Nomenclátor, todas elas situadas no suroeste, na provincia de Pontevedra. Considérase que conteñen o resultado galego dun latín *CADARIUM, derivado do verbo CADERE 'caer', que na toponimia designa lugares caracterizados pola súa orografía: unha caída ou pendente pronunciada do terreo.

En Valadares, **O Caeiro** é o nome dunha área no barrio do Carregal, ao sueste do túnel, maioritariamente ocupada por terras de labor, mato, arboredo e prados. Documéntase polo menos desde finais do século XVI, no preito do lugar do Portal: «Caeyro», «puerto del Caeiro», «agua que viene do porto de Caeiro». No Catastro de Ensenada e no seu *Expediente de comprobación*, a forma singular («al sitio del Caeyro») alterna algunhas veces co plural: «sitio de Caeiros».

▶ Cagalla

— **As Pedras das Cagallas** (A Sobreira)
— **A Chan do Cagalleiro** (As Barrocas)

Cagalla é o nome común en galego, da familia léxica do verbo *cagar* (do latín CACARE), que designa o excremento de ovellas e de cabras, e tamén doutros animais pequenos como coellos, ratos etc., ou mesmo de aves. A orixe dos topónimos que conteñen este substantivo debeu vir motivada pola presenza anecdótica de deposicións animais no lugar designado, aínda que non podemos descartar outras motivacións.

As Pedras das Cagallas é o nome dunha área de arboredo e de mato no monte da Sobreira, ao sur da avenida de Clara Campoamor, preto da estrema da parroquia con Zamáns.

A Chan do Cagalleiro é unha área de mato e de arboredo na ladeira norte do monte dos Pozos, no barrio das Barrocas.

▶ Cal, Cales, Cans

— **A Cal do Lavadouro** (A Sobreira)
— **O Cocho da Cal** (A Sobreira)
— **A Mina da Cal** (As Barrocas)

— **As Cales** (A Garrida)
— **As Cans** (As Barrocas)
— **As Cans** (O Freixo)
— **Fonte das Cans** (As Barrocas)
— ***Área de Lecer das Cans*** (As Barrocas)

Cal é o resultado galego do latín CANALEM 'conduto para conducir auga', que noutras áreas de Galicia deu *canle*, co mesmo significado. Ademais da forma *cal* (plural *cales*), na toponimia de Valadares temos outro resultado alternativo no nome das *Cans* (< latín CANALES), que probablemente é un topónimo antigo, nacido xa en latín. É un substantivo feminino (*unha cal*, *as cales*, *as cans*), común na zona para designar unha condución de auga, nos máis dos casos obra humana, destinada ao rego, a un muíño, a un lavadoiro etc.

O Cocho da Cal é o nome actual dunhas terras de cultivo, maioritariamente millo, nas Mouteiras, ao leste da Ervellacosa, no barrio da Sobreira. É un *cocho* ('pequeno pedazo de terra abrigado e destinado a cultivo de hortaliza') que debe o seu nome a unha *cal* (< lat. CANALEM) ou canalización usada para o rego ou para outro destino. Quizais é a mesma que se rexistra como **A Cal do Lavadouro** no mesmo barrio da Sobreira no Catastro de Ensenada («labradío regadío primera calidad al sitio Cal de Lavadouro»).

A Mina da Cal é unha área de monte no estremo oeste das Barrocas, onda os Banzóns da Lapela. Debe o seu nome a unha *mina* ('condución subterránea de auga') e á *cal* ou *canle* correspondente (➲ *Mina*).

As Cales é unha zona de vivendas e de terras de labor ao norte de Seoane. No Catastro de Ensenada figura maioritariamente co nome en singular («monte de 2ª calidad al sitio de Cal»); no *Libro de afanegados* xa é máis común en plural (*Cales*, toxal; *Cal*, devesa e toxal; *Cales*, toxal e piñeiral).

As Cans nomea unha zona de vivendas, mato, arboredo e terras de labor no barrio das Barrocas. O mesmo nome de **As Cans** designa unha área en San Xoán, no barrio do Freixo, e está presente tamén na **Fonte das Cans** e **As Cans de Abaixo** (Alba de Arriba). O mesmo topónimo tradicional serviu para denominar a área recreativa actual chamada **Área de Lecer das Cans**.

No século XVIII, o lugar das Cans xa era un núcleo habitado, segundo podemos ver no Catastro de Ensenada: «casa terreña al lugar das Cans», «Domingo Iglesia das Cans», «María Martínez del lugar das Cans» etc.

Malia a coincidencia formal co plural de *can*, ao tratarse dun feminino podemos recoñecelo como o resultado dun latín CANALES. O mesmo topónimo *Cans* nomea unha parroquia do Porriño onde houbo un mosteiro medieval documentado en latín medieval como CANALES. Como os *Cal, Cales* mencionados, o topónimo vén motivado por canalizacións para aproveitamento da auga.

▶ Calvario

— **O Calvario** (A Igrexa)

O Calvario é unha zona de vivendas e de terras de labor no barrio da Igrexa. Debe o seu nome, igual ca outros lugares homónimos, como o barrio vigués do Calvario, a un *calvario* monumental que representa a crucifixión de Cristo. O nome procede de CALVARIUM, denominación latina do Gólgota, o monte onde se produciu esa crucifixión. *O Calvario* do barrio da Igrexa de Valadares xa era núcleo habitado no século XVIII, segundo vemos no Catastro de Ensenada, onde forma parte das cadeas onomásticas que identifican os veciños: *Domingo Pérez do Calvario*, *Joseph Ramón Álvarez Pérez do Calvario*.

▶ Calzada

— **A Calzada** (A Sobreira)

Calzada (< latín CALCEATAM) é un substantivo relativamente común na toponimia galega; o Nomenclátor de Galicia recolle vinte e cinco localidades chamadas *A Calzada*, e é igualmente frecuente na toponimia menor. É un topónimo viario, que designou en orixe camiños empedrados, particularmente os antigos, da rede viaria romana, pero tamén calquera camiño empedrado altomedieval ou posterior. En Valadares, **A Calzada** é unha área de vivendas e de terras de labor no barrio da Sobreira, ao sueste do parque tecnolóxico. É a zona inmediata á estrada da Garrida, polo que posiblemente foi o camiño precedente desa estrada o que motivou o topónimo. No *Libro de afanegados* rexístrase *Calzada* e *Cocho da Calzada* ou *Cocho-Calzada*, e designa terras de labradío de regadío e de secaño, mais o lugar xa contaba daquela con algunhas vivendas.

▶ Camiño

— **Camiño da Areosa** (A Garrida)
— **Camiño do Cacheiro** (A Garrida)
— **Camiño das Campaceiras** (A Sobreira)
— **Camiño do Canizo** (O Carregal)
— **Camiño dos Cañotais** (O Carregal)
— **Camiño do Caramanchel** (A Garrida)
— **Camiño do Carro** (A Sobreira)
— **Camiño do Caseiro** (As Barrocas)
— **Camiño da Chanciña** (A Garrida)
— **Camiño da Coelleira** (A Sobreira)
— **Camiño do Cruceiro** (A Garrida)
— **Camiño da Devesa** (A Sobreira)
— **Camiño da Igrexa** (A Igrexa)
— **Camiño da Lapela** (As Barrocas)
— **Camiño dos Liñares** (A Igrexa)
— **Camiño dos Mancales** (A Garrida)
— **Camiño das Maquías** (A Garrida)
— **Camiño da Marquesa** (A Igrexa)
— **Camiño do Monte** (A Sobreira)
— **Camiño de Peimallo** (O Freixo)
— **Camiño do Pinal** (A Garrida)
— **Camiño do Piñeiro** (A Sobreira)
— **Camiño da Pomba** (A Garrida)
— **Camiño do Portal** (O Portal)
— **Camiño do Regueiro do Forno** (A Garrida, Seoane)
— **Camiño do Sapo** (O Portal)
— **Camiño dos Seixos** (O Carregal)
— **Camiño de Seoane** (A Sobreira)
— **Camiño do Souto** (A Sobreira)
— **Camiño da Valada** (A Garrida)
— **Camiño de Vales** (A Sobreira)
— **Suocamiño** (A Igrexa)
— **Suocamiño** (A Sobreira)
— **Tres Camiños / Tras Camiño** (A Garrida)

Camiño é unha palabra común en galego, procedente do latín CAMINUM, que á súa vez era un termo de orixe celta no latín. Aínda que en

principio se entende por *camiño* unha vía tradicional, habitualmente de terra, que se diferencia da *estrada* moderna, de firme asfaltado, moitos dos camiños tradicionais son hoxe pequenas estradas ou rúas asfaltadas tamén, e na rotulación viaria municipal figuran como «camiño de» seguido dun segundo elemento que as máis das veces se corresponde co topónimo que designa a zona por onde discorre o camiño, a súa orixe ou o seu destino.

O **Camiño das Maquías** aparece tamén como **Camiño Antergo das Maquías** na rotulación municipal. É o nome dunha vía asfaltada no barrio da Garrida, próxima ao polígono da Pasaxe, preto da estrema de Valadares con Vincios e Zamáns. Na segunda das denominacións, o uso de *antergo* (por *antigo*), un adxectivo literario, revela a orixe «administrativa» do topónimo (➲ *Maquías*).

Na Garrida, na zona da Gándara e de Seoane, coñécese como o **Camiño da Areosa** unha vía pública paralela á estrada da Gándara, entre esta e a estrada da Escola da Sobreira, que desde Seoane vai confluír co *Camiño do Cruceiro* ➲ na zona do Cruceiro da Areosa (➲ *Areosa*). As propiedades situadas nese *Camiño da Areosa*, na cartografía do catastro actual figuran unhas con domicilio fiscal en «Estrada da Gándara» ou «Carretera da Gándara» e outras na «Estrada da Escola da Sobreira».

O **Camiño das Campaceiras** era unha pequena vía pública situada nas *Campaceiras* (➲), na estrema da Sobreira coa parroquia de Beade. Hoxe quedou soterrado pola construción do parque tecnolóxico e loxístico.

A vía pública coñecida como **Camiño da Chanciña**, no barrio da Garrida, recibe o seu nome da zona chamada *A Chanciña* (➲).

O **Camiño da Coelleira** é un pequeno ramal asfaltado (sen saída) que vai desde a estrada da Gándara cara ao sur, ao oeste de Seoane, preto da estrada de Zamáns (PO-331, Gondomar-O Porriño), ao norte da área de arboredo denominada *A Coelleira* (➲), da cal toma o seu nome.

O **Camiño da Devesa** é unha vía pública na Sobreira, entre a estrada da Garrida e a avenida de Clara Campoamor. Asfaltada no tramo inicial, no empalme coa avenida de Clara Campoamor, ao nordeste do IES Valadares, é de terra na actualidade. Toma o seu nome da *Devesa da Sobreira* (➲).

É coñecida como **Camiño da Igrexa** a vía pública asfaltada que conduce á igrexa parroquial con entrada e saída desde a estrada de Valadares.

No nome do **Camiño da Marquesa** consérvase a referencia ao marquesado que exerceu señorío na parroquia no Antigo Réxime. Non dispoñemos de información suficiente que nos permita saber se o topónimo se refire a unha marquesa ou contén un feminino de propietario relativo ao marqués (*A Marquesa* = 'a do Marqués', como *A Simona* = 'A de Simón' ou *A Garrida* = 'A de Garrido').

Reciben o nome de **Camiño da Pomba** varias vías públicas no barrio da Garrida, entre A Garrida, A Sobreira e Seoane (➲ *Pomba*).

O **Camiño da Valada** toma o seu nome do lugar chamado *A Valada* (➲), na área da Garrida.

O **Camiño do Caramanchel**, tamén na Garrida, toma o seu nome da zona denominada *O Caramanchel* (➲).

O **Camiño de Quinta** toma o seu nome do lugar de *Quinta* (➲). Rexístrase con ese nome no Catastro de Ensenada («al sitio de camino de Quinta»).

O **Camiño do Regueiro do Forno** toma o seu nome dese pequeno curso de auga de Seoane (➲ *Regueiro do Forno*).

O **Camiño do Sapo**, no barrio do Portal, debeu de recibir ese nome pola proximidade á *Fonte do Sapo* (➲).

O **Camiño dos Seixos** é unha vía pública entre a estrada de Valadares e o camiño da Simona, no barrio do Carregal (➲ *Seixos*).

Coñécese como o **Camiño de Seoane** (➲) a estrada que comunica a avenida de Clara Campoamor e a estrada Gondomar-O Porriño, no extremo sueste da parroquia (ao sur da Sobreira, ao leste da Garrida) no linde con Zamáns.

O **Camiño de Vales** é unha pequena estrada ao suroeste da área chama *Vales* (➲), no barrio da Sobreira, ao oeste da avenida de Clara Campoamor, desde onde ten entrada.

O **Camiño do Cacheiro**, no barrio da Garrida, recibe o seu nome da área denominada *O Cacheiro* (➲) e vén sendo a prolongación do camiño do Cruceiro despois da estrada da Gándara.

O **Camiño do Canizo** é unha vía pública no Carregal; recibe o seu nome da área habitada denominada *O Canizo* (➲).

Refírense a un antigo **Camiño do Carro** varios topónimos como **Falcón-Camiño do Carro**, que denomina prados, terras e mato ao sur da Sobreira, e outros que se rexistran na documentación, como **O Cocho-Camiño do Carro** (prados de segunda calidade, segundo o *Libro de afanegados*) ou **Padrón-Camiño do Carro** (labradío de regadío de segun-

da, no mesmo libro). Nos preitos do século XVI menciónase un «camino que biene de la dehesa del rey al puerto de carro».

Camiño do Caseiro é o nome dunha vía pública no barrio das Barrocas, probablemente orixinado por referencia a alguén que exerceu de *caseiro*, na acepción de 'quen se ocupa dos bens e facendas dunha persoa que xeralmente non vive no campo'.

O **Camiño do Cruceiro** é unha vía perpendicular á estrada da Gándara, na Garrida. Constitúe a prolongación, cara ao norte, do camiño que ao sur desta estrada se denomina *Camiño do Cacheiro* (➲). Sen constancia da presenza dun cruceiro monumental de pedra no lugar, o cruceiro que motivou o nome puido ser simplemente a encrucillada (o *Cruceiro da Areosa* ➲), onde conflúe este camiño co chamado *Camiño da Areosa*.

É coñecida como o **Camiño do Monte** unha vía pública asfaltada perpendicular á estrada da Escola da Sobreira, coa cal conflúe na avenida de Clara Campoamor. No catastro actual, os lugares situados neste camiño constan domiciliados na estrada da Escola da Sobreira ou no Padrón do Couto.

O **Camiño de Peimallo** recibe o seu nome da zona denominada *Peimallo* (➲), no barrio do Freixo.

O **Camiño do Piñeiro** probablemente recibiu o seu nome do veciño *Outeiro do Piñeiro* (➲), na Sobreira. Do mesmo xeito, o **Camiño do Pinal** refírese á área chamada *O Pinal* (➲).

Levan o rótulo municipal de **Camiño do Portal** diferentes vías próximas situadas no barrio do *Portal* (➲), do cal toman o seu nome. Unha das súas ramas é o **Camiño da Devesa**, que recibe o nome da veciña Devesa da Sobreira.

O **Camiño do Souto** é unha vía publica no barrio da Sobreira. Non debe confundirse coa chamada *Estrada do Souto* (➲) entre As Barrocas e a Igrexa, onda a estrada do Freixo, que toma o seu nome do núcleo habitado do Souto.

O **Camiño dos Cañotais**, no Carregal, recibe o seu nome da área chamada *Os Cañotais* (➲) e é topónimo compartido coa parroquia de Beade.

O **Camiño dos Liñares**, no barrio da Igrexa, toma o nome dunha área situada ao leste da Igrexa denominada *Os Liñares* (➲), con terras de labor, mato e arboredo entre a estrada do Souto e o camiño do Caseiro.

O **Camiño dos Mancales**, na Garrida, figura na actualidade co rótulo municipal errado, coa forma «Nancales» (➲ *Mancal*).

No *Libro de afanegados* recóllense dous topónimos **Suocamiño** (*Suocamiño*, *Subcamiño*, *Socamiño*) na Sobreira e na Igrexa, cualificados como terras cultivadas (labradío de regadío de segunda calidade), que hoxe non puidemos localizar. O nome é un topónimo composto de *O Camiño* precedido da preposición *so* (< latín SUB), como en *Suaeira* (➲), *Sueido* (➲) etc., o que indica que recibiron o nome pola súa situación relativa na parte de abaixo do camiño.

Tres Camiños é o nome que recibe unha zona de monte ao sur de Seoane, á beira da Bouzana e o Campo do Medio, na Garrida, no estremo sur da parroquia, preto do linde con Vincios. Baixo a aparencia de topónimo de significado transparente, que se referiría á presenza de tres camiños no lugar, cremos que é a alteración dun topónimo orixinario **Tras Camiño** (cf. *Traspalleiro* ou *Tras Palleiro*, non moi lonxe). Probablemente se refire á súa situación, vista desde A Gándara e Seoane, máis alá do camiño; este camiño correspondería á actual estrada Gondomar-O Porriño, que na documentación histórica se menciona como o *Camiño de San Colmado* e como «camino de la Feria de Mos» nos mapas 1:50.000 do Instituto Xeográfico Nacional, do ano 1943.

▶ Campaza, Campaceira

— **As Campaceiras** (A Sobreira)
— **Camiño das Campaceiras** (A Sobreira)

Os dicionarios definen o nome común *campaza*, un derivado de *campo*, como 'lugar no monte onde nace a herba de maneira espontánea', e é probablemente ese significado o que orixinou os nomes das localidades chamadas *A Campaza* ou *As Campazas* que recolle o Nomenclátor de Galicia. En Valadares temos un derivado de *campaza* nos topónimos **As Campaceiras** e **Camiño das Campaceiras**, nunha área na estrema da Sobreira con Beade, maioritariamente pertencente a esta parroquia, que quedou soterrada polo parque tecnolóxico. No *Libro de afanegados*, as propiedades situadas nas Campaceiras veñen cualificadas como *ameal* de primeira calidade.

▶ Campo, Campiño

— **O Campo Grande** (As Barrocas)
— **O Campo Grande** (O Freixo)
— **O Campo Longo** (As Barrocas)
— **O Campo Longo** (O Freixo)
— **O Campo Longo** (O Carregal)
— **O Campo de Abaixo** (O Portal)
— **O Campo de Abaixo** (O Freixo)
— **O Campo de Arriba** (O Carregal)
— **O Campo de Arriba** (O Portal)
— **O Campo do Medio** (O Carregal)
— **O Campo do Medio** (A Garrida)
— **O Campo do Medio / Os Campos do Medio** (A Sobreira)
— **O Campo da Costa** (A Garrida)
— **O Campo da Eira** (O Freixo)
— **O Campo da Eira** (As Barrocas)
— **O Campo da Fonte** (A Garrida)
— **O Campo da Fonte** (As Barrocas)
— **O Campo da Porta** (As Barrocas)
— **O Campo da Presa** (O Carregal)
— **O Campo da Torre** (A Igrexa)
— **O Campo da Torre** (O Freixo)
— **O Campo da Torre** (A Garrida)
— **O Campo das Canas** (O Freixo)
— **O Campo das Cans** (O Freixo)
— **O Campiño das Cans** (A Garrida)
— **O Campo das Pedras** (O Freixo)
— **O Campo de Aceiteiros** (O Freixo)
— **O Campo de Figueiras** (O Freixo)
— **O Campo do Abade** (O Portal)
— **O Campo do Carreiro** (O Freixo)
— **O Campo do Muíño** (A Garrida)
— **O Campo do Rego** (O Freixo)
— **O Campo do Río** (A Garrida)
— **Os Campos do Río** (A Garrida)
— **Os Campos de Babio** (O Portal)
— **Os Campos de Bautista** (As Barrocas)

— **Riba dos Campos** (O Freixo)
— **Os Campiños** (O Portal)
— **Campiño das Cans** (A Garrida)
— **Os Campiños** (A Garrida)
— **Os Campiños** (O Freixo)
— **O Escampado** (As Barrocas, Alba de Arriba)

O substantivo común *campo* (do latín CAMPUM) ten enorme presenza na toponimia galega e na doutras áreas. Designa un espazo aberto, sen arboredo, polo regular chan ou con moi pouca pendente e dedicado preferentemente a cultivos. Na toponimia de Valadares está presente en numerosos nomes de lugar, case sempre formando compostos (*campo de* + segundo elemento) ou en diminutivos (*campiño*). Cando designa terras cultivadas que reúnen eidos de diferentes propietarios, é frecuente a alternancia entre o nome en singular e en plural; nunha área chamada *Campiño*, por exemplo, cada propietario denomina tamén *Campiño* a súa propiedade e supón para o conxunto o mesmo nome en plural, *Campiños*. Esta é a razón de que en ocasións convivan un topónimo en singular e outro idéntico en plural para un mesmo espazo; cando se produce esa alternancia, a forma orixinaria é case sempre a singular, en tanto que a outra sería o que se chama un *plural secundario*.

Entre os compostos de *campo* cun adxectivo só temos exemplos con *grande* e *longo*, que se refiren á extensión e á forma dos campos que designan.

O Campo Grande é unha área de monte ao suroeste do barrio das Barrocas, na estrema da parroquia, na zona da Lapela. Rexístrase no *Libro de afanegados* como tomada. **O Campo Grande** é tamén o nome dunha zona de terras de labor en San Xoán, no Freixo, situada entre o Campo da Torre e o Campo do Carreiro. Esta consta no Catastro de Ensenada como *Campo Grande* e vén cualificado como cultivos de labradío e de secaño de primeira e de segunda calidade; tamén figura coa mesma cualificación no *Libro de afanegados*. Un terceiro **O Campo Grande** nomea terras de labor ao leste da Grisvella, no barrio das Barrocas, que no Catastro de Ensenada veñen cualificadas como «sembradura de secano y regadío de primera calidad».

O Campo Longo é o nome dunha zona con vivendas e terras de labor en San Xoán, no barrio do Freixo, á beira do Campo do Rego e do Campo de Figueiras. Outro topónimo idéntico, **O Campo Longo**

(*Campo Longo-Sobreiro*, no *Libro de afanegados*), localízase nas Barrocas, ao norte da Portela de Alba, tamén con vivendas e terras de labor. Un terceiro **O Campo Longo**, no barrio do Carregal, próximo ao túnel, consta nese libro como *Campo Longo-Seixos*.

Varios dos topónimos formados con *campo* son nomes compostos que teñen como segundo elemento unha referencia á súa posicion relativa, «de Abaixo», «de Arriba», «do Medio». As dúas primeiras indican situación máis baixa ou máis elevada respecto dun núcleo habitado; os campos cualificados como «do Medio» adoitan estar entre dous núcleos habitados.

O Campo de Abaixo é unha zona de prados e de terras cultivadas no sur do barrio do Portal, ao sueste do Pedregal. Rexístrase en 1877 como labradío de regadío de segunda e de terceira calidade. Outro topónimo idéntico, **O Campo de Abaixo**, é unha pequena área de terras de labor, arboredo e mato en San Xoán, no barrio do Freixo, preto das Manguelas. No *Libro de afanegados* aparece cualificado como labradío de regadío de terceira calidade.

O Campo de Arriba é unha pequena zona de mato e de cultivos ao norte do barrio do Carregal. Outro **Campo de Arriba** no barrio do Portal debe de ser o que figura no *Libro de afanegados* e noutras fontes como *Campo de Arriba-Cavadón*.

Chámase **O Campo do Medio** unha zona de terras de labor e de vivendas no barrio do Carregal, entre O Caramancho e A Simona. **O Campo do Medio**, na Garrida, son terras de labor, arboredo e algunhas vivendas no sur da parroquia, entre a estrada Gondomar-O Porriño e a autoestrada, á beira da Constanza; figuraba no Catastro de Ensenada como monte de segunda calidade. Un terceiro topónimo idéntico, **O Campo do Medio**, consta nos libros de apeos de San Domingos de Pontevedra de 1646-1660 nas estremas dunha propiedade lindante tamén con *A Moscaveira* (➲), e no *Libro de afanegados* entre as terras de labradío dos veciños dos Fabás, na Sobreira, xunto cun **Outeiro da Fame-Campo do Medio** cualificado daquela como toxal; hoxe úsase en plural, **Os Campos do Medio**.

En **Riba dos Campos**, unha área de monte en San Xoán, no Freixo, o topónimo vén motivado pola posición do lugar, elevada respecto dos campos de labor veciños.

Outros topónimos compostos de *campo* responden á fórmula *campo de* seguido dun segundo elemento que polo regular é un topónimo

próximo ou o nome da zona onde se atopa o campo. Enumerámolos e identificámolos aquí e remitimos o seu comentario para o lugar onde se fala do segundo elemento, segundo a orde alfabética. Son os seguintes:

O Campo da Costa é unha zona de terras de labor, mato e arboredo na Garrida, ao leste no núcleo da Costa, ao oeste de Outide e da avenida de Clara Campoamor (➲ *Costa*).

O Campo da Eira (*Campo da Eira do Freixo* nalgunhas fontes documentais, para distinguilo do *Campo da Eira* das Barrocas) é o nome dunha zona de terras de labor e de vivendas no Freixo, ao norte do núcleo da Eira; no *Libro de afanegados* caracterízano como labradío de regadío de segunda calidade. Chámase tamén **O Campo da Eira** unha área de terras cultivadas ao noroeste do Tombiño no barrio das Barrocas; no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* vén cualificado como labradío de regadío e de secaño de primeira e de segunda calidade (➲ *Eira*).

O Campo da Fonte é unha zona de mato, terras de labor, prados e arboredo na Garrida, ao sur de Seoane, onda a estrada Gondomar-O Porriño. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* aparece caracterizado como labradío de regadío de segunda calidade. Tamén é coñecida como **O Campo da Fonte** (*Campo da Fonte-Silveira* no *Libro de afanegados*) unha área de cultivos no barrio das Barrocas, á beira da Veiga da Fonte, que nos séculos XVIII e XIX vén cualificada como labradío de secaño e de regadío de segunda calidade (➲ *Fonte*).

Repítese o nome de **O Campo da Porta** no barrio das Barrocas (ao norte da Cacheira) e no Freixo (á beira de Sueido). Ambos os lugares veñen rexistrados no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* como labradío de regadío de primeira e de segunda calidade. Coñécese tamén como **O Campo da Porta** unha zona do Carregal, na estrema coa parroquia de Matamá, polo nome das terras de labor inmediatas, pertencentes xa a esa parroquia (➲ *Porta*).

O Campo da Presa é unha área de terras de labor e de vivendas ao sur do núcleo do Carregal no barrio deste nome (➲ *Presa*).

O Campo da Torre é o nome de terreos agrícolas no barrio da Igrexa, na Barreira, ao leste do núcleo da Torre. Tamén se chama **O Campo da Torre** (alternando co plural *Os Campos da Torre*) unha área de terras de labor, prado e mato en San Xoán, no Freixo, á beira do Campo Grande e do Campo do Carreiro. Repítese **O Campo da Torre** no extremo sur da parroquia, na Garrida, como nome dunha pequena zona de prados

onda o río de Zamáns, preto da rotonda alternativa do polígono da Pasaxe (➲ *Torre*).

O Campo das Canas é unha zona de mato e de terras de labor no barrio do Freixo, ao sueste de Sueido, que recibiría o seu nome por referencia á presenza de matos de canas no lugar (➲ *Cana*). Os topónimos relacionados coa cana común adoitan multiplicarse nas zonas produtoras de viño, dado o uso tradicional das canas na viticultura.

O Campo das Cans, no Freixo, toma o seu nome do nome xenérico da zona, coñecida como *As Cans* (➲).

O Campo das Pedras é o nome duns prados en terras de labor no Freixo, ao leste do Campo da Torre, ao norte do núcleo da Eira. No Catastro de Ensenada aparece como *Campo das Pedras*, *Campo da Eira das Pedras*, *Campo da Ayra de Pedra*, *Campo de Pedra de Ayra* e outras variantes, cualificado como regadío e secaño de primeira e de segunda calidade.

O Campo de Aceiteiros é denominación alternativa da zona chamada tamén simplemente **Aceiteiros** (➲).

O Campo de Figueiras e mais **O Campo da Figueira** son denominacións alternativas no Catastro de Ensenada para a área do Freixo máis coñecida como *A Figueira* (➲), próxima ao Campo Longo e ao Campo Grande.

O Campo do Abade (➲ *Abade*).

O Campo do Carreiro é unha zona de cultivos en San Xoán, no barrio do Freixo, á beira do Campo Grande. No *Libro de afanegados*, onde se cualifica este campo como terras de labradío de secaño de terceira, aparece como *Campo do Carreiro* e tamén como «Campo do Carreiro o Campo Grande» (➲ *Carreiro*).

O Campo do Muíño é o nome dunha área de terras cultivadas e de mato na estrema meridional da parroquia no barrio da Garrida, ao sur de Seoane, onda a estrada Gondomar-O Porriño e próxima ao encoro de Zamáns. No *Libro de afanegados* caracterízase como labradío de regadío de segunda e de terceira calidade. Debe o seu nome á proximidade do muíño de Seoane (➲ *Muíño*).

O Campo do Rego é unha área con vivendas e campos de labor preto do Campo Longo, no barrio do Freixo. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* cualifícase como labradío de regadío de segunda e de terceira calidade. O **Campo do Rego** é tamén unha pequena área de mato e de prados na Garrida, onda a estrada Gondomar-O Porriño, á beira do Campo do Río (➲ *Rego*).

O Campo do Río, ou tamén en plural, **Os Campos do Río**, é o nome dunha zona de cultivos e de arboredo na Garrida, ao sur de Seoane, na marxe dereita do río de Zamáns preto do encoro, onda a estrada Gondomar-O Porriño, na estrema meridional da parroquia. No *Libro de afanegados* vén caracterizado como arboredo e como labradío de regadío de segunda calidade. No Catastro de Ensenada tamén se menciona outro *Campo do Río* ou *Campo do Río das Cortes* no barrio do Portal.

Os **Campos de Babio** é unha área de prados, mato e arboredo no barrio do Portal, ao oeste do parque tecnolóxico. *Babio* (➲) é o nome dun dos núcleos da veciña parroquia de Beade.

Os **Campos de Bautista** é unha zona de prados e de mato ao sur dos Bértolos, nas Barrocas. O segundo elemento do composto é o nome persoal masculino *Bautista*, probablemente un antigo propietario. É un antropónimo vinculado a San Xoán Bautista, quen bautizou a Cristo.

O derivado diminutivo co sufixo *-iño*, *Campiño*, está presente nos seguintes topónimos:

Os Campiños é o nome dunha zona de terras de labor e de vivendas ao oeste do Portal e da Fonte da Vila, no barrio do Portal, detrás das vivendas que asoman á vía pública chamada estrada do Portal. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* rexístrase en singular, *Campiño*, cualificado como labradío de regadío de segunda e de terceira calidade. Estes rexistros coa forma en singular permiten identificalo como o que aparece mencionado co mesmo nome de *Campo de Campiño* a finais do século XVI no preito do lugar do Portal.

Os Campiños (*Campiños-Monte* no mapa do centro veciñal) é o nome dunha zona de monte e de arboredo do barrio do Freixo, próxima ao Zondal, cara ao sur. É posiblemente o que aparece en singular en varios rexistros do Catastro de Ensenada: «monte de primera calidad al sitio de Campiño».

Reciben tamén o mesmo nome de **Os Campiños** outras tres zonas de terras de labor no barrio da Garrida, rotulados como «Campiños 1», «Campiños 2» e «Campiños 3» no mapa do centro veciñal; o primeiro e o terceiro, ao oeste do camiño do Pinal e na confluencia deste coa estrada da Gándara, respectivamente; o segundo máis ao sur, nomea uns terreos lindantes coa zona chamada As Maquías. É posible que *Campiño* fose a denominación orixinaria de toda esa área de cultivos a ambos os lados da estrada de Valadares ao suroeste da estrada da Gándara. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* aparece

maioritariamente en singular, *Campiño*, cualificado como labradío de regadío de segunda e de terceira calidades.

O Campiño das Cans é unha área de monte e de prados entre Os Mancales e O Groño, no barrio da Garrida. Identificámolo co que aparece no Catastro de Ensenada como *Campiño de Cans* e no *Libro de afanegados* como *Campiño-Cans*, cualificado como prados, mato e piñeiral de primeira calidade.

Un derivado de *campo* é *escampar*, verbo formado mediante o prefixo *es-* (< latín EX-), do mesmo xeito ca *espedrigar* ou *esbreñar* (➲ *Pedra*, ➲ *Breña*), que se aplicaría a áreas que a man humana achanzou e limpou de obstáculos ou de vexetación. Esa foi sen dúbida a motivación da área de Alba de Arriba denominada **O Escampado**. O Nomenclátor recolle tres entidades de poboación galegas con ese nome, as tres na provincia de Pontevedra. En Galicia Nomeada recóllense máis de oitenta topónimos *O Escampado* ou *O Escampadiño*.

Can, A Costa do ➲ Costa do Can

Cans ➲ Cal, Cales, Cans

Cans, Fonte das ➲ Fonte das Cans

▶ Cana

— **Fonte das Canas** (O Freixo)
— **A Horta das Canas** (O Freixo)
— **O Campo das Canas** (O Freixo)

A cana común (*Arundo donax*) é unha especie vexetal relativamente abundante, empregada para diferentes usos (varas para cultivos, especialmente das viñas, sebes que defenden do vento, canizos para secar as castañas ou outros produtos etc.). *Cana* é o resultado galego do latín CANNAM. Na forma simple ou nos derivados (*Caneiro, Canido* e *Canedo*, *Canizo* ➲, *Canaval* ➲ etc.) a referencia á cana común ten moita presenza na toponimia galega, con frecuencia asociada ás áreas produtoras de viño, dado o seu emprego tradicional na viticultura. Na parroquia de Valadares temos o substantivo simple na **Fonte das Canas** e na **Horta das Canas**, nome dunhas terras de labor no Freixo próximas á Igrexa,

ao norte do Campo da Eira e mais nun **Campo das Canas** (➲), tamén no Freixo.

▶ Canaval

— **O Canaval-Alto do Canaval** (As Barrocas)
— **O Canaval** (O Freixo)

O nome galego *canaval*, como o portugués *canavial*, considéranse derivados mediante o sufixo colectivo *-al* (do latín -ALE) a partir de **canavea* (do latín CANNA AVENA) e designan lugares poboados de canas (➲ *Cana*). No territorio de Valadares temos este substantivo en dous topónimos. Un deles é **O Canaval** ou o **Alto do Canaval**, unha extensa área de monte e de arboredo ao suroeste do monte Cepudo, na zona da Lapela e do Estripeiro. Outro, **O Canaval**, unha pequena área de terras de labor e de arboredo en San Xoán, no barrio do Freixo, á beira das chamadas A Andresa e O Campo de Abaixo. No *Libro de afanegados*, o primeiro aparece cualificado como monte, toxal e devesa; o segundo, como terras de labor de regadío e de secaño.

▶ Cancela

— **Cancela / Cancelas** (As Barrocas)

O nome *cancela* (do latín CANCELLAM) vén definido nos dicionarios como 'porta formada por táboas ou paus separados entre si e unidos aos traveseiros, que pecha o paso a unha propiedade'. Na toponimia de Valadares está presente en **Cancela** ou **Cancelas**, nome duns prados e terras de labor ao sur do núcleo do Castro, no barrio das Barrocas. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* rexístrase indistintamente en singular e en plural (*Cancela*, *Cancelas*) e vén cualificado como labradío de secaño e de regadío de segunda e de terceira calidades.

▶ Candea

— **As Candeas / A Candea** (As Barrocas)
— **Fonte da Candea / Fonte da Candea da Igrexa** (As Barrocas)

Aínda que os dicionarios tamén recollen para o substantivo galego *candea* outras acepcións secundarias (por exemplo, 'flor do castiñeiro

e doutras árbores semellantes'), no seu uso máis común, o nome de *candea* (< latín CANDELAM) aplícase ao 'obxecto de cera en forma de cilindro longo, que leva unha torcida no seu interior e serve para alumar' (DRAG), correspondente ao castelán *candela* ou *vela*. A presenza deste nome na toponimia agrícola adoita vir motivado por doazóns ou por cargas fiscais destinadas á iluminación dunha igrexa. Nun dos documentos do preito contra os Sarmiento de Valadares, do ano 1597, mencionase unha «heredad da candea de santa Xtina» para referirse a unha propiedade agrícola que destinaba o seu produto anual á iluminación da igrexa parroquial de Santa Cristina de Lavadores.

As Candeas é o nome dunha área de arboredo, prados e terras de labor no barrio das Barrocas, ao leste do Campo da Viña e ao sur de Mandín. No Catastro de Ensenada as terras deste nome (labradío de secaño de segunda «al sitio de Candeas») eran propiedade de Jacinto Alonso, veciño da Portela de Alba de Arriba, e pagábanlle anualmente tres oitavos de ferrado de trigo á igrexa parroquial, o que parece confirmar que o topónimo veu motivado por esa renda destinada á cera da iluminación da igrexa. No *Libro de afanegados* rexístrase nalgunha ocasión como *Candea de la Iglesia*, e dela toma o seu nome a **Fonte da Candea da Igrexa** (As Barrocas).

▶ Cando

— **Candosa** (O Portal)

Os dicionarios definen *cando* como 'pau pequeno e delgado, que se usa sobre todo para prender lume' (DRAG, s. v. carabullo). Este substantivo *cando*, coma o leonés *cándanu*, é un termo propio do noroeste hispánico que se rexistra como CANDANUM no latín medieval e posiblemente ten orixe prerromana, aínda que tamén garda parentesco etimolóxico co verbo latino *candere* 'arder'. Na toponimia, os distintos *Candoso*, *Candedo*, *Candeira* designaron en orixe lugares onde se apañaba material para prender lume.

Candosa é o nome dunha zona de vivendas, terras de labor e arboredo no barrio do Portal, na zona do Foxo, ao oeste do parque tecnolóxico e loxístico. No Catastro de Ensenada as terras rexistradas «al sitio de Candosa» son cualificadas como devesa de primeira e de segunda e como regadío de primeira, segunda e terceira. Recibe a mesma cua-

lificación no *Libro de afanegados*, onde ás veces se rexistra con grafía ceceante, *Candoza*.

▶ Canizo

— **O Canizo** (O Carregal)
— **Lavadouro do Canizo** (O Carregal)
— **Rego dos Canizos** (A Garrida)

Canizo (do latín CANNITIUM, un derivado de *canna* 'cana') é o nome común do hórreo en diferentes áreas de Galicia. En Valadares o nome tradicional dos hórreos era maioritariamente *cabana*, mais tamén ten uso *canizo*, habitual noutras parroquias da zona e no veciño Val de Miñor. Os topónimos en que está presente este termo, se non veñen motivados por unha desas construcións, tamén puideron designar en orixe unha matogueira de canas nas marxes dun campo.

O Canizo é como se coñece unha zona do barrio do Carregal, constituída por vivendas, terras de labor e mato, que tamén nomea o **Lavadouro do Canizo**. Non debe de ser un topónimo antigo, pois non se rexistra no Catastro de Ensenada. Ao sur de Seoane, unha área de arboredo onda a estrada Gondomar-O Porriño, na estrema con Zamáns, recibe o nome de **Rego dos Canizos** (➲).

▶ Cano

— **O Cano** (As Barrocas)

O nome común *cano* (lat CANNU) designa unha condución artificial, sexa un tubo cilíndrico, sexa un leito estreito e pouco profundo, para que corra por el a auga ou outro líquido. **O Cano** é o nome dunha área de terras de labor e de mato no barrio das Barrocas, ao sur da Silveira, ao norte da Lagoa da Cacheira. Debe de corresponder ao que aparece no *Libro de afanegados* como *Campo do Cano*, caracterizado como labradío de regadío de segunda calidade.

▶ Cañoto, Cañota

— **A Coutada do Cañoto** (A Sobreira)
— **Camiño dos Cañotais** (O Carregal)
— **Os Cañotais** (O Carregal)

— **A Cañoteira** (As Barrocas)

O substantivo común *cañota* ten, entre outras acepcións, a de 'raíz ou cepo que queda dunha árbore caída ou cortada', e polo regular ese é o significado que motiva os topónimos en que está presente. O masculino *cañoto*, ademais do significado de 'pau seco, pau, garabullo' tamén ten uso como adxectivo aplicado a persoas, *cañoto* 'zurdo, esquerdeiro', coma no portugués *canhoto*, polo que no nome dunha área de monte e de arboredo do barrio da Sobreira chamada **A Coutada do Cañoto** poderiamos estar ante un sobrenome de propietario. No *Libro de afanegados* rexístrase como *Cañoto* e cualifícase como toxal de segunda e labradío de regadío de terceira.

Un plural do derivado de *cañota* co sufixo colectivo *-al*, *cañotal*, está presente no nome do camiño que aparece na rotulación viaria municipal como **Camiño dos Cañotais**, que nomea tamén unha área de vivendas, terras de labor, mato e prados chamada **Os Cañotais**, no barrio do Carregal, ao oeste do Hospital Álvaro Cunqueiro. É propiamente un topónimo da veciña parroquia de Beade. A propia morfoloxía do plural en *-ais* , propia do galego estándar, delátao como formación recente, pois coa solución tradicional da fala local esperariamos *Cañotás*, coma en *Currás*, plural de *curral*. Na documentación histórica rexistramos un individuo chamado *Domingo de Cañotaes* no ano 1345 (TMILG), mais non garda relación con Valadares. Outro derivado, **A Cañoteira**, que denomina unha zona de vivendas e de terras de labor nas Barrocas, ao sur da Chan do Lugar, probablemente debeu o seu nome á presenza de *cañotas* ou cepos de árbores no lugar.

▶ Canteira

— **Canteira de Cubiles / Coviles** (O Freixo)

— **Canteira de Fontefría** (A Sobreira)

Canteira é termo común en galego para designar unha explotación de onde se extrae pedra. É derivado de *canto* 'pedra'; este *canto* é palabra hispánica de orixe prerromana, posiblemente céltica. No Catastro de Ensenada rexistrábase na parroquia un único veciño co oficio de pedreiro. Descoñecemos o significado do segundo elemento (*Coviles* ou *Cubiles*) do nome dunha canteira que rexistran algunhas fontes como **A Canteira de Cubiles**. Pode ser un topónimo relativamente recente. Na

década de 1970 falábase na prensa do proxecto de construción dun novo vertedoiro municipal de lixo en Vigo «en la zona de Coviles-Zondal» (*El Pueblo Gallego*, 24/02/1978). É verosímil que se trate do nome da empresa explotadora da canteira, pois «Coviles, Construcciones Civiles S. A.» era por aqueles anos o nome da compañía de construción que realizou importantes obras públicas en Vigo, como a estación marítima e parte dos peiraos do porto ou o sanatorio do Rebullón…, que quizais están construídas con pedra das ladeiras do Cepudo. **A Canteira de Fontefría** recibe o seu nome pola proximidade ao marco de Fontefría, onde estreman as parroquias de Beade, Zamáns e Valadares.

▶ Cantón

— **O Cantón do Foxo** (O Portal)
— **O Cantón de Vilariño** (A Garrida)

Cantón é un derivado de *canto* 'esquina, recanto, recuncho', outro termo de probable orixe céltica, pero distinto do *canto* 'pedra' do apartado anterior. Na toponimia de Valadares está presente no nome das áreas chamadas **O Cantón do Foxo**, ao noroeste do parque tecnolóxico e loxístico, onda unha rotonda da avenida de Clara Campoamor, e **O Cantón de Vilariño** (Vilariño-Cantón no mapa do centro veciñal) na Garrida, no suroeste da parroquia, ao norte da Regamán. En ambos os casos designa zonas inmediatas aos lindeiros da parroquia e do antigo couto, o primeiro na estrema coa parroquia de Beade, o segundo coa de Vincios, polo que deducimos que é esa situación a que motivou o topónimo *cantón*. No *Libro de afanegados* menciónase un *Cantón de Fontefría* (Fontefría-Cantón) que non sabemos se se refire ao *Cantón do Foxo* ou é un terceiro topónimo na área de Fontefría, onde estrema Valadares con Beade e Zamáns.

▶ Capela

— **A Capela (de San Xoán do Freixo)** (O Freixo)

O substantivo común *capela* contén un dimunivo de *capa*, a peza de roupa de abrigo, porque se lle deu ese nome en orixe a un oratorio dedicado a custodiar a reliquia da capa de San Martiño, e de aí pasou a designar calquera oratorio ou ermida de pequeno tamaño. A **Capela de San Xoán do Freixo** é unha pequena construción na estrema da

parroquia coa de Comesaña. A obra orixinaria disque é medieval; hai noticias dela no século XVII onde se di que o seu estado é ruinoso. No Catastro de Ensenada non se menciona, quizais porque estaba daquela arruinada, pero restaurouse no mesmo século XVIII. No século XIX foi obxecto de disputas entre a parroquia de Valadares e a de Comesaña. No *Libro de afanegados* menciónanse en San Xoán propiedades baixo o nome de *Capilla* cualificadas como labradío de secaño.

Certa lenda local asegura que a figura do santo venerada na capela procede de Seoane. Non é inverosímil que en *Seoane* (➲), dado o nome, houbese unha primitiva capela dedicada a San Xoán e que nalgún momento da Idade Media se trasladase o seu culto ao outro extremo da parroquia.

▶ Calabanda / Carabanda

— **Calabanda / Carabanda** (A Igrexa)

Na documentación histórica de Valadares rexístrase un topónimo **Calabanda** ou **Carabanda** entre as propiedades de veciños residentes na Rabadeira, que nomea terras cualificadas como tomada de segunda calidade (1877). Non puidemos localizalo con exactitude hoxe. Interpretamos que contén unha alteración de *Aquela Banda* (➲ *Bandeira*). O nome viría motivado pola situación do outro lado dalgún accidente orográfico ou dun curso de auga, igual ca noutros topónimos como *Alén* ➲ ou *Lugar de Alá* ➲.

▶ Caravel / Carabel

— **O Caravel / O Carabel** (O Freixo, As Barrocas)
— **A Coutada do Caravel** (A Garrida)

O Carabel ou **O Caravel** é unha zona de monte ao suroeste do Río Seco, ao leste do Zondal. No *Libro de afanegados* consta como «Carabel-Río Seco; tomada de terceira». A **Coutada do Carabel** é tamén unha área de monte na estrema da Garrida con Vincios, ao sur do monte chamado Os Foxos de Vincios, ao noroeste do polígono da Pasaxe; no mesmo *Libro de afanegados* rexístrase como tomada de segunda calidade. Non podemos saber se estes dous topónimos conteñen o substantivo na acepción de *carabel* 'carabelo, pequeno cesto con asa' ou na de *caravel* 'certa flor'. Se é esta última, a súa presenza neses nomes

podería explicarse tamén por un alcume ou sobrenome de propietario; se é *carabel*, o cesto, podería ser unha metáfora relativa á orografía cóncava do lugar, como adoita suceder cos nomes de recipientes aplicados á toponimia.

▶ Caracol

— **A Caracola** (A Garrida)

Coñécese como **A Caracola** unha área de prados e de mato no barrio da Garrida, ao norte da Madorra de Quintas. Coma outros casos semellantes (*O Caracolo* e *A Illa do Caracolo*, na parroquia de Sárdoma), os topónimos que conteñen o substantivo *caracol* ou formas emparentadas adoitan vir motivados por algunha realidade física (a orografía, unha formación pétrea, o curso dun camiño…) que lembra un caracol pola súa forma circular ou helicoidal, mais non podemos descartar que respondan a un sobrenome de persoa, coma outros nomes de animais. *Caracol* é unha palabra de orixe incerta, talvez prerromana, presente nas linguas romances da península ibérica e no occitano.

▶ Caramanchel, Caramancho

— **O Caramanchel** (O Portal)
— **Camiño do Caramanchel** (O Portal)
— **Muíño do Caramanchel** (O Portal)
— **O Caramancho** (O Carregal)


PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Relacion de las fincas que José Iglesias Costas
tro del término de la parroquia de Valladares, segun

Calidad de las fincas.	Clase de las mismas.	Nombres de idem.	Superficie en varas.	
Pelero	S.?	Carabuncho	63.	N. Antes Vila S.
Labr.? Sec	S.? M.	D.	29.	N. Ze.

Caramancho e *caramanchel* son termos comúns ao galego, ao portugués e ao castelán que designan unha estrutura que serve de cuberto, alpendre, alboio ou caseto para gardar apeiros e ferramentas ou outros usos. Considérase que estes nomes (igual ca outros derivados como *Caramanchón* ou *Caramuxo*, este *último* sen relación co nome do molusco) pertencen á familia léxica do latín CÁMARA 'bóveda, cuarto'. No *Quixote* (I, XVI) lese nun contexto que informa do significado: «Hicieron una muy mala cama a don Quijote en un *caramanchón* que, en otros tiempos, daba manifiestos indicios que había servido de pajar muchos años».

Na toponimia de Valadares ten presenza no nome da zona denominada **O Caramancho**, no Carregal, que no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* aparece caracterizado como toxal, devesa, piñeiral e labradío de secaño e de regadío de segunda e de terceira calidades. O derivado cun sufixo en *-el* podería ser un mozarabismo chegado desde o sur da península, talvez a través do portugués, onde *caramanchel* é un termo usual que os dicionarios definen como 'espécie de pavilhão revestido de vegetação, construído em parques ou jardins' (*Dicionário Priberam*). Está presente nos nomes dunhas terras de labor (labradío de regadío de segunda calidade, segundo o *Libro de afanegados*) no barrio do Portal, onde tamén denomina o **Camiño do Caramanchel**. No Catastro de Ensenada rexístrase tamén un **Muíño do Caramanchel** entre os muíños da parroquia «al sitio de Caramanchel; es de una rueda, muele con agua corriente todo el año». Ten a mesma orixe o nome da localidade de *Carabanchel* en Madrid. Nas fontes escritas, o nome do Caramancho en Valadares aparece ocasionalmente coa mesma alteración da consoante (*Carabancho*), coma na imaxe, correspondente ao *Libro de afanegados*.

▶ Caraña

— **Caraña** (As Barrocas)

Caraña é o nome dunha área de terras de cultivo á beira de Paredes, nas Barrocas. No *Libro de afanegados* vén cualificada como labradío de secaño de segunda. É topónimo idéntico ao das localidades chamadas *Caraña de Arriba* e *Caraña de Abaixo* no concello coruñés de Betanzos. Hai tamén o correspondente masculino *Caraño* como nome dunha parroquia en Pol, Lugo. Semellan topónimos prerromanos, posiblemente formados sobre unha raíz **car-* que significaría 'pedra'.

▶ Carballo

— **Rega dos Carballos** (As Barrocas)
— **Carballiños** (As Barrocas)
— **Carballa Seca** (A Sobreira)
— **O Carballal** (A Sobreira)
— **Carballases** (A Sobreira)
— **Rúa de Carballases** (A Sobreira)
— **A Carballeira** (O Freixo, O Portal)

Carballo é o nome común con que se designa en galego a árbore *Quercus robur*. É unha palabra de orixe prerromana. Os carballos son probablemente a especie máis característica da paisaxe forestal galega tradicional, de aí a súa enorme presenza na toponimia. O Nomenclátor de Galicia recolle preto de duascentas localidades chamadas *Carballo*, *Carballal*, *Carballeira*, *Carballedo* etc., e na microtoponimia cóntanse por miles.

A forma simple *carballo* está presente en plural no nome da área coñecida como **Rega dos Carballos** (➲ *Rega*), no barrio das Barrocas. Unha zona de monte ao oeste do Zondal, na estrema occidental da parroquia, ten por nome o diminutivo plural **Carballiños**; no *Libro de afanegados* as propiedades deste nome veñen cualificadas como toxal e mato.

O feminino *carballa* adoita designar exemplares grandes de carballo. Unha desas árbores, xa seca, debeu permanecer na paisaxe o tempo suficiente como para suscitar o topónimo **Carballa Seca**, nome dunha área de prados e de campos de cultivo ao suroeste da Sobreira. Nun libro de apeos do ano 1591 de San Domingos de Pontevedra, un veciño de Matamá ten aforadas diferentes propiedades deste convento en Fragoso, entre elas en Valadares «un campo que se dize e nonbra da carballa seca que está çercado y çircundado sobre si que llieva de sembradura un buzio de pan». No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* definen as propiedades que levan ese nome como prados e labradío de regadío de segunda e de terceira calidade.

O derivado colectivo **O Carballal** nomea unha zona de terras de labor, mato e arboredo na Sobreira, ao norte dos Fabás. Quizais é a propiedade que aparece no mencionado libro de apeos de 1591 do convento de San Domingos de Pontevedra como «heredad do Carballal».

Un plural de *carballal*, na solución local *Carballás*, formou un novo plural **Carballases**, nome dunha área maioritariamente ocupada na actualidade polo parque tecnolóxico e loxístico. *Carballases* é unha forma con dobre morfema de plural, como *cafeses* por *cafés*. Rexístrase con ese nome no *Libro de afanegados*, que tamén recolle *Mato da Porta-Carballases* e *Carballases-Mato da Renta*. No Catastro de Ensenada, a forma habitual era o singular *Carballal*: *Carballal de Moo*, *Carballal de Mourella*. Nunha das rúas do parque tecnolóxico preservouse este topónimo tradicional, mais por erro figura no rótulo como *Rúa de Carballeses* en lugar de **Rúa de Carballases**.

É moi común tamén na toponimia o derivado co sufixo *-eira*, correspondente ao nome común (*carballeira*) que designa un arboredo de carballos. Está presente no nome dunha área de monte (mato e arboredo) chamada **A Carballeira**, próxima á vía VG-20, nos barrios do Freixo e do Portal, á beira dos Martices. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* (onde tamén se rexistra como *Carballeira-Martices*), as propiedades que reciben ese nome veñen cualificadas como labradío de regadío de terceira calidade e como devesa, piñeiral e monte de segunda.

▶ Cardo

— **Cardoso / Cardosos** (O Portal)
— **Cardoso / Cardosos** (As Barrocas)

Cardo, do latín CARDUM, é o nome común de diversas especies de plantas, polo regular espiñentas e con flores. Está presente este termo na toponimia de Valadares mediante derivados adxectivos formados co sufixo *-oso*, que en orixe designaron lugares abundantes nesa clase de vexetación.

Co nome de **Cardoso** (e tamén o plural **Cardosos**) é coñecida unha área de arboredo e de mato, hoxe tamén con vivendas, ao nordeste do barrio do Portal, ao sueste dos Teixugos. No Catastro de Ensenada cualifícase de devesa e de monte de primeira e de segunda calidade. En 1877 rexístrase como *Cardoso-Teixugos*.

Tamén alterna o singular **Cardoso** co plural **Cardosos** (*Os Cardosos* en Galicia Nomeada) para o nome dunha área de terras de labor e de mato ao oeste de Paredes, no barrio das Barrocas. No *Libro de afanegados* aparece como *Cardoso*, prado e viña ou labradío de regadío de segunda.

No Catastro de Ensenada, entre as propiedades do rei na parroquia de Valadares consta «un vivero en el sitio de Cardosa [sic]».

Caride ➲ Fonte do Caride

▶ Carrapata, Carrapeto

— **A Carrapata** (A Sobreira)
— **O Carrapatelo / O Carrapateiro** (O Freixo)

Carrapata en galego e en portugués, *garrapata* en castelán, son nomes de orixe prerromana que designan un pequeno arácnido que parasita os animais, tamén chamado en galego *carracha*. O seu uso na toponimia pode vir motivado pola presenza ou pola abundancia destes arácnidos nun lugar, mais tamén puido aplicarse con uso metafórico para referirse a unha propiedade moi pequena ou pouco produtiva. Os derivados de *carrapata* pódense confundir cos formados a partir do adxectivo *carrapeto*, *carrapeta*, tamén de probable orixe prerromana, que aplicado a seres vivos, animais ou vexetais, designa o 'que non acadou o tamaño, a altura ou o desenvolvemento considerados normais', segundo o dicionario da DRAG, e que na toponimia adoita referirse a lugares de vexetación pobre ou pouco desenvolvida.

A Carrapata designa unha área de cultivos e de vivendas ao norte do Souto da Sobreira. Nun derivado **O Carrapatelo**, nome doutra zona de terras de labor e de vivendas ao noroeste do monte Alba, que nalgunhas fontes se rexistra como **O Carrapateiro**, poderiamos estar ante un diminutivo do adxectivo *carrapeto*, aplicado en orixe quizais a unha árbore ou á vexetación («vexetación *gateña* ou *carrapeta*»: a que pola pobreza do solo non se desenvolve normalmente). Un sitio de Valadares no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* recibe o nome de *Gatiñeira*, quizais relacionado co adxectivo *gateño*, do mesmo significado.

▶ Carregal

— **O Carregal** (O Carregal)
— **Muíño do Carregal** (O Carregal)
— **O Cocho do Carregal** (O Carregal)

O substantivo *carrizo* (do latín CARICIUM) denomina varias especies de plantas gramíneas ou herbáceas propias de lugares húmidos. Un derivado colectivo de *carrizo* co sufixo correspondente ao latín –ALE é *carregal* (< latín CARICALE). É un topónimo relativamente frecuente; o Nomenclátor recolle máis dunha ducia de localidades chamadas *O Carregal* nas catro provincias galegas (dúas en Vigo, en Alcabre e en Valadares), ademais doutros derivados como *Carragoso* ou *Carracedo*.

O Carregal é denominación dun dos barrios da parroquia de Valadares. Del toman o seu nome **O Cocho do Carregal** e mais o **Muíño do Carregal**. Este último rexístrase no Catastro de Ensenada: «molino de una rueda al sitio de Carregal». Nese catastro e no *Libro de afanegados* constan outras partes da mesma zona baixo os nomes de *Carregal de Carballal*, *Carregal de Leiras*, *Carregal de Viña*, *Lagoa-Carregal* e *Cavada-Carregal*.

▶ Carreira, Carreiro

— **Fonte Carreira** (As Barrocas)
— **O Campo do Carreiro** (O Freixo, As Barrocas)
— **A do Carreiro** (As Barrocas)

Carreiro, *carreira* son derivados de *carro*. Designaban en orixe un camiño ancho que permitise o paso dun carro, pois ten orixe nunha expresión latina (VIAM) CARRARIAM > *carreira* 'camiño para carros'. Co paso do tempo mantivo ese significado o feminino *carreira*, en tanto que o masculino *carreiro* pasou a designar calquera camiño estreito.

Fonte Carreira é unha zona de mato e de arboredo ao norte da Garoula, nas Barrocas. No *Libro de afanegados* as propiedades situadas nela cualíficanse como tomadas de piñeiral e de castañal. Non podemos saber se foi en orixe *Fonte* (*da*) *Carreira* e perdeu a preposición ou se *Carreira* naceu xa como adxectivo.

O **Campo do Carreiro** é o nome dunha zona de mato e de terras de labor próxima á Portela de Alba. O *Libro de afanegados* cualifícao como labradío de secaño de segunda e de terceira calidade e tamén como monte e toxal. A forma **A do Carreiro**, que se rexistra noutras fontes, responde a unha estrutura propia dos topónimos de propietario (A de + nome persoal), polo que cabe tamén a posibilidade de que en orixe *O Carreiro* nese caso non se referise a un camiño e fose un alcume ou un sobrenome.

▶ Carrexón

— **Os Carrexóns** (A Garrida)

Na cartografía de Galicia Nomeada recóllese un topónimo **Os Carrexóns** no barrio da Garrida que non rexistramos noutras fontes. Semella o plural dun sobrenome *Carrexón*, probablemente relativo ao oficio de *carrexón* 'transportista (en carros do país) de pedra ou leña', que no pasado foi actividade común en Valadares e noutras parroquias de Fragoso. É un derivado do verbo *carrexar* 'transportar pesos', e este derivado de *carro*. Segundo vemos no Catastro de Ensenada, moitas rendas e foros da parroquia pagábanse en carros de leña ou de madeira.

▶ Carta, Carto

— **Regueiro das Cartas** (O Freixo)
— **O Carto do Viño** (Beade, propietarios de Valadares)

O numeral ordinal correspondente ao número catro é hoxe en galego *cuarto/cuarta*, mais tivo no pasado unha forma *carto/carta* que sobrevive por exemplo no nome popular do diñeiro (*os cartos*). Na toponimia, estes numerais ordinais poden referirse á renda que se pagaba polas propiedades, neste caso a cuarta parte da produción agrícola (cf. *As Terzas* ou *As Tercias* e topónimos semellantes). Non sabemos se é esta a motivación do nome do **Regueiro das Cartas**, en San Xoán, no barrio do Freixo, ou se realmente é un plural de *carta* 'papel' (do latín CHARTA), relativo a papeis oficiais ou sentenzas xudiciais, documentos ou instrumentos (➲ *Estramontada*), pois este *Regueiro das Cartas* sinala a estrema do territorio da parroquia coa de Santo André de Comesaña.

No *Libro de afanegados* rexístranse entre os veciños do barrio do Portal unhas propiedades chamadas **O Carto do Viño**, pertencentes realmente xa á parroquia de Beade. Neste caso interpretamos que deben o seu nome a que pagaban de renda a cuarta parte da súa produción anual de viño.

▶ Casa

— **A Casa Vella / As Casas Vellas** (O Freixo)
— **A Regueira da Casa** (O Freixo)
— **Detrás da Casa / Tras da Casa** (O Freixo)
— **A Casa do Cura / A do Cura** (As Barrocas)
— **A Casa da Patrona** (O Portal)
— **A Casa da Malla** (A Igrexa)
— **Casouteiro** (As Barrocas)
— **Camiño do Caseiro** (As Barrocas)

O substantivo común *casa* ('edificación que serve de vivenda', do latín vulgar CASAM) ten moita presenza na toponimia. No Catastro de Ensenada rexístrase na parroquia de Valadares unha zona de pastos e de piñeiral denominada **A Casa Vella** en San Xoán, no Freixo. O *Libro de afanegados* recólleo maioritariamente en plural, **As Casas Vellas** (caracterizado como pastos, tomada e piñeiral). Neste mesmo libro constan, tamén en San Xoán, os topónimos **A Regueira da Casa** (labradío de regadío pero tamén «mato y peñascos», «laguna e inculto») e **Detrás da Casa** ou **Tras da Casa** («mato, peñas»). Este último rexístrase tamén como *Campo de Tras la cassa* nos libros de apeos de 1646-1660 (*Segundos traslados*) de San Domingos de Pontevedra. Outros topónimos formados con *casa* son **A Casa da Patrona** (➲ *A Patrona*) no Portal e **A Casa da Malla** (➲ *A Malla*). Este último atéstase no Catastro de Ensenada caracterizado como labradío de secaño de segunda calidade. **A Casa do Cura** ou **A do Cura** é denominación común da vivenda reitoral, no barrio das Barrocas.

Casouteiro é o nome dun núcleo habitado nas Barrocas e das terras de labor circundantes, que no *Libro de afanegados* viñan cualificadas como labradío de regadío e de secaño de segunda e de terceira calidade. É un composto de *casa* e *outeiro* (➲), quizais unha alteración dun orixinario *Casa de Outeiro* ou *Casa do Outeiro*, mais tamén puido nacer xa como un composto coa forma apocopada *cas-*. No *Libro de afanegados* rexístrase en ocasións como *Cas-Outeiro*.

Un derivado de *casa* é *caseiro*; coa acepción de 'quen se ocupa dos bens e facendas dunha persoa que xeralmente non vive no campo' (DRAG) está presente no nome do **Camiño do Caseiro** (➲), nas Barrocas.

Caseiro ➲ Casa

Casouteiro ➲ Casa

▶ Castaña

— **Castiñeira** (O Freixo)
— **As Castiñeiras** (A Sobreira)
— **O Castañal** (A Garrida, A Sobreira)
— **Os Castiñeiros** (A Sobreira)

As castañas foron no pasado, antes da difusión das patacas chegadas de América, un elemento de importancia capital na alimentación tradicional. O seu nome procede do latín CASTANEAM; na toponimia son frecuentes o derivado colectivo *castañal*, que corresponde ao latín CASTANEALE, e os formados co sufixo *-eiro*, *-eira* (*castiñeiro*, nome da árbore; *castiñeira*, lugar poboado de castiñeiros). Os derivados regulares *castañeira, castañeiro* alteraron en /i/ a vogal pretónica por contacto coa consoante palatal.

Na toponimia de Valadares están presentes as referencias aos castiñeiros nos seguintes nomes:

Castiñeira é unha zona de mato e de prados á beira da Bouzacova, no barrio do Freixo.

As Castiñeiras (Galicia Nomeada), *Castiñeiras-Pinguela* no mapa do centro veciñal, é unha zona de terras de labor, arboredo e mato ao sur da Pinguela, no barrio das Barrocas. No Catastro de Ensenada aparecen tamén coas denominacións alternativas de *Castiñeiras de Portela de Alba* e *Castiñeiras de Alba*, e no *Libro de afanegados* como *Castiñeiras-Pinguela*. As propiedades situadas nela veñen cualificadas como devesa e como monte de primeira e de segunda calidade e de labradío de segunda.

Outro topónimo **As Castiñeiras** (*Castiñeiras-Sobreira* no mapa do centro veciñal) nomea unha zona de cultivos no barrio da Sobreira, á beira dos Fabás, na estrema da parroquia. É probablemente o que se rexistra nos libros de foros de San Domingos de Pontevedra (*Segundos traslados*, 1646) como *Campo das Castiñeiras*. No *Libro de afanegados*, a herdade denominada *As Castiñeiras* vén caracterizada como labradío e como viña de segunda calidade.

As fontes documentais recollen en Valadares outros topónimos **O Castañal** (na Garrida) e **Castañal-Costa** (na Sobreira) que non puidemos localizar con precisión na actualidade. Un pequeno souto inmediato ao Instituto da Sobreira e coñecido como **Os Castiñeiros**; debe de ser topónimo de creación recente, pois non se rexistra na documentación histórica.

▶ Castro

— **O Castro** (As Barrocas)
— **Castro das Barrocas** (As Barrocas)
— **Castros** (As Barrocas)
— **Os Castros** (A Sobreira)
— **A Devesa de Castros** (As Barrocas)

Castro (do latín CASTRUM) é un nome moi común na toponimia galega. Polo regular designa asentamentos de poboación prehistóricos, razón pola cal adoita considerarse un topónimo de interese arqueolóxico. En Galicia cóntanse por centos os lugares chamados *Castro* ou *O Castro*.

O Castro é o nome dun núcleo habitado e das terras de labor que o circundan no barrio das Barrocas, ao sur de Alba de Abaixo. Non lonxe, á beira da estrada do Souto, consérvanse restos arqueolóxicos no lugar denominado **O Castro das Barrocas**.

Os Castros é unha zona de monte e de arboredo na Sobreira, ao leste da estrada da Garrida. No *Libro de afanegados* consta como devesa de segunda e de terceira calidade. Algo máis ao norte, á beira da mesma estrada, repítese o topónimo **Os Castros**, no lugar que identificamos co que no mapa do centro veciñal se denomina *Castros-Mouteiras* e no Catastro de Ensenada *Castros de Arriba*.

Recibe tamén o nome de **Castros** unha zona das Barrocas, na aba do monte dos Pozos, próxima ao camiño da Pinguela, na estrema da parroquia coa de Chandebrito. O mesmo nome está presente tamén no topónimo **A Devesa de Castros**, unha pequena área de terras cultivadas e de arboredo ao sur dos Bértolos, nas Barrocas.

En Valadares, ademais do mencionado *Castro das Barrocas*, consérvanse outros restos arqueolóxicos catalogados como castros: o **Castro do Monte Alba**, ao pé da ermida, e o **Castro da Sobreira**, tamén chamado **Os Castros**, onda o camiño do Piñeiro, na Sobreira.

Na demarcación de Valadares no Catastro de Ensenada menciónase un *Castro de Brito*, onde se situaba un marco da estrema coa parroquia de Camos (pois daquela Chandebrito non era aínda parroquia e pertencía a Camos).

▶ Cavada

— **A Cavada** (O Carregal)
— **A Cavada da Costiña** (O Freixo)
— **A Cavada Vella** (A Garrida)
— **Cavadiña / As Cavadiñas** (O Freixo)
— **A Cavadiña** (A Sobreira)
— **A Cavadiña (do Cavadón)** (A Igrexa)
— **O Cavadón** (A Igrexa)

O substantivo *cavada,* en orixe o participio feminino do verbo *cavar* (do latín CAVARE), na toponimia designa, igual ca *cachada*, *tomada* ou *rozada*, terreos de monte que foron labrados para destinalos ao cultivo.

A Cavada é unha área de terras de labor e de vivendas no Carregal, ao suroeste do Canizo, non lonxe do Hospital Álvaro Cunqueiro. Rexístrase coa grafía *Cabada* no *Libro de afanegados* e cualifícase de labradío de secaño de segunda calidade.

A Cavada da Costiña é o nome dunha área de mato, prados e arboredo en San Xoán, no Freixo, na estrema da parroquia, ao sur do Regueiro de Cartas (➲ *Costiña*).

O *Libro de afanegados* rexistra na Garrida un topónimo **A Cavada Vella**, que designa terras de labradío de regadío de segunda; non puidemos localizalo na actualidade.

Un diminutivo **Cavadiña** denomina unha área de cultivos, vivendas e monte no Freixo, ao sur do lugar da Presa. Identificámola coa que se rexistra no Catastro de Ensenada como *A Cavadiña do Freixo* («Cabadiña de Freixo»), cualificada como toxal. Nalgunhas fontes aparece en plural (*Cabadiñas, tojar* en 1877, *As Cavadiñas* en Galicia Nomeada).

A Cavadiña é tamén unha área de terras de labor e de vivendas ao sur do Cavadón, no barrio da Igrexa. Tamén era coñecida como **A Cavadiña** unha área de prados e de arboredo na Sobreira, onda a estrema da parroquia, hoxe ocupada polo parque tecnolóxico. Consideramos

que un topónimo *Badiña* que recollen algunhas fontes é realmente unha deturpación de *A Cavadiña*.

O Cavadón é o nome dun núcleo habitado no barrio da Igrexa. Segundo vemos no Catastro de Ensenada, no século XVIII tiña polo menos oito edificacións destinadas a vivenda. Na relación de veciños de 1877 lemos: «Francisco Troncoso Vila, del lugar do Cabadón», «Luís Gonzalez del lugar del Cabadón» etc.

▶ Centeo

— **As Centeeiras** (As Barrocas)

O *centeo* (< latín CENTENUM), xunto co trigo e co paínzo ou millo miúdo, ademais do millo chegado de América, constituían os principais cereais cultivados tradicionalmente en Valadares. No Catastro de Ensenada infórmasenos das rotacións dos cultivos de cereais na parroquia: «cada medida de sembradura de regadío produze en el primer año trigo, y en los dos siguientes maiz en todas tres calidades // Ygual medida de sembradura de secano produze en el primer año trigo y en los dos siguientes maiz la de primera calidad, la de segunda centeno en el primer año y en los dos siguientes maiz, y la de tercera solo zenteno».

Un derivado de *centeo* é **As Centeeiras**, nome dunha zona de terras de labor e de vivendas nas Barrocas, ao leste das Cans. No Catastro de Ensenada rexístrase como *Centeeyra*, en singular, e vén cualificada como monte de primeira e de segunda calidade. No *Libro de afanegados* xa se recolle en plural: *Centeeiras*, *Centieiras*.

▶ Cepudo

— **O Cepudo / Monte Cepudo** (As Barrocas)
— **Parque Forestal Monte Alba-Cepudo** (As Barrocas)
— ***Área de Lecer do Monte Cepudo*** (As Barrocas)

O **Monte Cepudo**, ou simplemente **O Cepudo**, cos seus 527 metros sobre o nivel do mar é a máxima elevación da parroquia de Valadares. Forma parte do brazo máis setentrional da serra do Galiñeiro e érguese xunto co monte Alba nunha soa unidade orográfica con dous cumes, O Cepudo ao sur e ao norte o monte Alba, con 507 metros.

Cepudo é topónimo insólito na toponimia galega. O buscador Galicia Nomeada, que contén preto de medio millón de topónimos, só

recolle este *Cepudo* da parroquia viguesa de Valadares, aínda que non faltan exemplos de *Cepos*, *Cepeiros*, *Cepeda* e outros pertencentes á mesma familia léxica. Son derivados do substantivo común *cepo* (< latín CIPPUM), que na súa acepción máis habitual designa a 'parte do tronco dunha árbore que queda unida á terra despois de cortala' (DRAG). O feminino *cepa* ten significados parecidos, mais emprégase sobre todo co de 'pé de videira ou de viña'. Un adxectivo *cepudo* vén definido nos dicionarios como 'pesado e voluminoso coma un cepo', mais no seu emprego como topónimo parece máis verosimil que designase un lugar abundante en cepos ou cepas de árbores. Deforestar unha área para dedicala a cultivos (véxase *Cachada*, *Cavada*, *Rozada* etc.) adoitaba significar tamén *decepala*, isto é, retirar as raíces. No preito do lugar do Portal, en 1587, dise que «avían enaxenado, partido, hendido y cortado & decepado la dicha dehesa de dicho lugar».

O nome do *Monte Cepudo* non parece un topónimo antigo. No Catastro de Ensenada non recibe esa denominación senón a de ***O Outeiro do Gato***, que se inclúe entre os montes propiedade «del común de esta villa». O nome actual de *Cepudo* rexistrámolo por primeira vez no século XX. Temos constancia de que na década de 1940 aínda era coñecido polo nome tradicional ou o seu continuador ***Monte do Gato***. O itinerario do primeiro «Campeonato de Galicia de marcha por montaña», con saída e chegada en Vigo no ano 1942 era o seguinte: monte do Castro, Freixeiro, Castrelos, As Carneiras, Valadares, monte Alba, monte Gato, empalme de Vincios, monte Galiñeiro, San Colmado, Beade, Sárdoma e Vigo, segundo reproducen varios xornais (*El Pueblo Gallego*, 22/02/1942; *El Ideal Gallego*, 24/02/1942; *El Correo Gallego*, 25/02/1942). A primeira vez que rexistramos o nome de *Cepudo* é na cartografía militar de España de escala 1:50.000 datada en 1942, coincidente co mapa da mesma escala do Instituto Xeográfico Nacional publicada no ano 1943.

Debeu de ser a presenza dese nome nos mapas oficiais o que contribuíu a asentar esa denominación e a desterrar a tradicional de *Outeiro do Gato* ou *Monte do Gato*. En 1953, a prensa viguesa informa dun acordo entre o concello e o Ministerio de Agricultura, dentro dos plans de repoboación forestal, polo cal se van abrir varios camiños nos montes do termo municipal, entre eles, «el camino que parte desde la iglesia de Matamá en la parroquia de Comesaña, con una longitud de cuatro kilómetros; el que va desde la Garrida a los montes del Alba, Pela

[sic, por *Lapela*] y **Cepudo** en la parroquia de Valladares…» (*El Pueblo Gallego*, 27/08/1953). A apertura dese camiño favoreceu sen dúbida a consolidación do novo nome. En 1960, no alto do monte inaugúrase unha emisora do servizo contra incendios e a prensa dá a noticia do acto, con presenza de autoridades, no *Monte Cepudo* (*El Pueblo Gallego*, 7/08/1960), cada vez máis coñecido por ese nome. Mesmo entre as sociedades de «marcha en montaña», que adoitaban incluír o *Monte do Gato* nos seus itinerarios no Val de Fragoso, comezan a empregar nese tempo o novo nome. No mesmo ano 1960, a sociedade «Peña Trevinca, Montañeros de Galicia», realiza a XVII Marcha de Regularidad e publica o percorrido empregando as dúas denominacións: «desde Pereiró seguirán a Valladares para desde allí ascender a la primera cota del día **en el Cepudo, conocido también por el Gato**, magnifica atalaya sobre la ría de Vigo» (*El Pueblo Gallego*, 30/04/1960).

Coma outros topónimos situados en lugares elevados que serven de atalaia e que tamén conteñen o nome deste animal, é probable que houbese algún tipo de interferencia entre a familia léxica de gato (latín CATTUM) e a de *catar* (latín CAPTARE) 'divisar ao lonxe', aínda que tamén é verosímil que se refira ao animal, ben sexa o gato doméstico, ben sexa o gato bravo ou gato montés, especie extinguida hoxe na fauna local.

▶ Cerdeira

— **As Cerdeiras** (A Sobreira)
— **Cerdeiras** (A Garrida, As Barrocas)

Cerdeira (do latín CERESARIAM) é o nome común galego para designar a árbore que dá as cereixas. Na fala da zona convive cun sinónimo *cereixeira*. *Cerdeira* debeu ser a denominación orixinaria e *cereixeira* é posterior, nacida como derivado do nome da froita, *cereixa* (do latín CERASIAM). En documentos do século XVII relativos a foros de San Domingos de Pontevedra na parroquia de Valadares, menciónase un *Campo da Cereixeira*, que hoxe non puidemos localizar, entre as propiedades lindeiras dun *Campo de Trala Casa* no Freixo (*Segundos traslados*, 1646).

As Cerdeiras é o nome dunha área de prados, terras de labor e mato no barrio da Sobreira, na actualidade soterrada polo parque tecnolóxico e loxístico; no *Libro de afanegados* cualifícase de labradío de regadío de segunda. Chámase tamén **Cerdeiras** unha área entre A Garrida

e As Barrocas, á beira de Mandín, que en 1877 se rexistra tamén como *Mandín-Cerdeira* ou *Cerdeiras-Mandín*.

▶ Chan

— **A Chan** (O Freixo)
— **A Chan** (As Barrocas)
— **A Chan da Eira** (A Garrida)
— **A Chan da Gándara** (A Garrida)
— **A Chan da Gaspara** (O Freixo)
— **A Chan da Regamán** (As Barrocas)
— **A Chan da Seca** (A Sobreira)
— **A Chan da Eiriña** (O Freixo)
— **A Chan de Seoane** (A Garrida)
— **A Chan do Cacheiro** (A Garrida)
— **A Chan do Cagalleiro** (As Barrocas)
— **A Chan do Carballo** (A Garrida)
— **A Chan do Cruceiro** (As Barrocas)
— **A Chan do Cruceiro** (A Garrida)
— **A Chan do Lugar** (As Barrocas)
— **A Chan dos Campos** (As Barrocas)
— **A Chan dos Zocos** (O Freixo)
— **A Chanciña** (A Garrida)
— **Camiño da Chanciña** (A Garrida)

Chan é o resultado común no galego occidental para o latín PLANUM, PLANAM. A forma feminina (*unha chan*) designa unha pequena chaira situada en terreos empinados e está moi presente na toponimia do Val de Fragoso e, en xeral, en toda a Galicia suroccidental. En Valadares temos os seguintes topónimos con este substantivo:

A Chan, terras de labor e de vivendas no Freixo, ao sur de Pinzás.

A Chan, terras de labor e de vivendas nas Barrocas, ao sur da Grisvella.

A Chan da Eira, pequeno núcleo habitado e terras de labor á beira de Seoane, na Garrida. No Catastro de Ensenada consta como lugar habitado e como terras de labradío de secaño de segunda calidade (➲ *Eira*).

A Chan da Gándara, área de vivendas e de terras de labor na Garrida (➲ *Gándara*).

A Chan da Gaspara, zona de monte, arboredo e terras de cultivo no barrio do Freixo. No *Libro de afanegados* viña cualificada como devesa de terceira calidade (➲ *Gaspara, Baltasara*).

A Chan da Regamán, área de mato e de arboredo ao sur do Cepudo, nas Barrocas, na estrema da parroquia coa de Vincios (➲ *Regamán*).

A Chan da Seca, monte e arboredo no barrio da Sobreira, na estrema da parroquia coa de Beade (➲ *Seca*).

A Chan da Eiriña, área de mato e de arboredo no barrio do Freixo, onda a estrada de San Xoán (➲ *Eira*).

A Chan de Seoane, terras de labor próximas ao núcleo de Seoane. No *Libro de afanegados* cualifícanse de labradío de secaño de segunda calidade (➲ *Seoane*).

A Chan do Cacheiro, pequena área de mato e de arboredo na Garrida, á beira da estrada Gondomar-O Porriño, onda a rotonda alternativa do polígono da Pasaxe (➲ *Cacheiro*).

A Chan do Cagalleiro, mato e arboredo na ladeira norte do monte dos Pozos, no barrio das Barrrocas (➲ *Cagalla*).

A Chan do Carballo, terras de cultivo, mato e prados ao norte do campo de fútbol da Gándara, na Garrida (➲ *Carballo*).

A Chan do Cruceiro, terras de labor e de vivendas onda o camiño do Cruceiro, na Garrida (➲ *Cruceiro*).

A Chan do Cruceiro, área de terras de labor e de mato nas Barrocas.

A Chan do Lugar, terras de labor e de vivendas nas Barrocas, ao leste de Courás (➲ *Lugar*).

A Chan dos Campos, área de mato e de arboredo entre o monte Alba e O Cepudo. No Catastro de Ensenada (onde consta como *Chan de Campos*) e no *Libro de afanegados* viña cualificada como tomada e como monte de terceira calidade (➲ *Campo*).

A Chan dos Zocos é unha área de arboredo no oeste da parroquia, no barrio do Freixo, ao norte da Devesa de Arriba. O segundo elemento do composto é o substantivo común *zoco* (do latín SOCCUM) 'calzado rústico tradicional con sola de madeira'. Descoñecemos a motivación do topónimo, talvez anecdótica; non se rexistra con ese nome no Catastro de Ensenada nin no *Libro de afanegados*.

A Chanciña é unha área chaira con prados e terras de labor no barrio da Garrida, ao noroeste de Seoane. Rexístrase no *Libro de afanegados* como *Chanciña* e *Chanciñas* e é cualificada como terra de labor

de secaño de segunda calidade. Denomina o **Camiño da Chanciña**, vía asfaltada transversal á estrada da Gándara.

Chosca ➲ Fonte da Chosca

▶ Cirolas

— **Cirolas** (O Freixo)

Cirolas é o nome dunha área de monte e de arboredo ao nordeste de San Xoán, no barrio do Freixo. Non se rexistra nas fontes escritas dos séculos XVIII e XIX, polo que podería ser un topónimo relativamente recente. Os dicionarios galegos recollen *cirola*, paralelo do castelán *ciruela*, como nome de certas variedades de ameixas, e quizais foi a presenza destas árbores froiteiras no lugar o que motivou o topónimo. Un plural *cirolas* denomina tamén unha peza de roupa, especie de calzón, mais é dificil que se empregue con este significado na toponimia, a menos que sexa a partir dun sobrenome ou alcume de propietario.

Civiñeiros ➲ Aceviñeiros

▶ Clara Campoamor

— **Avenida de Clara Campoamor**

En 2006 a corporación municipal viguesa instituíu o nome de *Clara Campoamor* para a vía pública que comunica Castrelos co Campus Universitario das Lagoas, ata daquela comunmente mencionada na prensa local como *vial do Cuvi* ou *vial da Universidade*. Constitúe un exemplo da chamada "toponimia conmemorativa ou honorífica", neste caso dedicada a Clara Campoamor (Madrid 1978 - Suíza 1972), deputada da II República, recoñecida loitadora polo sufraxio universal e o voto feminino.

▶ Cocho

— **O Cocho do Carregal** (O Carregal)
— **O Cochelo** (O Carregal)

— **O Cochelo** (A Igrexa)
— **Cocheliños** (O Freixo)
— **O Cochiño das Barrocas** (As Barrocas)
— **Cochiños** (A Sobreira)
— **O Cocho da Cal** (A Sobreira)
— **O Cocho da Devesa** (O Carregal)
— **O Cocho da Illa / O Cocho das Illas** (O Portal)
— **O Cocho da Fonte** (O Freixo)
— **O Cocho da Fonte da Grisvella / da Igrexa Vella** (As Barrocas)
— **Cochos** (O Freixo)
— **Os Cochos do Foxo** (O Portal)
— **O Cocho da Galiñeira / Os Cochos da Galiñeira** (O Freixo)
— **O Cocho da Porca / Babio-Cocho da Porca** (O Carregal)
— **O Cocho da Silveira** (As Barrocas)
— **O Cocho da Torre** (A Igrexa)
— **O Cocho da Viña** (O Freixo)
— **O Cocho da Viña** (As Barrocas)
— **O Cocho de Prado** (O Portal)
— **O Cocho das Cans** (As Barrocas)
— **O Cocho das Rans** (O Carregal)
— **O Cocho dos Fabás** (A Sobreira)
— **O Cocho do Muíño / Babio-Cocho do Muíño** (O Carregal)
— **O Cocho do Camiño do Carro** (A Sobreira)
— **O Cocho do Souto** (As Barrocas)
— **O Cocho do Sueido** (O Freixo)
— **O Cocho do Tombiño** (As Barrocas)
— **O Cochodares** (O Carregal)
— **O Cocho de Mariandrés** (O Carregal)
— **O Poulo do Cocho** (O Freixo)

Cocho é un termo común do léxico agrícola do Val de Fragoso e ten enorme presenza na microtoponimia. Un *cocho* é un campo cultivado de pequenas dimensións, dedicado a hortalizas e en ocasións tamén a viña; na toponimia da zona ten un significado próximo ao de *horta* ou *cortiña*, pero adoita designar lugares situados a certa distancia das vivendas e aos cales, polo regular, non se accedía directamente desde un camiño principal, senón por un carreiro de servidume entre outras propiedades, tal como se nos confirma na documentación: «yten más dos huertas con un cocho que está baxo dellas, todo en tres pieças

de dos ferrados de sembradura…» (*Segundos traslados*, San Domingos Pontevedra, 1646).

Considérase *cocho* un derivado de *acochar* ou *agochar*, que designaría en orixe un lugar cercado ou protexido para evitar a entrada de animais ou defendido do vento. Naturalmente, non ten ningunha relación co seu homónimo *cocho*, nome do porco en zonas do norte de Galicia. Algún dos *cochos* da toponimia de Valadares son sen dúbida medievais (o sufixo diminutivo *-elo* no topónimo *O Cochelo* proba que ese nome é anterior ao século XIII); outros poden ser máis recentes, pois *cocho* segue tendo uso na fala local.

O Cocho do Carregal son terras de labor ao leste do núcleo do Carregal, ao oeste do parque tecnolóxico e loxístico.

O Cochelo é un labradío no barrio do Carregal, ao norte da saída do túnel.

O Cochelo, cultivos ao norte do Cavadón, no barrio da Igrexa, contén o mesmo diminutivo medieval.

Cocheliños, mato e cultivos no Freixo (en singular no *Libro de afanegados*: «Cocheliño, tomada»), é un derivado con dobre sufixo diminutivo.

O Cochiño das Barrocas son terras de labor nas Barrocas. Rexístrase con ese nome no Catastro de Ensenada e co de *Cochiño-Barrocas* no *Libro de afanegados*, onde se cualifica como labradío de segunda calidade.

Cochiños é o nome dunha área de prados na Sobreira, ao nordeste do Souto da Sobreira. Vén cualificado como devesa no *Libro de afanegados*.

O Cocho da Cal é unha área de terras de labor na Sobreira, ao leste da Ervellacosa (➲ *Cal*).

O Cocho da Devesa é o nome dunha área de mato no barrio do Carregal. No libro de apeos do convento de San Domingos de Pontevedra do ano 1591 menciónase «una heredad que se dize do Cocho da devesa» entre as propiedades que ese convento ten aforadas en Fragoso a Pedro de Beirán, veciño de Matamá.



O Cocho da Illa era o nome dunha área de monte e de arboredo hoxe ocupada polo parque tecnolóxico, no barrio do Portal. A *illa* (do latín INSULAM) do segundo elemento do composto pode referirse á súa situación, unha *insua* no ángulo formado polo río dos Lavadouros na súa confluencia co río de Quintián.

O Cocho da Fonte é unha área de terras de labor á beira do Tabán, no barrio do Freixo. Vén cualificado no *Libro de afanegados* como labradío de regadío de segunda calidade.

O Cocho da Fonte da Grisvella ou **O Cocho da Fonte da Igrexa Vella** son terras de labor nas Barrocas (➲ *A Grisvella*); figura no *Libro de afanegado*s como «Cocho de Yglesia Vella».

Cochos é o nome dunha zona de vivendas e de terras de labor no Freixo, ao norte da Galiñeira, que nalgunhas fontes aparece tamén como **Os Cochos da Galiñeira**. No *Libro de afanegados* figuraba en singular, **O Cocho da Galiñeira**, e viña cualificado como labradío de regadío de segunda. É probablemente o mesmo que se rexistra no Catastro de Ensenada co nome de *Campo da Galiñeira*.

Os Cochos do Foxo é unha área de prados, mato e arboredo á beira da avenida de Clara Campoamor, no barrio do Portal. No *Libro de afanegados* nomea prados de primeira calidade.

O Cocho da Porca ou **Babio-Cocho da Porca** (➲ *Babio*) é unha área de mato e de arboredo no barrio do Carregal, ao suroeste do parque tecnolóxico. O zoónimo *porca* (do latín PORCAM) na toponimia tanto pode referirse á femia dun porco doméstico coma á dun porco bravo ou xabaril.

O Cocho da Silveira é o nome dunha área de prados e de terras de labor nas Barrocas, á beira dos Bértolos, e toma o seu nome do nome da zona en que se encontra, *A Silveira* (➲).

O Cocho da Torre son prados e terras de labor ao leste do lugar da Torre, no barrio da Igrexa, xa estremando co do Portal. Rexístrase co mesmo nome no Catastro de Ensenada: «al sitio Cocho da Torre» (➲ *Torre*).

O Cocho da Viña é unha área da estrema noroeste da parroquia, con terras de labor e prados, ao oeste de San Xoán, no Freixo. Figura con ese nome no *Libro de afanegados*, que a cualifica como labradío de regadío de segunda e de terceira calidade (➲ *Viña*).

O Cocho das Cans, nas Barrocas, toma o seu nome da zona en que se encontra (➲ *Cans*).

O Cocho das Rans designaba unha zona de mato e de cultivos no Carregal, onda As Rans, hoxe parcialmente desaparecida baixo a autovía VG-20. No *Libro de afanegados* consta en ocasións castelanizado como *Cocho de Ranas*.

O Cocho dos Fabás, na Sobreira, tomou o seu nome do veciño núcleo de *Os Fabás* (➲).

O Cocho de Prado é o nome dunha zona de prados e de terras de labor ao leste do núcleo de Prado, no barrio do Portal, ao noroeste do parque tecnolóxico.

O Cocho do Camiño do Carro, na Sobreira, toma o seu nome deste camiño (➲).

O Cocho do Muíño ou **Babio-Cocho do Muíño** é unha zona de mato e de arboredo no Carregal, á beira da vía VG-20. No *Libro de afanegados* vén cualificado como labradío de regadío de segunda.

O Cocho do Souto son unhas terras de labor ao norte do núcleo do Souto, nas Barrocas. No *Libro de afanegados* cualifícanse de labradío de regadío de segunda (➲ *Souto*).

O Cocho do Sueido, prados e cultivos no Freixo, toma o seu nome do lugar de *Sueido* (➲).

O Cocho do Tombiño é unha zona de prados e de cultivos ao oeste do Tombiño, no barrio das Barrocas. No *Libro de afanegados* cualifícase de labradío de regadío de terceira (➲ *Tombiño*).

O Cochodares é o nome dunha área de mato e de terras de labor no barrio do Carregal, ao sur da entrada leste do túnel. No *Libro de afanegados* cualifícase de labradío de regadío de segunda e de toxal. O topónimo é un composto *Cocho de *Ares*, co nome persoal medieval *Ares* ou *Arias*, antropónimo de orixe incerta, quizais prerromana, tamén usado como apelido.

O Cocho de Mariandrés é o nome dunha área de mato, arboredo e terras de labor no Carregal, ao leste do Canizo, á beira da avenida de Clara Campoamor. Coma *Cochodares*, é un composto de *cocho + de + nome persoal*. Neste caso, posiblemente unha *María Andrea*, *María Andresa* ou *María André* (➲ *André*, ➲ *María Andrés*); no *Libro de afanegados* cualifícase como regadío de segunda calidade.

▶ Codeso

— **O Codesal / Cachado do Codesal / Cachada-Codesal** (O Freixo)
— **A Codeseira** (O Freixo)

O *codeso* (do latín CUTYSUM), de nome científico *Adenocarpus complicatus*, é unha planta semellante ás xestas que tiña na economía rural tradicional os mesmos usos ca estas. O seu nome ten presenza relativamente común na toponimia galega en derivados como *Codeseira, Codeseda, Codesal, Codesoso* etc.

Un derivado colectivo de *codeso* mediante o sufixo correspondente ao latín -ALE é **O Codesal** (tamén rexistrado como **Cachada do Codesal** ou **Cachada-Codesal**), nome dunha área de cultivos ao norte do barrio do Freixo, ao oeste de Bouzacova, ao sur da Gaspara.

No libro de apeos do ano 1591 de San Domingos de Pontevedra, entre as propiedades do convento que ten aforadas Pedro de Beirán, veciño de Matamá, menciónanse unhas «heredades do Codesal», e noutra documentación do mesmo convento, o «Campo que se dice do Codesal» (*Segundos traslados*, 1646).

No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* constan como terras de labor: «sembradura secano de tercera calidad al sitio Codesal» e «Codesal, labradío regadío segunda», respectivamente. A mesma cualificación reciben unhas terras de labor no barrio do Freixo denominadas **A Codeseira**, outro derivado de *codeso*.

▶ Coello

— **A Coelleira** (A Garrida)
— **Camiño da Coelleira** (A Garrida)
— **Fonte do Coello** (O Freixo)

As referencias ao *coello* (latín CUNICŬLUM) son moi comúns na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle dúas localidades chamadas *A Coelleira* nos concellos de Silleda (Pontevedra) e Lugo, pero a presenza de zootopónimos relativos a este animal é moito máis común na microtoponimia. En Valadares, **A Coelleira** denomina unha área de terras de labor, vivendas e mato ao sur do barrio da Garrida, ao oeste de Seoane. Rexístrase no Catastro de Ensenada e no seu *Expediente de comprobación* como monte de primeira calidade e no *Libro de afanegados* como tomada, devesa ou castañal. O mesmo nome está presente

no **Camiño da Coelleira**, na Garrida, que toma o nome da zona por onde transita.

Dado o frecuente emprego de *Coello* como sobrenome ou apelido, no nome da zona denominada **Fonte do Coello**, no Freixo, que no *Libro de afanegados* consta como tomada, e mais na fonte (➲) que suscita ese nome, non podemos saber se estamos ante un zootopónimo relativo aos coellos ou ante un antropónimo.

▶ Cómaro

— **A Comareira** (A Sobreira)
— **Veiga da Comareira** (A Sobreira)

Cómaro é un nome común galego que os dicionarios definen como 'franxa de terreo sen cultivar que bordea unha leira'. Tense suxerido que pode proceder do latín CUMŬLUM, mais tamén hai quen sostén que podería ter orixe prerromana. Os derivados *comareiro, comareira* teñen o mesmo significado e tamén poden designar o desnivel entre dous socalcos do terreo. No Nomenclátor de Galicia inclúense dúas localidades denominadas *O Comareiro* nos concellos de Vimianzo (A Coruña) e de Cotobade (Pontevedra). Na parroquia de Valadares, un feminino **A Comareira** é o nome dunha área de monte e de arboredo na Sobreira, ao norte da autoestrada de Baiona. Rexístrase no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* con ese mesmo nome e as propiedades situadas nela aparecen cualificadas como toxal, devesa e castañal, de segunda e de terceira calidade. Nas mesmas fontes rexístrase tamén unha **Veiga da Comareira**, como terra de labor de regadío, prado e viña de segunda.

O correspondente masculino *comareiro* emprégase no século XVI no texto do preito do lugar do Portal para referirse a outro lugar da parroquia «va por el comareiro abajo a la barroca del Cobelo que está en el Regueiro dagua que viene de la Fuente de Quinta» (1587).

▶ Compra

— **As Compras** (A Sobreira)

Supoñemos que contén o substantivo común *compra* 'acción e efecto de comprar', formado a partir deste verbo (< latín COMPARARE) o topónimo **As Compras**, nome de terras de labor no barrio da Sobreira,

ao suroeste da Ervellacosa. O acto de compra e venda que motivou o topónimo realizouse hai máis de trescentos anos, pois xa tiñan ese nome (ou o de *As Compras do Barreiro*, polo nome do campo contiguo) esas terras no Catastro de Ensenada, onde se cualifican como cultivo de secaño de segunda calidade.

Corral ➲ Curral

▶ Corte, Cortes

— **A Corte Vella** (O Freixo)
— **O Areeiro da Corte** (O Freixo)
— **A Corte de Cabras** (As Barrocas)
— **As Cortes** (O Portal)
— **Veiga da Eira das Cortes / A Agra das Cortes** (O Portal)
— **O Río das Cortes** (O Portal)
— **O Lavadouro das Cortes** (O Portal)
— **Campo do Río das Cortes** (O Portal)
— **As Cortellas** (O Portal)

O substantivo común galego *corte* (do latín CORTEM, clásico COHORTEM) vén definido nos dicionarios como 'lugar cuberto e cerrado onde se garda o gando'. Na toponimia de Valadares está presente nos seguintes topónimos:

A Corte Vella é unha área de vivendas, terras de labor e arboredo no barrio do Freixo. O adxectivo *vella* debeu de aplicárselle quizais para diferenciala doutra corte de creación posterior. Rexístrase na documentación do século XVII do convento de San Francisco de Vigo: «medio bucio de pan en el Campo de Bouça Coba que parte de una parte con campo de Estevo Afonso de Prado y de la otra con el *Campo de Corte Vella* y de la otra con camino que va a la villa de Bouças» (1672, franciscanas de Vigo, *Memorial cobrador de censos*).

A Corte de Cabras é o nome de dúas áreas de monte no barrio das Barrocas (➲ *Cabras*).

O Areeiro da Corte é unha área de monte ao norte do Areeiro, no barrio do Freixo.

O plural **As Cortes** nomea un dos núcleos habitados do barrio do Portal. No Catastro de Ensenada e no seu *Expediente de comprobación*

aplícaselles o mesmo nome ás terras de labor próximas (hortaliza e labradío de secaño e de regadío de primeira calidade) e tamén ao propio núcleo, lugar de residencia de varios veciños que en ocasións son identificados co topónimo (*Domingo Pérez das Cortes*, *Domingo da Portela de Alba digo das Cortes*…). Deste lugar toman o seu nome **A Eira das Cortes**, a **Veiga da Eira da Cortes** (noutras fontes como **A Agra das Cortes**), o **Río das Cortes** e mais o **Campo do Río das Cortes**. O *Río das Cortes* é tamén unha denominación alternativa do lavadoiro coñecido como **O Lavadouro das Cortes**.

Un diminutivo de *corte* mediante o sufixo correspondente ao latín -ICŬLA é **As Cortellas**, nome de terras de labor e de arboredo no extremo nordeste do barrio do Portal, na zona do Foxo, non lonxe do parque tecnolóxico e loxístico.

▶ Cortiña

— **A Cortiña da Virxe** (O Freixo)
— **As Cortiñas** (O Portal)

Os dicionarios recollen para o substantivo galego *cortiña* o significado de 'terreo próximo á casa de labranza, xeralmente valado e de pequenas dimensións, dedicado fundamentalmente ao cultivo de cereais, hortalizas ou patacas' (DRAG). En orixe constitúe un diminutivo de *corte* (➲), pero o seu significado é moi diferente. Polo regular as cortiñas dedícanse a verzas (*verdura gallega* ou *col gallega*, dise no Catastro de Ensenada) e a algún outro cultivo, en ocasións con algunha árbore froiteira. No libro de apeos de San Domingos de Pontevedra do ano 1591 descríbesenos unha cortiña na parroquia de Valadares: «una cortiña de coles con un naranjo pequeño y dos o tres ameixeiras».

A Cortiña da Virxe (*Cortiña da Virxe-Armitoas* no mapa do centro veciñal) é unha pequena área de monte e de cultivos ao oeste de Casouteiro, no barrio do Freixo. É posible que deba o complemento «da Virxe» ao feito de que se destinase a súa renda ou o seu produto a unha capela mariana, talvez a do monte Alba, ou ben por algunha vinculación coa Confraría de Nosa Señora da parroquia de Valadares, pois no Catastro de Ensenada non faltan exemplos de propiedades que pagan «réditos de censos» (unha especie de hipoteca) a esa institución parroquial. Unha motivación semellante orixinou o topónimo *A Candea* (➲).

As Cortiñas son terras de labor e de vivendas entre A Senra e a Fonte da Vila, no barrio do Portal.

O Catastro de Ensenada recollía na parroquia de Valadares outros topónimos con este substantivo: **Cortiña de Paredes** e **Cortiña do Souto** nas Barrocas, **Cortiña de Arriba** e **Cortiña da Gándara** na Garrida, **Cortiñas** na Sobreira e outros que non puidemos localizar hoxe con exactitude, como **Cortiña da Calciña**, **Cortiña da Presa** ou **Cortiña das Cans**.

▶ Cortizo

— **Cortizo** (As Barrocas)
— **Leira dos Cortizos** (O Freixo)

Cortizo e *cortiza* (< latín CORTICĔUM, CORTICĔAM derivados de *cortex*) son en galego nomes da casca ou da cortiza da sobreira, material de múltiples usos. O masculino *cortizo* é, ademais, sinónimo de *colmea* (➲ *Abelleira*), e designa o recipiente, comunmente feito de cortiza, onde habitan as abellas e onde fan a cera e o mel, pero en ocasións tamén se usa *cortizo*, igual ca os derivados *corticeiro* ou *corticeira*, para denominar a árbore, a sobreira. Por outra banda, *Cortizo* tamén se empregou como sobrenome e apelido. Calquera destes diversos usos e acepcións de *cortizo* puido motivar estes dous topónimos de Valadares: **Cortizo** (unha área de monte e de arboredo nas Barrocas, entre As Minas e Courás) e a **Leira dos Cortizos** (terras de labor no barrio do Freixo).

Coruxeira ➲ Curuxeira

▶ Corvos

— **Os Corvos** (A Sobreira)
— **Coutada dos Corvos** (A Sobreira)
— **Tras dos Corvos** (O Freixo)

O *corvo* (do latín CORVUM) é unha ave común en Galicia. Na toponimia tamén ten moita presenza o seu nome ou os derivados *Corveiro, Corveira, Corval*. En Valadares témolo nos seguintes lugares:

Os Corvos, área de monte e de arboredo ao norte da Devesa da Sobreira, no barrio da Sobreira. Na documentación de San Domingos de Pontevedra do século XVII menciónase unha **Coutada dos Corvos** na

estrema co couto de Valadares entre as propiedades que o convento ten en Quintián de Abaixo, en Beade, que corresponde á mesma denominación desa área. No Catastro de Ensenada, o lugar chamado *Os Corvos* está cualificado como devesa de segunda e de terceira calidade; no *Libro de afanegados*, como devesa e piñeiral.

Outro topónimo idéntico deu orixe, precedido da preposición *tras* (do latín TRANS), a **Tras dos Corvos**, nome dunha zona de monte ao oeste do monte dos Pozos, ao norte do Río Seco, no Freixo.

▶ Coso, Coselo ➲ Couso, Couselo

▶ Costa

— **A Costa** (A Garrida)
— **A Costa** (O Carregal)
— **A Tomada da Costa** (O Carregal)
— **A Costa do Areeiro** (O Freixo)
— **A Costa do Freixo** (O Freixo)
— **A Costa do Can** (A Igrexa)
— **Detrás da Costa** (O Freixo)
— **A Tomada da Costa** (O Carregal)
— **A Costiña** (A Igrexa, O Portal)
— **Costiñas / Costiñeiras** (A Igrexa)
— **A Cavada da Costiña** (O Freixo)
— **O Costal** (O Carregal)
— **A Costeira** (O Portal)
— **Costariña** (O Freixo)
— **O Costeiro** (O Freixo)

A accidentada orografía da parroquia de Valadares fai que sexa común na súa toponimia o substantivo *costa*, igual ca os seus derivados. Aínda que son moi frecuentes en todo o territorio galego, na área viguesa e do Val de Fragoso os diversos topónimos *A Costa* foron especialmente produtivos de apelidos, ben co nome precedido de preposición (*da Costa*, *Dacosta*), ben na forma dun plural secundario (*Costas*). Temos un exemplo da antiga presenza do apelido *Costas* en Valadares, e de como arraigou na toponimia, no nome da zona das Barrocas cha-

mada *Xan Costas* (➲), topónimo con frecuencia alterado en *Sancostas* e outras variantes (*As Angostas*, *As Ancostas* etc.).

A Costa e mais **A Tomada da Costa** son áreas de mato, arboredo e vivendas no Carregal, ao norte da saída oeste do túnel da vía VG-20.

A Costa é tamén unha área de monte no barrio da Garrida, ao norte de Aceviñeiros. Posiblemente é o mesmo que consta no *Libro de afanegados* como *Costa-Pereiro*.

A Costa do Areeiro é o nome dunha zona de monte no Areeiro, no barrio do Freixo. No *Libro de afanegados* cualifícase como devesa e castiñeiral de terceira calidade; en ocasións en plural: *Costas do Areeiro*, castañal de segunda.

A Costa do Freixo é unha zona de monte e de arboredo ao sur das Maceiras, no barrio do Freixo.

A Costa do Can é un núcleo habitado no extremo norte do barrio da Igrexa, con vivendas, terras de labor, arboredo e mato. No Catastro de Ensenada consta como terras de labor de regadío de segunda calidade. Tamén se rexistra nas cadeas onomásticas que identifican os veciños que residen nese lugar: *Domingo Alonso da Costa do Can*.

Detrás da Costa é unha pequena zona de monte e de arboredo ao leste do Areeiro, no barrio do Freixo.

A Tomada da Costa é unha área do barrio do Carregal, ao sur da Espedrigada, con cultivos, prados, arboredo e vivendas. Consta como *Tomada-Costa* nos mapas do centro veciñal.

Na documentación escrita rexístrase o substantivo *costa* noutros topónimos de Valadares: **Campo da Fonte da Costa** na Garrida, **A Costa de Alba**, **A Costa de Prado**, **A Costa das Armitoas**, **O Mato da Costa** etc.

Tamén é común na toponimia da parroquia o diminutivo *costiña*:

A Costiña é unha zona de vivendas e de terras de labor na estrema dos barrios da Igrexa e do Portal. No *Libro de afanegados* consta como labradío de regadío de segunda.

Co nome de **Costiñas** recóllese nalgunhas fontes a área de vivendas e de terras de labor que noutras se denomina **Costiñeiras**, ao nordeste do barrio da Igrexa. No *Libro de afanegados* vén cualificada como devesa e souto. *Costiñeiras* é un topónimo insólito; aparentemente é un derivado de *costiña*, mais quizais é unha alteración, motivada polas condicións do relevo, dun antigo *Castiñeiras* (➲).

A Cavada da Costiña é unha zona de prados e de arboredo á beira da Veiguiña, en San Xoán do Freixo, na estrema noroeste da parroquia, ao sur do Regueiro de Cartas.

Moito menos frecuente na toponimia é o derivado de *costa* co sufixo correspondente ao latín -ALE, *Costal*, característico do suroeste galego. O Nomenclátor de Galicia recolle tres entidades de poboación chamadas *O Costal*, nos concellos pontevedreses de Covelo, Mondariz e Vilaboa, e en toda a zona tudense é frecuente na microtoponimia. En Valadares, **O Costal** (nos mapas tamén consta como **Costal-Peimallo**) é unha área de mato e de arboredo nas ladeiras nordeste do monte Alba, no barrio das Barrocas. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* consta tamén na parroquia un lugar denominado **Costal-Simona** (*O Costal da Simona*?) no barrio do Carregal, cualificado como labradío e piñeiral, e outro **Costal de Beirán**, na estrema norte da parroquia, próximo ao núcleo habitado de Beirán, que pertence á parroquia de Matamá.

Os derivados de costa cos sufixos *-eiro* e *-eira* tamén están presentes en Valadares:

A Costeira é unha área de terras de labor, mato e arboredo ao norte do lugar do Portal, no barrio deste nome. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* caracterízana como labradío de secaño e de regadío de segunda e viña de segunda e de terceira. O topónimo xa aparece mencionado hai máis de catrocentos anos na documentación do preito do lugar do Portal (1587-1593): *Longa da Costeira*, *Campo da Costeira*, *So a Costeira*. Nas mesmas fontes escritas rexístrase outro topónimo idéntico coa forma *Costeira-Sueido* no barrio do Freixo. Se é o mesmo que tamén se documenta como *Costa da Areíña*, quizais podemos identificalo coa actual **Costariña**, próxima ás áreas chamadas *A Areíña* e *Sueido*.

O Costeiro é o nome dunha área de mato e de arboredo en San Xoán, no Freixo, ao sur do Malladeiro e do Santo.

Costas, Xan ➲ Xan

▶ Constanza

— **A Constanza / A Costanza** (A Garrida)

A Constanza ou **A Costanza** é unha zona de prados, mato e viven-

das ao sur de Seoane, na Garrida, preto da estrema con Vincios, onda o Campo do Medio e Tras Camiño. O Nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación chamadas *A Costanza* nos concellos de Maside (Ourense) e de Castro de Rei (Lugo). En Galicia Nomeada rexístrase *A Constanza* ou *A Costanza* en catorce topónimos espallados por todo o territorio. Suponse que conteñen o antropónimo feminino *Constanza* (< do latín CONSTANTIA), que se encontraba entre os nomes persoais femininos máis frecuentes nos séculos XVI e XVIII.

▶ A Cotarela

— **A Cotarela** (O Carregal)
— **Muíño da Cotarela** (O Carregal, O Portal?)

A Cotarela é unha área de arboredo, prado e mato no barrio do Carregal, entre o bucle da VG-20 e o parque tecnolóxico. No preito do lugar do Portal, menciónase no ano 1587 unha *Coutada da Cotarela*. No Catastro de Ensenada as propiedades situadas na *Devesa da Cotarela* aparecen cualificadas como «tojal y dehesa» de segunda calidade. Tamén nomea o **Muíño da Cotarela**, que aproveita a auga do río da Barxa ou das Barxas. Este muíño parece estar en boas condicións de conservación.

O topónimo refírese á orografía: *cotarela* é un diminutivo de *cótara*, e este un derivado de *coto* 'prominencia do terreo, elevación, punta, curuto', un termo de orixe prerromana, moi presente na toponimia galega, co característico sufixo átono *-aro*, *-ara*, igualmente de orixe prerromana (o mesmo de *gándara*). No *Libro de afanegados* rexístrase unha **Cotarela da Illa** coa grafía «Cotarela de Hilla» (➲ *Illa*), que corresponde ao mesmo lugar. Nesta mesma fonte documéntase na parroquia de Valadares un topónimo **O Cotarro**, con propiedades pertencentes a veciños do Calvario e da Barreira e cualificado como «dehesa y pinar»; é outro derivado de *coto* co sufixo *-arro*, tamén de orixe prerromana.

▶ Courás

— **Courás** (As Barrocas)
— **Courás / Courás-Sobreira** (A Sobreira)

Courás é o nome dunha área do barrio das Barrocas, con terras de labor, arboredo e vivendas. Repítese o topónimo na Sobreira, co

nome de **Courás** ou **Courás-Sobreira**. Nas fontes escritas rexístrase tamén *Courás* como nome alternativo da *Aforada* («A Aforada ó Courás») (➲ *Aforada*) ou en compostos como *Aforada-Courás*, *Lagoa-Courás* e este mesmo *Courás Sobreira*. O topónimo contén un plural de *coural*, e este é un colectivo co sufixo correspondente ao latín -ALE a partir talvez dunha raíz prerromana **cor-* 'pedra' ou **caur-* 'concavidade'. O resultado común galego dun latín medieval **CORIALE sería *Coiral* (*O Coiral* é o nome dunha aldea no concello coruñés de Cesuras), pero na zona tudense e en portugués o resultado é *Coural* (co ditongo *ou* e non *oi*, como en *lavadouro/lavadoiro*).

▶ Couso, Couselo

— **Couso / Coso** (As Barrocas)
— **Couselo / Coselo** (A Sobreira, O Portal)

Couso é un topónimo relativamente común en Galicia pero de orixe pouco clara. En latín medieval rexístrase como *causu*. Para o diminutivo *couselo*, que tamén é o nome de certa planta común en paredes húmidas (*Umbilicus rupestris*) e mais para un feminino *cousela*, nome dun recipiente, tense defendido a relación etimolóxica co latín CAPSA 'caixa'. Outros lingüistas consideran que ese *causo* medieval pode ser un cruzamento de dous termos latinos, CAUTUM 'couto' e CURSUM 'carreira'. Tamén hai quen lle supón unha orixe prerromana. Polo regular designa unha depresión no terreo, unha área afundida respecto dos seus arredores.

Un estraño topónimo **Coso** rexístrase como nome dunha zona de terras de labor *-ao-* leste de Alba de Abaixo, no barrio das Barrocas. Interpretamos que constitúe unha alteración de **Couso**, con redución do ditongo *-OU-* ante consoante sibilante coma a que vemos no diminutivo *Coselo* (por *Couselo*) ou en *Busana*, *Bozana* (por *Bouzana* ➲).

O **Couselo / Coselo** é unha área de prados, mato e arboredo á beira da avenida de Clara Campoamor, ao oeste da Carballa Seca, no barrio da Sobreira lindando co Portal. Aínda que tamén podería ser un fitotopónimo relativo á presenza ou á abundancia da planta chamada *couselo* no lugar, parece verosímil que deba o nome á súa orografía, unha depresión do terreo, e que constitúa un diminutivo de *couso*. No Catastro de Ensenada rexístrase en plural e cunha variante *Cousellos/ Couselos*.

▶ Couce

— **Cousides** (A Sobreira)

O substantivo *couce* (do latín CALCEM 'pé') pode designar a cañota ou a parte da cana dos cereais que queda na terra despois da sega, ou tamén a cepa, cañota ou pé dunha árbore cortada. Temos un probable derivado colectivo *Coucida* (do latín CALCĒTAM) en plural, con alteración da vogal átona final (coma en *Outide*, por *Outida*/*Outeda*) no nome de **Cousides**, área de terras de labor e de vivendas no barrio da Sobreira. No *Libro de afanegados*, *Cousides* vén caracterizado como labradío de regadío de terceira calidade.

▶ Couto, Coutada

— **O Padrón do Couto** (A Sobreira, Seoane)
— **Estrada do Padrón do Couto** (A Sobreira, Seoane)
— **A Coutada Nova** (O Freixo)
— **A Coutada Vella** (O Freixo)
— **A Coutada das Pitas** (A Sobreira)
— **A Coutada das Presas** (O Freixo)
— **A Coutada do Cañoto** (A Sobreira)
— **A Coutada dos Pinos** (As Barrocas)
— **A Coutada Grande** (A Sobreira)
— **A Coutada Grande** (O Freixo)
— **A Coutada Nova** (O Freixo)
— **As Coutadiñas** (A Sobreira)

Un *couto* (do latín CAUTUM) é unha demarcación, un territorio delimitado. Na administración do Antigo Réxime, un couto era unha unidade xurisdicional, e a parroquia de Valadares constituía un couto de señorío laico coa condición de vila («villa y coto» na documentación en castelán).

Na toponimia de Valadares consérvase referencia á súa antiga condición de couto nos topónimos que conteñen este substantivo, coma o composto **O Padrón do Couto** (➲ *Padrón*), nome dunha área de monte que abrangue parte da Sobreira e de Seoane, motivado por unha das pedras ou padróns que sinalaban a demarcación do territorio do couto de Valadares. Dela tomou tamén o seu nome a **Estrada do Padrón do Couto**. Aínda que calquera dos marcos podería ter recibido o nome de

padrón, o certo é que unicamente se aplica a este da Sobreira/Seoane, como vemos na demarcación da parroquia no Catastro de Ensenada:

> …principiando a la parte del Levante en el marco nombrado Piedra da Cruz de Fuente Fría confinando con dhas feligresias de Samans y Beade, sigue por el Norte dividiendo a la mencionada de Beade a dar a los marcos de Amial, Hilla y Carregal de Seixo y de este ba a dar por la parte del Poniente a los que se denominan Castro, Outeiro de Deus y el de Freixo, dividiendo a la de San Pedro de Matamá y de este separado la de san Andrés de Comesaña pasa a otro intitulado Marco de Areeiro del qual dividiendo la de san salvador de Corujo sigue al que se denomina Fragoselo del qual separando a la de Camos prosigue por el sur a los nombrados Castro de Brito y Mariñas y de allí dividiendo la feligresía de santa Mariña de Binzios a los que se dizen do outeiro de Louro, outeiro de Sobroso, Fojo, Agua longa, Cabreiros, Río de Maquías y Muíño Pequeño siguiendo por la parte de Levante camina a dar al intitulado ***Padrón do Couto*** del que ba a zerrar con el rreferido de Cruz de Fuentefría…

Nese catastro e mais no *Libro de afanegados*, as terras situadas na área de monte denominada igualmente *O Padrón do Couto*, ao leste de Seoane, aparecen cualificadas como tomada, toxal ou piñeiral.

O derivado *coutada*, en orixe participio do verbo *coutar*, relacionado con *couto*, tamén no sentido de 'territorio delimitado', aplicóuselles a áreas de monte demarcadas e cercadas con algunha caste de cerramento. Algunhas das coutadas da parroquia de Valadares son presumiblemente medievais, e documéntanse polo menos desde o século XVI (a «Coutada da Cotarela», na Sobreira, en 1587 no preito do Portal; a «Coutada da Moscaveira que es del obispo de Tui», no ano 1646, nos foros de San Domingos de Pontevedra etc.).

A Coutada das Pitas é unha área de monte no barrio da Sobreira; pasa por ela a autoestrada de Baiona. Rexístrase co mesmo nome no *Libro de afanegados*: «Coutada das Pitas, Pinar, terceira». *Pitas* é un zoónimo, 'galiñas'.

A Coutada das Presas é o nome con que se coñece unha área de monte no oeste do barrio do Freixo, ao norte do Zondal.

A Coutada do Cañoto é unha área de monte e de arboredo na Sobreira (pasa por ela a autoestrada).

A Coutada dos Pinos é unha zona de mato e de arboredo na ladeira leste do monte Alba, no barrio das Barrocas. O castelanismo *pino* (por *piñeiro*) é indicio de que se trata de piñeiros de repoboación forestal, probablemente do século XIX.

A Coutada Grande é o nome duns terreos de mato e de arboredo no sueste do barrio da Sobreira. Consta con este nome no Catastro de

Ensenada e no *Libro de afanegados* vén caracterizado como monte e como tomada de segunda calidade. Outro topónimo idéntico, **Coutada Grande**, é unha área de mato e de arboredo na estrema nordeste do barrio do Freixo, ao leste da fonte do Coello.

A Coutada Nova é unha área de arboredo e de mato ao norte do barrio do Freixo, ao leste de Bouzacova. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* caracterízase como devesa de terceira. O seu nome garda seguramente relación con outro topónimo, **Coutada Vella**, área de monte, arboredo e mato próxima ao Pouso do Areeiro, tamén no barrio do Freixo.

Nas fontes escritas rexístranse máis topónimos *coutada* na parroquia, como a **Coutada Longa** no Carregal, **As Coutadas** na Sobreira e outros que non podemos localizar hoxe con precisión: **Coutada da Fonte**, **Coutada da Mina**, **Coutada da Rega**, **Coutada de Arriba**, **Coutada Nova das Vesadas** etc.

Un diminutivo **As Coutadiñas** nomea unha área de prados, mato e arboredo na Sobreira, ao oeste de Vales. Consta con ese nome no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados*, onde designa varias propiedades de veciños da Sobreira e de Seoane caracterizadas como devesa, tomada, toxal ou piñeiral de segunda e de terceira calidades.

▶ Cova

— **A Cova** (A Sobreira, A Garrida)
— **A Cova** (A Igrexa)
— **A Cova** (As Barrocas)
— **A Coviña** (As Barrocas)
— **Fontecovas** (A Sobreira)
— **O Covelo** (O Portal)
— **Campo do Covelo** (O Portal)

Cova é un substantivo común que adoita designar unha cavidade na terra, unha caverna, furna ou espenuca. É unha palabra propia do latín hispánico, diferente do latín clásico, onde se dicía *cava* (como nos derivados *cavidade*, *caverna*…). Ademais do substantivo *cova*, na toponimia é relativamente común o adxectivo *covo, cova* 'cóncavo, afundido'.

O substantivo está presente nos seguintes topónimos de Valadares:

A Cova, área de mato e de arboredo na estrema da Sobreira coa Ga-

rrida. **A Cova** (*Cova-Seixos* no mapa do centro veciñal; «Cova o Cova de Seijo» no *Libro de afanegados*), terras de labor no norte do barrio da Igrexa; o Catastro de Ensenada cualifica as terras situadas nese lugar como labradío de regadío e de secaño de segunda e de terceira calidades e como devesa, piñeiral e toxal. Outro topónimo **A Cova** (*Cova-Pedras* no mapa) é unha área a medio camiño entre As Pedras e O Cu do Becerro, no barrio das Barrocas. En 1753 rexístrase en Valadares un topónimo **A Cova da Vella** ou **Cova de Vella** que non puidemos identificar na actualidade; talvez é un dos coñecidos hoxe como *A Cova* ou, máis probablemente, unha alteración de *A Cavada Vella* (➲).

Un diminutivo **A Coviña** denomina unha área das Barrocas, ao leste da Cacheira, con vivendas, mato e arboredo. No *Libro de afanegados* as terras situadas neste lugar cualifícanse como tomada e piñeiral.

En **Fontecovas** (➲), área de monte ao sueste de Patelas-Fonte Fría, na Sobreira, non sabemos se estamos ante unha alteración dun antigo *Fonte de Covas* ou *Fonte das Covas*, ou se é un plural secundario dun primitivo *Fontecova*. No primeiro dos casos estariamos ante o substantivo *cova*, no segundo, ante o adxectivo *covo*, *cova*.

Un diminutivo do adxectivo *covo* está presente no nome **O Covelo**, núcleo habitado do barrio do Portal. É relativamente común na toponimia galega; no Nomenclátor constan un concello, cinco parroquias e 53 localidades chamadas *Covelo* ou *O Covelo*. Teñen en común a orografía, por estaren situadas nun fondal ou nunha concavidade do terreo. O sufixo diminutivo *-elo* deixou de ter rendemento xa na Idade Media, substituído por *-iño*, de aí que se poida afirmar que o topónimo *O Covelo* ten polo menos oito séculos de antigüidade. No preito do Portal menciónase en 1587 un **Campo do Covelo** «que havia sido de Marcos de Sayáns y traía y poseía el dicho Juan da Vila», e tamén a «heredad *del Covelo* que es del cabildo de Santiago».

▶ Crego

— **A do Crego** (O Freixo)

Crego é o resultado común galego do latín CLERICUM 'sacerdote'. A presenza deste nome nun topónimo pode deberse a un propietario eclesiástico, como sucede con outros topónimos da parroquia que conteñen os substantivos *abade*, *bispo* ou *cura*. **A do Crego** é o nome

dunhas terras de labor, monte e arboredo no barrio do Freixo, ao norte do Esqueiralto.

▶ Cruceiro

— **O Cruceiro** (A Garrida)
— **O Cruceiro** (A Igrexa)
— **O Cruceiro da Areosa** (A Garrida)
— **O Cruceiro do Freixo** (O Freixo)
— **O Cruceiro de Quinta** (O Portal)
— **Camiño do Cruceiro** (A Garrida)

Cruceiro é un derivado de *cruz* (➲). Na toponimia é moi común; o Nomenclátor de Galicia recolle máis de 140 localidades que conteñen o substantivo *cruceiro* no seu nome, e pode designar tanto unha encrucillada de camiños coma unha cruz de pedra, ou habitualmente as dúas cousas, pois os cruceiros de pedra adoitan situarse nas encrucilladas. En Valadares recolléronse os seguintes:

O Cruceiro, nome dunha zona de vivendas e de terras de labor na Garrida, entre o Alto do Trigo e a Coelleira («Cruceiro 1» e «Cruceiro 2» no mapa do centro veciñal). Entre os propietarios do *Libro de afanegados* consta unha *María Pérez do Cruceiro*.

O Cruceiro é unha área de mato e de terras de labor no nordeste do barrio da Igrexa, xa preto do Portal, á beira do Cocho da Torre.

O Cruceiro da Areosa é unha zona de vivendas e de terras de labor na estrada da Gándara, no barrio da Garrida. Probablemente debe o seu nome non a un cruceiro de pedra, senón a unha encrucillada de camiños; neste caso sería a do *Camiño da Areosa* ➲ co chamado **Camiño do Cruceiro.**

O Cruceiro do Freixo é unha área de arboredo ao nordeste do Freixo, ao sur do monte coñecido como *Pomar do Marqués* ou *Pumar do Marqués*. Deste deben de tomar o seu nome o **Balcón do Cruceiro** (➲) e mais o **Mato do Cruceiro**, área de monte e de vivendas á beira do Cruceiro do Freixo.

O Cruceiro de Quinta é unha área de vivendas, terras de labor, arboredo e mato no barrio do Portal.

▶ Cruz

— **A Cruz** (As Barrocas)
— **A Pedra da Cruz / As Pedras da Cruz / A Pedra da Cruz de Fontefría** (A Sobreira)

Igual ca o seu derivado *cruceiro*, o substantivo *cruz* (do latín CRUCEM) ten moita presenza na toponimia: o Nomenclátor de Galicia recolle máis de 140 localidades que o conteñen no seu nome. En Valadares temos as seguintes:

A Cruz, área de terras de labor e de vivendas no barrio das Barrocas. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* vén definido como labradío de regadío e de secaño de primeira e de segunda calidade. Nas mesmas fontes recóllese en ocasións en plural: «sembradura de secano de segunda al sitio de Cruzes».

A Pedra da Cruz (ás veces tamén en plural, **As Pedras da Cruz**) é unha área de monte na Sobreira, na estrema oriental da parroquia. Toma o seu nome do penedo que serve de marco entre os territorios de Valadares, Beade e Zamáns, que consta no Catastro de Ensenada con ese nome e tamén como **A Pedra da Cruz de Fontefría**. As pedras das demarcacións parroquiais remontan á Idade Media e adoitan singularizarse con elementos culturais de diversos tipos, desde historias ou lendas asociadas a elas ata insculturas con letras ou con cruces.

▶ Cu

— **O Cu do Becerro** (As Barrocas)

A presenza do substantivo *cu* (< latín CULUM) na toponimia adoita responder a diferentes motivacións; é frecuente que sirva para designar lugares cun único acceso ou camiños sen saída, como nos topónimos *O Cu da Viña* das parroquias de Beade e de Bembrive e outros semellantes (dezaoito exemplos en Galicia Nomeada: *O Cu da Veiga*, *O Cu da Chaira*, *O Cu do Lugar*…). Os compostos cun segundo elemento que é nome de animal (*O Cu do Lobo* en Oia e en Cangas, *O Cu do Porco* en Xove, Lugo etc.) ás veces nomean formacións pétreas que poden suxerir unha parte da anatomía animal, mais no topónimo **O Cu do Becerro**, que figura na cartografía de Galicia Nomeada nas Barrocas, á beira de Mandín, cremos que tamén designa un camiño sen saída. Non se recolle este topónimo en ningunha das fontes históricas consultadas.

Becerro (➲), termo común en galego para designar as crías do gando vacún, é unha palabra de orixe prerromana.

Cubiles ➲ Canteira de Cuviles

Cubo ➲ Fonte Cubo

Cuncha, Fonte da ➲ Fonte da Cuncha

▶ Cura

— **A do Cura** (A Sobreira)
— **A do Cura** (O Freixo)
— **A do Cura / A Casa do Cura (As Barrocas)**

O substantivo masculino *cura* (do latín CURAM 'coidado, atención') é o termo común para designar un sacerdote ou un eclesiástico. Coma outros nomes equivalentes (*abade, crego, bispo*…), os topónimos en que está presente adoitan ser «topónimos de propietario», e designan terras que nalgún momento da historia foron propiedade dun eclesiástico e desa circunstancia adquiriron un novo nome (previsiblemente terían outra denominación previa). En Valadares está presente en dous topónimos idénticos:

A do Cura, terras de labor e vivendas na Sobreira, ao oeste de Porvello.

A do Cura, área de arboredo ao nordeste de San Xoán, no barrio do Freixo. Figura no *Libro de afanegados* cualificado como devesa e labradío de secaño de segunda e de terceira calidades.

Tamén se coñece como **A do Cura** a vivenda reitoral (➲ casa), nas Barrocas.

▶ Curral / Corral

— **O Curral** (A Sobreira)
— **Os Currás** (O Carregal)
— **Os Currás** (A Igrexa, O Freixo)

Curral 'espazo cercado e descuberto destinado ao gando' é un substantivo común en galego, no cal conflúen o resultado do latín vulgar

CURRALEM, derivado de *currus* 'carro', e os derivados de *curro*, de significado equivalente ao de *curral* e de probable orixe prerromana. Na toponimia galega conviven as variantes *curral* e *corral*, esta última máis característica das áreas do norte de Galicia e seguramente favorecida pola súa forma idéntica ao castelán. Na súa orixe deberon designar cercados de valados para recoller o gando. Nalgúns casos os currais poden ser cubertos, ben de colmo, ben de tella. Na documentación de San Domingos de Pontevedra relativa ás propiedades que ese convento ten en Valadares vemos referencias a «una casa de fuego en que vive el dicho Rodrigo Alonso con su corral texado y corte de ganado» (*Segundos traslados*, 1646).

O Curral (*Corral* tamén en moitas das fontes escritas) é o nome dunha zona do barrio da Sobreira, con vivendas e terras de labor. No Catastro de Ensenada figura con ese nome (ou diferenciando *Curral de Abaixo* e *de Arriba*) e vén caracterizado como terras de labradío de regadío de segunda calidade. No libro de apeos de San Domingos de Pontevedra de 1591, entre as propiedades dese convento en Valadares menciónase o «*Campo do Curral*, que está cerrado y circundado sobre si, que lleva de sembradura quatro celemines». É verosímil que sexa ese campo «cerrado e circundado» a motivación que orixinou o topónimo.

Na forma de plural, na toponimia de Valadares presenta sempre a forma *Currás* (< CURRALES), tanto na fala coma nos rexistros escritos. **Os Currás** é o nome dunha área de vivendas, prados e terras de labor no Carregal, sobre o túnel da circunvalación VG-20 e ao sur del. Documéntase este topónimo no preito do Portal: «agua que viene de la Fuente de Seijo & de Currás» (1587). No Catastro de Ensenada e no seu *Expediente de comprobación*, e tamén no *Libro de afanegados*, as terras que levan este nome veñen cualificadas de labradío de regadío de segunda calidade. Outro topónimo idéntico, **Os Currás**, na Garrida, ao sur de Seoane, figura no mapa do centro veciñal como *Currás-Seoane*. Un terceiro **Os Currás** é unha extensa área de monte ao norte do territorio parroquial, nos barrios da Igrexa e do Freixo; no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* consta como monte e toxal de primeira, segunda e terceira calidades.

▶ Curuxeira

— **A Curuxeira** (O Portal)

Curuxa é o nome galego dunha ave rapaz nocturna (*Tyto alba*) relativamente común; é un termo de probable orixe prerromana. Son frecuentes os topónimos derivados do seu nome, aplicados non só a lugares caracterizados pola presenza destas aves, senón tamén a sitios recónditos ou de acceso difícil como os propios do hábitat das curuxas, por exemplo núcleos habitados situados en lugares afastados ou escondidos, ocultos polo relevo ou pola vexetación. O Nomenclátor de Galicia recolle vinte e cinco entidades de poboación cos nomes de *Curuxeira*, *Curuxeiras*, *Curuxal* etc. Non obstante, os zootopónimos relativos ás curuxas poden confundirse con orotopónimos dunha raíz **cor-*, de orixe prerromana, como a suposta para *Corme*, *Corcubión* ou *Coruxo*. Na parroquia de Valadares, estremeira con Coruxo, non podemos descartar o emprego dun xentilicio *coruxeiro*, *coruxeira* 'de Coruxo', que podería consolidarse na toponimia como ocorre en *A Bouzana/A Bousana/Busana* 'de Bouzas' (➲), por referencia a propietarios veciños ou orixinarios deses lugares. Con todo, parece máis verosímil que a zona de mato, arboredo e cultivos chamada **A Curuxeira**, ao norte do barrio do Portal, próxima á cirvunvalación VG-20 deba o seu nome ao relevo quebrado da zona e ao significado de 'lugar de acceso difícil, semellante ao do hábitat das curuxas'. O topónimo rexístrase no preito do lugar do Portal, do ano 1587: «el cocho da Corugeria [sic] que está en el dho lugar do portal». No Catastro de Ensenada consta como *Curujeira* ou *Curuxeira* e cualifícase como labradío de secaño e de regadío de segunda calidade. En 1877 rexístrase como *Corujeira, Coruxeira, Cruxeira*, coa mesma cualificación e mais tamén coa de prado e *cañaveral*. Nalgunhas fontes contemporáneas o topónimo aparece en plural, *Curuxeiras*.

Detrás da Costa ➲ Tras

▶ Devesa

— **A Devesa** (O Portal)
— **A Devesa** (As Barrocas)

— **A Devesa da Cotarela** (O Portal)
— **A Devesa da Sobreira** (A Sobreira)
— **A Devesa de Abaixo** (O Freixo)
— **A Devesa de Arriba** (O Freixo)
— **A Devesa da Lamosa** (O Portal)
— **A Devesa do Rei** (A Garrida)
— **A Devesa de Castros** (As Barrocas)
— **A Devesa do Torrón** (A Igrexa)
— **A Devesiña** (A Garrida)
— **A Devesiña** (O Freixo)
— **Camiño da Devesa** (A Sobreira)
— **Fonte da Mina da Devesa** (O Portal)
— **Monte da Devesa** (O Freixo)

A palabra *devesa* adoita designar antigos espazos forestais comunais (moitos acabaron en mans particulares, especialmente despois das desamortizacións do século XIX) afectados por certas restricións no seu aproveitamento destinadas a permitir o crecemento do arboredo para obter leña e sobre todo madeira. Boa parte das antigas devesas medievais de man común pasaron a considerarse no século XVI propiedade do rei baixo o pretexto da necesidade de fornecer de materia prima a construción naval, que incrementara exponencialmente a demanda de madeira cos descubrimentos transatlánticos e o imperio colonial. Esta circunstancia deixou pegada na toponimia co nome bastante común de *Devesa do Rei*; na cartografia de Galicia Nomeada recóllense máis de setenta áreas forestais con este nome na actualidade.

O substantivo *devesa* provén do latín tardío DEFENSAM, participio do verbo *defendere* 'defender' pero tamén 'vedar, prohibir', e con este sentido aplicouse a arboredos de aproveitamento restrinxido, acoutados e frecuentemente cerrados.

No Catastro de Ensenada infórmasenos das varias devesas existentes en Valadares e dos ritmos do seu aproveitamento: «las dehesas de primera calidad producen y se cortan de quatro a quatro años y las de segunda de seis a seis», e indícase cales eran as consideradas de propiedade real, sometidas a periódicas inspeccións. Polo que sabemos dalgunhas devesas reais da diocese de Tui, nos séculos XVI e XVII os veciños ás veces non respectaban as ordenanzas porque lles compensaba vender a madeira en Portugal e pagar as multas impostas polos funcionarios do rei de España.

Devesa é, pois, un topónimo relativo á silvicultura e á economía forestal. Entre os tipos de propiedades que se rexistran no Catastro de Ensenada ou no *Libro de afanegados* cualifícase como *devesa* (en castelán *dehesa*) a propiedade destinada especificamente para producir madeira ou leña. As devesas deixan pegada na toponimia da parroquia: coa forma simple temos **A Devesa** no barrio do Portal (unha zona hoxe de campos de cultivo ao sur dos Teixugos, onde se atopa a **Fonte da Mina da Devesa**, á beira da estrada do Foxo) e **A Devesa** no barrio das Barrocas (hoxe núcleo habitado ao sur das Vesadas). O nome en diminutivo aparece tamén en dous lugares: **A Devesiña**, nome dunha área de arboredo na zona de Seoane, na Garrida, probablemente a que aparece no Catastro de Ensenada nomeada como *Dehesa de Campo de Río*, e outro topónimo idéntico, **A Devesiña**, que designa campos de labor xunto a Sueido, no barrio do Freixo.

Máis frecuentes son os topónimos compostos, cun segundo elemento referido á localización; **A Devesa da Cotarela**, que nomea unha franxa de matogueira mesta na zona do mesmo nome, no Portal; **A Devesa da Sobreira**, unha zona de campos e de vivendas ao oeste do monte da Sobreira, á súa vez atravesada polo **Camiño da Devesa**; **A Devesa da Lamosa**, arboredo e mato no barrio do Portal, fronte ao parque tecnolóxico; **A Devesa do Torrón**, no barrio da Igrexa, xunto ao mesmo Torrón, que circunda a igrexa parroquial, e **A Devesa de Castros** (➲ *Castro*), no barrio das Barrocas, ao sur dos Bértolos. Outra devesa que debeu de ser extensa en tempos pasados é a situada no barrio do Freixo, ao oeste da Galiñeira, pois acabou dando tres topónimos que abranguen unha vasta área de arboredo e de monte: **A Devesa de Arriba**, **A Devesa de Abaixo** e o **Monte da Devesa**.

Na actualidade conserva memoria da antiga titularidade do rei o topónimo **A Devesa do Rei**, nome dunha zona de campos e de arboredo xunto a Outide da Garrida, e que debía de ser algunha das que aparecen entre as propiedades do rei no Catastro de Ensenada, onde se mencionan, baixo esta titularidade, unha «real dehesa al sitio de Sobreira», «otra dehesa al sitio de Outide» e «más dehesa en lugar de Barreira» que linda ao sur con «dehesa de distintos vezinos». Existían tamén os viveiros reais (➲ *Viveiro*), de menor tamaño ca as devesas, como os de Cardoso e de Outide (un ferrado e catro ferrados, respectivamente, destinados ao cultivo de especies arbóreas na súa primeira etapa, como complemento das devesas). Ademais das devesas reais,

aparecen atestadas no Catastro de Ensenada a *Devesiña do Freixo*, a *Devesa de Castros* e a *Devesa da Lamosa* que, nalgúns casos, veñen tamén descritas como terras de cultivo de regadío ou de secaño.

▶ Diabriña

— **A Diabriña** (O Freixo)

Recibe o nome de **A Diabriña** unha zona habitada no barrio do Freixo, ao norte da estrada de San Xoán. Baixo a aparencia dunha forma emparentada co castelán *diablo*, temos aquí un topónimo escuro, acaso de creación relativamente recente, pois non se rexistra no Catastro de Ensenada, aínda que si no *Libro de afanegados* como *Diabriña*, onde as herdades que designa veñen cualificadas como labradío de secaño de segunda calidade e de regadío de terceira. Quizais contén un sobrenome persoal formado a partir dun diminutivo feminino do castelán *diablo*, pero non podemos descartar outras hipóteses.

Dorra do Patiño ➲ Madorra

▶ Eido

— **O Eido Vello** (O Freixo, As Barrocas)
— **O Eido Vello** (As Barrocas)
— **Fonte do Eido Vello** (O Freixo)
— **Sueido** (O Freixo)
— **O Cocho de Sueido** (O Freixo)

O substantivo *eido* (< latín ADITUM, participio de ADIRE 'engadir') designaba en orixe as terras cultivadas que non eran inmediatas á vivenda (estas eran o *eixido* –ou *enxido*, na fala local de Valadares– do latín EXITUM 'saído'), pero pasou a denominar calquera terreo cultivado, cun significado equivalente a, segundo os casos, *agro*, *campo*, *cortiña*, *cocho* ou *leira*. Na toponimia de Valadares aparece no topónimo **O Eido Vello**, nome dunha extensión de arboredo e de matogueira xunto a Casouteiro, na estrema do barrio do Freixo co das Barrocas. O nome posiblemente ha referirse a terras que un día foron cultivadas e máis tarde quedaron a monte; no *Libro de afanegados* cualifícanse como mato as terras denominadas *O Eido Vello*. Hai alí unha fonte que recibe

o nome de **Fonte do Eido Vello**, con presa e un só cano de onde parten unhas canles de rego.

Outro topónimo idéntico, **O Eido Vello**, nomea uns campos de labor ao leste do Souto, nas Barrocas. No *Libro de afanegados* viña caracterizado como labradío de regadío de segunda calidade.

Precedido da preposición *so* (< latín SUB), o mesmo substantivo está presente nos topónimos **Sueido** ('debaixo do eido') e **O Cocho de Sueido**, no Freixo. No Castastro de Ensenada as propiedades localizadas «al sitio de Sueido» considéranse «sembradura de regadío» e «dehesa» e ocupan preto de dous ferrados de superficie, a cuarta parte dos cales era propiamente un souto de castiñeiros, segundo sabemos polo *Libro de afanegados*, onde ademais dos terreos de labradío recibe ese nome de *Sueido* (tamén coas grafías *Sub-eido* e *Subeido*) medio ferrado de devesa cualificado como «castañar» e «castañar y terrestal» (viveiro de castiñeiros novos).

▶ Eira

— **A Eira** (O Freixo)
— **A Eira** (A Sobreira)
— **A Eira** (O Carregal)
— **O Campo da Eira** (O Freixo)
— **O Campo da Eira** (As Barrocas)
— **A Chan da Eira** (As Barrocas)
— **A Eira Vella / A Eira Vella de Seoane** (A Garrida)
— **Suaeira** (O Freixo)
— **Os Eirados** (A Sobreira)

O substantivo *eira* (< latín AREAM 'área') é un termo común en galego para designar o espazo aberto onde se realizan a malla e outros labores agrícolas. As eiras podían ser particulares ou comunais e o chan podía ser de terra ou ben estar empedrado, mais era condición necesaria que fose un terreo despexado de árbores ou doutros elementos que puidesen interferir na malla do cereal. Temos varios topónimos con este substantivo na parroquia de Valadares. Coa forma simple **A Eira** noméanse ata tres lugares, hoxe núcleos habitados, nos barrios da Sobreira (ao oeste da Devesa da Sobreira), do Carregal (ao oeste do Caramancho) e do Freixo (ao oeste do monte dos Pozos). Algo máis ao norte deste último atopamos **O Campo da Eira**, que nomea unhas terras

de labor que no Catastro de Ensenada figuran como labradío de regadío e de secaño de primeira e de segunda calidade.

O mesmo composto **O Campo da Eira** nomea tamén outras terras de cultivo situadas no barrio das Barrocas, xunto ao Tombiño, que no Catastro de Ensenada se consideran labradío de secaño de primeira calidade.

A Eira Vella ou **A Eira Vella de Seoane** (xunto a Seoane, no barrio da Garrida) é o nome duns campos e dun pequeno grupo de vivendas, e foi núcleo habitado xa desde antigo (➲ *Seoane*). A curta distancia atópase **A Chan da Eira**, terras de cultivo, tamén con algunha vivenda, que seguramente reciben o seu nome por referencia á propia *Eira Vella* de Seoane.

No topónimo **Suaeira** temos un composto coa preposición *so* (< latín SUB), de xeito que vén equivalendo a 'debaixo da eira'. É o nome dunhas terras de labor no barrio do Freixo, ao sur da Cavada da Costiña.

Na documentación histórica menciónase na parroquia de Valadares unha *Casa da Eyra,* rexistrada nun protocolo notarial de 1669 e probablemente localizada na Eira Vella de Seoane. No Catastro de Ensenada os topónimos que conteñen a secuencia *a eira* rexístranse como *aira*, por aglutinación do artigo á vogal inicial: *Ayra da Riba, Ayra de Seoane* etc., por *A Eira de Arriba*, *A Eira de Seoane*…

Un derivado de *eira* é *eirado*, nome que designa superficies planas e abertas, que vén sendo un sinónimo de *eira*. Está presente no topónimo **Os Eirados**, nome dunhas terras a carón dun pequeno núcleo de vivendas ao norte da Devesa da Sobreira, no barrio deste nome.

Erbreñada ➲ Breña

▶ Ermida

— **A Ermida** (O Freixo)
— **A Ermida de Abaixo** (O Freixo)
— **A Ermida de Arriba** (O Freixo)
— **Ermida do Monte Alba** (As Barrocas)

O termo *ermida* (< latín EREMITAM, derivado de EREMUM 'o ermo, o deserto') pasou de designar a persoa (o *ermitán*) ao lugar que este coidaba e habitaba, con significado equivalente ao de *capela* ou *santuario*. Aplí-

case a un oratorio ou igrexa pequena, polo xeral afastados dos núcleos habitados. É un substantivo con abundante presenza na toponimia galega, onde case oitenta entidades de poboación levan directamente o nome *A Ermida* ou ben algún composto.

En Valadares está presente este nome nos topónimos **A Ermida de Arriba** e **A Ermida de Abaixo**, no barrio do Freixo, que designan uns campos de labor con algunha vivenda e conforman a área coñecida como **A Ermida**. A motivación do topónimo reside na súa proximidade á ermida ou á capela de *San Xoán do Freixo* (➲), que no pasado foi obxecto de litixios entre Valadares e a veciña parroquia de Comesaña. No Catastro de Ensenada cualifícanse como terras de labor de regadío e de secaño de segunda calidade as propiedades denominadas *A Ermida* e *Campo da Ermida* (habitualmente escrito incorrectamente cun *h* non etimolóxico: *Hermida*); na mesma fonte tamén se denominan co castelanismo *A Capilla* outras propiedades situadas na mesma área.

Empréganse igualmente de maneira alternativa as denominacións *ermida* ou *capela* para a **Ermida do Monte Alba** (➲ *Alba*).

▶ Ervellaca

— **A Ervellacosa** (A Sobreira)

A Ervellacosa ou **A Ervillacosa** é o nome duns campos e mais un pequeno núcleo de vivendas situados na estrema sur do parque tecnolóxico, no barrio da Sobreira. O topónimo constitúe un derivado abundancial de *ervellaca*, un dos nomes galegos da especie botánica *Vicia sativa*, planta rubideira con flores de cor púrpura, coñecida tamén como *veza* ou *herba da fame*. A *Ervellaca* é propiamente unha especie ventureira, de aspecto semellante aos legumes e ás fabáceas, o que explica o seu nome derivado *ervilla* ou *ervella* (< latín ERVILIAM 'chícharo', presente por exemplo no nome do núcleo chamado *Os Ervillás*, en Vincios) cun sufixo *-aca* (< -ACCA), de xeito que *ervellaca* viría significar algo así como 'falsa ervella'. O sinónimo *veza* deu orixe ao nome do concello lugués do *Vicedo*.

No Catastro de Ensenada e noutras fontes adoita aparecer este topónimo con *h-* inicial, seguramente por supoñelo erradamente da familia de *herba*: «al sitio de *Hervillacosa*» (CME).

En Galicia Nomeada, que recolle preto de medio millón de topónimos, *A Ervellacosa* en Valadares e outro derivado *A Ervellaqueira* no

concello coruñés de Ortigueira constitúen os únicos exemplos de derivados do nome da *ervellaca* na nosa toponimia.

Flor da ervellaca

Escampado ➲ Campo

Espedrigada ➲ Pedra

▶ Esqueiro

— **O Esqueiralto** (O Freixo)

Coñécese como **O Esqueiralto** unha zona de campos de cultivo no barrio do Freixo, ao leste do Folón. Contén un composto do substantivo *esqueiro* (< latín SCALARIUM) e o adxectivo *alto*. *Esqueiro* é un termo común en galego que designa os chanzos feitos na vertical dun valado ou dun desnivel para subilo ou baixalo. A orografía da zona, con varios desniveis con comareiros ou muros de contención, xustifica a orixe do topónimo, aínda que non resulte doado identificar o *esqueiro* que o motivou.

▶ Estramontada

— **A Estramontada** (As Barrocas)

A Estramontada é o nome dun campo de labor no barrio das Barrocas, ao norte das Cans, no ángulo que forma unha volta da estrada do Souto. É un topónimo escuro. Os dicionarios portugueses recollen para un adxectivo *estramontado* o significado de 'perdido, desorientado'. Un verbo *tramontar* (< latín TRANSMONTARE) figura nos dicionarios galegos co significado de 'pasar ao outro lado do monte'. Descoñecemos se algunha destas acepcións puido motivar o topónimo de Valadares, que non puidemos localizar na documentación histórica da parroquia. Quizais é unha alteración dun participio **A Instrumentada**, co significado de «rexistrada oficialmente», a partir da acepción de *instrumento* como 'documento, contrato oficial, documento notarial' (➲ *Carta*).

▶ Estripo

— **O Estripeiro** (As Barrocas)
— **Fonte do Estripeiro** (As Barrocas)

O galego *estripo* é o nome do espiño albar, *Crataegus monogyna*, e outras especies de arbustos e de árbores da familia das rosáceas, que reciben este nome procedente do latín STIRPEM debido ao seu uso como patróns para enxertos. Xunto coa forma *estripo* tamén se emprega o derivado *estripeiro* co mesmo significado, mediante o sufixo correspondente ao latín -ARIU. É un nome relativamente común na toponimia da Galicia suroccidental (en Galicia Nomeada cóntanse sesenta e oito topónimos desta familia, coa forma simple *estripo* ou cos derivados *estripeiro* e *estripeiral*).

Está presente na parroquia de Valadares no topónimo **O Estripeiro**, nome dunhas terras de monte do barrio das Barrocas, situadas ao oeste do monte Cepudo. Temos tamén unha **Fonte do Estripeiro**, á cal se accede desde a estrada do Zondal.

▶ Faba

— **Os Fabás** (A Sobreira)
— **Camiño dos Fabás** (A Sobreira)

— **Fonte dos Fabás** (A Sobreira)
— **A Ponte dos Fabás** (A Sobreira)
— **A Vesada dos Fabás** (A Sobreira)


Juan Costas das Barrocas.... No 12.
Juan fernandez..... No 17.
Juan Benito Alonso..... No 22.
Juan figueroa..... No 27.
Juan Gonzalez..... No 33.
Julian da vila dos fabás.... No 38.

O substantivo *fabás* é o plural de *fabal*, derivado colectivo de *faba* (< latín FABAM), coa solución propia do galego local: *curral-currás*, *fabal-fabás* (galego estándar *currais*, *fabais*). Un *fabal* é un terreo onde abundan estes legumes do xénero *Phaseolus*. Non podemos saber se se refire á especie cultivada ou a calquera variedade brava ou silvestre.

En Valadares, **Os Fabás** constitúe un dos núcleos de poboación do barrio da Sobreira. O nome designa unha zona extensa de vivendas e de terras de labor ao oeste do parque tecnolóxico, ao norte da Comareira. Transita a zona o chamado **Camiño dos Fabás** e hai alí tamén a **Fonte dos Fabás**, dun cano, con auga procedente de Fontefría, Mouráns e Quintián. A curta distancia atópanse as terras de labor chamadas **As Vesadas dos Fabás**. Algunhas fontes recollen co nome de **A Ponte dos Fabás** unha área da Sobreira na estrema coa parroquia de Beade; a ponte que motiva o topónimo é probablemente a que denominan A Ponte de Quintián os veciños de Beade.

Na fala local e nalgunhas fontes escritas rexístrase en ocasións este topónimo co artigo en singular (As Vesadas do Fabás, A Ponte do Fabás), indicio de que posiblemente deixara de percibirse coma o plural dun derivado en *-al*, tal como aconteceu con *Carballás/Carballases* (➲).

No Catastro de Ensenada o topónimo *Os Fabás* describe o núcleo habitado e as terras de cultivo de secaño, e emprégase asemade en

cadeas onomásticas para identificar veciños dese lugar: *Julián da Vila dos Favâs*.

▶ Faixa

— **As Faixas** (A Igrexa)
— **As Faixas dos Penedos** (A Igrexa)

As Faixas é unha zona relativamente extensa de arboredo ao oeste da Rabadeira, no barrio da Igrexa. O topónimo parece obedecer ao feito de estar constituída por varias superficies de terreo estreitas e longas, a xeito de bandas horizontais. Dentro desta área atopamos unha forma individualizada, **As Faixas dos Penedos** (➲ *Pena*), no extremo oeste.

O substantivo *faixa* (< latín FASCIAM 'venda, faixa') na toponimia pode aplicarse a terreos ou a propiedades que presentan unha forma estreita e alongada. Este topónimo rexístrase no Catastro de Ensenada coas grafías *Faijas, Fayjas* e *Faijas da Moo* e describe terras de monte de primeira, segunda e terceira calidade.

▶ Falcón

— **O Falcón** (A Sobreira)

O Falcón é o nome duns campos de labor no barrio da Sobreira, dentro da área do Padrón do Couto. Non podemos determinar se se trata dun zootopónimo, en referencia á presenza, habitual ou anecdótica, da ave rapaz designada con este nome (*falcón*, do latín FALCONEM), ou ben se estamos ante un alcume ou un apelido de propietario, da mesma orixe, que semella o máis verosímil, de termos en conta que *Falcón* é un apelido que se rexistra no Val de Fragoso desde a Idade Media e que na parroquia de Castrelos hai un exemplo de topónimo motivado por este apelido: *A Falcoa*, feminino a partir dun apelido de propietario (*A Falcoa* = 'A de Falcón').

▶ Farrapo

— **A Farrapada** (A Igrexa)

Os derivados do substantivo *farrapo* 'anaco de tea moi gastado e roto' adoitan designar na toponimia propiedades moi fragmentadas e, polo xeral, pequenas. É máis común a forma *Esfarrapada*: no Nomen-

clátor de Galicia constan trece localidades con ese nome fronte ás cinco chamadas (*A*) *Farrapa* ou (*A*) *Farrapada*. Crese que *farrapo* procede dun verbo *farpar* 'esgazar', de orixe incerta, común a moitas linguas romances. En Valadares só temos constancia dun topónimo pertencente a esta familia léxica en **A Farrapada**, nome dun campiño de labor ao sur da Rabadeira, no barrio da Igrexa. Consta en Galicia Nomeada e non se rexistra noutras fontes.

▶ Feira

— **A Feira** (A Igrexa)

A Feira nomea un núcleo de vivendas no barrio da Igrexa, xunto ao camiño de Quinta, ao norte da Devesa do Torrón. O substantivo *feira* (do latín FERIA, en orixe 'día laborable') é unha denominación común en galego para designar a xuntanza de xentes en día sinalado co obxecto de vender e de comprar mercadorías, así como o sitio (o *campo da feira*) en que se desenvolve. En moitas vilas e parroquias de Galicia foron comúns as feiras mensuais ou quincenais celebradas en días fixos de cada mes; eran especialmente de gando vacún ou cabalar, pero tamén se comerciaban produtos agrarios, lácteos, outros animais, apeiros de labranza, zocos..., e constituían un elemento fundamental do comercio rural. Esta actividade deixou unha considerable pegada na toponimia galega, onde atopamos medio cento de núcleos de poboación que conteñen o substantivo *feira* no seu nome, con especial profusión do composto (*O*) *Campo da Feira*. En Valadares, o topónimo *A Feira* designou o espazo onde se celebraba a feira mensual de gando, maiormente vacún, o día 17 de cada mes, segundo se nos informa no Interrogatorio do Catastro de Ensenada, nos dicionarios xeográficos de Sebastián Miñano (1826-1829) e de Pascual Madoz (1845-1849), e noutras fontes.

prod. se hallarán en el art. Eluda [*Véase*].
VALLADARES (San Andres de), V. S. de Esp. en Galicia, prov. y obisp. de Tuy, jurisd. de su nombre. J. O., 260 vec., 1174 hab., 1 parr. Su sit. y prod. se hallarán en el art. Beade San Estevan. Feria de ganado el 17 de cada mes. Dista 3 leg. de la cap. y 14 de Santiago. Contr. 5,522 reales 28 maravedises.

▶ Figueira

— **A Figueira** (O Freixo)

Figueira (< latín FICARIAM) designa en galego a árbore *Ficus carica*, que dá como froito o figo. É unha especie comunmente cultivada polos seus froitos e a súa presenza deixou unha importante pegada na toponimia galega (máis de corenta núcleos de poboación teñen este nome ou derivados e a cifra atinxe o medio millar na microtoponimia recollida en Galicia Nomeada).

Na parroquia de Valadares denomínase **A Figueira** unha área de terras de labor no barrio do Freixo, ao sur do Campo Grande, preto da estrada de San Xoán. Menciónase este topónimo, castelanizado, no texto do preito do Portal en 1587: «por el camino que viene de la Higuera derecho». Na documentación relativa ás propiedades en Valadares do convento de San Francisco de Vigo (*Memorial cobrador de Censos*, 1672, AHN) rexístrase nun composto *Campo da Figueira*, que debe de referirse a este mesmo lugar. No Catastro de Ensenada aparece ocasionalmente cunha variante en plural, tanto no simple coma nun composto *Campo de Figueiras*.

▶ Folón

— **O Folón** (O Freixo)

O Folón é unha zona de arboredo no barrio do Freixo, dentro da área chamada O Talliño. Contén o substantivo común *folón* (< latín

FULLONEM): 'batán, aparello de madeira con dous mazos que, movidos pola acción da auga, baten os tecidos'. Os lugares denominados *O Folón* adoitan ser sitios onde hai muíños ou cursos de auga, aproveitados para impulsar os mazos que baten os panos. A artesanía téxtil foi unha actividade moi común en toda Galicia ata o século XIX.

Descoñecemos a motivación que orixinou este topónimo do Freixo. Non dispoñemos de información sobre a posible existencia de folóns en Valadares no pasado, e na resposta 17 do Interrogatorio do Catastro de Ensenada, onde se pregunta polos *artefactos* que traballan na parroquia, só se mencionan os diferentes muíños, ningún batán ou folón.

▶ Fonte

— **A Fonte** (O Freixo)
— **A Fontiña** (O Freixo)
— **A Fontiña** (As Barrocas)
— **A Fontela** (A Garrida)
— **A Fontela** (As Barrocas)
— **Fonte Carreira** (As Barrocas)
— **Fonte da Abelleira / Fonte da Abilleira** (O Freixo)
— **Fonte da Barreira** (A Igrexa)
— **Fonte da Cacheira** (O Freixo)
— **Fonte da Candea da Igrexa** (As Barrocas)
— **Fonte da Chan / Fonte da Estrada do Alba** (As Barrocas)
— **Fonte da Chanca / Fonte dos Barros** (O Portal)
— **Fonte da Chosca** (A Igrexa)
— **Fonte da Cuncha** (As Barrocas)
— **Fonte da Estrada do Portal** (A Sobreira)
— **Fonte da Garrida / Fonte do Alto da Garrida** (A Garrida)
— **Fonte da Mina da Devesa** (O Portal)
— **Fonte de Quinta** (A Igrexa)
— **Fonte da Raposa** (A Garrida)
— **Fonte da Regamán** (As Barrocas)
— **Fonte da Silveira** (O Carregal)
— **Fonte da Simona** (O Carregal)
— **Fonte da Torre** (A Igrexa)
— **Fonte da Valada** (A Garrida)
— **Fonte da Vila** (O Portal)

— **Fonte das Mitoas** (O Freixo)
— **Fonte das Barrocas** (As Barrocas)
— **Fonte das Cans** (As Barrocas)
— **Fonte das Cortes** (O Portal)
— **Fonte das Cortiñas** (A Sobreira)
— **Fonte das Mouteiras** (A Sobreira)
— **Fonte das Quendas** (As Barrocas)
— **Fonte das Regadiñas** (A Sobreira)
— **Fonte de Alén / Fonte do Regueiro de Alén** (O Freixo)
— **Fonte do Freixo** (O Freixo)
— **Fonte de Igrés** (O Portal)
— **Fonte de Peimallo** (O Freixo)
— **Fonte de San Bartolomeu** (As Barrocas)
— **Fonte de San Xoán / Fonte do Pracer** (O Freixo)
— **Fonte de Seoane** (A Garrida)
— **Fonte de Vales** (A Garrida)
— **Fonte do Monte Alba / Fonte do Alba / Fonte do Justo / Fontes do Alba** (As Barrocas)
— **Fonte do Arroio** (As Barrocas)
— **Fonte do Barreiro** (O Portal)
— **Fonte do Barronco** (A Igrexa)
— **Fonte do Caramancho** (O Carregal)
— **Fonte do Caride** (O Carregal)
— **Fonte do Carregal** (O Carregal)
— **Fonte do Coello** (O Freixo)
— **Fonte do Eido Vello** (O Freixo)
— **Fonte do Estripeiro** (As Barrocas)
— **Fonte dos Fabás** (A Sobreira)
— **Fonte do Lago** (O Portal)
— **Fonte do Lirán** (A Garrida)
— **Fonte do Ouro / Fontedouro** (O Freixo)
— **Fonte do Pracer** (O Freixo)
— **Fonte do Pereiro** (A Garrida)
— **Fonte do Pingallo** (As Barrocas)
— **Fonte do Rei** (A Igrexa)
— **Fonte do Sapo** (O Portal)
— **Fonte do Seguedo** (A Igrexa)
— **Fonte dos Seixos** (A Garrida)

— **Fonte do Souto** (As Barrocas)
— **Fonte do Xestal** (A Igrexa)
— **Fonte dos Bértolos** (As Barrocas)
— **Fonte dos Pozos** (O Freixo)
— **Fontecovas** (A Sobreira)
— **Fontefría** (A Sobreira)
— **O Cocho da Fonte** (As Barrocas)

O substantivo *fonte* (< latín FONTEM) é un dos máis recorrentes na toponimia galega e designa tanto un manancial natural de auga coma a construción (polo xeral de pedra, con cano e pía) que fornece da auga conducida dunha mina ou manancial. Na parroquia de Valadares máis de setenta topónimos levan este substantivo no seu nome, as máis das veces nunha estrutura do tipo *fonte* + *de* + un segundo elemento que adoita ser o topónimo do lugar onde se atopa a fonte ou o nome persoal ou familiar de antigos propietarios. Reproducen este esquema os seguintes topónimos de Valadares:

A **Fonte da Abelleira** (➲) ou **da Abilleira** toma o seu nome da zona así chamada no estremo norte da parroquia (*A Abelleira de Arriba*, xunto aos Martices, no Freixo).

A **Fonte da Barreira** (➲) no núcleo habitado da Barreira, no barrio da Igrexa.

A **Fonte da Cacheira** (➲ *Cachar*), na aba leste do monte Alba. Ten acceso a través dun sendeiro con forte pendente. Conta cun lavadoiro con teito e pedras de lavado e unha presa con muros de formigón. Hai canles para distribuír a auga ata os campos. É auga de manancial que procede do monte Alba.

A **Fonte da Candea da Igrexa** (➲ *Candea*), no barrio das Barrocas, ao sur dos Mandíns. A zona da cal toma o seu nome destinou nalgún momento da historia parte do seu produto agrícola para pagar a cera da iluminacion da igrexa parroquial.

A **Fonte da Chan**, tamén chamada **Fonte da Estrada do Alba** (nome con que aparece na rotulación municipal), situada na subida ao monte Alba, fronte ao miradoiro. Consta dunha estrutura de pedra irregular cun bebedoiro para animais e a denominación de *Fonte da Chan* lígaa ao proxecto *Chan das Esculturas*, dentro do cal se incluíu a súa construción, a mediados da década de 1990. A auga é de manancial, procedente do monte Alba e do Cepudo. Da fonte sae unha estreita canle de pedra que baixa ata unha lagoíña.

A **Fonte da Chanca**, no barrio do Portal, atópase á beira do camiño da Valada. É unha fonte dun cano, con estrutura de pedra e unha placa do concello. A auga é de manancial, dunha vertente dos montes Alba e Cepudo. Antigamente era tamén coñecida como *Fonte dos Barros* e a estrutura de pedra que agora presenta foi realizada por Xosé Ramón Seoane Rosende, quen tamén fixo a da *Fonte da Cuncha*. A referencia ao *barro* neste nome alternativo lévanos a pensar que posiblemente responde á mesma motivación, e que fose a condición barrenta ou lamacenta dunha poza ou charco, é dicir, unha *chanca*, causada pola propia fonte, a que suscitou ambos os nomes. Con todo, non se pode descartar que *dos Barros* se refira a unha familia, pois rexistramos ese apelido na parroquia desde polo menos o século XVI (➲ *Barro*).

A **Fonte da Chosca** contén probablemente un sobrenome persoal formado sobre o substantivo e o adxectivo comúns en galego *chosco, chosca* ('quen ou que padece algunha deficiencia visual'), non sabemos se aplicado a unha muller chamada *A Chosca* ou se mediante o adxectivo aplicado á propiedade dun propietario masculino (*A Chosca* = 'A do Chosco'). Atópase no camiño da Igrexa, dentro da Devesa do Torrón, ao norte da igrexa parroquial. Deita auga de manancial procedente do monte dos Pozos. A estrutura consta de dous canos cunha parte antiga de pedra en forma de arco, de onde sae un cano, e outra parte contigua cun segundo cano e pía. Ten pedra de lavar e foi reformada e cuberta con teito metálico por iniciativa da comunidade de montes.

A **Fonte da Cuncha** está situada na estrada do Monte Alba, á mesma beira dela. O nome vén motivado pola forma de cuncha de vieira aberta que forman a pía e a parte do cano. Posúe dous bancos de pedra a ambos os lados e unha placa conmemorativa que lembra a Xosé Ramón Seoane Rosende, quen construíu a fonte, cunha cita dedicada á auga, hoxe desafortunadamente ilexible. Foi construída na década de 1960 e a súa auga procede do Cepudo.

A **Fonte da Estrada do Portal** (➲ *Portal*), no barrio da Sobreira, está situada á beira da estrada que a nomea.

A **Fonte da Garrida** ou **Fonte do Alto da Garrida** (➲ *Garrida*) atópase no camiño dos Mangales, no barrio da Garrida.

A **Fonte da Mina da Devesa** (➲ *Devesa*; *Mina*) está situada na Devesa do barrio do Portal, á beira da vía denominada estrada do Foxo.

A **Fonte de Quinta** (➲ *Quinta*), no camiño do mesmo nome, está preto do cruzamento coa estrada de Valadares.

A **Fonte da Raposa** (➲ *Raposo*), no barrio da Garrida, xunto á estrada da Costa, sitúase nunha zona de campos de labor e de vivendas.

A **Fonte da Simona** (➲ *Simón*), no camiño do mesmo nome, atópase na zona da Simona, no barrio do Carregal.

A **Fonte da Torre** (➲ *Torre*), no barrio da Igrexa, sitúase entre os camiños de Quinta e da Marquesa.

A **Fonte da Valada** está na área do mesmo nome (➲ *Valo*), no barrio do Portal.

Na **Fonte da Vila**, a fonte suscitou o nome do núcleo habitado, un grupo de vivendas con campos de labor, no barrio do Portal. O complemento «da Vila» ten enorme presenza na onomástica da parroquia; no seu uso como apelido toponímico desde a Idade Media (*da Vila, Davila*), en certa medida pode interpretarse como equivalente a *de Valadares*. Neste topónimo concreto é difícil saber se o complemento do nome da fonte é propiamente xeográfico ou contén unha referencia ao apelido dos habitantes, dado que os que rexistramos na documentación histórica son portadores dese apelido; no Catastro de Ensenada a veciña chamada *Beatris da Vila* reside na *Fonte da Vila*, nunha casa metade dun alto e metade terreña (➲ *Vila*).

Consta nalgunhas fontes escritas unha **Fonte das Almitoas** ou **Fonte das Mitoas** (➲ *Mitón*), posiblemente unha denominación alternativa da *Fonte de Peimallo*.

A **Fonte das Barrocas** (➲ *Barroca*) atópase no núcleo do mesmo nome, uns metros antes de chegar á estrada do Souto. É unha fonte dun cano, con pía de pedra e lavadoiro con teito. A súa auga é dun manancial que proviña dos montes Alba e O Cepudo, pero secou por captación privada, circunstancia que se resolveu grazas aos regantes das Cans, que cederon parte do seu manancial, e á insistencia do centro veciñal e da comunidade de montes.

A **Fonte das Cans** (➲ *Cal*), no barrio das Barrocas, ao leste da área de lecer das Cans, na zona do mesmo nome, As Cans, é unha fonte dun cano cun lavadoiro en pedra, rústico, sen teitar. Na parte alta hai unha presa para regar e outra presa con muros de formigón desde o lavadoiro cara á parte baixa. A auga é de manancial que vén dos montes Alba e Cepudo.

A **Fonte das Cortes** (➲ *Corte*), na zona do mesmo nome no barrio do Portal. É unha fonte de dous canos nun lavadoiro con teito e pedras de lavado a man.

A **Fonte das Cortiñas** (➲ *Corte*) atópase no barrio da Sobreira, na estrada da Garrida, a uns metros do cruzamento co camiño dos Fabás; ten pía de pedra e un só cano.

A **Fonte das Mouteiras** (➲ *Mouteira*), na área do mesmo nome, sitúase no barrio da Sobreira.

A **Fonte das Quendas** (➲ *Quenda*) atópase no barrio das Barrocas, polo camiño do Souto.

A **Fonte das Regadiñas** (➲ *Rega*), no barrio da Sobreira, atópase nas Regadiñas.

A **Fonte de Alén**, tamén chamada **Fonte do Regueiro de Alén** (▶ *Regueiro*), do mesmo nome ca o lugar onde se atopa, está no barrio do Freixo.

A **Fonte de Peimallo** (➲ *Peimallo*), no Freixo, sitúase ao pé do camiño do mesmo nome.

A **Fonte do Freixo** (➲ *Freixo*) é o nome dunha zona de campos de labor e de vivendas no barrio do Freixo, xunto á estrada de San Xoán, na estrema co Campo da Eira. Unha fonte física (é dicir, construción) motivou o nome da zona.

A **Fonte da Igrés** rexístrase na cartografía de Galicia Nomeada, que a sitúa no río das Cortes, ao sur do Pedregal, por detrás do polideportivo, no barrio do Portal. No *Libro de afanegados* figuraba como *Fonte da Ygrexe*.

A **Fonte de San Xoán** atópase no barrio do Freixo, xunto á estrada de San Xoán (➲ *San Xoán*), entre A Ermida de Arriba e O Pracer, polo que tamén é coñecida como **Fonte do Pracer** (➲ *Pracer*).

A **Fonte de Seoane** (➲ *Seoane*), na área do mesmo nome, atópase no barrio da Garrida.

A **Fonte de Vales** (➲ *Val*), no barrio da Sobreira, está en Vales, onda a avenida de Clara Campoamor. Na outra beira desta avenida atópase un lavadoiro chamado tamén *Fonte de Vales*.

A **Fonte do Arroio** (➲ *Arroio*) ten dous canos, pía e chan de cascallo. Atópase no barrio das Barrocas, na estrada do Souto, baixando por un carreiro cara a unha depresión do terreo con campos de labor.

A **Fonte do Barreiro** (➲ *Barro*) encóntrase no barrio do Portal, na área do mesmo nome.

A **Fonte do Barronco** (➲ *Barronco*) está situada na Rabadeira, no barrio da Igrexa, xunto ao camiño do Regueiro, nunha zona de mato

e de arboredo da aba oriental do monte dos Pozos. Accédese a ela a través dun sendeiro con acusada pendente. É unha fonte dun cano con lavadoiro e con presa en estado de abandono.

A **Fonte do Caramancho** (➲ *Caramancho*) atópase no barrio do Carregal, ao norte da área do mesmo nome, xa na estrema con Beade.

A **Fonte do Caride**, tamén no Carregal, atópase xunto á avenida de Clara Campoamor, na marxe da propiedade chamada A Lagoa, fronte ao Hospital Álvaro Cunqueiro. Accédese a ela por un camiño desde a avenida; o cano sae do muro dunha propiedade particular. O segundo elemento do composto que nomea a fonte é sen dúbida un apelido de propietarios, apelido toponímico que no Val de Fragoso ten como foco de expansión o lugar de Caride, na parroquia de Santa Cristina de Lavadores.

A **Fonte do Carregal** é unha fonte de dous canos que verten a auga a unhas pías de pedra; atópase no barrio do mesmo nome, concretamente no camiño do Canizo que, pola súa banda, denomina o lavadoiro onde se atopa esta fonte, o *Lavadouro do Canizo*.

A **Fonte do Coello** (➲ *Coello*) é unha fonte dun só cano que sae dunha rocha e preto da cal hai unha pequena lagoa natural. A fonte nomea toda a área onde se atopa, unha zona de arboredo ao leste dos Currás, no barrio do Freixo.

A **Fonte do Eido Vello** (➲ *Eido*) atópase no barrio do Freixo, na zona denominada O Eido Vello.

A **Fonte do Estripeiro**, na estrada do Zondal, recibe o nome da área en que se encontra (➲ *Estripeiro*).

A **Fonte dos Fabás** (➲ *Faba*), atópase xunto ao camiño dos Fabás, no barrio da Sobreira. Preto dela hai un lavadoiro co mesmo nome.

A **Fonte do Lago** está situada nas proximidades da estrada do Portal.

A **Fonte do Monte Alba** ou **Fonte do Alba** (➲ *Alba*), é tamén coñecida como **Fonte do Justo** ou **Fontes do Alba**, en plural, debido a que se xuntaran nunha mesma fonte as tres que existían antigamente, moi próximas unhas das outras: a *Fonte da Virxe da Alba*, a *Fonte de Samertalomeu ou San Bartolomeu* e mais a *Fonte do Demo*, das cales se contaban feitos milagreiros dos romeiros ofrecidos que bebían nelas. O culto a San Bartolomeu debeu de existir xa desde antigo na parroquia, tal e como relata Espinosa en *Tierra de Fragoso* (1949) ao ocuparse da parroquia de Valadares, ao falar da capela do Alba:

> En esta capilla se venera y festeja a la Virgen con la advocación del Alba, y a **San Bartolomé**. Para celebrar sus fiestas, el día 15 de Agosto, llevan de la iglesia parroquial las dos imágenes hasta la ermita, y el 24 siguiente, conducen a la imagen del Rosario, que es recibida muy ceremoniosamente cerca de la cumbre, con arreglo a viejas reglas, que si no son precisamente litúrgicas, son tradicionales e inspiradas por la fe.

Na actualidade consérvanse os tres canos diferenciados e co nome de cadansúa fonte labrado na pedra, malia só ter caudal aberto o do medio, o da *Fonte de San Bartolomeu*. A construción consta dos tres canos e de catro bebedoiros de pedra para as bestas e atópase na estrada do Monte Alba.

A **Fonte do Ouro** (ou **Fontedouro**) está situada no Campo Longo, xunto á estrada de San Xoán, no barrio do Freixo. É unha fonte dun cano e dun lavadoiro cuberto, tamén coñecido como *Lavadouro do Galiñeiro* (➲), quizais porque o Campo Longo está ao norte de *A Galiñeira* (➲). A auga procede dos montes Alba e dos Pozos. O topónimo, baixo a aparencia dun composto co substantivo *ouro* (< latin AURUM), contén probablemente un hidrónimo prerromano *auriu*, *auria*, como o que orixinou os diferentes ríos chamados *Ouro* ou, mediante un derivado, o nome de *Ourense*. O Nomenclátor de Galicia recolle unha entidade de poboación chamada *Fontedouro* no concello ourensán de Punxín, que se documenta como *A Fonte do Ouro* no século XV. En Santiago de Compostela, a fonte e o barrio denominados *A Fonte do Ouro* deron nome no pasado á fábrica de gaseosas e de augas carbónicas «La Fuente del Oro», radicada alí. Na cartografía de Galicia Nomeada cóntanse sesenta e tres topónimos (*A*) *Fonte do Ouro* ou (*A*) *Fonte de Ouro* repartidos por todo o territorio. Noutras áreas son igualmente comúns os topónimos do tipo *Fuente del Oro*, *Font d'Or* e semellantes, formados co mesmo termo hidronímico prerromano, que noutro tipo de compostos está igualmente presente nos *Fontoira*, *Fontoura* da toponimia galega e portuguesa; e *Fontoria*, *Hontoria* e *Ontoria* da castelá.

A **Fonte do Pereiro** toma o seu nome da súa localización xunto ao Pereiro de Outide, no barrio da Garrida.

A **Fonte do Pingallo** é unha fonte dun cano con estrutura de pedra e presa, situada ao oeste do cemiterio particular, na estrada do Freixo. *Pingallo* é un substantivo derivado de *pingar* (< latín PENDICARE, derivado de *pendere* 'pender, colgar') e de *pinga* 'gota'; máis ca referirse á escaseza de auga, o *pingallo* quizais designou un cano que a fonte tivo no pasado.

A **Fonte do Rei** atópase no barrio da Igrexa, na estrema da Rabadeira coa Feira, en zona de campos e de arboredo. Ten dous canos e un lavadoiro con teito, e descoñecemos cal pode ser a motivación do seu nome; quizais porque foi realizada por intervención da administración real ou porque non estaba sometida ao señorío do couto.

A **Fonte do Sapo** está situada no barrio do Portal, no cruzamento da estrada do Portal co camiño tamén chamado do Sapo. Cunha estrutura de formigón, no interior ten varios elementos de pedra, co frontal de onde sae o cano, a pía e o banco. O nome *Fonte do Sapo* ou *Fonte dos Sapos* repítese con moita frecuencia na toponimia: en Galicia Nomeada rexístranse cincuenta e seis topónimos *Fonte do Sapo* ou *dos Sapos*, e é igualmente común na toponimia portuguesa e castelá (*Fuente del Sapo*), por seren os lugares húmidos o hábitat común destes batracios.

A **Fonte do Seguedo** (➲ *Seguedo*) atópase na zona que leva o mesmo nome, no barrio da Igrexa.

A **Fonte dos Seixos**, tamén está situada na área do mesmo nome, no barrio da Garrida (➲ *Seixo*).

Cun mesmo nome de **A Fonte do Souto**, coñécense ata tres fontes na parroquia de Valadares, unha no barrio da Sobreira e outras dúas no barrio das Barrocas, as tres situadas no interior ou nos arredores de zonas chamadas O Souto, de onde toman o seu nome (➲ *O Souto*).

A **Fonte do Xestal** (▶ *Xesta*) é a que se atopa dentro dun lavadoiro xunto á zona do mesmo nome, no barrio da Igrexa.

A **Fonte dos Bértolos** atópase nos Bértolos (➲), no barrio das Barrocas. É unha fonte dun cano, cun lavadoiro de pedra sen teito, rústico. Ao outro lado do camiño hai unha presa de formigón en bo estado. A auga provén do rego da Senra.

A **Fonte dos Pozos** toma o seu nome do monte dos Pozos, pois atópase na subida a este monte, na estrada do Freixo.

As **Fontes da Regamán** (➲) é unha zona de arboredo ao sur do Cepudo; o plural débese a que hai na zona varias construcións de pedra en cadanseu manancial.

Tamén temos na parroquia dous topónimos formados co substantivo *fonte* acompañado dun adxectivo: **Fontecovas** e **Fontefría**, ambos os nomes de terras que se atopan na estrema coa parroquia de Beade. **Fontecovas** nomea unha zona de monte ao nordeste do Outeiro Grande, na Sobreira; a denominación en plural é unha creación recente que substituiría a forma tradicional, *A Fonte Cova*, onde o adxectivo *cova* se refire ao feito de estar situada a fonte nun fondal.

Pola súa banda, **Fontefría** é o nome dunha extensa área de monte compartida coas veciñas parroquias de Beade e de Zamáns. Tanto no Catastro de Ensenada coma no *Libro de afanegados* as terras deste nome cualifícanse como monte, devesa e piñeiral. O nome seica procede dunha fonte situada a poucos metros do lugar onde estreman as parroquias, *A Fontefría* ou *A Fonte de Fontefría*. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* adoitan diferenciarse as partes da zona da Fontefría empregando dobre topónimo: *O Bispo-Fontefría*, *Patelas-Fontefría*, *Fontefría-Agostiño*, *Fontefría-Canteira*, *Fontefría-Cardoso*, *Fontefría-Toutizos*. Denomina, así mesmo, o **Regato de Fontefría**, pola mesma zona.

El abad de Valladares, a caballo. (Detalle de un grabado publicado en "Guerra de la Independenica", de Miguel Agustín Príncipe. Tomo II, pág 404. 1846).

En Fontefría produciuse no ano 1809 un importante episodio da guerra contra os franceces, protagonizado por veciños de diversas freguesías de Fragoso. A fazaña sitúase no contexto da Reconquista de Vigo, onde tamén destacou a figura do daquela abade de Valadares, Juan Rosendo Arias Enríquez. Pola súa activa participación no movemento contra os invasores, o abade de Valadares foi condecorado co escudo de honor e unha prebenda de cóengo na catedral de Santiago.

No Catastro de Ensenada documéntase tamén co mesmo nome, cando non castelanizado como *Fuente Fría*, unha extensión de terras de monte no Zondal, ao oeste do Areeiro, e boa parte dela xa pertence ao termo municipal de Nigrán.

Outro topónimo composto co substantivo *fonte* na parroquia é o de **Fonte Carreira** (➲ *Carro*), nome dunhas terras de arboredo xunto á estrada do Regueiro, ao oeste do cemiterio particular, no barrio das Barrocas. Non sabemos se a *carreira* do nome da *Fonte Carreira* estaría

motivado en orixe pola estrada do Regueiro ou polo camiño que sae desta cara ao noroeste, pois a zona así nomeada atópase na confluencia de ambas as vías.

Tamén son frecuentes os topónimos formados cun diminutivo de *fonte*; en Valadares temos **A Fontiña** como nome dunha zona de monte no barrio do Freixo, xunto ao Areeiro, e tamén **A Fontiña** como unha zona de campos no barrio das Barrocas, xunto a Casouteiro. Outro diminutivo, de orixe polo menos medieval, é **A Fontela**, nome con que se coñecen uns campos de labor no barrio da Garrida, na zona do túnel. **A Fontela de Alba**, pola súa banda, nomea a área de monte onde se atopa a *Fonte da Cuncha*, na subida ao monte Alba.

Dada a abundancia de fontes na parroquia, son pouco comúns os topónimos simples *A Fonte*, pois non determinan a fonte concreta de que se trata nin a súa localización, mais temos algún exemplo como **A Fonte**, que nomea unha área do barrio do Freixo, na zona dos Balcóns, tamén coñecida co nome alternativo de *Horta das Canas*; no Catastro de Ensenada rexístrase coa forma castelanizada como *La Fuente* e describe «sembradura de hortaliza segunda calidad» e outras terras de «sembradura regadío» no sitio de *Fuentes*, con forma en plural. No mesmo catastro tamén aparece un plural *Fuentes* para describir un monte de segunda calidade cuxo propietario ten casa e terras na Ervellacosa, na Sobreira, e en Prado, no Portal.

O substantivo *fonte* tamén aparece no nome do **Campo da Fonte** e da **Veiga da Fonte de Abaixo**, ambos no barrio das Barrocas, ao sur do cemiterio privado, lindando coa Cacheira, onde está a *Fonte da Cacheira*, que posiblemente constitúe a motivación destes dous topónimos, ademais do da área chamada **A Fontiña**, na mesma localización ca a *Fonte da Cacheira*. Outro topónimo simple **A Fonte**, próxima ao Pereiro e a Outide, no barrio da Garrida, convive coa denominación de **A Fonte do Pereiro**

Na documentación rexistramos outros topónimos co substantivo *fonte*: a *Fonte da Silveira* (➲ *Silveira*), a *Fonte do Lirán* (na Lagoa, estremando co camiño do Campo do Fútbol, no barrio da Garrida), cun segundo elemento que podería ser un alcume de propietario, acaso formado polo xentilicio da parroquia de Lira, en Salvaterra de Miño.

▶ Formiga

— **A Formigueira** (O Freixo)

A Formigueira *é o nome du*nhas terras de labor ao norte da Ermida, no barrio do Freixo. *Formigueira* é un zootopónimo, seguramente aplicado a espazos caracterizados pola presenza ou pola abundancia de formigas, mais tamén cabería a posibilidade de que se refira á planta denominada en galego *herba formigueira*, chamada tamén *té bravo* (*Dysphania ambrosioides*). Con todo, este topónimo en Valadares podería ser de creación relativamente recente, pois non se atopa na documentación histórica.

▶ Forno

— **Regueiro do Forno** (A Sobreira)

Descoñecemos se o segundo elemento do nome do *Regueiro do Forno* se refire a unha cavidade natural, coma noutros topónimos *Fornelos* e semellantes (➲ *Furna*), ou a un forno de cocer pan, cun significado equivalente ao de *A Tafona* (➲). O **Regueiro do Forno** é un pequeno curso de auga na área actualmente ocupada polo parque tecnolóxico e loxístico, en orixe relacionado cun topónimo *O Forno* que se atesta no Catastro de Ensenada.

Foro ➲ Aforada

▶ Foxo

— **O Foxo** (O Portal)
— **O Foxo** (A Garrida)
— **Os Cochos do Foxo** (O Portal)
— **O Cantón do Foxo** (O Portal)
— **Estrada do Foxo** (O Portal)
— **Os Foxos de Vincios** (A Garrida)
— **Río do Foxo** (O Portal)

Un *foxo* (< latín FOVEUM) é un fondal ou unha depresión do terreo. En toda Galicia son moi comúns os topónimos formados con este substantivo ou derivados, acotío aplicados a depresións ben naturais, ben arti-

ficiais, nos máis dos casos empregadas como trampas para cazar lobos. No caso de **O Foxo** de Valadares (no barrio do Portal, entre a avenida de Clara Campoamor e o parque tecnolóxico e loxístico, estamos ante un fondal de terreo onde hai, principalmente, campos de labor e onde empoza e discorre o curso de auga chamado ***Río do Foxo***, que alimenta varios muíños, algún dos cales aparece atestado no Catastro de Ensenada. O substantivo aparece formando tamén os topónimos **Os Cochos do Foxo** (➲ *Cocho*) e **O Cantón do Foxo** (➲ *Cantón*), que designan terras de labor situadas ao sur da área do Foxo. Desde a estrada do Portal ata a estrada da Venda, xa en Beade, atravesa a zona a vía coñecida como **Estrada do Foxo**.

Repítese o substantivo *foxo* noutros dous topónimos da parroquia: **Os Foxos de Vincios**, no barrio da Garrida, nomea unha zona boscosa que tamén forma depresión no relevo ao oeste do campo de fútbol, e de novo unha forma simple **O Foxo**, que denomina uns campos de cultivo ao sur de Seoane.

O topónimo rexístrase no Catastro de Ensenada e describe terras de cultivo de regadío (no caso do Foxo do barrio do Portal) e monte de segunda calidade (no Foxo do barrio da Garrida).

▶ Fraga

— **A Fraguiña** (O Freixo)

O substantivo *fraga*, etimoloxicamente emparentado co verbo latino FRANGERE 'romper', designaba en orixe penedos ou áreas pedregosas, mais en moitas zonas de Galicia pasou a designar calquera tipo de lugar dificilmente transitable, debido á constitución accidentada, *fragosa*, do terreo e acabou adquirindo un significado equivalente ao de *bosque*. De *fraga* deriva o adxectivo abundancial presente en *Fragoso* e no *Val de Fragoso*, denominación do territorio meridional da ría de Vigo, que no pasado constituíu unha unidade administrativa civil (partido de Fragoso, precedente do concello de Lavadores) e relixiosa (arciprestado de Fragoso). Temos un diminutivo de *Fragoso* no nome de *Fragoselo*.

Na toponimia de Valadares contamos cun único exemplo deste nome no diminutivo **A Fraguiña**, designación dunha zona de monte con arboredo no barrio do Freixo, ao norte do Zondal; a configuración do terreo, con abundantes penedos crebados, fai pensar que é o significado primixenio de *fraga* o que motivou este topónimo. Non parece

que se refira a este lugar o *Campo da Fraguiña*, que se rexistra entre as propiedades de Matamá e de Valadares nos libros de apeos de San Francisco de Vigo no século XVII. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* as terras chamadas *A Fraguiña* no Freixo aparecen cualificadas como tomada e como monte de terceira calidade.

▶ Francisco

— **A de Francisco** (O Freixo)

A de Francisco é un topónimo transparente que nomea uns campos de cultivo xunto aos Abelales, no barrio do Freixo, ao oeste do cemiterio privado, que responde a un propietario chamado *Francisco* (< do latín FRANCISCUS 'francés'). Non sabemos se é a mesma herdade que consta como *Campo de Francisco Álvarez* entre as propiedades aforadas polo convento de San Francisco de Vigo no século XVII en Matamá e en Valadares.



▶ Freixo

— **O Freixo** (O Freixo)
— **Capela de San Xoán do Freixo** (O Freixo)
— **Estrada do Freixo** (O Freixo)
— **Fonte do Freixo** (O Freixo)
— **San Xoán do Freixo** (O Freixo)

Freixo (< latín FRAXINUM) é o nome galego do *Fraxinus excelsior* e outras variedades de árbores do xénero *Fraxinus*. Constitúe un tema léxico con presenza abundante na toponimia de Galicia e nun derivado deulle o seu nome á parroquia viguesa de San Tomé de Freixeiro. En Valadares, o substantivo simple nomea un dos barrios da parroquia, **O Freixo**, o máis afastado do centro parroquial (na estrema oeste), atravesado pola vía chamada **Estrada do Freixo**, que vai desde o núcleo de **San Xoán do Freixo**, onde se atopa a **Capela de San Xoán do Freixo** (➲ *San Xoán*) ata o barrio da Garrida, pois desemboca na estrada do Monte Alba. Xunto á estrada de San Xoán, ao norte do Campo da Eira,

atópase unha área de terras de labor e algunhas vivendas nomeada **Fonte do Freixo**, de nome motivado pola existencia na zona dunha fonte dun só cano, con presa para regadío, alimentada pola auga que provén do monte dos Pozos.

O Freixo xa era núcleo habitado na Idade Media, e na documentación do século XVI está consolidado o seu uso en cadeas onomásticas, aplicado a individuos veciños ou orixinarios dese lugar: «*Juan Fernandez de o Freyxo* (…) *Juan Afonso de o Freixo*… (1597)». Na actualidade, na fala local este topónimo ten bastante uso sen artigo, pero a documentación histórica confirma que a denominación tradicional era sempre con el.

Ademais do núcleo habitado, que consta en todos os nomenclátores, *O Freixo* nomea varias zonas dos arredores, mencionadas no Catastro de Ensenada por medio de topónimos compostos: *Freixo de Arriba*, *Freixo de Painzás*, *Freixo das Cans* etc.

▶ Furna

— **As Furnas** (O Portal)
— **Babios das Furnas** (O Freixo)

O nome *furna*, emparentado con *forno* e co verbo *furar*, designa unha caverna ou unha concavidade profunda feita na vertente dunhas rochas. Malia ser un substantivo aplicado principalmente ás grutas escavadas na costa pola acción do mar, tamén aparece na toponimia do interior para nomear cavernas ou concavidades en barrancos. Esta é a característica orográfica que presenta a zona coñecida como **As Furnas** no barrio do Portal, xunto ao Caeiro, onde hai unha barranca profunda. No barrio do Freixo, o substantivo aparece no composto **Babios das Furnas** (➲ *Babio*), ao norte das chamadas Devesa de Arriba e Devesa de Abaixo. Neste caso descoñecemos cal pode ser o accidente orográfico que motiva o segundo elemento do topónimo, mais seguramente tamén foi a existencia dalgunha cova ou cavidade na zona.

▶ Gabián

— **O Monte do Gabián** (O Freixo, A Igrexa)

O **Monte do Gabián** é o nome dunha zona de arboredo ao leste do cemiterio privado, xunto á Miragaia, no barrio do Freixo. Algunhas fon-

tes rexístrano cunha variante castelanizada como *Monte do Gavilán*, probablemente por identificación co nome castelán da ave de rapina tamén denominada *gabián* en galego. O Nomenclátor de Galicia recolle seis entidades de poboación chamadas *Gabián* ou *O Gabián*, e con ese nome ou o de *Monte do Gabián* constan setenta topónimos na cartografía de Galicia Nomeada. Teñen todos en común unha orografía costenta, de pronunciadas pendentes. Estes topónimos non se refiren ás aves, senón que o común *gabián* (< gótico *gabilane*) está presente neles co significado de 'guedella ou apéndice flexible da vide e doutras plantas rubideiras', metaforicamente aplicado ás herdades ou ás edificacións situadas na pendente e que semellan gabear pola ladeira arriba.

▶ Galiña

— **A Galiñeira / As Galiñeiras** (O Freixo)
— **O Cocho da Galiñeira** (O Freixo)
— **Muíño da Galiñeira** (O Freixo)

A Galiñeira (ocasionalmente tamén en plural, **As Galiñeiras**) é o nome duns campos de labor, con algunha vivenda, situados entre a Devesa do Freixo e o camiño da Pinguela, no barrio do Freixo. O nome é un derivado de *galiña* (< latín GALLINAM), mais non podemos asegurar se o topónimo obedece á presenza desta ave na zona (ben domésticas, ben galiñas bravas, que tamén é verosímil), a un sobrenome de propietario ou a calquera outra motivación. Rexístrase no Catastro de Ensenada, onde describe terras de cultivo de secaño, e no *Libro de afanegados* tamén como prados de terceira. Da denominación da zona toma o seu nome o **Muíño da Galiñeira**, de construción posterior a 1753, pois non se rexistra no Catastro de Ensenada, e mais o campo de labor **O Cocho da Galiñeira**. Este último consta no *Libro de afanegados* como labradío de regadío (➲ *Cocho*).

▶ Gándara

— **A Gándara** (A Garrida)
— **Campo de *Fútbol da Gándara*** (A Garrida)
— **Estrada da Gándara** (A Garrida)
— **A Chan da Gándara** (A Garrida)
— **O Marco da Gándara** (A Garrida)

O substantivo galego *gándara* (*ghándara*, *ghandra*, *ghranda*, no galego da zona), de orixe prerromana, designa terreos infértiles ou improdutivos. Ten enorme presenza na toponimia: o Nomenclátor de Galicia recolle noventa e seis entidades de poboación que o conteñen no seu nome, sen contarmos variantes (*Granda, Gandra*…) e derivados (*Gandarela*, *Grandela*, *Gandarón* etc.).

En Valadares, o topónimo **A Gándara** denomina unha área situada no suroeste do territorio parroquial, no barrio da Garrida, onde se atopa a instalación deportiva coñecida como o **Campo de Fútbol da Gándara**. Na executoria do preito do Portal (1587) fálase dunhas «heredades que están na *gándara darcos* que labró domingos el portugués, criado de Pedro de la iglesia, difunto», denominación que se repite no Catastro de Ensenada coa forma *Gandra de Arcos*, onde aparece mencionada xunto a outras «tierras inútiles por naturaleza» pertencentes ao común do couto de Valadares.

O topónimo en forma simple e singular, **A Gándara**, repítese tamén no barrio da Garrida para nomear unha área de terras de labor e de vivendas nas proximidades do Cruceiro, xunto á **Estrada da Gándara**, onde tamén se atopa **A Chan da Gándara**, igualmente unha zona de terras de cultivo e de vivendas. **O Marco da Gándara** (➲ *Marco*) sitúase nas proximidades da rotonda da Pasaxe, na estrema con Vincios. Descoñecemos se este marco é o mesmo ca o denominado *Marco das Maquías*, mencionado no Interrogatorio do Catastro de Ensenada, ou se é outro quizais situado algo máis ao oeste, ao sur do campo de fútbol. Presumiblemente, *A Gándara* ou *A Gándara de Arcos* debeu ser orixinariamente un topónimo que designaba unha grande extensión na Garrida, no sur do territorio de Valadares.

▶ Garoula

— **A Garoula** (As Barrocas)

Con este nome coñécense unhas terras de cultivo e de arboredo xunto ao cemiterio privado, no barrio das Barrocas. Debe de ser o mesmo topónimo que se menciona nos preitos de Simón Rodríguez no século XVI como «heredad de la Garoula». Aparece tamén con ese nome no Catastro de Ensenada, onde designa propiedades cualificadas como devesa de segunda calidade, e no *Libro de afanegados*, como piñeiral.

Cremos que o topónimo **A Garoula** contén unha variante de *garula* 'barullo, ruído', nome relacionado co verbo *garular* (< latín GARRULARE 'latricar', de GARRULUS 'falangueiro', e este de GARRIRE 'rechouchiar os paxaros'). En Galicia Nomeada recóllense seis topónimos *A Garula*, *As Garulas*, *Leiro Garulo*. Nos dicionarios, *garula* presenta varias acepcións, algunhas delas referidas aos desperdicios de produtos agrícolas, como o bagazo da uva, que poderían xustificar o topónimo; mais tamén é verosímil unha motivación acústica, que igualmente xustificaría o nome dunha área de arboredo con paxaros algareiros. O nome dunha *Fonte da Garula* en Trabada (Lugo) é explicado por Xulia Marqués no seu estudo da toponimia dese concello tamén por razóns acústicas: «polo bulicio producido pola xente que paraba cando ía por auga á fonte ou pola propia auga do manancial». Seguramente son tamén connotacións acústicas as que explican o uso do masculino *garulo* nalgunhas áreas de Galicia como sinónimo de *cocón*, ser imaxinario para asustar as criaturas.

A variante *garoulo, garoula*, con ditongo na sílaba tónica, debe de ser unha variante propia das Rías Baixas. Certa célebre comparsa do entroido da ría de Arousa a finais do século XX e comezos do XXI autodenominábase *Os Garoulos*, co mesmo vocalismo ca o do topónimo e talvez o mesmo significado, relativo ao son. Un uso de *garoulo* e *garoula* como sobrenome tamén podería orixinar este topónimo.

▶ Garrido, Garrida

— **A Garrida** (A Garrida)
— **Estrada da Garrida** (A Garrida)
— **Fonte do Alto da Garrida / Fonte da Garrida** (A Garrida)
— **Outide da Garrida** (A Garrida)

A Garrida é o nome dun núcleo de poboación situado nunha extensa área a ambos os lados da estrada de Valadares e que abrangue desde a subida ao monte Alba (pola estrema oeste) ata a área de Vales (pola estrema leste). Este importante núcleo nomeou un dos barrios da parroquia, o barrio da *Garrida*, na actualidade o de maior densidade poboacional logo de experimentar un notable incremento nas últimas décadas.

Atravesa a maior parte do barrio a **Estrada da Garrida**, que discorre en sentido transversal á estrada de Valadares e á avenida de Clara

Campoamor, ata chegar á estrema da parroquia de Beade. Do nome do barrio toman o seu os topónimos compostos **A Fonte do Alto da Garrida** (na estrada do Monte Alba, tamén chamada **Fonte da Garrida**, cun cano, unha pía e un lavadoiro con teito, cuxa auga procede das Eiras e do monte Cepudo) e **Outide da Garrida**, xunto á Devesa do Rei (➲ *Outide*).

O topónimo aparece atestado no Catastro de Ensenada nas formas *Garrida*, *Garrida de Presa* e *Garrida das Viñas*, e xa se daba conta neste catastro da existencia de varias casas terreñas na zona. A motivación do topónimo é un sobrenome ou un apelido de propietario, probablemente un adxectivo feminino formado sobre un masculino (*A Garrida* = 'A de Garrido'), como ocorre con varios topónimos da parroquia do tipo *A Simona* ou *A Gaspara*.

▶ Gaspar, Baltasar

— **A Gaspara** (O Freixo)
— **O Outeiro da Gaspara** (O Freixo)
— **A Baltasara** (O Freixo)

Outro exemplo de topónimo formado cun antropónimo feminino de propietaria ou ben coa forma adxectiva feminina do antropónimo masculino é **A Gaspara**, que nomea unha zona de arboredo, mato e campos de labor no barrio do Freixo, ao sur dos Maruxentos. No suroeste da mesma área encóntrase o **Outeiro da Gaspara** (➲ *Outeiro*), zona hoxe de arboredo. No Catastro de Ensenada transcríbese en ocasións coa forma masculina («al sitio de Gaspar»), o que reforza a explicación do topónimo como *A Gaspara* = 'A de Gaspar'.

Gaspar é o nome con que se identifica tradicionalmente un dos tres Reis Magos. O seu uso como nome persoal en Galicia difundiuse a partir do século XVI. No vecindario de Valadares en 1753 vemos varios veciños con este nome. Tamén co de *Baltasar*, outro dos tres Reis Magos, que igualmente deixou pegada na toponimia de Valadares nun nome paralelo ao anterior, **A Baltasara** (*Baltasara*, *Balthasara, Baltasara-Peimallo* no CME), nome dunha parte de *Peimallo* (➲), no mesmo barrio do Freixo.

▶ Granxa

— **A Granxa** (As Barrocas)

Granxa e *graña* eran na época medieval denominacións comúns en Galicia para os celeiros onde os mosteiros almacenaban o gran que percibían polas rendas das terras e, por extensión, para o edificio desde onde se administraban estas rendas e as propiedades situadas lonxe do mosteiro mesmo. Tanto *granxa* coma *graña* remontan ao latín GRANIAM ou GRANEAM, derivado de GRANUM 'gran, cereal'. A forma *graña* só pode ser medieval, pois despois deixou de usarse como nome común; a variante *granxa* viuse quizais favorecida polo francés medieval *grange* 'celeiro', 'casa de campo, granxa' (do latín GRANICA), difundida polas ordes relixiosas medievais. Na actualidade o termo *granxa* pasou a designar o lugar onde se crían animais para a súa explotación. É esta a motivación do topónimo **A Granxa**, hoxe nome dun campo de labor na área da Valada, no barrio das Barrocas. É topónimo de creación relativamente recente, por iso non se rexistra na documentación histórica da parroquia.

A Grisvella ➲ A Igrexa Vella

▶ Groño

— **O Groño** (As Barrocas)
— **A Volta do Groño** (As Barrocas)

O topónimo **O Groño** designa un núcleo habitado a ambos os lados da estrada de Valadares, á altura da pronunciada curva coñecida como **A Volta do Groño**, onde estreman os barrios das Barrocas e da Garrida. É unha área extensa, con algunha terra de cultivo entre vivendas e tamén amplas zonas de arboredo (➲ *Cabaleiro*). No Catastro de Ensenada describe terras de cultivo de regadío, alternando co plural (*Groño, Groños*). É un topónimo insólito, sen paralelos coñecidos na toponimia galega e de etimoloxía escura. A terminación *-oño* fai sospeitar unha orixe antiga, prerromana. Algúns autores supoñen unha voz celta GRONIO 'vao, porto, paso' para explicar o topónimo *Logroño*, que se rexistra en latín medieval no ano 1095 como *illo Gronio*. A mesma orixe etimolóxica podería explicar *O Groño* de Valadares como topónimo viario, pois designa a zona onde a estrada salva un pronunciado desnivel.

▶ Guisande

— **As Pedras de Guisande** (A Sobreira)

O segundo elemento do composto **As Pedras de Guisande** (➲ *Pedra*) é un apelido común na zona, rexistrado en Valadares desde hai séculos. Entre os propietarios de terras na parroquia en 1753, segundo consta no Catastro de Ensenada, cinco portaban ese apelido. É apelido toponímico, orixinario do lugar de Guisande, na freguesía de Vincios, e o topónimo contén o resultado do xenitivo *Wisandi* dun nome persoal medieval de orixe xermánica *Wisandus* ou *Visandus*, formado sobre o gótico *wisent* 'sabio'.

▶ Gurgullo

— **Os Gurgulliños** (As Barrocas)

O substantivo común galego *gurgullo* pode designar tanto un insecto coleóptero de cor parda escura que vive nas sementes dalgúns cereais e legumes coma un lugar onde nace auga *agurgullando*, acepción máis probable para explicar o topónimo **Os Gurgulliños**, unha zona de arboredo e de mato no barrio das Barrocas, ao oeste das Cans, onde un manancial xustificaría o seu nome. Esta motivación resulta aínda máis verosímil se temos en conta a histórica importancia do aproveitamento das augas na parroquia, como testemuña o veciño topónimo As Cans, relativo a canalizacións.

Os nomes da familia *gurgullar* son relativamente comúns na microtoponimia en compostos e derivados como *A Poza do Gurgullón*, *A Fonte do Gurgullón* etc., sempre relacionados coa auga. Non coñecemos atestacións deste topónimo de Valadares na documentación histórica. Nalgunhas fontes, esta área dos Gurgulliños aparece coa denominación alternativa de *Marica* ou *A de Marica*, un topónimo de propietario.

Hermida ➲ Ermida

Hermitoa ➲ Mitón

Hervillacosa ➲ Ervellaca

▶ Horta

— **A Horta das Canas** (O Freixo)
— **A Hortiña** (O Freixo)
— **A Hortiña de Paredes** (As Barrocas)
— **O Hortelano** (A Garrida)

Unha *horta* (< latín HORTAM, de *hortus* 'terreo de cultivo pechado, cortiña', 'casa de campo') é unha propiedade agrícola destinada ao cultivo de legumes e de hortalizas, principalmente verduras ou verzas, e entre elas de xeito maioritario as que no Catastro de Ensenada denominan en castelán *coles gallegas*, *verdura gallega* ou *berza gallega*.

Independentemente de teren moitas casas a súa correspondente horta, os sitios que aparecen nomeados con este substantivo na parroquia son **A Horta das Canas** (no barrio do Freixo, ao norte do Campo da Eira), xunto cun diminutivo **A Hortiña**, tamén no Freixo (zona de cultivos xunto ao camiño da Pinguela, ao norte de Sueido, que se rexistra no Catastro de Ensenada como terras de hortaliza de primeira calidade). **A Hortiña de Paredes**, rexistrada con ese nome en 1753, designa unhas terras de labor no barrio das Barrocas, ao oeste dos Liñares.

Un derivado **O Hortelano** denomina nalgunhas fontes cartográficas unha área de campos de labor e de vivendas xunto á estrada de Valadares, entre A Lagoa e As Maquías, no barrio da Garrida. Non se rexistra na documentación histórica e interpretamos que contén un apelido de propietario, consolidado como topónimo en data relativamente recente. *Hortelano* é un apelido de orixe castelá.

▶ Igrexa

— **A Igrexa** (O Freixo)
— **Camiño da Igrexa** (A Igrexa)
— **A Igrexa Vella / A Grisvella** (As Barrocas)
— **Fonte da Igrexa Vella** (As Barrocas)
— **Igrexa de Santo André de Valadares** (A Igrexa)
— **A Igrexa / A Igrés** (O Freixo)

O substantivo *igrexa*, descendente semiculto do latín ECCLESIAM 'conxunto de fieis cristiáns e lugar onde celebran o seu culto', aparece en varios topónimos de Valadares, sempre en relación coas diferentes construcións para o culto relixioso que hai e houbo na parroquia. O

primeiro dos exemplos que atopamos é un dos barrios de Valadares, coñecido como **A Igrexa**, que recibe o seu nome por ser o lugar onde se sitúa a igrexa parroquial, a igrexa de **Santo André de Valadares**. Segundo os datos que achega o Instituto Nacional de Estatística (INE), no ano 2016 o barrio da *Igrexa* contaba cunha poboación de 729 habitantes. Este núcleo da Igrexa foi historicamente o centro da parroquia e o seu nome orixinou un apelido toponímico *da Igrexa* (*Afonso da Eigreja*, 1495; *Juan da iglessia*, 1646; *Gregorio da Iglesia*, 1646; *María Antonia da Yglecia*, *Maria Antonia Iglesia*, 1753).

A actual *Igrexa de Santo André de Valadares* é unha construción de nave única, rectangular, cunha torre-campanario unida á fachada e un cemiterio que a rodea pola cabeceira. Na fachada principal contén o escudo de armas dos Sarmiento de Valadares, pois foi Diego Sarmiento, bispo e inquisidor xeral, quen sufragou os gastos da reedificación do templo. Segundo relata José Espinosa Rodríguez en *Tierra de Fragoso,* as obras comezaron no ano 1677, no mesmo lugar onde estivera a *casa solar* da estirpe do promotor.

A antiga igrexa parroquial atopábase algo máis ao oeste da actual e conserva memoria da súa localización o topónimo **A Grisvella** (= *A Igrexa Vella*), na estrema do barrio da Igrexa co das Barrocas. Non quedan restos da vella construción na actualidade, mais si da reitoral, situada na mesma zona, onde tamén hai unha fonte chamada **Fonte da Igrexa Vella**. Desde este lugar ata a actual igrexa parroquial discorre o chamado **Camiño da Igrexa**.

A forma simple *A Igrexa* convive tamén cunha variante popular **A Igrés** no nome duns campos de labor onda a estrada de San Xoán, xunto á capela.

▶ Illa

— **As Illas** (O Portal)
— **O Cocho das Illas** (O Portal)

As Illas son unhas terras de matogueira ao noroeste do parque tecnolóxico e loxístico, no barrio do Portal, na estrema coa parroquia de Beade. Na toponimia, o substantivo *illa* (< latín INSULAM) adoita denominar unha porción de terra rodeada de auga, comunmente no mar; o mesmo termo latino INSULAM tamén deu en galego o resultado *insua*, usado para designar penínsulas ou tamén illas en cursos fluviais. Son

relativamente comúns os topónimos *A Insua* ou *As Insuas* para denominar a porción de terra comprendida no ángulo de confluencia de dous cursos de auga, mais non é tan frecuente para ese significado o emprego de *illa*, como ocorre nos terreos denominados **As Illas** en Valadares, localizados preto do encontro do río dos Lavadouros e do río de Quintián. Hai tamén **O Cocho das Illas** (➲ *Cocho*) algo máis ao sur, dentro do parque tecnolóxico e loxístico. Rexístrase este topónimo alternando o singular e o plural e con *h-* (*Hilla, Hillas*) no Catastro de Ensenada, onde nomea propiedades consideradas monte de segunda calidade.

▶ Lago

— **O Lago** (A Sobreira)
— **Fonte do Lago** (A Sobreira)
— **A Lagoa** (A Garrida)
— **A Lagoa** (O Carregal)
— **A Lagoa** (O Freixo)
— **A Lagoa de Courás** (As Barrocas)
— **As Lagoas do Arroio** (As Barrocas)
— **A Pouleira da Lagoa** (A Garrida)
— **As Lagoíñas** (A Garrida)

Os substantivos *lago* e *lagoa* (< latín LACUM, LACUNAM) na toponimia non só designan masas de auga permanentes, senón que tamén poden aplicarse a sitios moi húmidos que adoitan estar anegados parte do ano. En Valadares, o masculino está presente no topónimo **O Lago**, que nomea unha zona de vivendas e de terras de cultivo ao sur do parque tecnolóxico e loxístico, no barrio da Sobreira. Refírese a esta área a **Fonte do Lago**, construción dun cano con estrutura e pía de pedra, adosada ao muro da herdade particular con que linda. Ten unha varanda de ferro que a separa da estrada e a súa auga procede de Fontefría.

A forma feminina ten maior presenza na parroquia e repítese en varias localizacións. **A Lagoa** é o nome dunha zona de vivendas e de campos de labor no barrio da Garrida, na estrema con Vincios, que á súa vez serve de referencia para os campos denominados **A Pouleira da Lagoa**, ao leste desa Lagoa. Tamén se denominan **A Lagoa** unhas terras no barrio do Freixo, ao sur da Ermida, así como os terreos que se atopan ao pé do Hospital Álvaro Cunqueiro, a carón da avenida de Clara Campoamor, no barrio do Carregal. Este último rexístrase tamén

en plural (*As Lagoas*) no Catastro de Ensenada, que o cualifica como devesa: era maioritariamente unha zona de arboredo.

A **Lagoa de Courás** é unha zona de campos e de mato ao sueste do centro escolar CEP Igrexa-Valadares, no barrio das Barrocas, que aparece cualificada no Catastro de Ensenada como terras de devesa e de monte.

Nas fontes documentais tamén se mencionan unhas **Lagoas do Arroio** no barrio das Barrocas.

Coa forma en diminutivo **As Lagoíñas** coñécense unhas terras de prado e de labor dentro da área chamada Augalonga, no barrio da Garrida, xusto a carón da extensa área da Lagoa.

▶ Lama

— **A Lamosa** (O Portal)
— **O Souto da Lamosa** (O Portal)
— **A Devesa da Lamosa** (O Portal)

Lamoso e *lamosa* son derivados de *lama*, substantivo común de orixe prerromana que os dicionarios definen como 'masa branda que se forma ao mesturarse terra, area etc., con auga' e é sinónimo de *lodo*, *trollo, bulleiro* ou *barro* (DRAG). O termo ten moita presenza na toponimia galega e correspondencia na doutras áreas do norte peninsular. Coa forma simple ou con derivados como *lameira*, *lameiro*, *lamazal*, adoita designar terreos enchoupados parte do ano, aínda que nalgunhas áreas de Galicia ten usos e significados específicos que tamén se manifestan na toponimia (en Ourense, *lameiro* é sinónimo de *prado*). En Valadares temos un derivado co sufixo *-osa*, que forma adxectivos, nos topónimos **A Lamosa, O Souto da Lamosa** e **A Devesa da Lamosa**, tres denominacións alternativas para unha área de matogueira e de prados no barrio do Portal, entre A Nogueira e As Ribelas.

No Catastro de Ensenada rexístranse na parroquia unhas propiedades denominadas co derivado **Lamazal** que non puidemos localizar na actualidade.

▶ Lapela

— **A Lapela** (As Barrocas)
— **A Lapela do Portelo** (O Freixo)

— **Banzóns de Lapela** (As Barrocas)
— **Camiño da Lapela** (As Barrocas)
— **Petróglifo da Lapela** (As Barrocas)
— **O Xestal da Lapela** (As Barrocas)

Lapa é un termo hispánico de orixe prerromana (*LAPPA) que na toponimia galega e portuguesa adoita designar unha pedra de grandes dimensións que sobresae horizontalmente e permite resgardarse baixo dela. Un diminutivo *lapela* ten o significado máis común de 'solapa' e aplícase tanto ás da roupa coma ás dun libro ou dun sobre. Este mesmo diminutivo, mais aquí motivado por unha formación pétrea, está presente no topónimo **A Lapela**, que designaba toda a extensa zona lonxitudinal de monte ao sur da estrada do Zondal, na estrema da parroquia de Valadares con Chandebrito e, de feito, parte da Lapela pertence xa ao termo municipal de Nigrán. No amplo territorio denominado *A Lapela* hai outros topónimos que conteñen este substantivo; así, da estrada do Zondal sae o **Camiño da Lapela** cara á área chamada **Os Banzóns de Lapela** (➲ *Banzo*), algo máis ao oeste destes atopamos o **Petróglifo da Lapela** (➲) e non lonxe del **O Xestal da Lapela** (➲ *Xesta*). Ao sur dos socalcos do Zondal atópase **A Lapela do Portelo**, que xa se adentra no barrio do Freixo.

O topónimo atéstase coa mesma forma simple no Catastro de Ensenada, onde se aplica a terras de monte e de arboredo consideradas de primeira calidade. Hoxe seguen sendo terras de monte e de arboredo, maiormente de piñeiro e de eucalipto, ademais da importante masa de xestas que motivou o nome de *O Xestal da Lapela*. O que singulariza esa zona é a cantidade de afloramentos graníticos e penedos e o crebado do relevo, especialmente *fragoso*.

▶ Laranxa

— **A Laranxeira** (O Portal)
— **O Laranxo** (As Barrocas)
— **Camiño do Laranxo** (As Barrocas, A Igrexa)

Laranxa (< do árabe *naranga*) e *laranxeira* son as denominacións comúns en galego da froita e da árbore do *Citrus aurantium*. Como nome da árbore, a forma feminina *laranxeira* é a máis común na toponimia, aínda que tamén existen as masculinas *laranxeiro* e *laranxo*, talvez interferidas polo castelán. En Galicia, os topónimos pertencentes a este

tema léxico son fundamentalmente meridionais, con especial presenza na provincia de Pontevedra, entre outras razóns debido ás condicións climáticas que a especie require. En Valadares, **A Laranxeira** nomea unha zona de campos de cultivo xunto á estrada do Foxo, ao oeste da fonte da Vila. Na estrema do barrio das Barrocas co da Igrexa, hai un **Camiño do Laranxo**, que traza o seu percorrido desde O Torreiro, xunto á igrexa parroquial, ata a estrada de Valadares. No Catastro de Ensenada as formas que conteñen este substantivo ou algún dos seus derivados aparecen sempre castelanizadas, como *Naranjo* ou *Naranjeiro*.

▶ Lata

A Lata (O Carregal)
A Latiña (O Freixo)

O substantivo *lata* (< latín LATTA) designa en galego, ademais dun material metálico ou de recipientes feitos con el, diversos obxectos longos e estreitos, como varas ou paus que forman unha estrutura, entre eles as estacas que sosteñen un emparrado de videira. Na toponimia galega, as denominacións que conteñen este substantivo ou os seus derivados poden corresponder a dous significados do termo, un específico para designar emparrados de viña, outro metafórico aplicado a terreos ou propiedades de forma longa e estreita, como unha *manga* (➲ *Mangal*) ou vara. Na parroquia de Valadares temos dous exemplos: **A Lata**, núcleo habitado no barrio do Carregal, xunto á Simona; e un diminutivo **A Latiña**, unha zona de vivendas e de leiras cultivadas no barrio do Freixo. No primeiro, a motivación do topónimo podería ser un emparrado ou ben a forma do terreo, unha área longa e estreita; no segundo, situado nunha zona de videiras (ten ao oeste O Cocho da Viña), parece verosímil que garde relación con *lata* 'parra, emparrado'.

▶ Lavadoiro

— **Os Lavadouros** (A Sobreira)
— **O Lavadouro da Simona** (O Carregal).
— **O Lavadouro de Vales** (A Sobreira)
— **O Lavadouro do Canizo** (O Carregal).
— **O Lavadouro dos Mangales** (A Garrida)

O substantivo común *lavadoiro* (< latín LAVATORIUM, formado a partir do participio do verbo LAVARE cun sufixo correspondente ao latín -ORIU que indica o instrumento que realiza ou o lugar onde se realiza a acción do verbo) presenta en toda a área suroccidental de Galicia a variante *lavadouro*, común ao portugués e diverxente do *lavadoiro* usual no resto de Galicia. Na parroquia de Valadares desígnase con este termo a construción destinada ao lavado da roupa, normalmente cunha pedra plana inclinada colocada á beira da pía da auga, se ben tamén se emprega *río* como sinónimo de *lavadouro* ou *lavadoiro*, igual que sucede no resto do Val de Fragoso e noutras áreas.

Un plural **Os Lavadouros** nomea unha área boscosa no barrio da Sobreira, a ambos os lados da avenida de Clara Campoamor, por debaixo de Vales.

Os diferentes lavadoiros que hai na parroquia denomínanse mediante un composto onde o segundo elemento se refire á zona en que se sitúan ou á fonte que os fornece de auga (➲ *Fonte*). Na cartografía e noutras fontes recentes atopámolos indistintamente coa variante estándar do substantivo (*lavadoiro*) ou coa variante local: **Lavadouro da Simona**, **O Lavadouro de Vales**, **O Lavadoiro do Canizo**, **O Lavadoiro dos Mangales**… No caso do topónimo *O Río das Cortes* (➲) emprégase *río* tamén para designar o lavadoiro. No Catastro de Ensenada rexístrase sempre a variante en *-ouro* nos topónimos *Lavadouros* e *Cal do Lavadouro*, a forma tradicional nesta zona.

▶ Laxe

— **A da Laxe** (O Freixo)

Laxe é un termo común galego de orixe prerromana, probablemente un celtismo, que se rexistra no latín medieval como LAGENA, esdrúxulo, e designa grandes pedras planas na superficie da terra. Ten moita presenza na toponimia de toda Galicia. En Valadares témolo no topónimo **A da Laxe**, nome aplicado a uns campos de labor e de vivendas no barrio do Freixo, entre A Ermida e O Regueiro.

▶ Leira

— **A Leira** (As Barrocas)
— **A Leira** (A Garrida)

— **As Leiras** (O Carregal)
— **A Leiriña** (O Freixo)
— **A Leiriña** (A Garrida)
— **A Leira dos Cortizos** (O Freixo)
— **A Leira Longa** (As Barrocas)
— **A Leira Nova** (As Barrocas)
— **A Leira Nova** (O Freixo)
— **As Leiras do Lago** (A Garrida)

O substantivo *leira*, de orixe prerromana (probablemente céltica, a partir dun étimo *PLAREA ou *PLARIA 'plana' e atestada como *larea* en latín na documentación medieval galega) é un dos termos comúns para designar unha propiedade agrícola cultivada. En Valadares, a denominación simple **A Leira** nomea dous sitios: un pequeno campo de labor no barrio das Barrocas, xunto ao propio núcleo das Barrocas, e outro campo de cultivos dentro da área da Valada, no barrio da Garrida. En plural, **As Leiras** designa unha área tamén de campos de cultivo no barrio do Carregal, na estrema con Matamá, que se rexistra desde o século XVII (*Segundos traslados*, San Domingos de Pontevedra) como *Campo da Leira* e *Campo de Leiras* entre as terras aforadas por veciños de Matamá.



O diminutivo **A Leiriña** tamén denomina dous campos de labor, un no barrio do Freixo, preto da Ermida, e outro pequeno e estreito onda A Costa, no barrio da Garrida.

Formando composto, o substantivo aparece nos topónimos **A Leira Longa** (terras de cultivo ao sur dos Bértolos, no barrio das Barrocas; no Catastro de Ensenada atéstase como *Leira Longa de Canzela* e *Leira Longa de Canzelas*) e **A Leira Nova**, que designa, dunha banda, un campo de labor nas Pereiriñas, no barrio das Barrocas, e doutra, unhas terras

de matogueira e de arboredo no barrio do Freixo, fronte á Bouzacova. Hai ademais **As Leiras do Lago** (na área de Seoane, no barrio da Garrida, que aparece no CME como *Leira de Lago*) e **A Leira dos Cortizos** (➲ *Cortizo*), no barrio do Freixo.

▶ Lercha

— **As Lerchas** (O Portal)

O substantivo *lercha* (quizais procedente do latín *LISCŬLAM ou *LISCŎLAM) designa a vara fina ou o vimbio en que se ensartan os peixes mortos, entre outros significados, e en sentido figurado úsase tamén como nome e adxectivo aplicado despectivamente a persoas por malfaladas e desvergoñadas (*lercho, lercha*). É probable que no seu uso como topónimo se aplicase a propiedades alongadas e estreitas (➲ *Longa*, *Manga*, *Faixa*), se é que non se formou a partir dun sobrenome ou alcume. No Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* recóllese en Valadares un topónimo **As Lerchas** para designar terras cultivadas de secaño de terceira calidade, que non puidemos identificar hoxe.


Braqueira secano ter
cera calidad al sitio
de Lerchas: linoca

▶ Liño

— **Os Liñares** (As Barrocas)

Os Liñares é o nome dunha zona de campos de cultivo ao oeste do centro escolar CEP Igrexa-Valadares e da reitoral, no barrio das Barrocas. Atéstase no Catastro de Ensenada, onde nomea terras de cultivo de secaño.

Liñar é unha voz común en galego que desgina o terreo destinado ao cultivo do liño; é un derivado do propio nome do *liño* (< latín LINUM) co sufixo colectivo colectivo correspondente ao latín -ALE. A toponimia relativa ao liño é moi común en Galicia, o cal se explica pola conside-

rable importancia do liño cultivado (*Linum usitatissimum*) na economía tradicional para fabricar tecidos e cordeis, ademais de ser un produto con que frecuentemente se pagaban foros e rendas, tal como nos amosa a documentación antiga. Polo Interrogatorio de 1753 temos constancia do seu cultivo na parroquia: «…a voluntad de los labradores se siembran las Tierras de otras especies y producen lino, linaza, menudo y frexoles…».

▶ Lobagada

— **As Lobagadas / As Labogadas / Alobagadas** (A Garrida)

No Nomenclátor de Galicia constan dúas entidades de poboación chamadas *A Lobagueira* (Carballedo, Lugo) e *Lobagueiras* (Touro, A Coruña); en Portugal, *Lobagueira de Baixo* é unha localidade do concello de Torres Vedras, na rexión de Lisboa. Na toponimia menor galega e portuguesa repítese con certa frecuencia ese topónimo, igual ca outro formado con diferente sufixo, *A Lobagada*, en singular e en plural, ou con variantes como *Labagueira*, *Lebegueira*, *Lebegada*, *Labagada*, *Albagueira*, *Albagada*…

A grafía máis común con que se rexistran estes nomes é como *Lob-*, e iso desde a época medieval: a portuguesa *Lobagariam, Lobagarie, Lobagueira* en 1258 (no *Onomástico medieval português*, de Cortesão); a de Carballedo, Lugo, desde o século XV: «o noso lugar que esta hermo a que chaman da Lobageira» (1560, *Libro de notas de Alonso de Ramuín*). Por esta razón téñense interpretado como zootopónimos relacionados cos lobos, mais esa relación pode ser simplemente aparente, resultado dunha alteración da vogal átona, como sucede nos topónimos *Levada*, frecuentemente pronunciados como /lobáda/. *A Lobagada* e *A Lobagueira* adoitan designar áreas de terreo en pendente por onde baixan cursos de auga ocasionais ou corgas, polo que se considera que o significado orixinario era hidronímico, quizais relacionado coa mesma raíz indoeuropea **leu-* presente no verbo latino LAVARE. Tampouco podemos descartar a posibilidade de que as formas *Albagueira* e *Albagada* sexan as orixinarias e esteamos ante un hidrónimo prerromano cunha raíz *alb-*, *elb-* como o mencionado en *Alba* (➲). **As Lobagadas**, tamén coas variantes **Labogadas**, **Alabogadas** ou **Alobagadas**, é o nome dunha área de mato e de arboredo en pendente, veciña de Augalonga, na estrema de Valadares con Vincios.

▶ Lodeiro

— **O Lodeiro** (O Portal)

O Lodeiro era o nome duns terreos hoxe soterrados pola construción do parque tecnolóxico e loxístico de Valadares.

Non podemos garantir se se trataba dun derivado de *lodo* (< latín LUTUM), por referencia ás características dun terreo lamacento, ou se viña motivado pola árbore denominada en galego *lodeiro*, *lodairo*, *lodoeiro* ou *lodón* (*Celtis Australis*, da familia das ulmáceas).

▶ Lombo

— **O Lombo do Raposo** (O Freixo)

O substantivo *lombo* (lat. LUMBUM) designou en orixe o costado ou as costas dun animal ou dunha persoa, e por extensión deste significado pasou a aplicarse, o mesmo ca un feminino *lomba*, para designar na paisaxe superficies alongadas e de perfil en curva.

Denomínanse **O Lombo do Raposo** unhas terras de monte na aba oeste do monte Cepudo, no barrio do Freixo. *Raposo* é un nome eufemístico creado a partir de *rabo* e de RAPIO 'raptar' (polo carácter depredador da especie) do animal *Vulpes vulpes*, de cuxo nome latino proceden os galegos *golpe* 'raposo' e *golpella* 'raposa'. En *Raposo* poderiamos estar tamén ante un antropónimo, dado o emprego do nome do animal como sobrenome ou como apelido, mais no sintagma *O Lombo do Raposo* é máis verosímil que se refira ao animal. Non se rexistra este topónimo na documentación histórica, talvez por ser de creación relativamente recente.

▶ Longo, Longa

— **A Longa** (A Garrida)
— **A Longra / As Longras** (O Carregal)
— **Muíño das Longras** (O Carregal, A Sobreira)
— **Augalonga / Agualonga** (A Garrida)
— **A Leira Longa** (As Barrocas)
— **O Campo Longo** (As Barrocas)
— **O Campo Longo** (O Freixo)
— **O Campo Longo** (O Carregal)

Os topónimos formados co adxectivo *longo* (< latín LONGUM) e os seus derivados refírense ás dimensións alongadas e estreitas da propiedade ou da realidade orográfica á cal se aplican. Así ocorre con **A Longa**, no barrio da Garrida, nome dun terreo de labor dentro da área da Valada que, visto no mapa desde perspectiva aérea ten, en efecto, forma alongada. O mesmo adxectivo está presente nos nomes **A Leira Longa** (➲ *Leira*), **Augalonga** ou **Agualonga** (➲) e mais nos tres **O Campo Longo** (➲ *Campo*).

Na toponimia da parroquia atopamos tamén un derivado co sufixo prerromano átono *-ara* (*lóngara*, con frecuencia sincopado en *longra*), co mesmo significado, aplicado a realidades alongadas e estreitas, no topónimo **A Longra** ou **As Longras**, zona de matogueira na actualidade ocupada pola rotonda onde desemboca o tráfico do túnel de Valadares, na vía VG-20. Nesa mesma zona existiu un **Muíño das Longras** que aparece atestado no Catastro de Ensenada: muíño dunha roda «al sitio de *Longras*». *Longra* e *Longras* son formas que se repiten con frecuencia na toponimia do Val de Fragoso.

▶ Loureiro

— **O Loureiro** (A Sobreira)

O substantivo *loureiro* é un fitónimo con moita presenza na toponimia de Galicia; son máis dun cento os núcleos de poboación que o levan no seu nome. É o resultado galego do latín vulgar LAURARIUM, derivado de *laurus*, o nome clásico da árbore (*Laurus nobilis*), especie que cubriu gran parte de Europa no período terciario, que formaba parte da antiga laurisilva atlántica.

Na toponimia de Valadares está presente cunha forma simple, **O Loureiro**, que nomea uns campos de labor ao oeste dos Fabás, no barrio da Sobreira. Igual que ocorre con *O Piñeiro* e *A Sobreira*, non podemos saber se o topónimo veu motivado por un exemplar único desta árbore ou se naceu con valor colectivo. No Catastro de Ensenada atéstase coas grafías *Loureyro* e *Loureiro* e describe terras de cultivo de secaño.

▶ Lugar

— **O Lugar da Eira** (O Carregal)
— **O Lugar da Presa** (O Freixo)
— **O Lugar da Viña** (As Barrocas)
— **O Lugar de Abaixo** (O Freixo)
— **O Lugar de Alá** (O Carregal)
— **O Lugar de Ana González** (O Freixo)
— **O Lugar do Abade** (As Barrocas)
— **A Chan do Lugar** (As Barrocas)

O substantivo *lugar* (< latín LOCALEM), ademais dun significado xenérico equivalente a sitio ou a localización, ten un significado específico de 'pequena entidade de poboación'. Nalgunhas áreas, ademais, coma no Val do Fragoso e boa parte da diocese tudense, *lugar* ten un uso máis concreto para referirse a unha vivenda unifamiliar illada e cercada, cos espazos e coas construcións auxiliares situados dentro dos seus muros (➲ *Abade, Lugar do*). Este último significado vese reflectido na parroquia de Valadares, onde existen varios topónimos formados con este nome, aplicados a un núcleo constituído ao redor dunha casa orixinaria: **O Lugar da Presa** (vivendas e campos ao oeste do monte dos Pozos, no barrio do Freixo), **O Lugar de Abaixo** (pequeno núcleo habitado ao norte da Ermida, no Freixo), **O Lugar de Alá** (vivendas e leiras dentro da área do Carregal), **O Lugar do Abade** (vivendas e campos de labor fronte á igrexa parroquial, entre os barrios da Igrexa e das Barrocas) ou **A Chan do Lugar** (vivendas e campos ao oeste das Vesadas, no barrio das Barrocas (➲ *Chan*).

Na documentación histórica rexistramos outros topónimos semellantes que conteñen este substantivo, como **O Lugar de Ana González** (no barrio do Freixo), **O Lugar da Eira** (no barrio do Carregal) e mais **O Lugar da Viña**, nas Barrocas.

▶ Maceira

— **As Maceiras / A Maceira** (O Freixo)
— **Petróglifo das Maceiras** (O Freixo)

O substantivo *maceira* designa diversas variedades da árbore *Malus domestica*, que dá as mazás, e corresponde ao resultado común galego da voz latina MATTIANARIAM.

As Maceiras ou **A Maceira** é unha zona de campos de labor e de arboredo situada ao oeste do cemiterio privado e da Pinguela, no barrio do Freixo. Aparece indistintamente en forma singular e plural no Catastro de Ensenada e, como adoita suceder nestes casos en que aparecen ambas as formas, supoñemos que a singular debe ser a orixinaria. Así se confirma na documentacion de San Domingos de Pontevedra (*Segundos traslados*, 1646-1660), que contén propiedades aforadas no Val de Fragoso, onde se menciona en Valadares un «Campo da Maceira», un «coto da maceira» e unha «heredad da Maseira que trae Andree de Comesaña en fuero del dicho convento». Como topónimo de creación recente, botouse man da variante en plural para denominar o **Petróglifo das Maceiras** (➲).


a Lindaconheredad quetra Yabenito afonso
Yal peresente trae eldho afonso delmero dequee
defuero del dho fl3 de caetto = Yde la otra
conheredad da maseira que trae andree de come
sana Enfuero del dho convento = Ymael
sobresicerrado Yarcundado


sobresicerrado Yarcundado = Ymae la heredad
quesedice delcoto da maceira quellebara desen
bradura siete ferrados de pangue Vna parte

▶ Madorra

— **A Madorra de Quinta** (A Garrida)
— **Dorra do Patiño** (A Garrida)

Madorra é unha das denominacións comúns en Galicia para as mámoas ou enterramentos tumularios prehistóricos, aínda que tamén se aplica a calquera elevación do terreo e en zonas do litoral pode designar asemade as dunas de area. O nome *madorra*, xunto con *medorra* e *medoña*, considéranse derivados de *meda* (< latín META 'montículo'), neste caso cun sufixo *orra* de orixe prerromana

A Madorra de Quinta é unha zona relativamente extensa de viviendas e de campos na contorna do camiño da Pomba, no barrio da Garrida. Non sabemos se o topónimo obedece á existencia dunha mámoa na zona ou se veu motivado simplemente pola orografía do terreo.

O topónimo **Dorra do Patiño**, que figura nalgunhas fontes e nomea unha área no barrio da Garrida, contén un primeiro elemento escuro; quizais é unha alteración dun orixinario *madorra*. O segundo elemento é un sobrenome ou un apelido de propietario, *Patiño*.

▶ Malla

— **A Malla** (A Igrexa)
— **O Malladeiro** (O Freixo)

A *malla* é a acción de *mallar* (< latín MALLEARE 'golpear cun mallo'), bater no cereal segado cun instrumento chamado *mallo* (dúas pezas de pau, a mangueira e o pértego, unidas por unha correa, de xeito que se agarra pola máis longa e se golpea coa outra) para separar o gran da palla. A malla era unha das actividades comúns na agricultura tradicional e realizábase nas eiras dispostas para ese uso.

Na toponimia relativa a esta actividade (*Malladoiro, Malladouro, Eira de Mallar*…) non é común o substantivo simple **A Malla**, como o que denomina un núcleo de vivendas no barrio da Igrexa, preto da reitoral. É verosímil que neste caso non estea motivado por realizarse a malla alí, senón por un antropónimo de propietario (*A Malla* = 'A de Mallo'), pois *Mallo* rexístrase como apelido ou como sobrenome na parroquia desde polo menos o século XVI (➲ *Peimallo* = 'Paio Mallo'). Polos preitos do século XVI sabemos que varios veciños de Valadares lles pagaban aos señores do couto as súas rendas en especie ou en días de malla, e cremos que foi este servizo o que motivou o sobrenome finalmente consolidado como apelido. Entre os veciños de Valadares no Catastro de Ensenada encóntrase unha *María Mallo*, «estanquillera de tabaco».

Outro topónimo relacionado coa actividade de mallar o gran (trigo, centeo, paínzo…) na parroquia de Valadares é **O Malladeiro**, que nomea unha extensa área de mato e de arboredo ao norte da Devesa de Arriba, no Freixo.



Rexistrámolo no século XVII entre as propiedades que o convento de San Francisco de Vigo tiña en Matamá e Valadares: «…el campo do Malladeiro de Riba que llevará de sembradura un bucio de trigo y está

cito [sic] en dicha feligresía» (1672). O topónimo aparece atestado no Catastro de Ensenada coas grafías *Malladeiro*, *Malladeyro*, *Malladeiros* e *Malladeiros*, e describe terras de monte e mais de cultivo de secaño e de regadío.

▶ Mandín

— **O Mandín / Os Mandíns** (As Barrocas)
— **A Auga do Mandín** (As Barrocas)

O Mandín ou **Os Mandíns** é unha zona de campos de labor, prados e mato no barrio das Barrocas, ao sur do Pedregal da Valada. Parece probable que o topónimo se deba a un apelido ou a un sobrenome de propietario, posiblemente oriúndo da entidade de poboación chamada Mandín, na parroquia de Bembrive, foco de irradiación do apelido *Mandín* no Val de Fragoso. O topónimo *Mandín*, á súa vez, vén dun nome persoal, pois é o resultado do xenitivo MANDINI dun antropónimo de orixe latina *Mandinus*, posible variante de *Amandinus*, derivado de *Amandus*, formado sobre o verbo *amare* 'amar'.

No Catastro de Ensenada o topónimo de Valadares xa aparece indistintamente en singular e en plural e designa terras de regadío de primeira e de segunda calidades. Na mesma área existe outro topónimo, **A Auga do Mandín**, talvez relacionado co tramo do río da Senra ao seu paso pola zona.

▶ Manga, Mangal

— **Os Mangales** (A Garrida)
— **O Lavadouro dos Mangales** (A Garrida)
— **Camiño dos Mangales** (A Garrida)
— **A Manguela** (O Portal, As Barrocas)
— **As Manguelas** (O Freixo)

O substantivo *manga* (< latín MANĬCAM, derivado de MANUM 'man') e os seus derivados adoitan designar na toponimia accidentes xeográficos ou propiedades agrícolas de forma alongada e estreita, a xeito dunha *manga*.

O derivado colectivo *mangal*, formado mediante o sufixo correspondente a -ALE, está presente en Valadares no topónimo **Os Mangales**, nome dunha área con vivendas e terras de cultivo e de monte, onda a

estrada do Monte Alba, no barrio da Garrida. Na documentación histórica aparece maioritariamente en singular, *O Mangal* ou *O Mancal*, tanto no Catastro de Ensenada coma no *Libro de afanegados*, describindo terras cualificadas de toxal e de tomada. A vacilación *mangal/mancal* obedece a un fenómeno da fonética local relativamente común en áreas de gheada, que consiste en pronunciar o fonema /g/ como /k/ cando vai tras consoante nasal (*domingo/dominco*).

Dentro da área dos Mangales atópanse o lavadoiro coñecido como **O Lavadouro dos Mangales**, xunto á fonte da Garrida, e un **Camiño dos Mangales**, escrito na rotulación viaria municipal erradamente co nome *Camiño dos Nancales*.

Tamén responden á mesma motivación de designar realidades estreitas e alongadas os topónimos formados cun diminutivo de *manga*: **As Manguelas**, nome dunha área de mato e de arboredo ao oeste do Malladeiro, no barrio do Freixo. A mesma forma en singular, **A Manguela**, denomina outros dous espazos da parroquia: unha zona de prado e de mato no barrio do Portal, xunto ao Covelo, e outra de campos de labor no barrio das Barrocas, xunto aos Bértolos; ambos son propiedades de forma alongada e estreita. No Catastro de Ensenada esta segunda rexístrase como «sitio de Mangela» [sic] e vén caracterizada como labradío e como devesa de segunda calidade.

▶ Maquía

— **As Maquías** (A Garrida)
— **Muíño das Maquías** (A Garrida)

As Maquías é o nome de toda a extensa área de monte onde conflúen as estremas das parroquias de Valadares, Zamáns e Vincios; abrangue tamén as últimas vivendas da Garrida e a parte leste do polígono industrial da Pasaxe.

O substantivo *maquía* é un termo común galego procedente do árabe *makila* 'medida', que se aplicaba á porción de gran ou de fariña con que se lle pagaba ao muiñeiro cada vez que se moía. A existencia na zona de varios muíños maquieiros (así consta no Catastro de Ensenada da parroquia de Vincios) foi seguramente o que motivou a denominación *As Maquías*, que aparece nese catastro castelanizado en ocasións como *Las Maquilas*, e designa terras de monte de segunda calidade.

O conxunto etnográfico coñecido como **O Muíño das Maquías**, situado onda o encoro de Zamáns, non se rexistra no Catastro de Ensenada, pois é unha construción posterior a 1753. Tomou o seu nome do da área en que se encontra.

No mesmo catrastro rexístrase un *Río das Maquías* ou *de Maquías*, do cal se di que é a demarcación con Santa Mariña de Vincios. Corresponde ao curso fluvial coñecido hoxe como *Río de Zamáns* ou *Río Zamáns*, que tamén recibe no seu tramo inicial o nome de *Río do Amial* (➲).

▶ Marco

— **O Marco da Gándara** (A Garrida)

Marco é un nome común en toda Galicia para referirse ao fito ou á pedra que sinala a estrema ou o linde dunha propiedade ou dunha demarcación administrativa. É unha palabra de orixe xermánica e xa se rexistra abundantemente na documentación galega anterior ao ano 1000. Para este uso, o termo *marco* alterna co de *padrón* (➲ *Pedra*) ou outros sinónimos.

Na parroquia de Valadares este substantivo aparece formando o composto **O Marco da Gándara** (➲ *Gándara*), nome dunha zona de campos situada xunto á rotonda da Pasaxe, na estrema con Vincios, onde se situaba un dos fitos da demarcación do couto, tal e como describe o Interrogatorio do Catastro de Ensenada correspondente á veciña parroquia de Vincios: «...da Gándara, donde se halla de mojón una piedra movediza con una Cruz gravada en la Coronilla, de allí va a donde nombran Las Maquilas, donde hay otro igual mojón...».

Na resposta terceira ao Interrogatorio dese catastro correspondente a Valadares, ao describir a demarcación da parroquia cítanse os seguintes marcos:

> …a la tercera dixeron que el término que ocupa el término de la expresada villa es de levante a poniente una legua, de norte a sur tres quartos y de circunferencia tres leguas y media y linda a levante con el coto de Samanes, a Poniente con las feligresias de san Andrés de Comesaña y san Salvador de Corujo y santa Eulalia de Camos, a Norte con dha de Beade y la de san Pedro de Matamá y a sur con la feligresia de santa Mariña de Binzios cuia demarcación principiando a la parte del Levante en el marco nombrado piedra da cruz de Fuente fría confinando con dha feligresia de Samans y Beade, sigue por el Norte dividiendo a la mencionada de Beade a dar a los Marcos de Amial, Hilla y Carregal de Seixo, y de este ba a dar por al parte del Poniente a los que denominan Castro, Outeiro

de Deus y el de Freixo dividiendo a de San Pedro de Matamá y de este separado la de san Andres de Comesaña pasa a outro intitulado Marco de Areeiro del qual dividiendo la de san Salvador de Corujo sigue al que se denomina Fragoselo del qual separando a la de Camos prosigue por el sur a los nombrados Castro de Brito y Mariñas y de alli dividiendo la Feligresia de Santa Mariña de Binzios a los que se dizen do Outeiro de Louro, Outeiro de Sobroso, Fojo, Agua Longa, Cabreiros, Río de Maquías y Muiño Pequeño siguiendo por la parte de Levante camina a dar al intitulado Padron de Couto del que ba a zerrar con el referido de Cruz de Fuente Fria…

▶ María Andrés

— **O Cocho de Mariandrés** (O Carregal)

O Cocho de Mariandrés (➲ *Cocho*) é o nome dunha terra de labor no barrio do Carregal, ao leste da área do Canizo. O topónimo non aparece atestado en 1753 nin en 1877, polo que podería ser de creación máis recente. O segundo elemento deste composto, motivado por un nome de propietaria, pode ser unha alteracion por interferencia da forma castelá do nome masculino, *Andrés*, sexa a partir dun nome composto *María Andrea* ou do nome seguido de apelido patronímico, *María André*. Un feminino da forma castelá *Andrés* está presente noutro toponimo da parroquia, *A Andresa* (➲). Na parroquia de Bembrive existe o topónimo *A de María Andrea*, motivado por unha propietaria portadora dese nome composto, o cal foi relativamente común na onomástica persoal da zona (por exemplo, pola documentación histórica sabemos que unha *María Andrea de Guzmán* acompaña un fillo do marqués de Valadares nunha viaxe a México realizada a finais de século XVII).

▶ Marica

— **Marica / A de Marica** (As Barrocas)

Marica é un hipocorístico ou unha variante familiar e afectiva do nome persoal feminino *María*. Algunhas fontes rexistran **Marica** ou **A de Marica** nas Barrocas, como denominación alternativa de *Os Gurguliños* (➲).

▶ Mariña

— **As Mariñeiras** (A Sobreira, O Portal)

O adxectivo *mariño* (< do latín MARINUM) aplícase en xeral ao relativo ou pertencente ao mar, ao igual ca o derivado *mariñeiro*, *mariñeira*, tamén usado como substantivo para designar a persoa que traballa no mar.

As Mariñeiras era o nome dunha área nos terreos ocupados hoxe polo parque tecnolóxico e loxístico. Descoñecemos a motivación do topónimo; quizais puido aplicarse a terras destinadas ao cultivo da pataca, pois este tubérculo tamén foi coñecido inicialmene co nome de *castaña mariña* ou simplemente *mariña*, debido á súa orixe de ultramar. Esta denominación perdurou varios séculos logo de que este produto fose introducido desde América no século XVI e chegase a se converter no substituto da castaña e un dos piares fundamentais da alimentación en Galicia. Así e todo, non podemos descartar a posibilidade de que o topónimo sexa a forma plural dun alcume de propietaria ou un feminino do correspondente masculino (*As do Mariñeiro*). Por outra banda, Afonso Salvador Rodríguez, no seu traballo sobre a toponimia de Candeán, explica que o substantivo *mariñeira* no Val de Fragoso tamén se usou como denominación do carro cargado de batume que se apañaba no monte comunal e se vendía despois nas parroquias do litoral, que tiñan máis dificultades para conseguiren esterco para os seus cultivos.

▶ Marqués, Marquesa

— **O Pinal do Marqués** (A Garrida)
— **O Pinar do Marqués / O Pinal do Rei** (O Freixo)
— **As Minas do Marqués** (A Garrida)
— **Camiño da Marquesa** (A Igrexa)

Nestes topónimos consérvase referencia aos antigos señores do couto de Valadares e han de ser por forza posteriores a 1673, data de creación do marquesado (➲ Pinar, Mina, Camiño).

▶ Martiño

— **Martiño** (O Freixo)
— **Os Martices** (A Igrexa, O Carregal)

O nome persoal *Martiño* é o resultado galego do latín MARTINUS. É un dos nomes máis característicos da tradición onomástica masculina galega de todos os tempos, desde que no século VI San Martiño Dumiense, bispo de Braga, difundiu na Gallaecia o culto de San Martiño de Tours.

Na parroquia de Valadares leva este nome unha zona de vivendas xunto a San Xoán e A Ermida, no barrio do Freixo, chamada **Martiño** seguramente polo nome dun antigo propietario.

Os Martices é o nome dunha área de monte entre os barrios do Carregal e da Igrexa, ao oeste dos Seixos. Contén a forma plural do apelido patronímico galego *Martiz*, derivado do nome persoal *Martiño*. No Catastro de Ensenada aparece coa forma seseante *Martises*, mentres que no *Libro de afanegados* en ocasións menciónase castelanizado como *Martínez*. O topónimo contén en plural o apelido da familia propietaria. *Martiz* rexístrase como apelido na parroquia na documentación dos preitos do século XVI (coas grafías *Martiiz*, *Martiz*, *Martís*); a partir desa data, nas fontes escritas aparece sempre coa forma castelanizada *Martínez*.

▶ Maruxa, Moruxa

— **Os Maruxentos** (O Freixo)

O substantivo *moruxa*, coas variantes *muruxa*, *moruxes* e tamén *maruxa* (por identificación na etimoloxía popular cun hipocorístico do nome *María*) é a denominación usual en galego para nomear a planta tamen coñecida como *herba paxareira*, de nome científico *Stellaria media*. O termo galego provén do latín MURUGINEM, derivado de *mus, muris* 'rato', pois un dos nomes latinos desta planta era *muris auris* 'orella de rato'.

Unha forma derivada de *maruxa* co sufixo adxectival *-ento*, aplicada a lugares onde se dá en abundancia esa planta, é **Os Maruxentos**, unha zona de monte ao norte da Gaspara, no barrio do Freixo, na estrema coas parroquias de Comesaña e de Matamá. De feito, no Catastro de Ensenada as propiedades rexistradas co nome de *Marujentos* e *Morujentos*, cualificadas de monte de terceira, lindan ao norte «con monte propio fuera del término», isto é, xa na parroquia de Comesaña.

▶ Mato

— **O Mato** (O Freixo)
— **O Mato / O Mato de Paredes** (A Igrexa, As Barrocas)
— **O Matiño / Os Matiños** (O Freixo)
— **O Mato da Besta** (O Freixo)
— **O Mato da Eira** (O Freixo)
— **O Mato da Porta** (A Sobreira)
— **O Mato da Renda** (A Sobreira)
— **O Mato das Xestas** (A Sobreira)
— **O Mato do Areeiro** (O Freixo)
— **O Mato do Cacheiro** (A Garrida)
— **O Mato do Cruceiro** (O Freixo)
— **O Mato do Medio** (O Freixo)
— **O Mato Grande** (O Freixo)
— **O Mato Vello** (O Carregal)
— **O Portal do Mato** (O Freixo)
— **Tras do Mato** (A Sobreira)

Os substantivos *mato*, *mata* son termos de orixe prerromana (< **matto*, **matta*) e están presentes nas diferentes linguas da península. Entre outras acepcións, designan principalmente a vexetación brava, de arboredo ou de maleza, propia de áreas sen cultivar. Con eses significados atopámolos xa na documentación antiga. Os topónimos formados con estes termos son moi comúns en toda Galicia; o Nomenclátor recolle preto dun cento de localidades que conteñen no seu nome os substantivos *mato*, *mata* ou derivados. Temos varios topónimos co masculino na parroquia de Valadares:

A forma simple, **O Mato**, designa unha pequena zona dentro da área coñecida como O Outeiriño, no barrio do Freixo, preto do camiño da Pinguela. **O Mato** é tamén o nome doutro terreo de campos e de monte baixo no barrio da Igrexa, onde estrema co das Barrocas, preto da zona coñecida como Paredes, razón pola cal tamén é coñecido como **O Mato de Paredes**.

Un derivado diminutivo, **O Matiño**, e tamén o plural **Os Matiños**, nomean unha zona de monte de pequena extensión, talvez de aí o diminutivo, ao oeste do Malladeiro, no barrio do Freixo.

Máis recorrentes son os topónimos compostos en que o substantivo *mato* aparece determinado por un segundo elemento:

O Mato da Eira é unha zona de matogueira entre vivendas, na esquina que forma o camiño da Pinguela coa estrada do Freixo; aparece rexistrado no Catastro de Ensenada coa forma «Matos de ayra»; **O Mato do Areeiro**, no barrio do Freixo, designa unha parte de monte dentro da extensa área do Areeiro. Na estrema con Zamáns atopamos **O Mato do Cacheiro**, na zona que leva o mesmo nome e que suscitou varios topónimos (➲ *Cacheiro*). **O Mato do Cruceiro** é o nome dun pequeno núcleo de vivendas na estrada de San Xoán, ao norte do Cruceiro do Freixo. No barrio da Sobreira temos **O Mato da Porta**, **O Mato da Renda** e **O Mato das Xestas**, e no Freixo, **O Mato do Medio**.

En composto adxectivado temos **O Mato Grande** (área de monte ao oeste do Zondal, no Freixo) e **O Mato Vello**. Este último, rexistrado como *Matobello* e outras variantes no Catastro de Ensenada, nomea unha área de matogueira e de arboredo no barrio do Carregal, onda o camiño dos Seixos.

O Portal do Mato é o nome dun núcleo de vivendas no barrio do Freixo, ao oeste do monte dos Pozos (➲ *Porta*).

Outro topónimo da parroquia formado co mesmo substantivo é **Tras do Mato**, unha pequena área de prado próxima ás naves do parque tecnolóxico e loxístico, no barrio da Sobreira (➲ *Tras*).


24 ..... Cnferrado y
medio de sembradura
de Cano primera Ca
lidad al sitio de Ma
1 1/2 3ª
zocal Cerrado.

▶ Mazocal

— **Mazocal** (O Portal)

O Catastro de Ensenada recolle en Valadares un topónimo **Mazocal** aplicado a unha propiedade cualificada como «sembradura secano de

segunda calidad». Non aparece en ningunha outra fonte nin dispoñemos de información que nos permita localizalo con exactitude na actualidade. Talvez é unha variante oral, ou acaso un erro da escrita, por *Bazocal*, nome dunha zona no barrio do Portal (➲ *Bazocal*).

▶ Medio

— **A Veiga do Medio** (O Freixo)
— **O Campo do Medio** (A Garrida)
— **O Campo do Medio** (O Carregal)
— **O Mato do Medio** (O Freixo)
— **Os Campos do Medio** (A Sobreira)

O substantivo *medio* (< latín MEDIUM) adoita aparecer en topónimos compostos que indican a situación dun lugar ou dunha propiedade con respecto a outras localizacións que se toman como referencia e entre as cales se encontra. En Valadares aparece formando os topónimos **A Veiga do Medio** (➲ *Veiga*), **O Campo do Medio** e **Os Campos do Medio** (➲ *Campo*).

▶ Menor

— **A Menora** (A Garrida)

A Menora é unha área de campos no barrio da Garrida, xunto á estrada da Costa. O topónimo é un feminino do adxectivo *menor*. É verosímil que na súa orixe se aplicase a propiedades da orde dos *Frades Menores*, unha das principais ramas dos franciscanos, aínda que tamén puido aplicarse a propiedades de herdeiros menores de idade administradas por un terceiro. Cremos que neste caso o topónimo responde á primeira destas motivacións, pois existe constancia de que esa congregación tiña terras aforadas en Valadares: na documentación do convento das franciscanas de Vigo (*Memorial cobrador de censos*, 1672) relativa ás propiedades situadas na parroquia de Valadares menciónase unha «heredad de los menores» e tamén «otro pedaço qu'es de los menores» próximos ao camiño «que va para San Juan del Freixo».



▶ Mesadalto

— **A Mesadalto / A Meixoada Alta** (A Sobreira)

Recibe na actualidade o nome de **A Mesadalto** unha área de monte no barrio da Sobreira, situada na parte norte do Padrón do Couto. Contén unha alteración dun orixinario *A Meixoada Alta* ou *Ameixoada Alta*, cun substantivo da familia de *ameixoar* (< latín AD MANSIONARE 'recoller o gando no monte para levalo ás cortes'), como *Meixón*, *Meixoeiro* etc., e o portugués *Ameijoada*. O nome debeu deixar de ser transparente para os falantes xa hai séculos, o que explica a progresiva deformación; consta no Catastro de Ensenada na demarcación da veciña parroquia de Zamáns, que nomea un dos marcos contiguos ao do Padrón do Couto (➲ *Pedra*; lémbrese que ese *couto* é a parroquia de Valadares) escrito como «marco de meija de alto».



Os derivados de *ameixoar* son topónimos relativos ao pastoreo e teñen significativa presenza na área tudense e no Miño portugués. En Galicia Nomeada rexístranse no Morrazo dous topónimos *Ameixoada de Arriba* que podemos considerar sinónimos desta *Ameixoada Alta*.

▶ Milio (Emilio)

— **Milio de Arriba** (As Barrocas)
— **Milio de Abaixo** (As Barrocas)

Milio de Arriba e **Milio de Abaixo** constan na cartografía actual como nomes dunha zona pequena de campos de labor na encrucillada da estrada das Barrocas coa do Souto. Os complementos *de arriba* e *de abaixo* responden á localización respecto da pendente da propia estrada das Barrocas. Trátase dun «topónimo de propietario». *Milio* é un nome persoal, hipocorístico ou variante coloquial de *Emilio* por aférese da vogal inicial.

▶ Millo

— **A Millada** (O Freixo)
— **A Millada** (O Freixo)
— **A Millada do Sobreiro** (O Freixo)
— **As Milladas** (O Carregal)
— **Presa das Milladas** (O Carregal)

O millo americano (*Zea mays*) recibiu en Galicia e noutras partes o nome previamente aplicado a outras especies como o millo miúdo ou o paínzo e semellantes (*Panicum miliaceum*, *Setaria italica*…). Segundo certa lenda etimolóxica latina, o millo miúdo chamábase *milium*, un derivado do numeral *mil*, porque das sementes dun pé desta planta nacían mil plantas novas, do mesmo xeito que o nome do *centeo* era un derivado de *cento* (CENTENUM) porque nacían cen. Nos topónimos que conteñen derivados de *millo* non sempre podemos saber se se refiren ao millo histórico ou millo miúdo ou ao millo actual, o millo americano. A difusión do cultivo deste último desde o século XVI fixo mudar notablemente a paisaxe rural galega e na toponimia orixinou moitas *cachadas*, *rozadas* e termos semellantes.

O topónimo **A Millada** parece conter un derivado de *millo*, quizais motivado por dedicárense as terras así chamadas ao cultivo do cereal. En Valadares recibe este nome unha zona de vivendas e de campos de labor na estrema coa Costa do Freixo, ao oeste do cemiterio privado. **A Millada** é tamén o nome doutras terras ao oeste dos Bértolos, denominadas tamén **A Millada do Sobreiro.** Quizais se corresponde coa *Millada* do barrio do Freixo un *Campo da Millada* que se menciona

entre as propiedades do convento de San Domingos de Pontevedra en Valadares e Fragoso no século XVII (1646-1660).



O plural **As Milladas** nomea outra área no barrio do Carregal, xunto á Simona, onde tamén hai a presa chamada a **Presa das Milladas.** O topónimo aparece atestado en singular (*Millada*) no Catastro de Ensenada, aplicado a terras de monte de segunda calidade.

▶ Mina

— **As Minas** (A Garrida)
— **A Mina da Cal** (O Freixo)
— **As Minas do Marqués** (A Garrida)
— **As Minas do Souto** (As Barrocas)
— **Fonte da Mina da Devesa** (O Portal)

O substantivo común *mina* (< latín MINAM) designa na toponimia da zona toda obra subterránea que se escava para extraer ou conducir auga. En Valadares repítese este substantivo nos topónimos **As Minas** (na subida ao monte Alba, xunto aos Mangales), **A Mina da Cal** (unha zona de monte dentro da área da Lapela, xa na estrema con Chandebrito), **As Minas do Marqués** (no barrio da Garrida, na baixada ao campo de fútbol), a **Fonte da Mina da Devesa** (na Devesa, no barrio do Portal) e **As Minas do Souto** (xunto á estrada do Souto, no barrio das Barrocas).

▶ Miragaia

— **A Miragaia** (As Barrocas)
— **A Miragaia / A Viragaia** (A Sobreira)

Miragaia é un nome relativamente frecuente na toponimia de Galicia e de Portugal e contén un composto do verbo *mirar* cun antigo adxectivo de orixe provenzal *gaio, gaia* 'alegre', emparentado co verbo latino GAUDIO 'gozar, alegrarse'. Vén sendo un toponimo de repertorio, equivalente ao seu sinónimo *Vista Alegre* e outros semellantes que coma os antigos *O Viso* (< latín VISUM 'vista') ou *Belvís* (< BELLUM VISUM) se aplicaron a lugares que gozan dunhas boas vistas panorámicas (➲ *Balcón*). *Miragaia* é un topónimo que se repite noutras parroquias de Fragoso, en ocasións cunha variante *Viragaia*, sempre en lugares con esas características. En Valadares, **A Miragaia** é efectivamente unha zona elevada sobre o monte das Faixas e do Zondal, á cal se accede subindo desde a igrexa parroquial pola estrada do Regueiro. Responde ás mesmas características de miradoiro natural sobre un amplo panorama unha área próxima ao centro educativo da Sobreira denominada igualmente **A Miragaia** ou **A Viragaia**.

▶ Mitón

— **As Mitoas** (O Freixo)
— **O Picoto das Mitoas** (O Freixo)
— **Fonte das Mitoas** (O Freixo)

Unha extensa área de monte ao noroeste da parroquia, no barrio do Freixo, aparece nas fontes escritas con moitas variantes gráficas: *Armitoas*, *Almitoa*, *Almitoas*, *Ermitoa*, *Hermitoa*, *Hermitoas*, *Hermitoa de Alba*, *Hermitoa de Veiga Grande*, *Almitoa o Cans*… As terras que reciben ese nome aparecen caracterizadas no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados* como tomada e labradío. A propia variabilidade de formas con que se rexistra por escrito mostra que se trataba dun topónimo escuro para a xente. Algunhas grafías parecen relacionalo coa familia léxica do castelán *ermita*, pero é un erro baseado na semellanza, pois esa relación é imposible por razóns fonéticas. Dadas as características dialectais do galego falado no Val de Fragoso, a terminación *-oas* só pode responder a un étimo con nasal *-onas*. Considerando que na zona é habitual o emprego de adxectivos femininos creados a partir dun antropónimo para denominar propiedades (como en *A Simona*, *A Falcoa*, *A Garrida, A Gaspara, A Baltasara*…) e que existiu en Galicia un nome masculino medieval *Mitón* ou *Mittón*, de orixe controvertida, quizais xermánica (do gótico *miton* 'considerar'), é verosimil que a for-

ma orixinaria destes topónimos fose **As Mitoas**, isto é, *As de Mitón*. A alteración do S en R ou L (*As Mitoas/Armitoas/Almitoas*) é paralela da que conduciu ao resultado *San Colmado* desde un orixinario *San Cosmado*. O topónimo serve de referencia a outros dous nomes situados dentro da mesma área: **O Picoto das Mitoas** (➲ *Picoto*) e a **Fonte das Mitoas** (➲ *Fonte*).

▶ Mixto

— **A do Mixto / A do Misto** (O Freixo)

Coñécese como **A do Mixto** ou **A do Misto** unha área de vivendas e de terras de labor no barrio do Freixo, ao suroeste da Gaspara. Descoñecemos se conteñen o adxectivo *mixto* (< latín MIXTUM) ou o substantivo *misto* 'fósforo', da mesma orixe etimolóxica, e tampouco sabemos cal puido ser a motivación do topónimo. Coa estrutura *A de + nome*, tamén é probable que *Misto* ou *Mixto* sexa aí un sobrenome ou un alcume de propietario. No Catastro de Ensenada e noutras fontes rexístrase nesa área unha *Cavada do Mistico* (*Místico*?), que non puidemos localizar na actualidade e que talvez garde relación co topónimo actual.



▶ Mollón

— **O Mollón Real** (A Sobreira)

No topónimo **O Mollón Real** temos un exemplo do emprego do termo *mollón* (< latín MUTULONEM 'madeira espetada nun muro' e, por extensión, 'pedra cravada no chan para sinalar os lindes dunha propiedade'). *Mollón* é un substantivo menos estendido na toponimia da zona ca os seus sinónimos (*marco, mouteira, padrón*…) e talvez se explica

ese uso por ser a administración real a que instalou o *mollón* ou o padrón que suscitou o topónimo, tal como se informa no adxectivo *real*, tamén presente no nome do veciño *Camiño Real* ou *Estrada Real* que viña de Tui e pasaba por Beade nesa zona estremeira coa parroquia de Valadares na Sobreira, hoxe ocupada polo parque tecnolóxico.

▶ Monte

— **Monte Alba** (As Barrocas)
— **Monte Cepudo** (As Barrocas)
— **Monte Pequeno** (O Freixo)
— **Monte Sobreiro / Monte do Sobreiro** (A Igrexa)
— **Monte da Devesa** (O Freixo)
— **Monte da Raposa** (A Garrida)
— **Monte da Sobreira** (A Sobreira)
— **Monte do Castro** (O Carregal)
— **Monte do Gabián** (A Igrexa,O Freixo)
— **Monte dos Pozos** (As Barrocas)

O substantivo *monte* (latín MONTEM) adoita utilizarse con dous significados: ben para designar unha elevación importante de terreo, ben para referirse a espazos bravos ou non cultivados, cubertos de vexetación espontánea, en moitos casos arbórea. É sobre todo o primeiro destes significados o que motiva a súa enorme presenza na toponimia.

Pola súa orografía, na parroquia de Valadares repítese en bastantes topónimos: **Monte Alba** (➲ *Alba*), **Monte Cepudo** (➲ *Cepudo*), **Monte dos Pozos** (➲ *Pozo*), **Monte Pequeno** (pequeno núcleo de vivendas ao oeste do cemiterio particular), **Monte Sobreiro** (zona de arboredo e de mato entre a estrada de Valadares e o camiño da Igrexa), **Monte da Devesa** (xunto á Devesa de Abaixo, no barrio do Freixo), **Monte da Raposa**, no barrio da Garrida (➲ *A Raposa*), **Monte da Sobreira**, masa forestal hoxe de piñeiro e de eucalipto na Sobreira (➲ *A Sobreira*), **Monte do Castro** (zona boscosa ao oeste da Tomada, no barrio do Carregal) e **Monte do Gabián**, unha zona de campos e de arboredo ao leste do cemiterio particular, entre A Igrexa e O Freixo (➲ *Gabián*).

▶ Monteira

— **A Monteira** (A Sobreira)
— **A Monteira** (A Igrexa)

Monteira é un derivado de *monte* presente en dous topónimos da parroquia: **A Monteira**, nome duns campos de labor ao oeste dos Seixos, no barrio da Igrexa, e **A Monteira**, ao oeste do encoro de Zamáns, unha zona de bosque na estrema coa parroquia veciña onde, por certo, se repite este topónimo. Descoñecemos a motivación que os orixinou. Dado o emprego de *Monteiro* como sobrenome ou como apelido, ben aplicado á persoa dedicada á caza ou á montaría, ben a quen traballa no monte extraendo pedra, cremos verosímil que estes topónimos teñan orixe nun antropónimo (*A Monteira* = 'A de Monteiro'), mais non podemos descartar outras motivacións. Posto que *A Mouteira* aparece nalgunhas fontes erradamente como *A Monteira*, non podemos descartar a posibilidade de que nalgún destes casos teñamos unha forma alterada dun primitivo *A Mouteira* (➲).

▶ Mó

— **A Mó do Sues** (O Carregal)

O substantivo feminino *mó* é o resultado do galego suroccidental e do portugués correspondente ao galego común *moa* (< latín MOLAM) 'peza dentaria da parte posterior da boca con que se tritura a comida' e tamén 'pedra do muíño', un termo relacionado co verbo *moer* (< latín MOLERE). Na toponimia, este substantivo adoita empregarse para designar penedos illados, de formas erosionadas, que poden lembrar unha moa da boca. Está presente, na forma do plural, no nome do concello de Mos, veciño do de Vigo.

Na toponimia de Valadares témolo nun topónimo **A Mó do Sues**, que denomina unha zona de arboredo (hoxe eucalipto, principamente) no barrio do Carregal, na estrema coa veciña parroquia de Matamá. *A Mó* é o nome dun dos núcleos habitados de Matamá, e del toma o seu esta zona xa pertencente a Valadares. No complemento *do Sues* temos unha alteración seseante do castelanismo *juez* 'xuíz', acaso referido ao xuíz do antigo couto de Valadares. No Catastro de Ensenada rexístrase como *Moo* e designa terras clasificadas como monte de terceira calidade. Nos documentos de San Domingos de Pontevedra (*Segundos*

traslados, 1646-1660) relativos a foros deste convento no Val de Fragoso, nos lindes de propiedades situadas na estrema de Matamá con Valadares menciónase o «camino que va para el monte da Mo».



▶ Mora, Amora

— **A Moreira** (O Portal)

Moreira (< latín MORARIAM) é o nome común dunha árbore da familia das moráceas. Pola documentacion medieval temos constancia da presenza desta árbore na paisaxe galega, que no pasado se aproveitaba na cría dos vermes de seda. Na toponimia, os nomes relacionados coas moreiras poden confundirse con outros de distinta orixe etimolóxica, e non podemos descartar que algúns deles se refiran á silveira (*Rubus fructicosus*), polos seus froitos tamén chamados *amoras* ou *moras*.

Temos un único exemplo na toponimia de Valadares en **A Moreira**, denominación dunha franxa de matogueira xunto á Cotarela, no barrio do Portal.

▶ Moscaveira

— **A Moscaveira** (O Portal)
— **Camiño da Moscaveira** (O Portal)



Chámase **A Moscaveira** unha extensión alongada de mato situada dentro da área do actual parque tecnolóxico, entre a rúa chamada *dos*

Carballeses [sic, por *Carballases*] e a rúa da Manguela. Do nome desa área recibiu o seu nome o **Camiño da Moscaveira**.

Moscaveira é un zoónimo que designa unha clase de mosca, tamén chamada *mosca do gando*, de cor *veira* (< latín VARIA) e non negra, como a mosca común. Un coñecido verso en galego do rei Afonso X o Sabio onde fala do *alacrán negro* e o *alacrán veiro* ilustra o uso deste adxectivo cromático aplicado á cor dun animal. Interpretamos que o espazo chamado *A Moscaveira* adquiriu ese nome pola presenza ou pola abundancia destes insectos. No Catastro de Ensenada as propiedades localizadas «al sitio de Moscaveira» descríbense como terras de monte en todos os casos, non sendo nun en que son cultivos de regadío de terceira calidade. Neste catastro, o topónimo aparece ás veces en masculino: *Moscaveiro*, *Mos caueiro* e *Mos Caveiro de Leiras*, pero na documentación do século XVII dos foros do convento pontevedrés de San Domingos (1646-1660) mostra que a forma orixinaria era a feminina.

▶ Moucho

— **A Moucha** (As Barrocas)
— **As Pedras do Moucho** (A Sobreira)

Moucho é o nome galego dunha ave rapaz nocturna (*Athene noctua*) relativamente común, máis pequena ca a curuxa ou ca o bufo, caracterizada por non ter na cabeza as plumas en forma de cellas, orellas ou cornos que ten este último. Crese que o nome do *moucho*, igual ca o paralelo castelán *mochuelo*, poden proceder do latín *NOCTUOLUM, cunha alteración da consoante inicial. Dado o uso de *Moucho* ou o seu feminino como sobrenomes, non sempre podemos saber se os topónimos que os conteñen obedecen á presenza das aves ou ao alcume dun propietario.

A Moucha é o nome dunha pequena área no barrio das Barrocas, subindo desde a igrexa pola estrada do Regueiro, na actualidade cun par de vivendas. Repítese o mesmo topónimo nas parroquias viguesas de Beade e de Alcabre, e é verosímil que nos tres casos conteña un antropónimo, ben por unha posuidora alcumada *A Moucha*, ben mediante unha forma feminina con valor adxectivo (*A Moucha* = 'A do Moucho').

No topónimo **As Pedras do Moucho**, que denomina unha parte da extensa área do monte da Sobreira, no barrio deste nome, parece probable que obedeza á presenza destas aves na zona.

▶ Mouro, Moura

— **Os Mouráns / As Mouráns** (A Sobreira)
— **As Mourellas** (A Sobreira)

Procedentes do latín MAURUM, MAURAM 'de cor escura', os adxectivos *mouro*, *moura* na toponimia poden referirse á cor escura ou negra dun determinado elemento da paisaxe, cando non están formadas a partir dun nome ou dun sobrenome de propietario.

Na parroquia de Valadares, **Os Mouráns** ou **As Mouráns** contén o plural dun adxectivo *mourán* ou dun colectivo *moural* formados a partir do adxectivo *mouro*, *moura*, aplicados ás terras ou á vexetación de cor escura. É unha zona de campos no barrio da Sobreira, preto da estrema coa parroquia de Beade, onde tamén existe o mesmo topónimo (*As Mouráns*). No Catastro de Ensenada aparece atestado como *Mourans* e *Mourans de avajo*, cualifícase como regadío de primeira e de terceira calidade e dise que linda ao norte con terra propia fóra do termo (isto é, con Beade).

Un diminutivo de *moura* correspondente a un étimo latino MAURICŬLAM está na orixe do topónimo **As Mourellas**, uns campos de labor preto dos Fabás, no barrio da Sobreira. No Catastro de Ensenada aparece indistintamente en singular e en pural (*Mourella, Mourellas*) e nomea terras clasificadas como monte e como labradío de secaño de segunda calidade.

▶ Mouteira

— **A Mouteira** (O Freixo)
— **As Mouteiras** (A Sobreira)
— **Fonte das Mouteiras** (A Sobreira)

Unha *mouta* ou *mouteira* é unha elevación ou unha prominencia no terreo, ben natural, como unha matogueira ou mogote vexetal ou uns penedos, ben obra humana, como marco (un montículo, unha mámoa, unha pedra) que sinala o linde dunha demarcación. Esta última acepción do termo foi común na parroquia de Valadares, onde se conserva unha mouteira do século XVII restaurada pola asociación Amigos dos

Pazos coa inscrición «Baladares», na entrada do actual termo municipal de Vigo por Valadares vindo desde Vincios. *Mouta* e *mouteira* son termos de orixe prerromana, derivados dunha raíz **mott-* 'montículo, elevación, prominencia', e emparentados remotamente co latín META (➲ *Madorra*). Nalgunhas áreas da costa galega chámanse tamén *mouteiras* ou *moutillóns* as dunas dun areal.

Formando topónimo, en Valadares o substantivo aparece nos nomes **A Mouteira** (no barrio do Freixo, unha zona de campos e de vivendas ao oeste do cemiterio privado) e **As Mouteiras**, no barrio da Sobreira, aplicado a unha zona de campos con algunha vivenda, xunto á estrada da Garrida. Este último rexístrase no Catastro de Ensenada aplicado a cultivos de secaño. Na mesma zona, algo máis ao norte, temos a **Fonte das Mouteiras**, dun só cano e con escaleiras de acceso ao fondal en que se encontra; a auga procede de Fontefría.

▶ Muíño

— **Muíño da Ariña / Muíño da Areíña** (O Freixo)
— **Muíño da Cotarela** (O Carregal)
— **Muíño da Galiñeira** (O Freixo)
— **Muíño das Maquías** (A Garrida)
— **Muíño da Pontella** (O Carregal)
— **Muíño da Senra** (A Garrida, O Portal)
— **Muíño de Abaixo** (parque tecnolóxico e loxístico)
— **Muíño de Abaixo do Cacheiro** (A Garrida)
— **Muíño de Arriba** (parque tecnolóxico e loxístico)
— **Muíño de Arriba do Cacheiro** (A Garrida)
— **Muíño de Longras / Muíño das Longras** (A Sobreira)
— **Muíño do Carregal** (O Carregal)
— **Muíño Pequeno / Muíño Vello** (A Garrida)
— **Muíño Vello** (O Freixo)
— **Campo do Muíño** (A Garrida)
— **Tras do Muíño** (A Sobreira)

Segundo os rexistros de Galicia Nomeada, cóntanse por milleiros os microtopónimos galegos que conteñen o substantivo *muíño*, e no Nomenclátor de Galicia está presente no nome de máis dun cento de localidades, o cal dá unha idea da importancia destas construcións de enxeñaría hidráulica en Galicia. Na parroquia de Valadares, con varios

cursos fluviais, a abundancia de nomes que se refiren a muíños é tamén salientable. Para parte deles existe aínda a construción que os suscitou, que nalgún caso foi obxecto de primorosa restauración, pero doutros non queda máis vestixio ca o propio topónimo.

En Valadares, a meirande parte dos nomes en que aparece o substantivo *muíño* (< latín MOLINUM) son formas compostas cun segundo elemento que se refire á área onde se atopa o muíño ou a formas adxectivadas, do tipo *Muíño Vello* ou *Muíño Pequeno*.

Co nome de **O Muíño Vello** coñécese unha franxa de campos de labor dentro da área do Cocho da Galiñeira; tamén se emprega **Muíño Vello** como denominación alternativa do **Muíño Pequeno** para referirse á área ao pé do encoro de Zamáns onde se atopan o **Muíño das Maquías** e outro de tamaño máis reducido, que posiblemente motivou o nome da zona; este muíño, ademais de ser máis pequeno é tamén máis antigo, de aí o adxectivo, en comparanza co **Muíño das Maquías** (➲ *Maquía*); o **Muíño Vello** ou **Muíño Pequeno**, tamén coñecido como **O Muíño de Seoane**, si aparece atestado no Catastro de Ensenada, onde se menciona, ademais, o nome con que era designado daquela: «Un molino nombrado *Pequeno*, al lugar de *Seoane*».

Outros topónimos que conteñen un composto de *muíño* cun segundo elemento referido á localización son o **Muíño da Ariña** ou **Muíño da Areíña**, o **Muíño da Cotarela**, o **Muíño da Galiñeira**, o **Muíño da Pontella**, o **Muíño da Senra** (hoxe restaurado, baixando desde o pavillón polideportivo cara á Valada), o **Muíño de Abaixo** e o **Muíño de Arriba** (que o CME localiza «al sitio do Foxo»), o **Muíño de Abaixo do Cacheiro** e o **Muíño de Arriba do Cacheiro**, o **Muíño das Longras** (ou **Muíño das Loncras**, como en *Mangales/Mancales*) e o **Muíño do Carregal**, situado pola zona da Lagoa e desaparecido en datas recentes, coas obras do novo hospital.

Aínda temos outros dous topónimos que conteñen o substantivo *muíño*: O **Campo do Muíño** (próximo á zona de Seoane, na Garrida, talvez motivado polo *Muíño de Seoane*) e **Tras do Muíño**, na zona do Foxo, na Sobreira, topónimo que no Catastro de Ensenada se traduce ao castelán: «Tras del Molino».

Algúns destes muíños aparecen rexistrados na documentación histórica, tal e como amosa a resposta ao Interrogatorio do Catastro de Ensenada, onde se declaran catorce muíños fariñeiros na parroquia, dous deles xa daquela en ruínas (nos sitios de Babio e Prado) e os outros

doce nos sitios do Caramanchel, Seoane, O Foxo, Fontedouro, A Cotarela, Prado, Babio, O Freixo, A Senra, A Longra e O Carregal.

▶ Muro

— **Muradas** (A Sobreira)

Muro (do latín MŪRUM) é un substantivo común que designa calquera valado ou parede, comunmente de pedra. A documentación histórica recolle un topónimo **Muradas** (o plural feminino do participio do verbo *murar* 'cercar cun muro') como nome dunhas terras de labor na Sobreira, na área hoxe ocupada polo parque tecnolóxico e loxístico.

▶ Nogueira

— **A Nogueira / A Nogueira dos Fabás** (A Sobreira)
— **A Nogueira** (O Portal)
— **A Nogueira** (O Freixo)

Nogueira (do latín NUCARIAM, derivado de *nux, nucis* 'noz') é o nome común en galego para designar a árbore que dá noces (*Juglans regia*). A ampla presenza de nomes desta familia léxica na toponimia galega dá idea da importancia histórica que tivo esta especie botánica na economía e na paisaxe do país.

Como sucede con outros fitotopónimos con este sufixo, tanto masculinos coma femininos (*Figueira, Piñeiro, Amieiro*…), cando manteñen o mesmo xénero ca o nome da árbore non sempre podemos saber se foron motivados por un único exemplar ou se o topónimo naceu con valor colectivo.

En Valadares repítese en varios sitios da parroquia: **A Nogueira**, no barrio da Sobreira, é unha zona de campos de cultivo ao sur dos Fabás, de aí que en ocasións se rexistre coa denominación alternativa de **A Nogueira dos Fabás**. Outro topónimo idéntico **A Nogueira** designa unha área de terras de labor e algunha vivenda no barrio do Portal, baixando pola estrada do Foxo cara á avenida de Clara Campoamor. Esa *Nogueira* do barrio do Portal aparece en ocasións en plural (*Nogueiras*) no Catastro de Ensenada, quizais porque designa dúas áreas diferenciadas que tamén se rexistran nese catastro como *Nogueira de Abaixo* e *de Arriba*, en ambos os casos describindo cultivos de secaño de segunda calidade.

Un terceiro topónimo **A Nogueira** nomea uns prados no barrio do Freixo, pola estrada de San Xoán, entre o Campo do Rego e o Campo Longo.

Ollo da Cabra ➲ Cabra

▶ Olmo

— **Os Olmos** (As Barrocas)

Olmo (< latín ULMUM) é o nome común de varias árbores da familia das ulmáceas. Non son unha especie particularmente abundante na flora espontánea galega, mais aínda así a cartografía de Galicia Nomeada recolle máis de cento corenta lugares que conteñen este substantivo na súa denominación. Algúns dos casos en que os olmos deixaron pegada na toponimia responden a plantacións relativamente recentes, posteriores ao século XVI, debido ao emprego de olmos nos bordos dos camiños, vereas e estradas reais en descampados e en lugares moi expostos. No Nomenclátor de Galicia constan catro localidades chamadas *Os Olmos*, todas elas nacidas ao pé dunha vía ou dunha estrada de certa importancia.

Os Olmos, en Valadares, é o nome dun pequeno arboredo dentro da área da Valada, no barrio das Barrocas.

▶ Outeiro

— **O Outeiro** (O Portal)
— **O Outeiro** (A Garrida)
— **O Outeiriño / O Outeiriño da Aforada** (As Barrocas)
— **O Outeiriño** (O Freixo)
— **Outeiro da Faixa** (A Igrexa)
— **Outeiro da Fame** (A Sobreira)
— **Outeiro da Gaspara** (O Freixo)
— **Outeiro da Rabadeira** (A Igrexa)
— **Outeiro da Torre** (A Igrexa)
— **Outeiro de Deus** (O Freixo)
— **Outeiro de Ferro** (A Garrida)
— **Outeiro do Gato** (O Freixo)

— **Outeiro de Piñeiro** (A Sobreira)
— **Outeiro de Sobroso** (A Garrida, As Barrocas)
— **Outeiro de Tomé** (O Freixo)
— **Outeiro Grande** (A Sobreira)

O substantivo *outeiro* é un dos máis rendibles na formación de topónimos; na cartografia de Galicia Nomeada recóllense máis de 4500 sitios que conteñen a secuencia *outeir-* no seu nome. Pode dicirse que *Outeiro* é unha forma toponímica característica do territorio da antiga Gallaecia. Formado a partir do adxectivo correspondente ao latín ALTUS (> galego medieval *outo*) é un substantivo común para designar unha elevación do terreo illada ou de pouca extensión, mais tamén acabou nomeando, na toponimia e na fala dalgunhas zonas, penedos ou rochas que sobresaen na paisaxe. Este segundo significado é, probablemente, o que está detrás dun dos varios topónimos formados con este substantivo que hai na parroquia de Valadares, o *Outeiro de Sobroso*, onde se sitúa, segundo consta no Catastro de Ensenada, un dos marcos que sinalan a estrema da parroquia coa de Vincios.

A forma simple **O Outeiro** é o nome dun núcleo habitado na baixada cara ao Foxo desde O Portal, no barrio deste nome, e xa era lugar habitado en 1753, segundo vemos no Catastro de Ensenada. Outro topónimo **O Outeiro** no barrio da Garrida, xa na estrema con Vincios, denomina unha zona de monte dentro da área coñecida como Os Foxos de Vincios. Coa forma en diminutivo temos dous topónimos **O Outeiriño**: un no barrio das Barrocas, preto da Aforada (de aí que tamén se rexistre como **O Outeriño da Aforada**) e outro no barrio do Freixo, polo camiño da Pinguela, que aparece aplicado a unhas terras de cultivo de hortaliza de segunda calidade no Catastro de Ensenada, onde tamén se nos informa de que era un lugar habitado (unha casa terreña).

Máis comúns son os compostos polo substantivo *outeiro* seguido dun segundo elemento, que adoita conter referencia ao lugar onde se atopa ou a calquera característica que permita distinguilo doutros outeiros. É o caso do **Outeiro da Faixa** (no barrio da Igrexa), o **Outeiro da Fame** (situado ao leste do parque tecnolóxico e loxístico, xunto aos Fabás, no barrio da Sobreira), o **Outeiro da Gaspara** (ao suroeste da área con este nome), o **Outeiro de Ferro** (arboredo dentro da área de Augalonga na Garrida, na estrema con Vincios) e o **Outeiro de Piñeiro** (➲ *Piñeiro*).

O **Outeiro de Deus**, preto da Gaspara, no barrio do Freixo, aparece atestado con ese nome nun protocolo notarial do ano 1669, así como no Catastro de Ensenada, sinalando terras de monte de segunda calidade, e no *Libro de afanegados* aplicado a terras de piñeiral. Cremos que na súa orixe a referencia a *Deus* vén da condición de propiedades de «décimo a Deus», igual ca outro topónimo de Valadares que consta como «Dézima Deus» no Catastro de Ensenada e que aparentemente non sobreviviu. Nun e noutro caso, serían terras ou propiedades exentas de calquera outra renda ou carga que non fose o chamado «dizmo a Deus», ou simplemente *décimo* (castelán *diezmo*), un tributo polo cal a Igrexa percibía cada ano a décima parte de todos os produtos da terra, tanto agrarios coma pecuarios. Instituído na Alta Idade Media en Europa occidental, seguiu vixente durante séculos, segundo se pode comprobar no Interrogatorio do Catastro de Ensenada, onde á pregunta relativa aos impostos e titulares destes se responde que todas as terras do termo parroquial de Valadares estaban suxeitas a este tributo e que os perceptores eran, a medias, o abade da igrexa parroquial e o cabido de Santiago de Compostela. Na parroquia de Beade sobrevive outro toponimo *Dimadeus*, da mesma orixe.



Propiedades «diezmo a Dios» no Freixo nun documento de 1672 (franciscanas de Vigo)


30 ... Unferrado a
Monte segunda Ca
lidad al Sitio Con
cejo de Dous esta
7. 13ª
..... Cerrado.

Con respecto ao **Outeiro de Sobroso** é posible, como xa se comentou, que na orixe se referise a un marco e non a unha elevación do terreo, mais hoxe recibe ese nome a extensa área forestal de piñeiro e de eucalipto sita na Garrida, á altura da primeira volta pronunciada da estrada do monte Alba, logo de pasar Os Mangales.

O **Outeiro de Tomé**, xunto á Mouteira do Freixo, é unha zona de campos con algún cultivo, desde onde hai unhas espléndidas vistas cara ao oeste, coas illas Cíes ao fondo. O topónimo aparece rexistrado con esa mesma forma no Catastro de Ensenada e aplicado a terras de monte de segunda e de terceira calidade. *Tomé* é o resultado galego correspondente a *Thomas*, nome dun dos apóstolos; o galego adaptou en *-é*, a partir da forma do xenitivo, este nome de orixe grega rematado en *-as*, como sucedeu con *Andreas*, que en galego se resolveu en *André*. Descoñecemos quen puido ser o Tomé que deixou pegada no topónimo. No século XVIII, segundo vemos no Catastro de Ensenada, había veciños de Valadares portadores dese nome, pero o topónimo ha de ser anterior.

Co nome **Outeiro Grande** coñécense dous altos dentro da área do monte da Sobreira, un á altura do IES Valadares e outro algo máis ao norte, poboados principalmente de eucalipto.

No Catastro de Ensenada rexístranse un **Outeiro da Torre**, un **Outeiro da Rabadeira** e un **Outeiro do Gato** que non sobreviviron ata a actualidade. O primeiro describe unha devesa de segunda calidade e, como indica o segundo elemento, debía de estar pola zona da Torre,

no barrio da Igrexa, onde o propietario posuía outras terras; o segundo xa se menciona no século XVI na documentación relativa ao preito do Portal (1587), e debía de estar localizado na extensa área da Rabadeira. Por último, o *Outeiro do Gato* aparece no Catastro de Ensenada na enumeración de terras de man común «inútiles por naturaleza que lindan ao poñente con montes del común da feligresía de Camos e de San Salvador de Coruxo»: era o nome que recibía daquela o monte coñecido hoxe como *Cepudo* (➲).

▶ Outide

— **Outide, Outide da Garrida** (A Garrida)

Derivado do adxectivo latino ALTUM ou do seu resultado galego *outo* cun sufixo colectivo -ETA (> *-ida*, alterado en *-ide* como en *Subride* ou *Penide*/*Sobreda*, *Peneda*), o nome *Outide* da parroquia de Valadares é un topónimo único na cartografía de Galicia Nomeada, se ben conta con paralelos como *Outedo* e *Outeda*. Probablemente naceu para designar un espazo abundante en outeiros, que na fala local é unha denominación de penedos (➲ *Outeiro*).

En Valadares, **Outide da Garrida** nomea unha área extensa no barrio da Garrida, con algunhas vivendas, mais principalmente conformada por campos e por zonas de monte, lindeira coa Devesa do Rei. Aparece no Catastro de Ensenada nas formas *Outide*, *Outide da Garrida* e tamén *Outide da Sobreira* para describir terras de monte de segunda calidade, de cultivo de secaño de segunda e de hortaliza de primeira. Non é estraña esta heteroxeneidade na descrición das terras que nomeaba, pois trátase dunha área moi ampla. Hoxe, a zona está poboada principalmente de piñeiro e de eucalipto, pero segundo consta na información sobre os montes de man común do Ministerio de Fomento de 1859, *Outide* era sitio de vastas carballeiras.

▶ Padrón

— **O Padrón** (A Sobreira)
— **O Padrón do Couto** (A Sobreira)

O substantivo *padrón* (< latín PETRONE, derivado de PETRA 'pedra', alterado no vocalismo da sílaba inicial) designa de maneira xenérica unha pedra grande, natural ou colocada por man humana, que se emprega

para sinalar unha demarcación do territorio. Ten presenza relativamente común na toponimia galega; en Galicia Nomeada rexístranse cento catorce topónimos que conteñen este substantivo. O concello de *Padrón* debe o seu nome a unha pedra, antiga ara romana dedicada a Neptuno, conservada nunha igrexa da localidade, que se relacionou coas lendas xacobeas da chegada do Apóstolo a Galicia.

En Valadares existen dous topónimos formados con este nome, ambos no barrio da Sobreira: **O Padrón** (campos de labor xunto á Devesa da Sobreira; talvez existiu un marco que delimitaba cara ao oeste esta devesa) e mais **O Padrón do Couto**, extensa área de monte (hoxe principalmente eucaliptal) que chega ata A Garrida e que recibe o seu nome dun *padrón* que sinalaba a demarcación do leste do couto de Valadares (➲ *Marco*). Como nome de propiedades, *O Padrón do Couto* designaba no Catastro de Ensenada terras clasificadas como monte de terceira calidade.

▶ Paínzo

— **Os Painzás / Os Pinzás** (O Freixo)

O *paínzo* (< latín PANICĔU 'que serve para facer pan') ou millo miúdo (➲ *Millo*) foi un cereal cultivado no pasado no territorio de Valadares. Conserva memoria deste cultivo un topónimo *Os Painzás*, co resultado tradicional local do plural de *painzal*, o colectivo de *paínzo* (como *Os Fabás*, de *fabal*). Hoxe **Os Painzás** (nalgunhas fontes **Os Pinzás**) é o nome dun conxunto de vivendas xunto ao camiño da Pinguela, no barrio do Freixo. No Catastro de Ensenada xa se rexistra como nome de lugar habitado, e tamén de monte e de cultivos de secaño.

▶ Palla

— **Tras do Palleiro** (A Garrida)
— **Tras do Palleiro** (As Barrocas)
— **A Palloceira** (A Garrida)

A toponimia relativa á *palla* (< latín PALĔAM 'cana seca do cereal') ten presenza en Valadares en dous topónimos que conteñen o derivado común *palleiro*, definido nos dicionarios como 'morea de palla ou de herba seca en forma de cono'. **Tras do Palleiro** nomea senllas áreas na Garrida e nas Barrocas (➲ *Tras*).

Outro topónimo da familia léxica de *palla*, a partir dun derivado *palloza*, é **A Palloceira**, unha zona de arboredo situada na estrema nordeste de Vales, xunto á estrada da Garrida. Non sabemos que acepción de *palloza* puido motivar este derivado; tanto puido vir motivado pola vexetación da zona coma por algunha clase de construción con cuberta de colmo ou palla.

▶ Panasco, Panasca

— **A Panasca** (O Freixo)

Chámase *panasco* un prado onde medra herba que serve de pasteiro natural para o gando. Os panascos non só son terras de monte, tamén pode tratarse de terreos destinados ao cultivo, mais coa peculiaridade de seren sempre terras de secaño, e con esta especificación recóllese a súa definición en varios dicionarios, onde se fala de 'herba áspera que crece nos prados de pouca auga' ou 'terrón seco'. Admítese que o substantivo *panasco* é un derivado do latín PANNUS 'pano, farrapo'. O Padre Sarmiento xustificaba esa etimoloxía que remite a *pano* porque «así parece el terrón, ya esté seco, ya verde», ademais de consignar que o *musgo* se denomina metaforicamente «o panasco das paredes».

Na toponimia é máis frecuente atopar a forma en masculino, fronte ao feminino *panasca*, que Elixio Rivas define como 'prado natural, que se va cortando o paciendo en fresco' (DdD). Temos en Valadares este feminino en **A Panasca**, unha zona de monte ao oeste da Gaspara, no barrio do Freixo. No Catastro de Ensenada aparece tamén en plural, *Panascas* (ou acaso *Panascás*) e designa terras clasificadas como cultivo de secaño de segunda calidade.


Yo ---- Tres fanegadas de
sembradura secano
de tercera calidad al
sitio de Papadeira: lin

▶ Papadeira

— **A Papadeira** (O Portal)

A Papadeira é o nome dunha zona de campos ao leste do núcleo do Portal. Aparece atestado no Catastro de Ensenada, onde designaba terras de cultivo de secaño. É un topónimo escuro, que ten paralelo nun plural *As Papadeiras* na veciña parroquia de Zamáns. Quizais constitúe un derivado do verbo *papar* 'comer', motivado por algunha razón anecdótica ou por ser unha zona de pasto para o gando. Non podemos descartar que constitúa un zootopónimo relacionado con certas especies de roedores chamados nalgunhas áreas *rato papado*.

Pardabesta ➲ Prado da Besta

▶ Pardiñeiro

— **A Pardiñeira** (O Freixo)
— **O Pardiñeiro** (A Garrida)

Pardiñeiro é un termo común en galego para designar muros e ruínas de edificacións vellas. Procede do latín PARIETINARIUM, un derivado de PARIETEM 'parede'. Ten notable representación na toponimia de Galicia, e o Nomenclátor recolle ata quince núcleos habitados con ese nome, espallados nas catro provincias, ademais doutros dous formados coa variante sen vogal palatal, *pardieiro*, estes na provincia de Ourense. A forma feminina, *pardiñeira*, do mesmo significado, é menos frecuente.

En Valadares, **O Pardiñeiro** é o nome duns prados e terras de labor entre a estrada de Gondomar ao Porriño (o antigo *Camiño do San Colmado*) e a autoestrada AP-9 no barrio da Garrida, xa na estrema coa parroquia de Zamáns. No Catastro de Ensenada recóllese coa mesma forma («al sitio do Pardiñeiro», «Pardiñeyro»…) e describe labradío de regadío e de secaño de segunda calidade. No mesmo catastro rexístrase outro topónimo *Pardiñeiro do Souto*, aparentemente desaparecido hoxe.

Un feminino **A Pardiñeira** é o nome duns campos próximos ao camiño da Pinguela, no Freixo.

▶ Parede

— **Paredes** (As Barrocas)

O substantivo común *parede* é o resultado galego do latín PARIETEM, do mesmo significado. Na toponimia, este nome adoita referirse a ruínas de antigas edificacións, o mesmo ca o derivado *pardiñeiro* (➲).

En Valadares coñécese como **Paredes** unha zona de vivendas e de campos xunto á estrada do Souto, no barrio das Barrocas. Rexístrase co mesmo nome no Catastro de Ensenada, onde describe terras de monte de primeira calidade.

▶ Pascua

— **Pascua da Vila** (As Barrocas)

As fontes documentais recollen no barrio das Barrocas un topónimo **Pascua da Vila** que non puidemos localizar con exactitude na actualidade. Contén un nome persoal feminino *Pascua* (*Pasqua* no CME) seguido do apelido toponímico *da Vila*.

O antropónimo *Pascua*, o mesmo ca o correspondente nome común (datas do ano relixioso cristián, relativas á Paixón e á Resurrección) procede do latín vulgar PASCUA (latín clásico *pascha*), tomado dunha variante hebrea do termo PESACH 'paso, tránsito', nome da festa con que os xudeus conmemoraban a súa saída de Exipto. A alteración *pasca* > *pascua* explícase por interferencia de *pascuum* 'lugar de pastos', 'alimento dos animais', motivada probabemente polo feito de que coa Pascua remataban os xaxúns da Coresma.

▶ Pasto

— **Pastos da Casa Vella** (O Freixo)

O substantivo común *pasto* 'herba verde que serve de alimento para o gando' e tamén 'terreo cuberto de herba destinado a pacer o gando' procede do latín PASTUM, participio do verbo PASCERE 'pacer'. Está presente este nome no topónimo **Os Pastos da Casa Vella**, aparentemente desaparecido na actualidade, que recollen o Catastro de Ensenada e outras fontes documentais nas inmediacions da área denominada A Casa Vella, no barrio do Freixo.

▶ Patela, Patena

— **As Patelas / A Patela** (A Sobreira)
— **As Patenas** (As Barrocas)

Na cartografía de Galicia Nomeada recóllense cento oitenta topónimos que conteñen os nomes *patelo* ou *patela*, algúns deles designando especificamente unha formación pétrea cun composto *A Pena Patela*. As pedras que reciben esta denominación adoitan ser aplanadas e permiten recoñecer *patela* como un adxectivo co significado de 'chan, plano, achatado'. A mesma raíz está presente no nome do *pato*, no do *piollo pato*, nun feminino *patela* 'cesta ou caixa de bordo baixo que utilizan as peixeiras para transportar e expoñer o peixe', na *patena* (na orixe latina, 'pía, bacía ou maseira onde se lles dá de comer aos animais' e de aí pasou a designar o obxecto litúrxico cristián: 'especie de prato ou bandexa para as hostias consagradas') e no nome de diferentes realidades *aplanadas*. Con este mesmo significado empregáronse como alcume ou como sobrenome termos como *Pato* ou *Patiño*, seguramente motivados polo xeito de pisar ao camiñar a persoa a quen se aplicaron. Tamén *Patelo*, que xa se rexistra como sobrenome no século XIII nun «Iohannes Pelagii, dictus Patelo» (1202, Codolga).

Non sabemos se estamos ante un adxectivo *patela* aplicado a algunha realidade física (neste caso talvez a chaira en que se encontra) ou se tivo orixe nun sobrenome persoal o topónimo **As Patelas**, nome dunha extensión ao norte do monte da Sobreira, na estrema coa parroquia de Beade, que designa terreos pertencentes a ambas as parroquias. No Catastro de Ensenada figuraba en singular, **A Patela**.

Pertence probablemente á mesma familia léxica o topónimo **As Patenas**, nome duns campos de labor nas Barrocas, subindo pola estrada do Regueiro. Aparece rexistrado coa mesma forma e grafía no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados*, aplicado a terras de cultivo de secaño.

Patiño ➲ Madorra

▶ Patrón

— **O Patrón** (O Carregal)
— **A Patrona** (O Portal)
— **A Casa da Patrona** (O Portal)

Coñécese como **O Patrón** unha zona de penedos e de arboredo no barrio do Carregal, entre Os Martices e O Mato Vello. O feito de que tamén exista un feminino **A Patrona** no Portal, e mais **A Casa da Patrona**, fai pensar que estamos ante un sobrenome de propietario, formado a partir dalgunha das acepcións do substantivo común *patrón*.

▶ Pedra

— **As Pedras** (As Barrocas)
— **A Pedra da Cacheira** (As Barrocas)
— **A Pedra da Pena** (A Garrida)
— **As Pedras da Cruz** (A Sobreira)
— **As Pedras das Cagallas** (A Sobreira)
— **As Pedras da Flor** (A Sobreira)
— **As Pedras da Ribeira** (A Garrida)
— **As Pedras de Guisande** (A Sobreira)
— **As Pedras do Moucho** (A Sobreira)
— **As Pedras do Raposo** (A Sobreira)
— **Campo das Pedras** (O Freixo)
— **Veiga da Pedra** (A Igrexa)
— **O Pedregal** (As Barrocas, A Garrida)
— **O Pedregal da Valada** (A Garrida)
— **O Pedreiro** (O Freixo)
— **A Espedrigada** (O Carregal)

O substantivo *pedra* (< latín PETRAM) e os seus derivados aparecen formando máis dun cento de topónimos que nomean núcleos habitados de Galicia, segundo amosa o Nomenclátor. Na microtoponimia, os exemplos cóntanse por miles. Poucos substantivos son tan rendibles coma este na toponimia galega.

Na parroquia de Valadares, a meirande parte dos topónimos formados con *pedra* son compostos cun segundo elemento referencial: **A Pedra da Cacheira**, ao oeste do monte Alba (➲ *A Cacheira*); **A Pedra da Pena**, no barrio da Garrida (➲ *Pena*); e **As Pedras da Ribeira**, xunto a Seoane (➲ *Ribeira*). Un grupo de topónimos compostos deste tipo atopámolo dentro da área que chaman *O Padrón do Couto*, no monte da Sobreira: **As Pedras das Cagallas** (➲ *As Cagallas*), **As Pedras da Cruz** (➲ *Cruz*), **As Pedras da Flor**, **As Pedras de Guisande**, **As Pedras do Moucho** (➲ *Moucho*) e **As Pedras do Raposo** (➲ *Raposo*).

Unha forma simple plural, **As Pedras**, nomea un núcleo de vivendas no barrio das Barrocas, fronte ao CEP Igrexa-Valadares. Como segundo elemento de compostos atopámolo no nome do **Campo das Pedras** (no Freixo, xunto aos Balcóns) e mais no da **Veiga das Pedras**, na zona da Torre, no barrio da Igrexa.

Entre os numerosos derivados de *pedra*, un dos que ten máis presenza na toponimia é o formado co sufixo correspondente ao latín -ARIA, *pedreira*, que designa un terreo con pedras ou unha canteira. A mesma forma en masculino, *pedreiro*, úsase sobre todo para referirse á persoa que traballa a pedra, un canteiro. Non podemos determinar se o topónimo **O Pedreiro** en Valadares (campo de labor ao sur da Gaspara, no barrio do Freixo) veu motivado polo terreo pedregoso ou se contén un sobrenome de propietario relativo ao oficio de pedreiro ou de canteiro. No Catastro de Ensenada, no rexistro dos oficios, declárase a existencia dun único veciño con esta profesión na parroquia.

O derivado *pedregal* (< latín PETRICALEM), formado cun interfixo *-ic-*, suxire que estamos ante un sitio onde abunda a pedra pequena ou fragmentada. En Valadares temos este derivado en dous topónimos: **O Pedregal** (no barrio da Garrida, por riba da Valada, onde actualmente se atopa o pavillón polideportivo e o edificio do Centro Veciñal e Cultural de Valadares) e **O Pedregal da Valada**, algo máis ao sur.

Tamén ten relación coa pedra o topónimo **A Espedrigada**, núcleo habitado no barrio do Carregal, entre O Caramancho e A Simona. O topónimo contén o participio dun verbo *espedrigar* (< latín EXPETRICARE) 'desempedrar', 'limpar de pedras miúdas un terreo para cultivalo'.

Na documentación do Catastro de Ensenada rexístranse outros topónimos emparentados que non localizamos con exactitude: *Pedras*, *Pedras de Leiras*, *Pedra de Gregorio da Vila*, *Pedreira*…

▶ Pedro

— **A de Pedro** (As Barrocas)

Coñécense como **A de Pedro** uns campos de labor situados na zona dos Bértolos, no barrio das Barrocas. É un topónimo transparente, en referencia a un propietario, e supoñemos que de creación relativamente recente, pois non se atesta na documentación histórica.

▶ Peimallo

— **Fonte de Peimallo** (O Freixo)
— **Camiño de Peimallo** (O Freixo)
— **Petróglifo de Peimallo** (O Freixo)

O topónimo **Peimallo** nomeaba no pasado toda unha extensa área boscosa da aba noroeste do monte Alba. Rexístrase no Catastro de Ensenada coas formas *Peimallo*, *Peymallo* e *Chan Peimallo* e semella desaparecido hoxe con esa forma simple, mais deixou pegada en tres nomes aínda vixentes: a **Fonte de Peimallo**, o **Camiño de Peimallo** e o **Petróglifo de Peimallo**.

A **Fonte de Peimallo** é unha fonte con teito de lousa rectangular sostido por unha columna de pedra, con dúas canles independentes para a auga que aflora da parede rochosa; conta cun depósito triangular construído en pedra que serve como bebedoiro de bestas e como depósito contra incendios. Foi construída en 2003 pola comunidade de montes en colaboración coa Comunidade de Augas Cacheira-Souto. Desde esta fonte parte un antigo camiño de carros parcialmente empedrado que ascende ata o monte Alba, o **Camiño de Peimallo**. Algo máis cara ao norte da fonte atópase o **Petróglifo de Peimallo** (▶ *Petróglifo*). Todos estes topónimos contan na fala cunha variante con artigo, *do Peimallo*, presente tamén no rótulo da fonte: *Fonte do Peimallo*.

Peimallo é unha alteración dun primitivo *Pai Mallo*, antropónimo composto da forma abreviada do nome *Paio* (< latín PELAGIU) e mais o apelido *Mallo*. O uso do nome *Paio* tivo bastante difusión en Galicia debido ao culto a San Paio, santo tudense do século X. Este nome *Paio* adoita apocopar en *Pai* cando vai precedendo o apelido, e en posición átona non é estraño que se altere en *Pei*. No Nomenclátor de Galicia achamos tanto unha forma coma a outra en numerosos topónimos formados con este nome persoal: *Paicordeiro*, *Paiosaco*, *Casalpaio*, *Pai-*

navalla, pero tamén *Peimoure, Peixoanes, Peiluz* ou *Peimogo*. Pola súa banda, o apelido *Mallo* é tamén común na parroquia, documentado polo menos desde o século XVI. Nun documento de 1672 do convento de San Francisco de Vigo relativo ás propiedades deste convento no Val de Fragoso rexistramos o *Campo de Paio Mallo*, coa forma plena do antropónimo.



No Catastro de Ensenada vemos tamén portadores deste apelido na parroquia en 1753, como unha veciña *María Mallo*, «pesillera de tabaco». O apelido é quizais un sobrenome nacido do servizo de varios «días de malla» ao ano que a familia lles debía pagar aos señores do couto (➲ *Malla*).

▶ Peirao

— **O Peirao da Valada** (A Garrida)

Peirao é un substantivo de orixe occitana chegado ao galego na época medieval; procede do latín PETRATUM 'empedrado' e polo regular designa un muro de contención construído na beira dun río ou do mar, así como un embarcadoiro nun porto. Está presente no topónimo **O Peirao da Valada**, unha zona de arboredo ao sur da Valada, no barrio da Garrida. Aparece no Catastro de Ensenada coas formas simple e composta, *Peirao* e *Peirao de Balada*, para designar terras de monte de primeira calidade.

▶ Pena

— **A Pena** (O Freixo)
— **Os Penedos** (O Freixo)
— **Os Penedos** (As Barrocas)
— **A Pedra da Pena / As Pedras da Pena** (A Garrida)

O substantivo galego *pena*, o mesmo ca o correspondente castelán *peña*, son termos moi comúns na toponimia. Admítese que proceden

do latín PINNA, que nesa lingua designaba as ameas dunha muralla, mais hai quen sostén que pode ser de orixe prerromana. Dá idea da súa enorme presenza na toponimia de Galicia o feito de que en Galicia Nomeada son case cinco mil os nomes de lugar formados con *pena*, e alcanzan os catrocentos os correspondentes a núcleos habitados, segundo o Nomenclátor. É tamén común, se ben menos frecuente, o seu derivado *penedo*, usado practicamente co mesmo significado.

Na parroquia de Valadares hai varios topónimos con estes nomes: o núcleo habitado chamado **A Pena**, na estrada do Regueiro, preto do cemiterio privado; unha pequena zona na estrema suroeste da área das Mitoas, no barrio do Freixo, denominada **Os Penedos**, e outro topónimo **Os Penedos** que designa unha área de masa forestal ao sur do monte Cepudo, onde se advirten unhas penas considerables no medio do arboredo que probablemente motivaron o topónimo. Como segundo elemento dun composto, temos a forma simple en **A Pedra da Pena** ou **As Pedras da Pena**, xunto ao camiño dos Mangales, na Garrida, que semella un composto tautolóxico ou redundante.

▶ Perdigón

— **Os Perdigóns** (A Garrida)

Perdigón (do latín PERDICONEM) é un nome común en galego que designa a munición miúda de certas armas, mais no seu significado primario denomina as crías da perdiz (*Perdix perdix*), ave común apreciada na caza. Seguramente foi a presenza habitual ou anecdótica destas aves no lugar o que motivou o topónimo **Os Perdigóns**, nome dunha área de campos de labor preto da Gándara, no barrio da Garrida.

▶ Pereira, Pereiro

— **As Pereiras** (O Carregal)
— **As Pereiras** (A Sobreira)
— **O Pereiro** (O Portal)
— **O Pereiro** (O Portal)
— **O Pereiro** (A Garrida)
— **As Pereiriñas** (As Barrocas)

O substantivo *pera* (< latín PIRAM) denomina o froito de diferentes variedades da especie *Pirus communis*, coñecida como *pereira* (< latín

PIRARIAM). A forma en masculino, *pereiro* (< PIRARIUM), recóllese nos dicionarios como nome da variedade da maceira que dá o froito chamado *pero*, unha mazá alongada e de sabor agre, aínda que *Pereiro* tamén pode ser un colectivo que denomina un lugar poboado de pereiras. Son moi numerosos os topónimos que conteñen estas formas, que nalgún caso poden presentar homofonía con derivados de PETRA 'pedra', pois *pereira* e *pereiro* son tamén variantes alternativas de *pedreira* e de *pedreiro*, fenómeno semellante ao que ocorría co nome persoal *Pedro*, que tiña unha forma medieval *Pero*, da cal se formou o apelido patronímico *Pérez*.

Non podemos determinar, xa que logo, a orixe concreta dos topónimos de Valadares que conteñen estes derivados, mais pensamos que ha de ser fitonímica, relativa ás árbores froiteiras. No Catastro de Ensenada rexístrase na parroquia un *Pereiro* en forma simple, un *Pereiro de Outide* e un *Pereiro da Senra* (CME), e no preito do Portal, de finais do século XVI, documéntase un *campo do Pereiro* e unha *Veiga do Pereiro* «que parte con heredad de cabildo de Santiago» (1587).



Algúns destes topónimos atestados na documentación histórica mantéñense vivos hoxe. Así, **O Pereiro** (ao norte de Outide da Garrida), **O Pereiro** (na Senra, no barrio do Portal) e un terceiro **O Pereiro** (dentro da área da Barreira, tamén no barrio do Portal), os tres denominan campos de cultivos. Unha forma feminina, **As Pereiras**, nomea terras de labor no barrio do Carregal, ao norte da Simona, e outro topónimo idéntico, **As Pereiras**, denomina terras no barrio da Sobreira, ao norte dos Lavadouros. Un diminutivo, **As Pereiriñas**, designa campos cultivados ao sur dos Bértolos, no barrio das Barrocas; figuran con ese nome no Catastro de Ensenada, onde se clasifican como regadío de segunda calidade.

▶ Petróglifo

— **Petróglifo da Lapela** (O Freixo)
— **Petróglifo das Maceiras** (O Freixo)
— **Petróglifo de Peimallo** (O Freixo)
— **Petróglifo do Pracer** (O Freixo)

— **Petróglifo do Tombo** (O Freixo)
— **Petróglifos da Gándara** (A Garrida)

Un *petróglifo* é unha incisión gravada nunha pedra ao aire libre e que representa algunha figura gravada na época prehistórica, nos máis dos casos da Idade do Bronce. Na parroquia de Valadares hai varios exemplos desta manifestación artística. Os topónimos que conteñen este substantivo responden a unha etiqueta moderna, administrativa; non son tradicionais.

A denominación que reciben estes petróglifos é un composto cun segundo elemento referido ao lugar onde se atopan: o **Petróglifo da Lapela** (➲ *Lapela*); o **Petróglifo das Maceiras**, catalogado como ben de interese cultural e situado ao noroeste da zona co mesmo nome (➲ *Maceiras*), é unha rocha convexa onde se observan dez coviñas, dunha das cales parten sucos cara ás outras; o **Petróglifo de Peimallo** (➲ *Peimallo*), tamén catalogado como ben de interese cultural, está situado dentro da área das Mitoas ou Armitoas e consta dunha rocha con dezaoito coviñas e outra cun círculo simple incompleto, cunha coviña central e outras ao redor; o **Petróglifo do Pracer** (➲ *Pracer*) presenta dous círculos concéntricos e algunhas coviñas, e tamén está declarado ben de interese cultural; consta cunha grafía alternativa, **Petróglifo do Parcer**, no catálogo de bens culturais do Concello de Vigo. O **Petróglifo do Tombo** (➲ *Tombo*), outro dos catalogados polo concello, presenta dous círculos concéntricos con máis de trinta coviñas e algún suco no interior. Por último, os **Petróglifos da Gándara** (➲ *Gándara*) son un grupo de rochas situadas no cumio dun outeiro gravadas con motivos de figuras cadradas de esquinas curvas, círculos simples, círculos concéntricos, numerosas coviñas e outros motivos de difícil lectura.

▶ Picoto

— **O Picoto das Mitoas** (O Freixo)

O Picoto das Mitoas é o nome dunha zona de monte situada ao suroeste da área coñecida como *Armitoas* ou *As Mitoas* (➲), no barrio do Freixo.

O substantivo *picoto* está constituído por unha raíz prerromana *pic-* 'punta' (que alterna con *bic-*, con resultados como *bico*) e un sufixo tamén prerromano *-otto*. Presenta a variante *picouto*, posiblemente interferida polo adxectivo *outo* 'alto', que tamén ten presenza na toponimia.

Segundo o Nomenclátor de Galicia, hai dous núcleos de poboación chamados *O Picouto*, os dous na provincia de Ourense, mentres que os nove denominados *O Picoto* se encontran nas provincias occidentais. Na microtoponimia tamén se manifesta esa diferenza, con máis dun cento de topónimos coa forma *picoto* fronte ás corenta de *picouto*, que semella ter presenza case exclusivamente nas provincias de Lugo e de Ourense. Un *picoto* pode designar unha prominencia no terreo, un coto ou unha elevación pedregosa, a parte máis aguzada dun monte ou mesmo unha rocha illada que sobresae do seu contorno.

▶ Pinal, Pinar

— **O Pinal** (A Garrida)
— **O Pinal de Manamitas** (A Garrida)
— **O Pinal do Marqués** (A Garrida)
— **O Pinar do Marqués / O Pinal do Rei** (O Freixo)
— **Camiño do Pinal (A Garrida)**

Existen varios topónimos na parroquia de Valadares formados co substantivo *pinal* ou *pinar*, todos de creación relativamente recente, pois non constan na documentación histórica e son derivados colectivos de *pino*, nome castelán da árbore denominada en galego *piñeiro* (➲), polo que o derivado colectivo galego co sufixo correspondente ao latín -ALE sería *piñeiral*. Refírense a superficies repoboadas con estas árbores e son os seguintes: **O Pinal**, na zona da Pomba, no barrio da Garrida, onde tamén motiva o nome do **Camiño do Pinal**; **O Pinal de Manamitas**, zona de prado e de arboredo na estrema con Vales e coa Devesa do Rei, na Garrida, cun segundo elemento escuro *Manamitas*, quizais un alcume ou un sobrenome persoal, acaso unha alteración de *Madamitas*, nome de personaxe do entroido nalgunhas zonas de Galicia, formado a partir do francés *madame* 'señora'; **O Pinal do Marqués**, tamén na Garrida, dentro da área chamada O Foxo; **O Pinal do Rei**, no barrio do Freixo e, por último, outro **O Pinar do Marqués**, ao leste do barrio do Freixo, ao norte dos Currás, na estrema con Matamá, que algunhas fontes identifican con **O Pinal do Rei**.

▶ Pinga

— **A Pinguela** (O Freixo)
— **Camiño da Pinguela** (O Freixo)
— **Cruceiro da Pinguela** (O Freixo)
— **Fonte do Pingallo** (O Freixo, As Barrocas)

Os derivados de *pinga* 'gota' (do verbo *pingar*, e este do latín PENDICARE 'colgar') adoitan referirse na toponimia a fontes ou a minas en xeral pouco caudalosas. É frecuente nestes derivados o diminutivo *pinguela*. En Valadares, **A Pinguela** é o nome dunha extensa área con zonas de monte e algunhas vivendas no barrio do Freixo, xunto ao cemiterio particular. Diante do cemiterio atópase o **Cruceiro da Pinguela**, desde onde parte cara ao oeste o **Camiño da Pinguela**. No Catastro de Ensenada *A Pinguela* designa terras de labor de secaño de primeira e de segunda calidade.

Menos común é o derivado *pingallo* que, ademais de designar calquera retallo de tea ou de pel que colga, ten o mesmo valor ca o correspondente feminino *pingalla*, que Elixio Rivas define como 'gota en sentido algo aumentativo y despectivo' (DdD). Temos este substantivo no nome da fonte coñecida como a **Fonte do Pingallo**, dun só cano, cunha estrutura de pedra e unha presa. A auga procede do monte Alba e, segundo informan algunhas fontes veciñais, nesta fonte adoitaba facerse unha parada na ascensión á capela do monte Alba cando se ía en procesión.

▶ Piñeiro

— **O Piñeiro** (A Sobreira)
— **O Piñeiriño** (O Freixo)
— **Camiño do Piñeiro** (A Sobreira)
— **O Alto do Piñeiro** (A Igrexa)

O substantivo *piñeiro* (< latín PINARIUM) é a denominación común galega para as diferentes especies de árbores do xénero *Pinus*. A forma simple, en singular, ten maior presenza na toponimia ca os derivados colectivos, o que leva a pensar que os bosques autóctonos de piñeiros non eran comúns en Galicia, senón que había máis ben exemplares dispersos, illados, frecuentemente do chamado *piñeiro manso*, e que foron as reforestacións do século XVIII ou posteriores as que estenderon

as novas especies (o chamado *piñeiro de repoboación*, tamén chamado *piñeiro do país*, malia ser foráneo) por case todo o territorio galego e, con esas reforestacións, o nome castelán (➲ *Pinal*).

En Valadares **O Piñeiro** é nome dunha área principalmente de monte no barrio da Sobreira, xunto á estrada da Garrida, cun pequeno núcleo de vivendas na súa parte norte. No Catastro de Ensenada nomea terras de cultivo de secaño. Deste lugar toma o seu nome o **Camiño do Piñeiro**, que parte desde a estrada da Garrida.

Un derivado diminutivo, **O Piñeiriño**, designa unha zona de monte, principalmente de mato e algún arboredo, na volta do camiño da Pinguela, no barrio do Freixo. No Catastro de Ensenada clasifícase como monte de primeira calidade.

▶ Pioga

— **Piogal** (A Sobreira)

No *Libro de afanegados* de 1877 rexistrábase un topónimo *Piojal*, alternando cun plural *Piojales*, como denominación duns campos xunto aos Fabás, no barrio da Sobreira. Non consta que sobrevivise ata a actualidade. Aparentemente contén unha castelanización de *Piollal* e *Piollás*, derivados colectivos de *piollo* (< latín PEDUCŬLUM), ou do feminino *piolla*, que designa diferentes tipos de fungos que provocan manchas nos vexetais. Por outra banda, a referencia na toponimia ao *piollo*, *formiga*, *pulga* e outros zoónimos relativos a pequenos animais pode estar motivado por unha acepción metafórica destas palabras alusiva ao reducido tamaño das propiedades. Non obstante, é probable que a grafía *Piojal* de 1877 non garde ningunha relación cos piollos, senón que reproduza unha realización con gheada dun derivado de *pioga*, a correa con que se une o xugo ao boi: 'correa, xeralmente de coiro, que se suxeita nos extremos das cangallas e pasa por debaixo do pescozo do animal ao xunguilo', que por extensión se aplicou á 'abrazadeira ou zuncho de ferro, pértega etc., que suxeita as cancelas aos pés dereitos que as sosteñen, para que poidan xirar' (DdD). No Catastro de Ensenada constaba como «Sitio de Piogal».


13. . . . . Onquarto de
terrado de monte segn
da calidad al Rio de
13ª . . . . Portal Cerrado.

▶ Pisco

— **A Pisqueira** (O Freixo)

Figura este nome coa grafía *Pesqueira* no Catastro de Ensenada para describir propiedades situadas na área da Galiñeira, no barrio do Freixo, clasificadas como devesa de segunda calidade. Posto que non hai nos arredores ningún elemento que permita relacionar o topónimo coa pesca, cremos que se trata dun erro de interpretación por **A Pisqueira**, derivado de *pisco*, nome común nos vales de Fragoso e de Miñor para o paxaro tamén coñecido como *paporrubio* (*Erithacus rubecula*).

Pomar ➲ Pumar

▶ Ponte

— **A Ponte de Roque** (O Portal)
— **A Ponte dos Fabás** (A Sobreira)
— **A Pontella** (O Carregal)
— **Muíño da Pontella** (O Carregal)
— **O Pontillón** (A Sobreira)

O substantivo *ponte* (< latín PONTEM) 'construción de madeira ou pedra para atravesar un curso de auga' ten unha presenza relevante na toponimia galega, onde atopamos máis de trescentos nomes de poboación que o conteñen. En Valadares son varios topónimos os formados con este substantivo ou algún dos seus derivados: **A Ponte de**

Roque é o nome do camiño que baixa desde a estrada do Portal ata a estrada da Costa, atravesando parte da zona de arboredo das Barxas. ***A Ponte dos Fabás*** é denominación alternativa da Ponte de Quintián (Beade).

Unha *pontella* (< latín PONTICULAM) e o seu derivado *pontellón* ou *pontillón* adoitan designar unha pequena ponte sobre un regato, constituída por unha única pedra que une as dúas beiras. Temos estes nomes na toponimia de Valadares en **A Pontella**, área do barrio do Carregal, onde tamén se atopa o **Muíño da Pontella**, e mais en **O Pontillón**, que foi o nome dunhas terras do barrio da Sobreira onda o actual parque tecnolóxico.

▶ Porvello, Pero Vello

— **Porvello** (A Sobreira)

Unha área de monte e de arboredo ao oeste de Vales, no barrio da Sobreira, aparece no Catastro de Ensenada e noutras fontes co nome de **Porvello**. É a alteración dun antropónimo ou nome persoal composto de nome (*Pero, Pedro*) e un sobrenome ou apelido *Vello*: ***Pero Vello***.

▶ Porta

— **Campo da Porta** (As Barrocas)
— **Campo da Porta** (O Freixo)

O substantivo *porta* (< latín PORTAM) e os seus derivados *portela*, *portelo*, *portal*…, adoitan designar na toponimia lugares de paso por onde unha vía pública supera calquera tipo de obstáculo, a entrada a unha propiedade cercada ou a propia construción situada nesa entrada. Na microtoponimia agrícola, unha *porta* é a abertura nun valado, dotada ou non de cancela, para permitir a entrada e a saída nunha herdade cercada, polo regular de anchura suficiente para pasaren os carros. En Valadares témolo en dous topónimos que se repiten: o **Campo da Porta** no barrio das Barrocas (uns campos de labor ao noroeste do *Souto*) e o **Campo da Porta** no barrio do Freixo, ao sueste da *Galiñeira*.

▶ Portal

— **O Portal / A Chan do Portal** (O Portal)
— **Camiño do Portal** (O Portal)
— **A Chan do Portal** (O Portal)
— **Estrada do Portal** (O Portal)
— **Fonte da Estrada do Portal** (O Portal)
— **O Portal do Mato** (O Freixo)

O Portal é o nome dun dos núcleos habitados de Valadares. Sitúase na área que algunhas fontes denominan **A Chan do Portal**. Na Real Chancelería de Valladolid consérvase a «Executoria a pedimento de Juan y Alonso da Vila, vecinos del coto de Baladares, contra Diego Sarmiento de Valladares», do ano 1587, que inicia un longo preito polos dereitos sobre o «lugar y casar do *Portal,* con todas sus casas y casares, heredades e rresíos e guertas e campos con todo lo demás a ese lugar anexo», pois o señor do couto concedérallos en foro a unha familia cando supostamente aínda estava vixente o contrato cos anteriores foreiros. O topónimo xa había de ser moi anterior, e é posible que a denominación desta área como *portal* obedeza á súa condición de entrada ao couto de Valadares vindo desde o norte, desde a parroquia de Matamá, coa cal estrema.

Percorre ese espazo a **Estrada do Portal**, á beira da cal atopamos, á altura do parque tecnolóxico, a fonte chamada **Fonte da Estrada do Portal**, dun cano e de estrutura de pedra, con auga procedente do monte da Sobreira. Esta vía con varias ramificacións baixa desde a estrada de Valadares ata a avenida de Clara Campoamor, e converxe con outra que leva o mesmo nome, o **Camiño do Portal**.

O substantivo tamén aparece noutro topónimo da parroquia, sito no barrio do Freixo, **O Portal do Mato**, xunto á área coñecida como O Mato (➲).



Encabezamento do preito do Portal (1587). Executoria a pedimento de Juan e Afonso da Vila «vezinos del coto de **baladares** contra Diego Sarmiento de **Valladares**»

▶ Portela, Portelo

— **A Portela** (O Freixo)
— **A Porteliña** (O Freixo)
— **O Portelo** (O Freixo)
— **O Portelo** (A Sobreira)
— **A Portela de Alba** (As Barrocas)
— **O Portelo dos Paus** (O Freixo)
— **A Lapela do Portelo** (O Freixo)
— **A Rega do Portelo** (O Freixo)

Se na toponimia viaria o masculino *porto* (< latín PORTUM) adoita designar vaos ou lugares por onde un camiño cruza un río, o diminutivo feminino *portela* (< latín PORTELLAM) aplícase polo regular a pasos de montaña, tramos do camiño que ofrecen o mellor tránsito posible para pasar ao outro lado dos montes.

En Valadares, **A Portela** é o nome dunha pequena área ao sureste do Areeiro, no barrio do Freixo, e un diminutivo seu, **A Porteliña**, tamén neste barrio, nomea unhas terras onda A Devesa de Arriba. **A Portela de Alba**, no barrio das Barrocas, denomina unha zona ao noroeste do monte Alba, con vivendas desde hai séculos, pois consta en cadeas onomásticas que identifican os veciños residentes, como un «Pedro Pérez da Portela dalva» (CME). Neste catastro faise diferenciación entre **A Portela de Alba de Arriba** e **A Portela de Alba de Abaixo**.

O derivado masculino *portelo* puido vir motivado por unha cancela ou un paso estreito nun muro ou sebe. No Freixo, nas proximidades do Río Seco, recibe ese nome a zona chamada **O Portelo**, e nas súas inmediacións **A Lapela do Portelo** e mais **A Rega do Portelo**. Repítese **O Portelo** como topónimo no barrio da Sobreira e mais nun composto **O Portelo dos Paus**, situado no barrio do Freixo na estrema coa veciña parroquia de Coruxo.

▶ Poula

— **A Poula** (O Freixo)
— **A Pouleira** (O Portal)
— **A Pouleira** (A Garrida)
— **A Pouleira da Lagoa** (A Garrida)
— **As Vesadas da Pouleira** (A Garrida)

— **O Poulo do Cocho** (O Freixo)

Poulo e *poula* (< latín PABŬLUM, PABŬLA 'alimento') son denominacións comúns en galego para as terras mansas pero non cultivadas que quedan para pasto do gando, das cales adoita dicirse que se deixan *a poula*.

En Valadares chámase **A Poula** unha parte da área das Mitoas, no seu estremo suroeste, no barrio do Freixo. Co derivado **A Pouleira** noméanse uns campos de labor fronte ao Foxo, no barrio do Portal, e tamén se coñecen como **A Pouleira** outras terras de cultivo na encrucillada do camiño do Campo de Fútbol coa estrada do Monte Alba, no barrio da Garrida, e do seu nome toman o segundo elemento do composto **As Vesadas da Pouleira** (➲ *Vesar*); neste mesmo barrio hai uns campos coñecidos como **A Pouleira da Lagoa**, ao leste da Lagoa, da cal toman o nome a xeito de referencia. A forma masculina está presente no composto **O Poulo do Cocho**, no barrio do Freixo.

▶ Pouso

— **O Pouso** (O Freixo)
— **O Pouso de Fóra** (O Freixo)
— **O Pouso do Areeiro** (O Freixo)

Igual ca a forma feminina *pousa* (< latín PAUSAM, relacionada co verbo PAUSARE 'repousar, descansar'), o substantivo *pouso* é un topónimo viario motivado pola orografía, pois designa un descanso ou un relanzo dun camiño que ascende por pendente pronunciada. En Valadares aparece formando os seguintes topónimos: **O Pouso**, unha zona de campos no barrio do Freixo, ao oeste da Ermida, que no Catastro de Ensenada designaba terras clasificadas como cultivo de secaño, situadas nunha pequena chaira na aba; no mesmo barrio do Freixo, na área do Areeiro, tamén de pronunciadas pendentes, temos **O Pouso do Areeiro** e **O Pouso de Fóra**. Nas fontes documentais históricas rexístrase en Valadares un topónimo *Pouso-Courás* que non puidemos localizar con exactitude na actualidade.

▶ Pozo, Poza

— **O Pozo** (A Garrida)
— **O Pozo dos Castros** (A Sobreira)
— **Fonte dos Pozos** (O Freixo, As Barrocas)

— **Monte dos Pozos** (As Barrocas)
— **A Poza** (O Freixo)
— **A Poza da Rega** (O Freixo)

O substantivo *pozo* (< latín PUTĔUM) designa polo regular unha perforación destinada a servirse de auga subterránea, aínda que en ocasións só se refire a unha concavidade do relevo. O correspondente feminino *poza* adoita designar tamén unha depresión do terreo, aínda que menos profunda, que se enche de auga, ou unha presa pequena destinada ao rego ou a outros usos. Ambos os substantivos están presentes na toponimia de Valadares. **O Pozo** é o nome dunha zona de campos na área da Lagoa, no barrio da Garrida, e **O Pozo dos Castros**, na proximidade da área chamada Os Castros no barrio da Sobreira.

O **Monte dos Pozos** atópase entre A Garrida e As Barrocas. Cos seus 387 metros sobre o nivel do mar, é o terceiro punto de maior altitude de Valadares, despois do Cepudo e do monte Alba, e ocupa unha extensión de 110 000 m^2 poboada de carballos americanos, bidueiros e outras especies. Na subida a este monte atopamos a **Fonte dos Pozos**, dun cano que sae da rocha e unha pía de pedra, construída en 2008 pola comunidade de montes.

O feminino **A Poza** nomea unha pequena área de campos con vivendas no barrio do Freixo, ao oeste da Ermida. Na chamada **A Poza da Rega** (➲ *A Rega*), tamén no barrio do Freixo, o propio topónimo informa do uso da auga da poza.

▶ Pracer

— **O Pracer** (O Freixo)
— **Fonte do Pracer** (O Freixo)
— **Petróglifo do Pracer** (O Freixo)

A pesar da homonimia co verbo e co substantivo *pracer* 'gozo, gozar', os *praceres* presentes na toponimia conteñen un substantivo *pracer* 'areeiro, banco de area', un termo emparentado con PLATUS 'plano' e PLATEA 'praza'. É especialmente usual na talasonimia e na toponimia do litoral, onde designa baixíos areosos (por exemplo, *O Pracer da Langosta*, *O Pracer de Rodaballo* ou *O Pracer dos Frades*, no concello de Oia, ou o núcleo denominado *Os Praceres* na ría de Pontevedra), pero tamén se aplicou a lugares areosos no interior.

En Valadares chámase **O Pracer** (en ocasións cunha variante *Parcer*) unha zona de campos de labor no barrio do Freixo, preto da estrada de San Xoán, xunto á zona da Ermida. Deste nome reciben o seu a **Fonte do Pracer** (➲ *Fonte*) e o **Petróglifo do Pracer** (➲ *Petróglifo*), situados nesta mesma zona. No Catastro de Ensenada o topónimo aparece atestado coa forma *Plazer*, aplicado a terras de cultivo de regadío de segunda calidade.

▶ Prado

— **Prado** (O Portal)
— **Prado** (A Sobreira)
— **Pardabesta / Prado da Besta** (O Freixo)

Case un cento de núcleos de poboación galegos conteñen a palabra *prado* ou algún derivado no seu nome, segundo rexistra o Nomenclátor de Galicia. Do latín PRATUM, este substantivo designa unha terra en que crece herba que se corta para manter o gando.

Na toponimia de Valadares está presente no nome do núcleo habitado de **Prado**, hoxe un grupo de vivendas na estrada do Portal, que no Catastro de Ensenada se reducía a dúas casas terreñas, outras construcións auxiliares e un muíño arruinado. Repítese o topónimo **Prado** para nomear unha pequena área no barrio da Sobreira, xunto ás Regas.

En nome composto temos un **Prado da Besta**, no barrio do Freixo, que designa uns campos de labor os oeste do Pracer. Este topónimo presenta unha forma alternativa **Pardabesta**, alteración do orixinario *Prado da Besta*, forma con que aparece mencionado no Catastro de Ensenada e no *Libro de afanegados*.

▶ Presa

— **A Presa / As Presas** (O Carregal)
— **As Presas** (A Sobreira)
— **A Presa Nova** (O Freixo)
— **A Presa de Roque** (A Sobreira)
— **O Lugar da Presa** (O Freixo)

Coñécese como **A Presa** ou **As Presas** un campo no barrio do Carregal, na estrema coa parroquia de Matamá, preto dos Seixos. O topónimo aparece atestado no Catastro de Ensenada aplicado a terras de cul-

tivo de secaño de terceira calidade. Repítese para nomear outra zona tamén chamada **As Presas** no barrio da Sobreira, onde hai ademais o composto **A Presa de Roque**, dentro da área do monte da Sobreira. Un composto con adxectivo **A Presa Nova** é o nome dunha zona xunto á Galiñeira no barrio do Freixo. Como segundo elemento, témolo formando o **Lugar da Presa**, tamén no Freixo, un pequeno núcleo de vivendas xunto ao Portal do Mato.

A motivación destes topónimos é a existencia no lugar dunha presa, é dicir, un pequeno encoro construído no curso dun río ou mina de auga para reter e dirixir a corrente destinada ao regadío, a alimentar un muíño ou un lavadoiro. O substantivo *presa* é o resultado romance dun participio PRESSAM do verbo latino PRENDERE 'prender, suxeitar, reter, coller'.

▶ Pomar, Pumar

— **O Pumar** (A Sobreira, non localizado)
— **O Pomar do Marqués / O Pumar do Marqués** (O Freixo)

Derivado colectivo do latino POMAM 'mazá', o substantivo *pumar* alterna na toponimia coa variante *pomar*. Designaba en orixe un lugar plantado de maceiras, pero adquiriu un significado xenérico de 'lugar con árbores froiteiras de diversas clases'. **O Pumar** era o nome dunhas terras de monte probablemente situadas no barrio da Sobreira, segundo vemos no Catastro de Ensenada, onde tamén se recolle un topónimo *Pumar da Torre* (*Pumar da Thorre*) que tampouco podemos localizar. Semella que ningún dos dous nomes chegou ata hoxe.

O Pomar do Marqués ou **O Pumar do Marqués**, unha área de monte ao norte do cruceiro do Freixo, quizais debe o seu nome a unha antiga plantación de árbores froiteiras promovida polos marqueses que exercían señorío na parroquia no Antigo Réxime.

▶ Quenda

— **Fonte das Quendas** (As Barrocas)

O nome común *quenda* (do latín CALENDAM) refírese a un cómputo de tempo. Na toponimia aparece, polo xeral, relacionado coa repartición de augas, pois a *quenda* ou *vez* é o tempo que lle corresponde a cada veciño, segundo o estipulado, no uso da auga de rego. Unha distribu-

ción deste tipo debeu de suscitar o nome da fonte coñecida como a **Fonte das Quendas**, no barrio das Barrocas. É unha construción dun cano, con pía de pedra, lavadoiro e presa.

▶ Quinta

— **Quinta** (A Igrexa)
— **Camiño de Quinta** (A Igrexa)
— **Fonte de Quinta** (A Igrexa)
— **O Campo de Quinta** (A Igrexa)

Quinta, coma outros topónimos da mesma familia léxica (*Quintán*, *Quintás*, *Quinteiro*), adoitaba aplicarse en orixe a unha única vivenda no campo, e é un derivado do numeral *quinto*, probablemente porque lle pagaba ao señor territorial a quinta parte do froito que producía. Na parroquia de Valadares temos o topónimo **Quinta,** no barrio da Igrexa, que denomina un núcleo de vivendas situado no camiño que leva o mesmo nome, o **Camiño de Quinta**, e nas proximidades ten as terras de labor chamadas o **Campo de Quinta**. Hai tamén na zona unha **Fonte de Quinta**, de dous canos, con depósito e lavadoiro con teito. A auga é de manancial procedente do monte dos Pozos e do monte Alba e aparece atestada no preito do Portal de 1587 onde se fala dun «rregueiro d'agua que biene de la fuente de Quinta».



▶ Quiringosta

— **A Quiringosta** (A Garrida)

A forma *quiringosta* é a variante suroccidental do substantivo que en galego común é *congostra*, do latín CO-ANGUSTAM, 'camiño estreito entre valados ou muros'. De *congostra* a *quiringosta* chégase logo de varias transformacións fonéticas: coa metátese da consoante *r*, que pasa á sílaba anterior, temos o resultado *crongosta*, que dá, por disimilación vocálica, un *cringosta* e de aí, por anaptixe, engadindo unha vogal ante o R (como en **birisca*, de *brisca*, por exemplo), chégase á forma *quiringosta*, que en zonas de gheada se altera en *quirincosta*. Na parroquia de Valadares rexistran as fontes documentais un topónimo ***A Quiringosta*** no barrio da Garrida.

▶ Rabadeira

— **A Rabadeira** (A Igrexa)

O Nomenclátor de Galicia recolle dez localidades denominadas *A Rabadeira* ou *As Rabadeiras*. Na cartografía de Galicia Nomeada os exemplos multiplícanse por cinco. É un termo de orixe etimolóxica escura ou controvertida; tense relacionado co arabismo *rabad* 'suburbio', 'núcleo habitado afastado do centro da poboación', o mesmo que orixina *arrabalde*; tamén se ten defendido a súa posible relación con *arriba* e *riba* (< latín RIPAM).

A Rabadeira en Valadares é o nome dunha extensa área de masa forestal no barrio da Igrexa, co seu pequeno núcleo habitado, ao norte da Feira e da igrexa parroquial. No preito do Portal (1587) rexístrase como *Outeiro da Ravadeira*. No Catastro de Ensenada alternan o singular e o plural e aparece escrito coas grafías *Ravadeira*, *Ravadeyras*. No *Libro de afanegados* este topónimo consta como denominación alternativa de *Regodagua* (➲).



▶ Ran, Ra

— **As Rans** (O Carregal)

Coñécese como **As Rans** unha zona de mato e de campos de labor no barrio do Carregal, preto do trazado da autovía VG-20. O nome da *ra* (< latín RANA) presenta na fala local a forma *ran*. Cremos que o topónimo corresponde ao que aparece rexistrado como *Campo das Rans* na documentación do século XVI (preito de Simón Rodríguez). Coma outros topónimos idénticos (*As Rans*, *Poza das Rans*, *Fonte das Rans* na Galicia occidental; *Fonte das Ras*, *As Ras* etc., en áreas centrais e orientais), ha de deber o seu nome á presenza ou á abundancia destes anfibios no lugar.

▶ Raposo, Raposa

— **A Raposa** (A Garrida)
— **Fonte da Raposa** (A Garrida)
— **Monte da Raposa** (A Garrida)
— **O Lombo do Raposo** (O Freixo)
— **As Pedras do Raposo** (A Sobreira)

O substantivo *raposa* foi, en orixe, unh denominación eufemística do animal (*Vulpes vulpes*, o mamífero carnívoro da familia dos cánidos) que en latín se chamaba *vulpes* ou, en diminutivo, *vulpecŭla*, de onde proceden os nomes galegos *golpe* e *golpella*, respectivamente. Crese que en *raposo*, *raposa*, o termo hoxe máis común, conflúen un derivado de *rabo* con interferencia do verbo latino RAPIO 'depredar, raptar', polos estragos que causaban estes animais entre as aves domésticas.

O feminino *raposa* adoita usarse como termo xenérico para referirse ao animal. Doutra banda, é moi habitual o uso de *Raposo* como alcume ou como apelido, polo que non podemos determinar se o topónimo **A Raposa** (no barrio da Garrida, xunto á estrada da Costa), está motivado pola presenza do animal ou se se trata dun feminino formado a partir dun alcume ou dun sobrenome de propietario (*A Raposa* = 'A de Raposo'). Na zona hai unha mina que aflora do chan, na estrema dos últimos campos de labor co eucaliptal, chamada a **Fonte da Raposa**. No caso dos topónimos **O Lombo do Raposo** (➲ *Lombo*) e **As Pedras do Raposo** (➲ *Pedra*) é posible que si esteamos ante unha motivación relacionada coa presenza (ou unha semellanza fisionómica) do animal.

Na documentación do convento de San Domingos de Pontevedra (*Segundos traslados*, 1646-1660) menciónanse na estrema norte da parroquia de Valadares unhas «tomadas do Outeiro do Raposso».


tomadas do outeiro do rrapossso y del Cleban
te del rio Concleanpo daan durina Delaz co

▶ Redondo, Redonda

— **A Redonda** (A Garrida)
— **O Redondo** (O Portal)

Os topónimos **A Redonda** (pequena zona de campos de cultivo no barrio da Garrida, xa na estrema con Zamáns) e **O Redondo** (no barrio

do Portal, xunto ás Barxas) poden obedecer ben a unha forma máis ou menos circular da propiedade que nomean ou a unha formación pétrea redondeada, ben a un apelido ou alcume *Redondo* (*A Redonda* = 'A de Redondo'), aínda que non é un apelido frecuente na parroquia nin na contorna. O segundo aparece rexistrado en plural («sitio de Redondos») no Catastro de Ensenada, onde describe terras de cultivo de secaño de segunda calidade.

▶ Rega, Regada

— **A Rega (**O Freixo)
— **A Rega Loureiro** (O Freixo)
— **A Rega de Arriba** (O Freixo)
— **A Rega do Medio** (O Freixo)
— **A Rega de Abaixo** (O Freixo)
— **A Rega dos Carballos** (A Garrida)
— **A Rega do Portelo** (O Freixo)
— **A Rega da Mona** (O Freixo)
— **A Rega da Simona** (O Carregal)
— **A Regamán** (A Garrida, As Barrocas)
— **As Regas** (A Sobreira)
— **As Regadas** (A Sobreira)
— **As Regadiñas** (A Sobreira)
— **Fontes da Regamán** (A Garrida, As Barrocas)
— **A Chan da Regamán** (As Barrocas)
— **Fonte das Regadiñas** (A Sobreira)
— **A Tomada da Rega** (O Freixo)
— **Regato da Regamán** (A Garrida, As Barrocas)

Como feminino de *rego* (➲), o substantivo *rega* designa a acción mesma de regar, faena agrícola de gran trascendencia e de carácter marcadamente consuetudinario en Galicia. Noutras acepcións, *rega* pode referirse ben á construción humana para canalizar as augas (cun significado semellante ao de *levada*), ben a unha concavidade formada por dúas ladeiras dunha montaña, que serve de canalización natural para as augas pluviais.

Temos este nome en bastantes topónimos da parroquia de Valadares: **A Rega**, no barrio do Freixo, é unha grande extensión de arboredo situada ao norte do monte dos Pozos, dentro da cal se diferencian,

entre outros, **A Rega de Arriba**, **A Rega de Abaixo** e **A Rega do Medio**. Moi preto desta zona, algo máis ao sur, xa na área dos Currás, temos **A Rega da Mona**, nome de escura interpretación, se é que non contén un alcume ou un sobrenome. Tamén no barrio do Freixo hai **A Rega do Loureiro** e **A Rega do Portelo**. No barrio da Garrida, xunto á estrada do Monte Alba e a carón dos Mangales, temos unha pequena área chamada **A Rega dos Carballos** (supoñemos que en referencia á existencia dalgúns exemplares desa árbore na zona) e no barrio do Carregal chámase **A Rega da Simona** unha zona de arboredo e de campos de labor situada ao sur do núcleo habitado da Simona. Ben curioso é o composto **A Regamán**, topónimo que só comparten esta parroquia e a vila de Gondomar, e que no caso de Valadares designa unha extensa área no barrio da Garrida, que linda con Vincios. Dentro da zona con este nome hai unhas **Fontes da Regamán** e **A Chan da Regamán**, ademais dun **Regato da Regamán** que, segundo a información fornecida pola Asociación Veciñal e Cultural de Valadares, é afluente do río Zamáns e vai desde a ladeira do monte Alba ata Vincios. O topónimo **A Regamán** é escuro; podería pensarse nun composto de *rega* cun adxectivo *ma* (< latín MALA), cun *-n* final adventicio, como sucede no nome da parroquia de Matamá, que tamén orixinou unha variante *Matamán*, mais non podemos descartar un nome persoal medieval de orixe xermánica *Recamán*, quizais alterado por asociación con *rega*, *rego*. Unha forma en plural, **As Regas**, nomea unha extensión de monte ao sur da Devesa da Sobreira, no barrio deste mesmo nome.

Como segundo elemento dun composto, aparece o mesmo substantivo no topónimo **A Tomada da Rega**, no Freixo, denominación duns campos situados ao oeste da Rega (➲ *Tomada*).

Outro derivado de *regar*, formado sobre o participio deste verbo, é o substantivo *regada*, que forma varios topónimos na parroquia. Unha regada pode referirse ben á auga canalizada que se conduce para regar unhas terras, ben ás propias terras que a reciben. En Valadares aparece en plural, nos topónimos **As Regadas** e **As Regadiñas**, ambas as formas para designar terras de labor ao oeste das Regas, na Sobreira. Na zona das Regadiñas atópase a **Fonte das Regadiñas**, dun cano e lavadoiro con teito, con auga procedente de Fontefría. O topónimo *As Regadas* rexístrase no Catastro de Ensenada para nomear unhas terras de cultivo de secaño de segunda calidade.

▶ Regato

— **Regato de Fontefría** (A Sobreira)
— **Regato da Regamán** (A Garrida)
— **Regato da Senra** (O Portal)
— **Regato da Simona** (O Carregal)
— **Regato das Cortes** (O Portal)
— **Regato das Faixas** (A Igrexa)
— **Regato do Groño** (As Barrocas)

Regato é, como *rego*, un termo de orixe prerromana, e designa polo regular un pequeno curso de auga, máis neste caso natural, menor ca un río. Na relación de nomes de cursos de auga que reunimos aquí, a asignación do xenérico *regato* é propiamente convencional, derivada da cartografía do Instituto Xeográfico Nacional, pois moitos deles son coñecidos tamén na fala como *río* (➲), con independencia do caudal ou do tamaño.

En Valadares rexístranse varios topónimos compostos por este nome máis un segundo elemento que se refire ao lugar por onde pasa o curso de auga. O **Regato de Fontefría** nace na mesma área deste nome, na estrema de Valadares con Beade; recibe augas do regato ou do río de Quintián (que vén de Beade) e vai desaugar, xunto co **Regato da Senra**, no río do Foxo (➲ *Río*). Pola súa banda, este **Regato da Senra** (así chamado na zona do mesmo nome, A Senra, entre os barrios do Portal e das Barrocas) coñécese tamén como *Río da Barxa* e recibe, á súa vez, as augas de dous regatos menores: o **Regato das Cortes** (➲) e o **Regato do Groño** (➲). O **Regato das Faixas** (entre os barrios da Igrexa e do Carregal) e o **Regato da Simona**, que vén do barrio de Beirán, na veciña parroquia de Matamá, e pasa pola Simona, tamén son afluentes do río do Foxo.

O **Regato da Regamán** discorre pola zona da Regamán, no barrio da Garrida, e achega caudal, coas súas augas, ao río Zamáns. Nalgunhas fontes consta tamén un *Regato dos Bértolos* nas Barrocas.

▶ Rego

— **Regodauga** (A Igrexa)
— **Rego da Miragaia** (A Igrexa)
— **Rego dos Canizos** (A Garrida)

— **Campo do Rego** (A Garrida)
— **Campo do Rego** (O Freixo)

Son moi abundantes os topónimos galegos formados a partir do substantivo *rego* (e os seus derivados), hidrónimo que na fala común pode designar tanto un pequeno curso fluvial natural (con significado semellante a *regato*) coma unha condución artificial de auga, e así mesmo pode significar un suco seco empregado como comareiro no deslinde entre propiedades, ocasionalmente cheo de auga en época de chuvias. A súa orixe é posiblemente céltica (dun étimo *REKU), mais na práctica confluíu con derivados do verbo latino RIGARE 'regar'. En Valadares varios topónimos conteñen este nome: **Regodauga** (➲ *A Rabadeira*), o **Rego da Miragaia** (no barrio da Igrexa), o **Rego dos Canizos** (no barrio da Garrida, en Seoane), así como o **Campo do Rego**, que se repite en dous barrios: na Garrida para uns campos na estrema con Zamáns e no Freixo para unha zona ao norte da Galiñeira.

▶ Regueira, Regueiro

— **As Regueiras** (As Barrocas)
— **As Regueiras** (O Freixo)
— **A Regueira da Casa** (O Freixo)
— **A Regueira das Cartas** (O Freixo)
— **O Regueiro** (As Barrocas)
— **O Regueiro** (O Freixo)
— **O Regueiro de Alén** (O Freixo)
— **O Regueiro da Gaiteira** (O Freixo)
— **O Regueiro do Forno** (A Sobreira))
— **Camiño do Regueiro do Forno** (A Sobreira)
— **Fonte do Regueiro de Alén / Fonte do Regueiro** (O Freixo)
— **Estrada do Regueiro** (A Igrexa)

Outros hidrónimos emparentados con *rego* son *regueira* e *regueiro*. Este substantivo, igual ca *rego*, designa un curso natural de auga ou a canle artificial pola que discorre a auga destinada normalmente a regadío. Coa forma en feminino temos na parroquia varios topónimos: **As Regueiras**, no barrio das Barrocas, ao oeste do Tombiño, topónimo que se repite no barrio do Freixo noutro **As Regueiras**, ao oeste da Gaspara. Tamén ao redor desta área temos **A Regueira da Casa**, nome dunhas terras hoxe de labor e de arboredo que o *Libro de afanegados*

describía como de «mato y peñascos», «laguna o inculto» e «tojar». No Catastro de Ensenada aparece rexistrado coa forma *Rigueira de Casas* para terras de cultivo de secaño e mais regadío. Unha *Rigueira de Cartas*, que tamén se menciona neste catastro, debe de ser o actual *Regueiro das Cartas*. No mesmo catastro aparece tamén unha *Rigueira da Torre*.

A variante en masculino, *regueiro*, tamén ten presenza en varios nomes na parroquia. **O Regueiro** é o nome repetido para terras no barrio das Barrocas (ao oeste do Tombiño) e no barrio do Freixo, onde tamén se atopan **O Regueiro do Alén** e unha fonte con este mesmo nome, sen podermos precisar con exactitude cal pode ser, nestes casos, o sitio ao cal se refire a preposición *alén* 'máis alá de'. Tamén no Freixo temos o **Regueiro das Cartas** (➲ *Cartas*). Outros regueiros son **O Regueiro da Gaiteira** (➲ *Gaiteira*) e **O Regueiro do Forno**, no actual parque tecnolóxico, atestado no Catastro de Ensenada coa grafía *Rigueiro de Forno*, daquela nomeando unhas terras de cultivo de secaño, e por ese lugar pasaba o chamado **Camiño do Regueiro do Forno**, que viña desde As Maquías e Seoane. No barrio da Igrexa hai un topónimo viario, a **Estrada do Regueiro**, que comeza na igrexa parroquial e sobe ata dar coa estrada do Freixo. Entre as propiedades do convento pontevedrés de San Domingos en Valadares (1646-1660) menciónase un *Campo do Rigueiro* inmediato ao Camiño Real que vai para Tui e que non puidemos localizar con exactitude na actualidade.



▶ Requeixo

— **O Requeixo** (O Freixo)

Coñécese co nome **O Requeixo** unha zona de campos ao norte da Galiñeira, no barrio do Freixo. A palabra *requeixo*, nunha das súas acepcións, refírese ao punto en que un terreo en pendente que desemboca nun val ou nunha extensión aberta acada o ángulo onde conflúen a pendente e o terreo plano, e vén equivalendo a 'pé do monte'. Non

é un topónimo infrecuente en Galicia, onde reciben o nome de *Requeixo* máis de corenta localidades, segundo o Nomenclátor oficial. O topónimo aparece atestado no *Libro de afanegados* aplicado a terras cualificadas como piñeiral.

▶ Resío

— **O Resío de Babio** (O Portal, O Carregal)

Nalgunhas fontes rexístrase un topónimo **O Resío de Babio** na área que abranguen os barrios do Portal e do Carregal. Supoñemos, polo segundo elemento do composto, que se atopa preto da zona denominada *Babio* (➲), mais non puidemos identificalo na actualidade. A palabra *resío* refírese á porción de terreo que se deixa sen cultivar nos bordos dunha propiedade ou á franxa inmediata a un muro. O galego *resío* vén do latín RESIDUUM 'resto'. A errada identificación deste substantivo galego cunha forma seseante do castelán *rocío* levou a alterar un antigo topónimo *O Resío*, en Coia, nun haxiotopónimo *Nosa Señora do Rocío*.

▶ Revolta

— **A Revoltiña** (O Freixo)
— **A Revoltiña do Freixo** (O Freixo)

Aínda que nalgunhas áreas de Galicia o substantivo *revolta* pode designar a segunda colleita de cereal nas tomadas que se fan no monte, o uso máis común na toponimia é o de topónimo viario que designa unha curva ou unha volta máis ou menos pronunciada na dirección dun camiño. Ha de ser esta acepción a que motivou o topónimo **A Revoltiña**, unhas terras de arboredo situadas na zona oeste do Freixo, xunto á Devesa de Arriba, á altura das cales traza a estrada do Zondal unha curva relativamente pechada. No Catastro de Ensenada o topónimo tamén aparece no composto **A Revoltiña do Freixo**. Parte desta zona é xa termo da freguesía de Santo André de Comesaña.

▶ Río

— **Río da Barxa / Río das Barxas** (O Portal)
— **Río das Cortes** (O Portal)
— **Río dos Lavadouros** (O Portal)

— **Río do Foxo** (O Portal)
— **Río Zamáns** (A Garrida)
— **Río Seco** (O Freixo)
— **Campo do Río** (A Garrida)
— **Campo do Río das Cortes** (O Portal)

O substantivo *río* (< latín RIVUM) non só designa un curso fluvial, pois tamén se emprega en ocasións para designar un *lavadoiro*. Este significado está presente no nome do **Río das Cortes**, no barrio do Portal (➲ *Corte*), onde se aplica ao *Lavadouro das Cortes*, mais tamén é ese o nome do curso fluvial que pasa pola zona, noutras fontes denominado *Regato das Cortes* (➲ *Regato*). Aparece rexistrado no Catastro de Ensenada coas formas *Río de Cortes* e *Río de Cortes de Pedregal*. Neste catastro tamén se mencionan un *Río darriba* ou *Río da Riba* e un *Río dabajo*, topónimos hoxe desaparecidos.

O **Río da Barxa** ou **Río das Barxas** recibe as augas do Río dos Lavadouros e do río de Quintián, que conflúen onda a avenida de Clara Campoamor, pouco antes de recibir o *Río do Foxo*. Á altura do Hospital Álvaro Cunqueiro coñécese como *Río da Barxa* ou *das Barxas* e tamén como *Río do Foxo*, mais logo de recibir as augas do *Río Babio*, que vén de Beade, recibe tamén esta denominación.

O ***Río Seco*** é o nome dunha extensa área forestal no barrio do Freixo, na vertente oeste do monte Alba. Toda esta área toma o seu nome do río que a atravesa en dirección cara á veciña parroquia de Coruxo e que, segundo fontes consultadas, recibe o seu nome polo reducido caudal que presenta no verán. Aparece rexistrado no Catastro de Ensenada como *Río Seco*, aplicado a terras de monte de terceira calidade.

O **Campo do Río** nomea unhas terras de mato e de arboredo no barrio da Garrida, xunto á estrada de Zamáns. É un topónimo que se rexistra na documentación histórica (CME) e ha referirse ao **Río Zamáns**, tamén chamado no seu tramo inicial *Río Amial*, afluente do río Miñor, que pasa pola zona próxima de Seoane e serve de división natural entre os concellos de Vigo e Gondomar. Este río alimenta varios muíños da zona, entre outros, o muíño das Maquías e o muíño de Seoane, ao pé do encoro de Zamáns.

O outro cauce fluvial de maior relevancia na parroquia é o **Río do Foxo**, na zona do mesmo nome, situada no barrio do Portal. O caudal deste río é aproveitado por varios muíños, como os situados na Cotarela ou os que hai na propia zona do Foxo. Algúns dos afluentes que

discorren pola parroquia e alimentan o caudal deste río, ademais dos mencionados, son o *Regato da Senra*, o das *Cortes*, o do *Groño*, o de *Fontefría* e o das *Faixas* (➲ *Regato*).

▶ Riba

— **Riba dos Campos** (O Freixo)
— **Ribas** (A Sobreira)
— **As Ribelas** (O Portal)

O substantivo *riba* (< latín RIPAM 'ribeira') aplicábase á franxa de terras próximas a un río, a un lago ou ao mar, mais tamén pasou a utilizarse como adverbio (*riba*, *arriba*) e como locución prepositiva (*riba de*, *enriba de*). Na toponimia, estes termos adoitan significar posición relativa, situación nun lugar elevado respecto dos arredores ou doutro lugar que se toma como referencia. Parece evidente este significado no topónimo **Riba dos Campos**, no barrio do Freixo, que denomina unha pequena área de mato e de arboredo xunto á Revoltiña e ha de deber o nome aos diversos *campos* que se atopan algo máis ao norte: o Campo Longo, o Campo da Torre, o Campo do Rego, o Campo de Abaixo etc. Un topónimo **Ribas**, ao norte dos Fabás, na Sobreira, podería ser plural de *Riba* ou quizais de *Arriba*, mais tamén podería conter un apelido de propietario. No Catastro de Ensenada rexístrase como *Rivas*, onde describe unha devesa de segunda calidade.

O derivado *ribela* ten o mesmo significado ca *riba*, mais só na acepción de 'beira dun río, dun lago ou do mar'. En Valadares, **As Ribelas** nomea unha zona de matogueira e de campos de cultivo no barrio do Portal, xunto á avenida de Clara Campoamor, fronte ao parque tecnolóxico. O nome débelles vir da proximidade ás Barxas, por onde discorre o regato da Senra ou o río das Barxas. Nun documento de 1646 aparece atestado un «lugar de Ribelas» e tamén no Catastro de Ensenada, xunto a un masculino *Rivelos* e unha forma composta *Rivela de avajo*.

▶ Ribeira

— **A Ribeiriña** (As Barrocas)
— **As Ribeiriñas** (A Sobreira, A Garrida)
— **As Pedras da Ribeira** (A Garrida)

Ribeira, correspondente a un latín RIPARIAM, derivado de *ripa*, designa as terras da beira dun río ou do mar. Témolo presente, na toponimia de Valadares, nunhas formas diminutivas **A Ribeiriña**, no barrio das Barrocas, e **As Ribeiriñas**, dentro da área do Padrón do Couto, onde tamén hai un topónimo **As Pedras da Ribeira**, xa preto de Seoane. Non sabemos se se refire a este último o topónimo *Ribeira* (grafado *Riveira*) que figura no Catastro de Ensenada como nome de terras entre A Garrida e A Sobreira clasificadas como monte de terceira calidade.

▶ Rocha

— **A Rocha** (A Garrida)
— **A Rocha / O Babio da Rocha** (A Garrida)

Máis de trinta entidades de poboación en Galicia, segundo o Nomenclátor, conteñen o substantivo *rocha* no seu nome. Esta palabra é a denominación común para referirse a unha pedra de gran tamaño e considérase un galicismo medieval que na orixe penetrou para referirse a unha fortaleza, mais ampliou o significado e acabou competindo coa forma patrimonial galega *pena* para designar grandes formacións pétreas.

En Valadares é un substantivo pouco rendible na formación de topónimos, pois só temos constancia dunha zona chamada **A Rocha** no barrio da Garrida (na estrema con Zamáns, próxima ao encoro) e mais outra pequena área dentro da zona coñecida como Babio, entre O Carregal e O Portal, que recibe os nomes de **O Babio da Rocha** ou simplemente **A Rocha**. A este lugar ha de referirse a atestación que aparece no Catastro de Ensenada dun topónimo *Rocha*, pois o dono da propiedade tiña tamén terras por Cardoso e Os Teixugos, sitios próximos a Babio.

▶ Rosa

— **Rosa da Vila** (O Freixo)

En áreas de seseo, algúns topónimos que aparentan conter o nome *Rosa*, sexa o antropónimo feminino, sexa o nome da flor, son en realidade formas da familia léxica de *roza* e de *rozar* (➲ *Rozada*). Non é este o caso do topónimo **Rosa da Vila**, que consta nalgunhas fontes escritas como nome dunhas propiedades no barrio do Freixo e contén o nome persoal dunha muller chamada *Rosa* e apelidada *da Vila* ou *Davila*. O apelido *da Vila* (hoxe maioritariamente escrito *Davila*) é de orixe

toponímica e moi probablemente orixinario da parroquia de Valadares, onde ten significativa presenza desde antigo. Segundo amosa o Catastro de Ensenada, non poucos veciños de Valadares eran portadores deste apelido: *Gregoria da Vila*, *Francisco da Vila*, *Hilario da Vila*, *Juan da Vila*, *Alonso da Vila*, *Julián Pérez da Vila*, *Beatriz da Vila*, *Baltasara da Vila* etc. (➲ *Fonte da Vila*).

▶ Rozada

— **A Rozadiña** (A Sobreira)
— **O Balcón das Rozadiñas** (O Freixo)

As formas *roza* e *rozada* designan na toponimia os terreos, xeralmente superficies de monte ou de mato, que se cavan e traballan para convertelos en novas terras de cultivo. Proveñen do latín vulgar *RUPTIARE, formado a partir de RUMPERE 'romper' e refírense a 'romper ou amansar o monte'. Esta reconversión de terreos foi sucedéndose desde a Alta Idade Media ata o século XIX e foi especialmente intensa nos séculos XVII e XVIII coa expansión do cultivo do millo, deixando unha importante pegada na toponimia con formas como *cachada*, *cavada*, *rozada*, *vesada* etc., que aluden ao mesmo proceso. **A Rozadiña**, en Valadares, é unha franxa de campos de labor no barrio da Sobreira ao leste do parque tecnolóxico e loxístico, xunto aos Abelales. No Catastro de Ensenada aparece tamén en plural, *Rozadiñas*. Temos tamén o diminutivo no topónimo **O Balcón da Rozadiña** (➲ *Balcón*), nome duns campos de labor ao sur da Bouzacova, no barrio do Freixo.

▶ Salgueiro

— **Os Salgueirales** (A Igrexa)

Salgueiro (< latín SALICARIUM) é o nome común galego para as diferentes especies do xénero *Salix*, unha das árbores con maior presenza na paisaxe e na toponimia galegas. O derivado colectivo co sufixo correspondente a ALE, *salgueiral*, está presente en Valadares no topónimo **Os Salgueirales**, unha masa de arboredo, maioritariamente de salgueiros, situada ao oeste das Coruxeiras, no barrio da Igrexa.

▶ San, Santo

— **San Benito** (As Barrocas)
— **As Sandomingas** (O Carregal)
— **O Santo** (O Freixo)
— **San Xoán / San Xoán do Freixo** (O Freixo)
— **Capela de San Xoán do Freixo** (O Freixo)
— **Estrada de San Xoán** (O Freixo)
— **Fonte de San Xoán** (O Freixo)
— **Seoane** (A Garrida)
— **Estrada de Seoane** (A Garrida)
— **Fonte de Seoane** (A Garrida)
— **Muíño de Seoane** (A Garrida)

Segundo o Nomenclátor, máis dun millar de núcleos habitados en Galicia conteñen no seu nome o substantivo *santo* (< latín SANCTUS 'sagrado, santo') ou a forma apocopada e proclítica *san*, sen contarmos as advocacións parroquiais. Son os chamados haxiotopónimos, topónimos formados por un haxiónimo ou un nome de santo. En Valadares están presentes na denominación de varios espazos, con maior profusión do advocativo *San Xoán* e da súa variante *Seoane*, pois ambos son nomes de importantes núcleos habitados da parroquia. Tanto **San Xoán** (➲ *Xoán*) coma **Seoane** (➲ *Seoane*) constitúen, ademais de topónimos en si mesmos, referencia para outros como a **Capela de San Xoán do Freixo**, a **Estrada de San Xoán** ou a **Fonte de San Xoán**, dunha banda; e a **Estrada de Seoane**, a **Fonte de Seoane** ou o **Muíño de Seoane**, doutra. *San Xoán* e *Seoane* teñen, en última instancia, o mesmo significado.

Outro haxiotopónimo é **San Benito**, nome dunha zona de campos de cultivo e algunhas vivendas situada entre o camiño do Laranxo e o camiño da Igrexa, no barrio das Barrocas. *Benito* é a forma castelá do nome latino BENEDICTUS, que en galego deu *Bieito*. O topónimo aparece atestado no Catastro de Ensenada, onde consta como lugar habitado, polo menos, por unha veciña chamada Benita Correa.

No Catastro de Ensenada constan unhas terras chamadas **As Sandomingas**, que debían de estar localizadas polo barrio do Carregal. Trátase dun plural feminino formado como adxectivo sobre *Sandomingo*, que podería ser un apelido pero tamén un nome persoal masculino idéntico que só se empregou no século XVI; temos constancia do uso deste nome en Valadares en 1591 na persoa dun *Sandomingo de Gui-*

sande. Con todo, cómpre termos en conta que o convento de San Domingos de Pontevedra tiña terras na parrroquia de Valadares, polo que a denominación desta propiedade tamén podía obedecer ao feito de ser da titularidade deste convento.



O substantivo sen apocopar aparece no topónimo **O Santo**, nome dunha zona de campos de labor ao sur da estrada de San Xoán, xunto á Ermida de Abaixo. Este topónimo pode estar motivado por un alcume, mais tamén polo feito de ser unha propiedade cuxa renda se destinase ao culto do santo a quen estaba consagrada a capela próxima (San Xoán), dun xeito semellante ao que explica o topónimo *As Candeas* (➲ *Candea*).

▶ Saramil

— **Saramil** (A Sobreira)

Saramil era o nome dos terreos que ocupan na actualidade as naves máis meridionais do parque tecnolóxico e loxístico. Rexístrase tamén coas variantes *Ceramil*, *Zaramil* e *Ceremil* noutras fontes, como o Catastro de Ensenada, onde as terras dese nome veñen clasificadas como labradío de secaño de primeira calidade. Igual ca outros topónimos rematados en *-mil* (*Ramil*, *Samil*, *Amil*…), contén o resultado do xenitivo en *-miri* dun antropónimo persoal medieval de orixe xermánica composto cun segundo elemento *-mirus*, adaptación do gótico *mereis* 'admirable'. Neste caso, o nome medieval sería probablemente *Salamirus*, xenitivo *Salamiri*, que nunha evolución normal daría *Samil* tras a perda do L da segunda sílaba xa antes do ano 1000, mais neste caso o L disimilou en R en época moi temperá e por iso non desapareceu: SALAMIRI > *Saramil*.

▶ Sebadilla

— **A Sebadilla** (A Garrida)

Resultan escuros o significado e a motivación do topónimo **A Sebadilla**, nome con que se coñecen na actualidade unhas terras situadas

na estrada do Monte Alba, antes da volta desde onde sae o camiño cara ao Outeiro do Sobroso. Podería ser unha forma emparentada con *Sabadelle*, nome de parroquia nos concellos lugueses de Chantada e Portomarín e no ourensán do Pereiro de Aguiar, resultado do xenitivo SABATELLI dun nome persoal medieval de orixe latina *Sabatellus*, aquí quizais usado como topónimo de propietario, acaso polo sobrenome de alguén orixinario dunha desas parroquias. Menos probable é que garde relación co substantivo *cebada* (< latín CIBATAM, de *cibus* 'alimento'), que foi cereal imprescindible na mantenza do gando e en ocasións do ser humano, mais non se explica ben a terminación, cun sufixo *-illa* que semella un diminutivo castelán.

▶ Seguedo

— **O Seguedo** (O Freixo)
— **O Seguedo** (A Igrexa)
— **Fonte do Seguedo** (A Igrexa)

Seguedo é un topónimo que se repite noutras parroquias do Val de Fragoso para designar zonas de pasto para o gando. Viría sendo un sinónimo de *poulo* (➲), *panascal* ou *pasteiro* que non se rexistra noutras áreas galegas e semella unha creación expresiva a partir do verbo *segar* (< latín SECARE 'cortar') co mesmo sufixo correspondente a -ETU de colectivos como *carballedo*, *louredo*, *laxedo* ou *penedo*.

En Valadares temos varios topónimos formados con este substantivo. A forma simple **O Seguedo** designa unha pequena franxa de terras no barrio do Freixo, fronte á capela de San Xoán, así como uns campos de labor no barrio da Igrexa, ao sur da Torre e, de feito, con esta referencia aparece atestado este último no Catastro de Ensenada como *Seguedo da Thorre*. Nesta mesma zona atópase a **Fonte do Seguedo**, cunha estrutura de pedra e lavadoiro.

▶ Seixo

— **Os Seixos** (A Garrida)
— **Os Seixos** (A Igrexa)
— **Camiño dos Seixos** (A Igrexa)
— **Fonte dos Seixos** (O Carregal)
— **A Volta dos Seixos** / **A Volta do Seixo** (A Igrexa)

Son relativamente comúns na toponimia galega os nomes que conteñen o substantivo común *seixo* (< latín SAXUM 'pedra') e polo regular designan grandes pedras ou penedos.

En Valadares, o substantivo está presente en varios topónimos: **Os Seixos**, no barrio da Garrida, nomea uns campos de cultivo ao noroeste do campo de fútbol. A mesma forma **Os Seixos** é tamén o nome dunha área de vivendas e de campos na estrema dos barrios da Igrexa e do Carregal, desde onde sae o **Camiño dos Seixos**, que vai confluír co camiño da Simona. Coñécese como **A Volta do Seixo** ou **Volta dos Seixos** a curva que describe nesa altura a estrada xeral, onde entra o camiño da Igrexa.

Do nome da mesma zona recibe o seu a **Fonte dos Seixos**, mencionada como *Fonte do Seixo* en singular no preito do Portal de 1587: «…y desde alli se buelben por el agua que biene de la *fuente de sehijo* [sic]». Outra *Fonte do Seixo*, hoxe desaparecida debido á construción do novo hospital, situábase na estrema de Valadares con Beade.

No Catastro de Ensenada atopamos o topónimo con vacilación entre o singular e o plural e diferentes grafías (*Seijo*, *Seijos*, *Seixos*), ademais de varios compostos *Seijos de Thorre*, *Seijos de Pontella* e *Seijos de Matovello*, referencias todas de lugares na mesma área do Carregal.

▶ Senra

— **A Senra** (O Portal)
— **Muíño da Senra** (O Portal)
— **Regato da Senra** (O Portal)

Chámase **A Senra** un núcleo tradicional de poboación ao norte do Pedregal, no barrio do Portal. Na parte sur desta área atópase un muíño co mesmo nome, o **Muíño da Senra,** baixando desde O Pedregal cara á Valada. O muíño, alimentado polo **Regato da Senra**, está restaurado e xa aparece atestado no Catastro de Ensenada, onde se di que «muele con agua corriente cuatro meses al año».

A Senra xa era núcleo habitado na Idade Media e aparece repetidamente na documentación relativa a Valadares nos preitos do século XVI. No Catastro de Ensenada rexístrase tamén o composto *A Senra do Outeiro* ou *Senra de Outeiro*, que posiblemente se refira ao mesmo lugar, pois *O Outeiro* é o nome dunha área coa cal linda *A Senra* polo leste. No libro de apeos de San Domingos de Pontevedra (1591) menciónase

en Valadares unha «heredad Leira da Senra», da cal se di que «está acomarada e amoxonada». Noutra documentación do mesmo convento (*Segundos traslados*, 1646-1660) menciónase en Valadares un *Campo da Senra* aforado a Juan da Ermida, veciño de Matamá, no ano 1638.

Senra e *seara* proceden do mesmo étimo prerromano SÉNARA, un celtismo formado sobre a raíz indoeuropea *sen-* 'vello'. Unha *senra* ou unha *seara* é unha herdade cultivada, xeralmente de cereal.

▶ Seoane

— **Seoane** (A Garrida)
— **Estrada de Seoane** (A Garrida)
— **Fonte de Seoane** (A Garrida)
— **Muíño de Seoane** (A Garrida)

Seoane é un dos resultados galegos do nome latino SANCTU IOHANNE, polo que o significado é o mesmo ca o de *San Xoán* (➲). A actual zona de **Seoane**, que ocupa unha extensa área na estrema con Zamáns, é agora considerada como pertencente ao barrio da Garrida, mais en tempos foi considerada barrio de seu, e sobrevive aínda hoxe o pequeno núcleo de poboación antigo, *A Eira Vella*, situado ao leste do actual núcleo principal de Seoane. Alterna desde hai tempo o nome de *Seoane* cun plural *Seoanes*, quizais por aplicarse a varios núcleos dispersos ou porque se usou *Seoane* tamén como apelido das familias residentes. Na fala local tamén son comúns as variante *Soane* / *Soanes*. Coa forma plural aparece rotulada a **Estrada de Seoanes**, que conflúe coa estrada da Gándara. Na zona temos tamén a **Fonte de Seoane**, con lavadoiro e presa, con auga que vén de Fontefría, e mais o **Muíño de Seoane** (➲ *Muíño*), preto do muíño das Maquías, xunto ao encoro de Zamáns, que aparece atestado no Catastro de Ensenada e do cal se di que é «un molino nombrado *Pequeño*, al lugar de *Seoane*. Es de una rueda y muele con agua corriente todo el año». Neste mesmo catastro rexístrase un composto *Seoane de Ribeira*, que nomeaba unhas terras de monte de terceira calidade e cuxo segundo elemento aparece tamén no topónimo *As Pedras de Ribeira* (➲), área de monte lindeira con Seoane.

▶ Sequeiro

— **O Sequeiro** (O Freixo)

O substantivo *sequeiro* (< latín SICCARIUM, derivado de *siccu* 'seco, sen auga') designa lugares pouco húmidos ou ben destinados a secar produtos agrícolas. En Valadares aparece no nome da área denominada **O Sequeiro**, no barrio do Freixo. É un topónimo relativamente frecuente na toponimia de Galicia, onde hai unha ducia de núcleos de poboación que teñen este nome.

▶ Serodio, Serodia

— **A Serodia** (A Igrexa, A Sobreira)

Nas fontes documentais rexístrase repetidamente un topónimo **A Serodia**, no barrio da Igrexa, que non puidemos localizar con exactitude na actualidade. Contén unha forma feminina dun apelido *Serodio* (un sobrenome formado co adxectivo *serodio*, do latín SEROTĬNUM 'tardío', aplicado a fillos nacidos con moita diferenza de anos respecto dos irmáns precedentes). *Serodio* é un apelido documentado en Valadares polo menos desde o século XVI. O nome *A Serodia*, xa que logo, pode referirse a unha propietaria así alcumada ou apelidada ou un adxectivo formado sobre o masculino *Serodio* (*A Serodia* = 'A de Serodio').

▶ Silveira

— **A Silveira** (As Barrocas)
— **O Cocho da Silveira** (As Barrocas)

O substantivo *silveira* úsase como sinónimo de *silva*, como denominacións comúns da planta *Rubus fructicosus*, se ben o derivado en *-eira* debeu ter na toponimia un significado colectivo: silveira 'lugar onde abundan as silvas'. *Silva* é a continuación do latín *silva*, que en orixe significaba 'mato, bosque, selva' e en galego pasou a designar esta especie concreta, planta rosácea moi común, que dá como foito as amoras. **A Silveira** é o nome dunha área de mato no barrio das Barrocas, ao leste dos Bértolos. Ao carón das terras así denominadas hai tamén **O Cocho da Silveira**, uns campos de labor. *A Silveira* aparece atestado no Catastro de Ensenada aplicado a terras de cultivo de secaño.



Pola documentación do convento de San Domingos de Pontevedra sabemos que tamén existiu un topónimo *A Silveira*, ademais dun *Campo da Silveira*, no barrio do Carregal, antes de que esa área mudase o seu nome para o de *A Simona* a finais do século XVI ou a comezos do XVII (➲ *Simona*).

▶ Simón

— **A Simona** (O Carregal)
— **Camiño da Simona** (O Carregal)
— **Fonte da Simona** (O Carregal)
— **Lavadouro da Simona** (O Carregal)
— **Regato da Simona** (O Carregal)

A Simona é un topónimo formado sobre o nome de orixe hebrea *Simón*; é, xa que logo, un antropotopónimo. En Valadares nomea unha área relativamente extensa de campos de labor e algunhas vivendas no barrio do Carregal, na estrema coa parroquia de Matamá. Accédese desde a estrada de Valadares a esta zona pola vía chamada o **Camiño da Simona**, que continúa en territorio da parroquia de Matamá co nome do *Camiño dos Carrexóns*. O nome repítese no **Lavadouro da Simona** e na **Fonte da Simona**, alimentados ambos pola auga do **Regato da Simona** (➲ *Regato*), afluente do río do Foxo que, unha vez abandona a parroquia, cambia o seu nome polo de río de Babio.

Na orixe deste topónimo temos un adxectivo feminino formado a partir dun nome de propietario: *A Simona* = 'A de Simón'. O feito de que conserve o *n* intervocálico indícanos que se trata dun topónimo posterior á época medieval, a diferenza, por exemplo, de *A Falcoa* (= 'A de Falcón') en Castrelos. É verosímil que o nome do lugar fose consecuencia do longo preito emprendido por «Simón Rodríguez (…) con Elvira Prego de Montaos, viuda de Álvaro Sarmiento de Valladares (…) sobre los bienes que quedaron de Garcia Sarmiento y Teresa de Neyra su mujer», iniciado no século XVI. Por ese preito, os señores do couto de Valadares deberon concederlles aos demandantes determinadas propiedades, entre elas as situadas no sitio *da Silveira*, estremeiro con

Matamá. Nun documento de mediados do século XVII (*Segundos traslados*, San Domingos de Pontevedra) lemos «ytem mas la heredad da Silveira que aora llaman da Simona»:



No Catastro de Ensenada *A Simona* aparece tamén como nome de terras cultivadas de hortaliza de segunda calidade.

▶ Sobreira

— **A Sobreira** (A Sobreira)
— **A Devesa da Sobreira** (A Sobreira)
— **Castro da Sobreira** (A Sobreira)
— **Monte da Sobreira** (A Sobreira)
— **Souto da Sobreira** (A Sobreira)
— **A Veiga da Sobreira** (A Sobreira)
— **Monte do Sobreiro** (A Igrexa)
— **Outeiro do Sobroso** (A Garrida)

Sobreira (< latín SUBERARIAM) é o nome galego común da árbore *Quercus suber*, tamén chamada nalgunhas zonas *corticeira*, debido a que a cortiza constitúe o seu principal aproveitamento. Na toponimia, a forma simple e feminina *sobreira* adoita referirse, polo xeral, a exemplares illados que adquiren significación na paisaxe pola súa frondosidade e corpulencia, pero tamén pode ter valor colectivo. En Valadares, ademais de nomear un dos barrios da parroquia, **A Sobreira** (ao leste, lindando con Beade e con Zamáns) e un dos seus centros de ensino (situado fronte ao Padrón do Couto), aparece noutros topónimos menores, a maioría situados no barrio do mesmo nome, que toman como referencia: o **Souto da Sobreira** (➲ *Souto*), a **Veiga da Sobreira** (➲ *Veiga*), **A Devesa da Sobreira** (➲ *Devesa*), o **Castro da Sobreira** (➲ *Castro*), así como unha forma simple **A Sobreira**, que é onde se atopa o principal núcleo de poboación do barrio, situado ao pé da estrada da Garrida e

ao oeste do **Monte da Sobreira** (➲ *Monte*). Este monte constitúe unha das masas forestais máis importantes da parroquia, principalmente poboada na actualidade de eucalipto, xesta e piñeiro.

A forma masculina, *sobreiro*, tamén designa a árbore e constitúe unha variante con menor presenza na toponimia. En Valadares temos o topónimo o **Monte do Sobreiro**, no barrio da Igrexa, unha extensa zona de monte a carón da estrada de Valadares, ao sur da volta dos Seixos.

Outro derivado da voz latina SUBER, co sufixo correspondente a -OSA, -OSU, é *sobroso* 'abundante en sobreiras', que aparece no composto o **Outeiro do Sobroso**, nome que recibía un dos marcos de demarcación do couto (➲ *Outeiro*).

▶ Souto

— **O Souto** (As Barrocas)
— **O Souto da Lamosa** / **A Devesa da Lamosa** (O Portal)
— **O Souto da Sobreira** (A Sobreira)
— **O Souto das Faixas** (A Igrexa)
— **O Souto do Guicho** (As Barrocas)
— **O Soutiño** (A Sobreira)
— **O Cocho do Souto** (As Barrocas)
— **Estrada do Souto** (As Barrocas)
— **Fonte do Souto** (As Barrocas)
— **Fonte do Souto** (A Sobreira)

Outro fitónimo con notable presenza na toponimia é *souto* (< latín SALTUM), nome común en galego para designar un terreo poboado de castiñeiros. O papel relevante da castaña na alimentación histórica explica a abundante presenza deste nome na toponimia galega e, por extensión, na antroponimia familiar, pois tamén son comúns os apelidos de orixe toponímica *Souto* (con frecuencia castelanizado en *Soto*) e o seu diminutivo *Soutelo*.

En Valadares, coa forma simple **O Souto** coñécese unha área de campos de labor e de vivendas que na súa parte oeste conserva aínda unha masa de arboredo, no barrio das Barrocas, ao norte dos Courás. Toda esta zona é percorrida pola vía chamada **Estrada do Souto** e contén, dentro da súa área, outros topónimos menores: a **Fonte do Souto**, que nomea dúas construcións de fonte e presa moi próximas, unha xunto ao **Cocho do Souto** (➲ *Cocho*) e a outra algo máis ao sur. O **Sou-**

to do Ghicho, cun elemento, *ghicho,* que pode referirse ao pequeno tamaño da propiedade ou ben ser un alcume de propietario, tamén se atopa dentro desta área do *Souto*, nas Barrocas.

Ademais da forma simple, o substantivo aparece nun diminutivo, **O Soutiño** (no barrio da Sobreira) e nalgúns outros topónimos compostos, especialmente en sintagmas cun segundo elemento que se refire ao lugar onde se atopan. Con esta forma temos O **Souto da Lamosa**, tamén coñecido como **A Devesa da Lamosa**), o **Souto das Faixas** (pola zona das Faixas, no barrio da Igrexa) e o **Souto da Sobreira**, nome dunhas terras de monte á altura do Toural, no barrio da Sobreira. Nesta zona hai unha segunda fonte tamén denominada **Fonte do Souto**, unha construción con lavadoiro.

No Catastro de Ensenada aparecen atestados os nomes *Souto*, *Souto de Sobreira*, *Souto de Prado* e *Souto de Vella*, todos aplicados a terras de monte ou de devesa.

▶ So, Sub

— **Suaeira** (O Freixo)
— **Sueido** (O Freixo)
— **O Cocho de Sueido** (O Freixo)
— **A Suxenda** (O Portal)
— **Suocamiño** (A Sobreira)

Son bastante frecuentes na toponimia as formas que conteñen un substantivo precedido da preposición galega *so* (con frecuencia *su-*, cando vai soldada), procedente da latina SUB 'baixo, baixo de'. Nalgúns casos, o feito de que se empreguen precedidas de artigo é síntoma de que deixaron de ser formas con significado transparente para o falante, pois moitas delas xa levan o artigo correspondente entre a preposición e o substantivo. Así ocorre con **Suaeira** (< correspondente ao latín SUB ILLAM AREAM 'baixo a eira'), nome dunhas terras de labor na estrema do barrio do Freixo coa parroquia de Santo André de Comesaña, que tamén se rexistra en fontes recentes como *A Suaeira*.

Outro exemplo deste tipo de compostos é **Sueido** ou **O Sueido** (➲ *Eido*), que nomea unha área de arboredo no barrio do Freixo, xunto ao camiño da Pinguela; moi preto, cara ao oeste, está un campo de labor chamado **O Cocho de Sueido**. Posiblemente sexa o próximo *Eido Vello,* que se atopa algo máis ao norte, a referencia que orixinou este topóni-

mo, que aparece atestado no Catastro de Ensenada coa grafía *Sueydo*.

A Suxenda nomea unha zona de arboredo, prado e algunhas naves industriais no barrio do Portal, xunto á estrada do Foxo. No Catastro de Ensenada aparece rexistrado como *Sujenda*. É un topónimo escuro. Quizais se tratou en orixe dunha forma *susenda* 'baixo a senda', acaso en referencia ao camiño real que viña de Tui pola estrema de Beade. Responden á mesma estrutura outros topónimos da parroquia: **Susenra** (*sub* + *senra*) e **Suocamiño** (*so o camiño*) nos barrios do Portal e da Sobreira, respectivamente.


8..... Tres quartos
de sembradura secano
segunda: Calidad al
sitio de Susenra:
linda a N. con An
tonio da Vila: L. S.
6ª
..... y S. Cerrado.

▶ Tabán

— **O Tabán** (A Igrexa)

O Tabán é o nome con que se coñecen uns campos de labor ao norte do barrio da Igrexa. Estamos ante un zootopónimo formado co substantivo *tabán* (< latín TABANUM), insecto da familia dos tabánidos, algo máis grande ca unha mosca, que adoita picar o gando, aínda que a forma singular do topónimo pode facer sospeitar que a súa motivación quizais responde a un alcume de propietario e non á presenza destes insectos na zona.

▶ Tafona

— **A Tafona** (A Sobreira)

O substantivo *tafona* ou *atafona* (do árabe *tahuna* 'moa de muíño, muíño') é un arabismo que na península se aplicaba especialmente a un muíño movido por tracción animal; por extensión, co tempo pasou a significar tamén un forno onde se coce e vende o pan. Non sabemos a cal destes significados se referirá o topónimo **A Tafona**, no barrio da Sobreira, que no Catastro de Ensenada aparece atestado coas formas castelanizadas *Tahona* e *Thahona*. Quizais garda relación co *forno* que suscitou o veciño topónimo *Regueiro do Forno*. Posiblemente era tamén un forno de pan a *Atafona* que se documenta no século XVII no *Monte da Bandeira* (➲), na parroquia de Matamá.


mesaña — folio - 347=
foro quesehico adom° de campos y benito perez de
una eyra y una Ata fona no monte da bandeyra
en matama — f 353=
Alexandres del campo do carballal

▶ Tallo

— **Os Talliños** (O Freixo)

— **O Tallo do Adro** (As Barrocas)

O substantivo *tallo* designa un pequeno terreo resultado de *tallar* (< latín TALIARE 'cortar cunha ferramenta') ou dividir en partes unha propiedade máis extensa. Un topónimo co diminutivo **Os Talliños** nomea unha zona de monte comunal ao oeste do barrio do Freixo e prolóngase na parroquia de Santo André de Comesaña.

O mesmo nome aparece no composto **O Tallo do Adro**, que designa unha pequena área de cultivos situada fronte á reitoral da *Grisvella* (➲), no barrio das Barrocas. O segundo elemento referiríase, xa que logo, ao antigo adro parroquial, antes de pasar a igrexa á súa localización actual. Rexístrase no Catastro de Ensenada con este nome aplicado a unhas terras de cultivo de secaño, igual ca no *Libro de afanegados*.

▶ Tanque

— **O Tanque** (O Freixo)
— **O Tanque** (As Barrocas)

Existen dous lugares na parroquia chamados **O Tanque**, un no barrio do Freixo, ao sur da Bouzacova, e outro ao leste do núcleo das Barrocas, no barrio deste nome. O substantivo *tanque*, palabra de probable orixe prerromana, dun celta *TANKO 'deter, fixar', ten dúas acepcións principais; nunha delas vén sendo sinónimo de *pilón* ou *presa* e noutra designa un recipiente provisto de asa, usado para quitar auga dun pozo, por exemplo, ou para beber. Calquera das dúas acepcións puido suscitar os topónimos, aínda que parece máis probable a primera. Nas atestacións do topónimo das Barrocas (no *Libro de afanegados*) aplícase a unhas terras caracterizadas como cultivo de regadío.

▶ Teixugo

— **Os Teixugos** (O Portal)
— **As Teixugueiras** (A Sobreira)

O *teixugo* (< latín TAXUCUM, de posible orixe xermánica *THAHSUS), tamén chamado *porco teixo*, é o nome común en galego da especie *Meles meles*, mustélido de pelo longo e escuro agás na cabeza, onde tira a branco, con dúas bandas negras que van desde o fociño ata as orellas.

Os Teixugos é, polo tanto, un zootopónimo; nomea unha extensa área de arboredo, mato e campos de labor situada ao norte dos Cardosos, no barrio do Portal, e rexístrase xa con ese nome nos preitos do século XVI e no Catastro de Ensenada tamén cun composto *Teijugos de*

Cardosos, aplicado a terras de devesa de primeira e de segunda calidades. Moi probablemente veu motivado pola presenza deses animais na zona, aínda que non podemos descartar a posibilidade de que se deba a un alcume de propietarios. Non se presta a esa dúbida **As Teixugueiras**, no barrio da Sobreira, que sen dúbida debeu orixinarse pola presenza de teixugos.

▶ Tintureira

— **A Tintureira** (O Freixo)

Chámase **A Tintureira** unha zona de campos de cultivo ao sur da Ermida, no barrio do Freixo. O nome pode referirse a un alcume relacionado co oficio de tinguir (*tintores* ou *tintureiros*) ou a unha zona onde se levaba a cabo esta actividade. Con todo, resulta máis probable que se trate dun fitotopónimo, relacionado coa planta chamada *rubia* ou *herba tintureira* (*Rubia tinctorum*), usada tradicionalmente como tinte encarnado.

▶ Tirado

— **Os Tirados** (A Sobreira)

Os Tirados nomea unha área de campos de mato e de terras de labor no barrio da Sobreira, ao sur do parque tecnolóxico e loxístico. Quizais veu motivado por un alcume ou por un apelido da familia propietaria (*Tirado*), mais non podemos descartar a hipótese de que se aplicase a uns terreos tirados ('tomados') ao monte para o seu aproveitamento agrícola, nun significado semellante ao de *tomada*. Rexístrase como *Tirados* no Catastro de Ensenada, onde se aplica a terras de cultivo de secaño.

▶ Toca

— **A Toca** (O Freixo)

Aínda que non podemos descartar a posible relación co adxectivo e co substantivo *toco* 'que ten un dedo, brazo ou membro mutilado', empregado como alcume de persoas ou referido ao tocón ou cañota dunha árbore, parece máis verosímil que o topónimo **A Toca** veña motivado pola acepción de *toca* como 'gorida dun animal', en concreto

dun animal pequeno, pois para a tobeira de animais maiores como a raposa adoita empregarse a forma masculina *toco*, segundo apunta Elixio Rivas (DdD).

▶ Tomada

— **A Tomada** (O Freixo)
— **A Tomadiña** (O Freixo)
— **A Tomada da Costa** (A Garrida)
— **A Tomada da Rega** (O Freixo)

O substantivo *tomada* é, en orixe, o participio do verbo *tomar*, que desde un significado xeral de 'gañar, conquistar' pasou, xa no léxico agrícola, ao de 'gañarlle un terreo ao monte ou ao bravo e facelo apto para o cultivo'. É unha das formas vivas na toponimia, xunto a outras como *cachada, rozada* etc., que reflicten o proceso de reconversión de terreos acaecido en Galicia desde a Alta Idade Media (➲ *Rozada*). Nos máis dos casos, os terreos con estes nomes *tomáronse* no seu día para cultivar centeo, avea, paínzo, trigo de revolta, millo miúdo ou millo americano.

Na parroquia de Valadares temos varios nomes que conteñen o substantivo. A forma simple, **A Tomada**, designa unha zona hoxe de vivendas e algunha parcela de cultivo ao nordeste de San Xoán, no barrio do Freixo. Un derivado diminutivo, **A Tomadiña**, aplícase a outra área tamén situada no barrio do Freixo, ao norte do Río Seco. Ademais, o substantivo forma tamén dous compostos, **A Tomada da Costa** (➲ *Costa*) e **A Tomada da Rega** (➲ *Rego*), ambos os nomes para terras de cultivo localizadas nas áreas ás que se refire o segundo elemento. Todo parece indicar, por seren zonas circundadas ou próximas a arboredo ou a monte, que os topónimos que hai na parroquia formados con este substantivo están motivados pola actividade antes referida.

A presenza na toponimia do termo *tomada* (ao igual ca o de *cachada*) é relativamente tardía, do século XVI ou posterior, e por esta razón as primeiras atestacións escritas que localizamos desta forma atópanse no Catastro de Ensenada, onde se rexistra, ademais de *Thomada* e *Thomada da Rega*, un plural *Thomadas*.

▶ Tomasa

— **A Tomasa** (O Freixo)

A Tomasa é o nome dunha zona de arboredo ao norte da Costa do Freixo. É un antropónimo motivado polo nome dunha propietaria ou polo feminino dun masculino *Tomás*, como nos casos da *Falcoa*, *A Simona*, *A Garrida* etc. *Tomás* é a forma do castelán correspondente ao antropónimo que presenta en galego a forma patrimonial *Tomé*.

▶ Tombo

— **O Tombo** (O Freixo)
— **O Tombiño** (As Barrocas)

Os topónimos formados co substantivo *tombo* (< latín TUMŬLUM 'elevación') adoitan referirse a unha pequena elevación de terreo, un pequeno montículo ou, por extensión, nalgúns casos, a un camiño elevado que vai por zonas alagadizas. Teñen especial presenza na toponimia das Rías Baixas, onde tamén se aplicou ás dunas dos areais, como nos *Tombos da Area das Rodas* nas illas Cíes. Na parroquia de Valadares dous sitios son nomeados con este substantivo: **O Tombo**, unha área de mato e de prado, non habitada, ao leste da Ermida, no barrio do Freixo, e **O Tombiño**, forma diminutiva para uns campos destinados ao cultivo, no barrio das Barrocas, ao norte da Caraña.

Ambos os nomes rexístranse no Catastro de Ensenada, onde se dá conta, no caso do *Tombiño*, dunha casa terreña propiedade de *Pedro Comesaña do Tombiño*.

▶ Torre

— **A Torre** (A Igrexa)
— **Fonte da Torre** (A Igrexa)
— **O Campo da Torre** (O Freixo)
— **O Campo da Torre** (A Garrida)
— **O Cocho da Torre** (A Igrexa)

O substantivo *torre* (< latín TURREM) na toponimia puido referirse ben a unha construción estreita e alta (ou, por extensión, a un sitio elevado), ben a unha casa fidalga ou de labregos ricos.

En Valadares, **A Torre** é o nome dun núcleo habitado no barrio da Igrexa, ao norte da Barreira. Xa debeu de ser unha zona nuclear do antigo couto de Valadares, pois rexístrase repetidamente na documentación histórica, pola que sabemos, entre outras cousas, que era o lugar onde os veciños lles prestaban os servizos de malla aos señores do couto e onde se atopaba a escola parroquial no ano 1865, segundo amosa un documento de *Visita de escuelas* pertencente ao Fondo Universitario de Enseñanza Primaria do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (caixa 128, porción 2.ª, p. 22: Valadares).


Datos suministrados por el Profesor

1º Situacion, estado y dependencias del edificio.
El edificio se halla situado en el centro de la poblacion, en el lugar de la Torre, conocido con el Nº 57; en su fachada principal, se halla la entrada por el Norte, con dos luzes en cada lado del paralelo-

A motivación do topónimo houbo de ser en orixe a estrutura en forma de torre da casa solar que os señores do couto tiñan na parroquia, tal e como describe Espinosa (1940):

> […] En el Archivo Histórico Nacional hay un expediente de Caballero Santiaguista de D. Benito Enríquez Sarmiento, perteneciente a la familia Valladares, en que se consignan las siguientes palabras: «En la feligresía de San Andrés de Valladares (15-6-1666) se reconoció la casa solariega de Valladares y Meira ... es una casa arruinada de piedra de sillería que está en una eminencia que descubre el valle y es una torre en medio de sillería con quatro cubos redondos en las quatro esquinas, y tiene un Escudo grande en una piedra a forma de agedrez que son las armas de los Valladares, y arriba de dicha casa como un quarto de legua en un monte muy alto arruinado que llaman del Castillo del Alba […]

O nome deixou tamén pegada noutros topónimos menores, como a **Fonte da Torre** (➲ *Fonte*) ou **O Cocho da Torre** (➲ *Cocho*), este último documentado no Catastro de Ensenada. No caso da *Fonte da Torre*, resulta significativo o feito de que se atopa entre o camiño de Quinta e o camiño da Marquesa, nomes que acaso tamén constitúen un vestixio da existencia desta casa solar dos marqueses na zona. No Interrogatorio do Catastro de Ensenada dise, falando de Valadares, que: «[…] en ella

tienen **casa de campo** el Marqués de dicha villa, Bartholome de Abalde veciño de la feligresía de Matamá y Juan de Prado de la de San Mamede de Samanes».

O significado de 'sitio elevado' parece máis verosimil como motivación doutro topónimo, o **Campo da Torre**, que nomea dous lugares diferentes da parroquia: unha zona de mato e de prados ao oeste do Codesal, no barrio do Freixo, e outro **Campo da Torre** no barrio da Garrida, na parte do actual polígono da Pasaxe que se atopa dentro do termo de Valadares.

▶ Torreiro

— **O Torreiro / O Adro** (A Igrexa)
— **A Devesa do Torrón** (A Igrexa)

Un *torreiro* designa, no galego suroccidental, o espazo aberto e común, a xeito de praza, onde se celebran as festas parroquiais e outras actividades veciñais. É un substantivo derivado de *terra*, orixinariamente *terreiro* (< latín TERRARIUM).

O Torreiro da parroquia de Valadares, que alterna co nome de **O Adro** (➲), designa, en efecto, a área despexada a carón da igrexa parroquial, que na actualidade semella de uso recreativo e que tamén aparece no Catastro de Ensenada para designar terras clasificadas como devesa de segunda calidade. Moi preto do lugar atópase unha zona de mato e de cultivos coñecida como **A Devesa do Torrón**, cun segundo elemento tamén derivado de *terra* que en principio debeu dar a forma *terrón* e, por un proceso de asimilación da vogal da sílaba inicial, pasou a *torrón*.

▶ Touro

— **O Toural** (A Sobreira)

Formado co sufixo colectivo correspondente ao latino -ALE, un *toural* (< TAURALEM, de *taurus* 'touro') é o lugar onde se celebra a feira do gando vacún ou ben onde pace este gando. Non obstante, dada a existencia dun adxectivo *tourón* 'dise do terreo de terra dura, dificilmente traballable' e outras formas emparentadas, non en todos os casos se pode garantir que un topónimo *Toural* se refira ao gando vacún. En Valadares temos unha zona de arboredo xunto ao Piñeiro, no barrio da Sobreira,

que é nomeada como **O Toural** e que aparece no Catastro de Ensenada caracterizada como terras de devesa de segunda calidade.

▶ Toutizo

— **O Toutizo / Os Toutizos** (A Sobreira)

En galego, *toutizo* (< dunha raíz prerromana *teu- 'elevación, altura') é unha palabra do léxico común, emparentada con *touza*, que pode designar un terreo de mala calidade, abundante en pedras e sen cultivar, ou o cumio dun monte ou a parte máis alta de algo aguzado. Non sabemos cal destes significados motivaría o topónimo **O Toutizo** ou **Os Toutizos**, que nomea unha área preto do Soutiño, no barrio da Sobreira. Non rexistramos na documentación histórica este topónimo.

▶ Tras, Detrás

— **Detrás da Costa** (O Freixo)
— **Tras do Mato** (A Sobreira)
— **Tras dos Corvos** (O Freixo)
— **Tras Palleiro** (A Garrida)
— **Tras Palleiro** (As Barrocas)

Os topónimos compostos que conteñen a preposición *detrás* (derivado de *tras* e este do latín TRANS 'máis ala de') son relativamente comúns e refírense a unha localización relativa, respecto doutro lugar. A forma *tras* resulta máis frecuente na toponimia ca *detrás*. O Nomenclátor de Galicia rexistra ao redor dun cento de núcleos de poboación que conteñen a preposición apocopada no seu nome (algúns coa segunda forma do artigo, *tralo*, *trala*), fronte a un só topónimo en que aparece a forma completa: *Detrás das Figueiras* (Boiro, A Coruña). En Valadares, son tamén moito menos frecuentes os compostos formados con *detrás*, dos cales temos un só exemplo, **Detrás da Costa**, nome dunhas terras de arboredo situadas ao oeste da *Costa do Freixo*, localización que motiva o seu nome.

Tras dos Corvos é o nome que recibe unha zona de monte situada ao norte do Río Seco, no barrio do Freixo (➲ *Corvo*). **Tras do Mato** nomea unha pequena área de prado ao leste do parque tecnolóxico e loxístico, no barrio da Sobreira. Aparece documentado no Catastro de Ensenada coa segunda forma do artigo, *Tralo Mato*. **Tras do Palleiro** nomea dous

sitios diferentes na parroquia: unha zona de monte na estrema con Zamáns (ao oeste do Muíño Vello) e uns campos de labor con vivendas no barrio das Barrocas, na área do Souto. Este último rexístrase tamén no Catastro de Ensenada coa forma composta *Tras Palleiro de Souto* (➲ *Palla*). Non sabemos se o topónimo **Tres Camiños** (nome dunha área de mato na estrema con Zamáns) se refiriría en orixe á existencia de tres camiños na zona ou se se trata dunha forma alterada de *Tras Camiños*.

Ademais dos comentados, existían na parroquia outros topónimos formados coa preposición, documentados todos no Catastro de Ensenada con forma castelanizada: *Tras la Casa*, *Tras las Fontes* ou *Tras del Molino*.

▶ Tres

— **Tres Camiños** (A Garrida)

Coñécese con este nome unha área de matogueira e de arboredo na estrema con Zamáns, ao leste das Maquías. Descoñecemos se a motivación do topónimo **Tres Camiños** é a existencia de tres camiños, pois a rede viaria da zona houbo de ser substancialmente alterada a raíz da construción do polígono industrial da Pasaxe e mais da autoestrada AP-9. O numeral tres podería ser unha alteración dunha preposición *tras*, dun orixinario **Tras Camiños** (➲ *Tras*).

▶ Trigo

— **A Trigueira** (O Freixo)

O nome do *trigo* (< latín TRITICUM) ten moita presenza na toponimia, principalmente a partir do derivado colectivo *trigueira*, co sufixo correspondente ao latino -ARIA. A simple vista, os topónimos que conteñen o substantivo *trigueira* refírense a terras destinadas ao cultivo do trigo, mais non se poden descartar outras motivacións.

A Trigueira, en Valadares, nomea unha pequena área de terras de labor no barrio do Freixo, nunha das voltas do camiño da Pinguela.

▶ Túnel

— **O Túnel** (A Garrida)

O Túnel, no barrio da Garrida, é o nome dunha zona de campos situada ao sur de Cabaleiro, á altura da chamada volta do Groño na estrada de Valadares. Debe o seu nome a unha condución subterránea de auga.

Non debe confundirse este topónimo co nome do *Túnel de Valadares*, denominación con que é comunmente coñecido o tramo soterrado da vía de circunvalación VG-20 ao seu paso pola parroquia. *Túnel* é un termo de orixe inglesa (< *tunnel*).

▶ Vacante

— **A Vacante** (A Garrida)

O adxectivo *vacante* (do verbo latino VACARE 'estar baleiro ou desocupado') aplícase ao posto, cargo etc., que está destinado a ser ocupado pero que aínda se atopa sen cubrir. No caso da toponimia, o máis probable é que se refira a terras pendentes de adxudicación (no caso de seren foros ou tenzas) e, xa que logo, pendentes de aforar (➲ *Aforada*). En Valadares, o topónimo **A Vacante** nomea hoxe dúas franxas de terreo despexado, talvez destinadas ao cultivo, ao sur da área da Valada, no barrio da Garrida.

▶ Valada

— **A Valada** (A Garrida)
— **Fonte da Valada** (A Garrida)
— **O Pedregal da Valada** (A Garrida)
— **O Peirao da Valada** (A Garrida)

A palabra *valada* é o participio do verbo *valar* (< latín VALLARE 'cercar ou rodear cun valado') e, polo tanto, garda parentesco etimolóxico co nome de *Valadares* (véxase na «Introdución»). *Valado* e *Valada* son topónimos relativamente frecuentes en Galicia, o cal se explica, entre outras cousas, pola enorme fragmentación parcelaria característica dun sistema minifundista nunha orografía irregular. O masculino *valado* pasou a empregarse como substantivo, co mesmo significado ca *muro* ou *valo*.

A Valada é unha área extensa ao sur do Pedregal, no barrio da Garrida, maiormente ocupada por campos de cultivo. Dentro da área e pola súa contorna temos varios topónimos menores que toman este nome como referencia: a **Fonte da Valada** (➲ *Fonte*), dun só cano e de estrutura de pedra; **O Pedregal da Valada** (➲ *Pedregal*) e **O Peirao da Valada** (➲ *Peirao*).

No Catastro de Ensenada consta o topónimo *A Valada* (ou tamén cun B- non etimolóxico, *Balada*) como nome de zona habitada e tamén de monte e devesa.

▶ Val

— **Vales** (A Garrida, A Sobreira)
— **Fonte de Vales** (A Garrida, A Sobreira)
— **A Volta de Vales** (A Sobreira)

Vales é o nome dunha extensa área da parroquia onde estreman o barrio da Garrida e o da Sobreira. Ocúpana sobre todo campos de labor, mais hai tamén algunhas vivendas e masas de monte, sobre todo na zona lindeira co monte da Sobreira. O topónimo contén o plural do substantivo *val* (< latín VALLEM 'depresión de terreo por onde flúe un curso de auga'). Dentro da área, a ambos os lados da avenida de Clara Campoamor, hai unha fonte, a **Fonte de Vales**, e un lavadoiro co mesmo nome na outra beira da avenida. A fonte ten un cano e unha pía de pedra, e xunto a ela hai un depósito de auga para usar no caso de incendio forestal. **A Volta de Vales** é o nome dunha área inmediata á intersección coa avenida de Clara Campoamor da estrada da Garrida; recibe o seu nome da curva que describía esta última vía nesa zona.

O topónimo aparece no Catastro de Ensenada e nomea terras clasificadas como labradío de secaño, nos máis dos casos cunha grafía non etimolóxica *Bales*.

▶ Veiga

— **A Veiguiña** (O Freixo)
— **Veiga do Medio** (As Barrocas)
— **Veiga da Fonte de Abaixo** (A Sobreira)
— **Veiga da Fonte de Arriba** (A Sobreira)
— **Veiga da Fonte de Abaixo** (As Barrocas)

— **Veiga de Abajo** (As Barrocas)
— **Veiga de Arriba** (As Barrocas)
— **Veiga da Mina** (As Barrocas)
— **Veiga de Pedro** (As Barrocas)
— **Veiga Grande** (A Sobreira)
— **Veiga da Comareira** (A Sobreira)
— **Veiga da Sobreira** (A Sobreira)
— **Veiga da Corte** (O Freixo)
— **Veiga da Fonte** (O Freixo)
— **Veiga da Eira** (O Portal)

O termo galego *veiga* designa terras baixas e fértiles, con frecuencia na beira dun curso de auga e destinadas ao cultivo, polo que nalgunhas zonas de Galicia pasou a adquirir o significado xenérico de 'terra de labor'. Aínda que de etimoloxía controvertida, non hai dúbida de que tanto o galego e o portugués *veiga* coma o correspondente castelán *vega* son termos de orixe prerromana.

Trátase dun substantivo cunha presenza moi relevante na toponimia galega, o que se confirma no caso de Valadares, onde temos máis dunha ducia de nomes que o conteñen. O máis frecuente é que apareza formando un composto cun segundo elemento que se refire, na maioría dos casos, á súa localización. Así ocorre nos casos da **Veiga de Arriba**, a **Veiga de Abaixo** e a **Veiga do Medio**, preto dos Bértolos, no barrio das Barrocas; a **Veiga da Fonte de Abaixo**, a **Veiga da Fonte de Arriba** e mais a **Veiga da Sobreira**, no barrio da Sobreira; outro topónimo, a **Veiga da Fonte de Abaixo**, no barrio das Barrocas (posiblemente motivado pola próxima fonte da Cacheira), a **Veiga da Eira** (campos de labor con algunha vivenda no barrio do Portal, xunto ás Cortes), a **Veiga da Corte**, a **Veiga da Comareira** e a **Veiga da Mina**.

Outros compostos están relacionados con algunha característica particular da veiga, ás veces en relación co tamaño, como na **Veiga Grande** (unha área extensa de terras ao oeste do Padrón do Couto, na Sobreira) ou **A Veiguiña**, que nomea unha zona de campos de labor ao norte de San Xoán, no barrio do Freixo. Nalgúns casos o segundo elemento é un nome de propietario, como na **Veiga de Pedro**, denominación alternativa da propiedade coñecida como *A de Pedro* (➲).

Os cambios na configuración orográfica, debidos principalmente á urbanización, mais tamén á muda de actividades e de modelo económico, provocaron que non poucos topónimos con este substantivo se

acabasen perdendo. No Catastro de Ensenada, ademais dos mencionados, rexístranse outros tantos hoxe desaparecidos, en xeral escritos coa grafía errada *beiga*: *Beiga de Riva*, *B. de Pedras* ou *das Pedras*, *B. de Prado*, *Beigas de Campos*, *Beigas das Barrocas*…

▶ Vesar

— **As Vesadas** (As Barrocas)
— **As Vesadas** (O Freixo)
— **As Vesadas do Fabás** (A Sobreira)
— **A Vesada da Chan da Viña** (A Garrida)
— **As Vesadas da Pouleira** (A Garrid)

Unha *vesada* (< latín VERSATAM, participio do verbo VERSARE 'arar, abrir sucos na terra co arado') é outro dos substantivos referidos ao proceso de amansar terras bravas para destinalas ao cultivo. Na actualidade, este topónimo pervive na parroquia na forma **As Vesadas** como nome dunha zona de campos de labor no barrio das Barrocas, ao norte do núcleo das Barrocas, e tamén se coñece como **As Vesadas** unha área de monte no barrio do Freixo, ao suroeste do Zondal.

Ademais da forma simple, o termo aparece en compostos onde o segundo elemento se refire á súa localización: **As Vesadas dos Fabás** (➲ *Faba*), que designa uns campos de cultivo ao sur dos Fabás, no barrio da Sobreira; **As Vesadas da Pouleira** (➲ *Poulo*), no barrio da Garrida, e **A Vesada da Chan da Viña** (➲ *Viña*), ao sur das Vesadas, nas Barrocas.

▶ Vilar

— **O Vilariño** (A Garrida)

Vilariño é unha forma diminutiva de *vilar*, do latín VILLAREM, derivado de *villa*, en orixe 'vivenda no campo con explotación agrícola'. Os topónimos *Vilar* son de orixe medieval e adoitan designar un 'conxunto de casas que forman un grupo separado dentro da aldea' (DRAG).

O Vilariño, en Valadares, é o nome dunha pequena masa forestal no barrio da Garrida, ao oeste dos Mangales e, dado que non se atopan rexistros escritos do topónimo onde conste como sitio habitado nin hoxe hai no lugar vestixios de que o fose, é posible que o nome veña motivado por un apelido de propietario.

▶ Vilcha

— **A Vilcha** (As Barrocas)

Chámase **A Vilcha** unha pequena área de campos ao oeste da zona da Valada, no barrio das Barrocas. Cremos que contén un sobrenome feminino creado a partir dun apelido *Vilches*, apelido foráneo en Galicia, orixinario da poboación de Vilches, na provincia andaluza de Xaén.

Nun *Libro de apuntes* das franciscanas de Vigo sobre propiedades do convento no Val de Fragoso no século XVII (AHN, Clero, L. 19968, Pares) atopamos referencia a unha propietaria chamada *María González Vilcha*, probablemente pertencente á mesma familia que motivou este topónimo.



▶ Vimbio

— **O Vimbieiro** (O Freixo)

A árbore salicácea *Salix viminalis* recibe en galego os nomes de *vimbieiro*, *vimbieira*, *vimieiro*. O *vimbio* (< latín VIMĬNEM), a vara flexible desta árbore ou arbusto, tivo moitos usos agrícolas e artesanais. Un topónimo **O Vimbieiro** (< latín VIMINARIUM) nomea uns campos de labor no barrio do Freixo, ao norte da Costa do Freixo. Os vimbios adoitaban cultivarse no bordo das herdades, acotío a xeito de sebe nos lindes.

▶ Vínculo

— **O Vínculo** (O Freixo)

O Vínculo é unha zona de campos de labor dentro da área coñecida como A Galiñeira, no Freixo. O substantivo *vínculo* (do latín VINCŬLUM 'atadura') refírese á condición administrativa dun conxunto de bens hereditarios *vinculados* á casa familiar que non podía ser nin repartido nin vendido, e que herdaba o fillo que recibía a condición de *vinculeiro*, normalmente o varón primoxénito.

▶ Viña

— **As Viñas** (O Portal)
— **O Campo da Viña / A Chan da Viña** (As Barrocas)
— **A Vesada da Chan da Viña** (As Barrocas)

O substantivo *viña* (< latín VINEAM) é moi común na toponimia galega, por ser o cultivo da vide unha actividade común en Galicia xa desde a Idade Media. En Valadares, segundo amosan o Catastro de Ensenada e o *Libro de afanegados*, eran moitas as terras destinadas ao cultivo de videiras.

No barrio do Portal, unha zona habitada ao norte do Outeiro coñécese como **As Viñas**. Outros topónimos que conteñen o substantivo son **O Campo da Viña** e **As Vesadas da Chan da Viña**, ambos localizados no barrio das Barrocas, onde houbo en tempos, segundo amosa o Catastro de Ensenada, unha área chamada *A Viña* que motivou estes topónimos. O primeiro deles, **O Campo da Viña** (nome dunhas terras ao sur das Vesadas), alterna co nome **A Chan da Viña.** Tamén aparecen atestados no Catastro de Ensenada os compostos *As Viñas da Valada* e *As Viñas do Groño*.

▶ Viragaia ➲ A Miragaia

▶ Viveiro

— **O Viveiro** (A Garrida)

Do latín VIVARIUM, o termo *viveiro* designa un espazo destinado ao cultivo de enxertos ou de árbores sementadas que unha vez crecidas son transplantadas. Na maioría das parroquias de Vigo existían devesas (➲ *Devesa*) de propiedade real onde se adoitaban plantar os exemplares cultivados nestes viveiros. En Valadares, **O Viveiro** é unha pequena área, hoxe de campo e de mato, no barrio da Garrida, xusto a carón de Outide da Garrida e precisamente moi preto da chamada Devesa do Rei, polo que supoñemos que o nome vén motivado por ser terra destinada á mencionada función. De feito, no Catastro de Ensenada, na relación de propiedades do rei, aparece rexistrado un «vivero al sitio de Outide Garrida, cuatro ferrados primera calidad, cerrado», que identificamos con este mesmo sitio. Nese catastro tamén se rexistra ou-

tro viveiro de propiedade real «na Cardosa», do cal non queda hoxe vestixio toponímico.

▶ Volta

— **A Volta do Groño** (As Barrocas)
— **A Volta dos Seixos** (A Igrexa)
— **A Volta de Vales** (A Sobreira)

Volta e *revolta* son termos comúns para designar unha curva nunha vía pública. A toponimia de Valadares singularizou tres voltas, dúas na estrada xeral e a terceira na estrada da Garrida, cos topónimos **A Volta do Groño**, **A Volta dos Seixos** e **A Volta de Vales** (➲ *Groño*, ➲ *Seixo*, ➲ *Val*).

▶ Xabre

— **A Xabreira** (O Freixo)

Xabreira constitúe un derivado do substantivo *xabre* 'terra areosa', procedente do latín SABŬLUM 'area'. Na toponimia adoita designar terreos destas características. **A Xabreira** en Valadares é o nome dun pequeno núcleo de vivendas na aba oeste do monte dos Pozos, no barrio do Freixo.

▶ Xan

— **Xan Costas / As Ancostas** (O Freixo)

Xan é unha variante hipocorística ou coloquial do nome persoal masculino *Xoán* (< IOHANNEM). É un nome da tradición cristiá, moi común en Galicia en todas as épocas, do mesmo xeito ca o santo correspondente (➲ *San Xoán*, ➲ *Seoane*) é advocación de numerosas parroquias galegas. Un topónimo que contén a secuencia onomástica de nome con apelido **Xoán Costas** ou **Xan Costas** agóchase nas formas alternativas **Sancostas** e **As Ancostas** con que se rexistra nalgunhas fontes documentais contemporáneas un campo de labor ao leste da Tomada, no barrio do Freixo. No Catastro de Ensenada consta como «sitio de *Juan Costas*», e tamén se rexistra en 1672 en documentos do convento das franciscanas de Vigo co nome de *Joan Costas* ou *Campo de Juº Costas*.



▶ Xarxa

— **A Xarxenta / A Sarxenta** (O Portal)

O topónimo **A Xarxenta**, que designa unhas terras pola zona do Foxo, no barrio do Portal, é posiblemente un derivado colectivo co sufixo *-ento*, *-enta* (como o de *Maruxentos* ➲) a partir do substantivo *xarxa*, nome común galego da planta arbustiva identificada co nome científico de *Salvia officinalis*, tamen chamada *salvia*, de uso medicinal. A regular transcrición do topónimo como *Jarjenta* ou *Xarxenta* nas fontes escritas (*Xarxenta* no *Libro de afanegados*) fai menos probable que o topónimo conteña unha forma feminina de *sarxento*, empregado como alcume ou sobrenome de propietario.

Xeixo ➲ Seixo

▶ Xesta

— **O Xestal** (As Barrocas)
— **O Xestal** (O Freixo)
— **O Xestal da Lapela** (As Barrocas)
— **Fonte do Xestal** (As Barrocas)
— **O Mato das Xestas** (A Sobreira)

O substantivo *xestal* é un derivado colectivo de *xesta* (< latín GENISTAM ou GENESTAM), denominación común para as diversas especies de plantas leguminosas do xénero *Sarothamnus* e outros xéneros afíns. A importancia do aproveitamento das xestas na cultura rural tradicional explica a súa abundante presenza na flora de Galicia e tamén na súa toponimia. Na parroquia de Valadares temos varios topónimos relativos ás xestas. **O Xestal**, no barrio das Barrocas, é un colectivo que nomea unha área de campos fronte á reitoral; preto da zona atópase a **Fonte do Xestal**, co seu lavadoiro e na actualidade en estado de semiabandono. **O Xestal** é tamén o nome dunha pequena área de prado

con algo de mato no barrio do Freixo, ao oeste do cemiterio particular. Son aínda hoxe un extenso xestal os terreos coñecidos co nome **O Xestal da Lapela**, no barrio das Barrocas, ao leste da área que leva o mesmo nome (➲ *Lapa*).

O nome da planta na súa forma simple, en plural, témola nun topónimo da Sobreira, **O Mato das Xestas** (➲ *Mato*).

▶ Xinela

— **A Xinela / As Xinelas** (O Portal)

Existe alternancia entra a forma singular e plural (**A Xinela** ou **As Xinelas**) para o nome que designa unha zona de campos de labor no barrio do Portal, ao oeste de Prado. É posible que a denominación en orixe fose un singular *Xinela*, que acabou usándose en plural, como ocorre noutros casos, ao dividirse o terreo en diferentes herdades. O topónimo aparece rexistrado no Catastro de Ensenada coa grafía *Jinela*, e tamén se documenta nese catastro un composto *Jinela de Pazo* ou *do Pazo*.

Xinela é probablemente unha variante do substantivo *xanela*, procedente do latín JANUELLAM 'pequena fiestra', derivado con sufixo diminutivo do substantivo JANUA 'porta de entrada'. O topónimo puido vir motivado por ser un sitio con boas vistas, como ocorre noutros topónimos de significado semellante, como *balcón* (➲) ou *fiestra*. Non obstante, non podemos descartar a posibilidade de que o topónimo conteña un sobrenome persoal.

Xoán Costas ➲ Xan

▶ Xoán

— **As Xoanelas** (A Sobreira)
— **San Xoán / San Xoán do Freixo** (O Freixo)
— **Capela de San Xoán do Freixo** (O Freixo)
— **Estrada de San Xoán** (O Freixo)
— **Fonte de San Xoán** (O Freixo)

O nome persoal *Xoán* é un dos nomes máis comúns na tradición cristiá. Ademais do topónimo *Xan Costas* (➲), témolo noutros topónimos

da parroquia como un derivado diminutivo feminino, **As Xoanelas**, nome dunhas terras no barrio da Sobreira. O topónimo parece conter un nome de propietaria ou ben un adxectivo formado a partir da forma masculina (*As Xoanelas* = 'As de Xoanelo'). Dada a localización, preto da estrema con Beade, cremos que este topónimo garda relación con outro *A Xoanela* na parroquia veciña.

O haxiónimo *San Xoán* (➲ *San*, *Santo*) constitúe un topónimo de relevancia na parroquia polo nome de **San Xoán** ou **San Xoán do Freixo**, unha das entidades de poboación de Valadares. O núcleo propiamente dito así atópase entre A Tomada e A Formigueira, a carón da principal vía que atravesa toda a zona, a **Estrada de San Xoán**, que percorre parte do barrio do Freixo desde a estrema de Matamá ata a de Santo André de Comesaña. Nesta mesma estrada, preto do núcleo habitado, atópanse a **Fonte de San Xoán** e a **Capela de San Xoán do Freixo.**

Descoñécese a data de construción da capela, aínda que a súa parte más antiga está catalogada como edificio medieval. Segundo as fontes do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, a primeira documentación coñecida onde se rexistra a existencia da capela é do ano 1694, nunha solicitude para obrar unhas reformas. A súa proximidade á estrema con Santo André de Comesaña motivou diversos preitos entre as dúas parroquias pola titularidade do edificio relixioso, que finalmente en 1867 foi declarado pertencente á freguesía de Valadares. Hai unha lenda na parroquia que afirma que o santo (unha talla de madeira) foi levado ao barrio por unha veciña de Seoane que casou no Freixo. Parece concordar coa lenda o feito de que o nome de San Xoán teña o mesmo significado ca o de Seoane (➲ *Seoane*).

▶ Xunco

— **O Xuncal** (As Barrocas)
— **A Xunqueira** (As Barrocas, O Portal)

O nome común galego *xunco* (< latín JUNCUM) designa varias especies botánicas dos xéneros *Cyperus* e *Juncus*, da familia das xuncáceas. En Valadares a presenza destas especies deixou pegada en dous fitotopónimos derivados de *xunco*, un deles co sufixo correspondente ao latino -ALE, **O Xuncal**, e outro co correspondente a -ARIA, **A Xunqueira**. Ambos aparecen rexistrados no Catastro de Ensenada coas grafías *Juncal* e *Junqueira*. Aparentemente non sobreviviron nin podemos coñecer

a súa localización exacta; *O Xuncal* constaba como núcleo habitado, polo menos cunha casa terreña, ademais de nomear propiedades de labradío de secaño de segunda calidade; no mesmo catastro, *A Xunqueira* aparece clasificada como devesa de primeira.

▶ Zondal

— **O Zondal** (O Freixo)

Non rexistramos na documentacion histórica anterior ao século XX o topónimo **O Zondal**, nome dunha ampla zona de monte no estremo occidental da parroquia. No último cuarto do século XX alcanzou este topónimo certa notoriedade debido á construción dun vertedoiro municipal que coñeceu enérxica oposición por parte da veciñanza e finalmente foi clausurado. As primeiras mencións do topónimo que nos ofrecen as hemerotecas dixitais corresponden a noticias relativas á aplicación do Decreto do Ministerio de Agricultura, do 28 de abril de 1952, sobre os chamados «montes de utilidad pública» (*El Pueblo Gallego*, 6/03/1953), que localiza na parroquia de Valadares a unidade denominada «Fuentefría, Zondal y otros». Con ese nome (sen artigo) figura nos anuncios oficiais de licitacións de madeira nas décadas seguintes ata o ano 1977. Desde este ano o topónimo pasa a ser coñecido como nome do vertedoiro que se pretende construír e comeza a ser mencionado na prensa con artigo (*El Zondal* en castelán, *O Zondal* en galego).


C..... Unquarto de
Sembradura secano
tercera Calidad al
Sitio de Zendal: lin
da a L. Dn Juan
Rodriguez: P. N. y S.
...Cerrado.

Zondal ou *O Zondal* é un topónimo escuro. Non ten paralelos na toponimia de Galicia nin doutras áreas peninsulares. Dado que non se rexistra na documentación histórica da parroquia e aparece por primeira vez na relativa á política forestal municipal durante o franquismo, a cal consolidou neotopónimos como *Coviles* (➲ *Canteira de Coviles*) ou *O Cepudo* (➲), é probable que esteamos ante un topónimo non tradicional. Coa documentación de que dispomos, cremos que *Zondal* pode ser unha simple alteración, por erro de lectura ou de transcrición, dalgún topónimo previo, quizais un *Tendal* ou *O Tendal*, que figura no Catastro de Ensenada aplicado a propiedades cualificadas de «tojar» e «labradío de secaño de terceira», probablemente na zona do Freixo, e que non sobreviviu ata a actualidade.

Os dicionarios recollen para *tendal* (cunha variante *tondal*) unha acepción que o fai sinónimo de 'cuberto, alpendre, alboio', que ben puido orixinar este topónimo (DdD, s. v. *tendal*).

4 Motivacións dos topónimos de Valadares

Convencionalmente adoitan agruparse os nomes de lugar atendendo ás motivacións que os produciron e clasifícanse en varios grupos etiquetados mediante un termo técnico composto: orotopónimos, hidrotopónimos etc. Nesta sección figura unha relación dos diferentes nomes de lugar de Valadares agrupados segundo o seu significado. Non é exhaustiva, pero móstrase a diferente variedade de compostos en que está presente cada termo dos que figuran en maiúscula, e en ocasións indícase entre paréntese o número de topónimos que presentan a mesma forma en distintas áreas do territorio parroquial, para dar idea da diferente produtividade dalgunhas formacións.

1. Orotopónimos.

Son os nomes relativos ao relevo, cos cales tamén incluímos os que se refiren á constitución do terreo. A variedade do relevo de Valadares pode explicar a abundancia de topónimos motivados polos accidentes da orografía. Son especialmente frecuentes os que conteñen os substantivos *campo*, *costa* e *chan* ou derivados deles, igual ca os emparentados con *pedra* ou con *area*. Consideramos orotopónimos os derivados e os compostos formados cos termos ou coas raíces que vemos a continuación; para o comentario de cada un deles, véxase o apartado correspondente segundo a orde alfabética. Téñase en conta que tamén poden vir condicionados polo relevo moitos dos que incluímos noutros apartados, especialmente os do apartado 9 («Posición relativa»).

AMOLAR: As Amoladouras. AREA: O Areeiro, O Areeiro da Corte, Os Bértolos do Areeiro, A Costa do Areeiro, O Mato do Areeiro, O Pouso do Areeiro, A Areíña, Muíño da Areíña, A Areosa, O Cruceiro da Areosa. BANZO: Os Banzos da Portela de Alba, Os Banzóns da Lapela. BARRO, BARRA: A de Barros, A Barreira (2), Fonte da Barreira, As Barreiras (2), O Barreiro, As Barrocas, A Barroquiña, Fonte do Barronco. CAR- 'pedra': Caraña. CAER: O Caeiro. CAMPACEIRA: As Campaceiras. CAMPO: Campo Grande (3), Campo Longo (3), Campo de Abaixo (2), Campo de Arriba (2), Campo do Medio (2), Campo do Medio ou Campos do Medio, Campo da Costa, Campo da Eira (2), Campo da Fonte (2), Campo da Porta, Campo da Torre (3), Campo das Canas, Campo das Cans, Campo das Pedras, Campo de Aceiteiros, Campo de Figueiras, Campo do Abade, Campo do Carreiro, Campo do Muíño, Campo do Rego, Campo do Río, Campos do Río, Campos de Babio, Campos de Bautista, Riba dos Campos, Os Campiños, Campiño das Cans, Campiños (2), O Escampado, As Campaceiras, Camiño das Campaceiras, O Escampado. CHAN: A Chan (2), A Chan da Eira, A Chan da Gándara, A Chan da Gaspara, A Chan da Regamán, A Chan da Seca, A Chan de Eiriña, A Chan de Seoane, A Chan do Cacheiro, A Chan do Cagalleiro, A Chan do Carballo, A Chan do Cruceiro (2), A Chan do Lugar, A Chan dos Campos, A Chan dos Zocos, A Chanciña, Camiño da Chanciña. COR- (?) Courás. COSTA: A Costa (2), A Tomada da Costa, A Costa do Areeiro, A Costa do Freixo, A Costa do Can, Detrás da Costa, A Tomada da Costa, A Costiña, Costiñas, Costiñeiras, A Cavada da Costiña, O Costal, A Costeira, Costariña, O Costeiro. COTO: A Devesa da Coratela, Muíño da Cotarela. COVO, COVA: Bouzacova, Fontecova, O Covelo, Campo do Covelo, A Cova (3), A Coviña. COUSO: Couso, Couselo. FRAGA: A Fraguiña. FURNA: As Furnas, Babios das Furnas. GABIÁN: Monte do Gabián. GÁNDARA: A Gándara, Campo do Fútbol da Gándara, A Chan da Gándara, Estrada da Gándara, O Marco da Gándara. GROÑO: O Groño, Volta do Groño. LADEIRA: Ladeiras do Monte Alba. LAPA: A Lapela, A Lapela do Portelo, Os Banzóns de Lapela, Camiño da Lapela, Petróglifo da Lapela, O Xestal da Lapela. LAXE: A da Laxe. LODO: O Lodeiro (tamén podería ser fitotopónimo). MOA, MÓ: A Mó do Sues. MONTE: Monte Alba e Ladeiras do Monte Alba, Monte Cepudo, Monte da Devesa, Monte da Raposa, Monte da Sobreira, Monte do Gabián, Monte do Castro, Monte dos Pozos, Monte Pequeno, Monte Sobreiro, A Monteira (2). MOUTA: A Mouteira, As Mouteiras, Fonte das Mouteiras. OUTEIRO, OUTO: O Outeiro (2), O Outeiriño (2), Outeiro da Faixa, Outeiro da Fame, Outeiro da Gaspara, Outeiro da Rabadeira, Outeiro da Torre, Outeiro de Deus, Outeiro de Ferro, Outeiro do Gato, Outeiro de Piñeiro, Outeiro de Sobroso, Outeiro de Tomé, Outeiro Grande. Outide, Outide da Garrida. PATO, PATA: As Patelas, As Patenas. PEDRA: As Pedras, A Pedra da Cacheira, A Pedra da Pena, As Pedras da Cruz, As Pedras das Cagallas, As Pedras da Flor, As Pedras da Ribeira, As Pedras de Guisande, As Pedras do Moucho, As Pedras do Raposo, Campo das Pedras, Veiga da Pedra. O Pedregal, O Pedregal da Valada, O Pedreiro, A Espedrigada. PENA, PENEDO: A Pena, A Pedra da Pena/ As Pedras da Pena, Os Penedos (2). PICO, PICOTO: O Picoto das Mitoas. PRACER: O Pracer, Fonte do Pracer, Petróglifo do Pracer. REQUEIXO: Requeixo. ROCHA: A Rocha, Babio da Rocha. SEIXO: Os Seixos (2), Camiño dos Seixos, Fonte dos Seixos. TOMBO: O Tombo, O Tombiño. TOUTIZO: O Toutizo, Os Toutizos. VAL: Vales, Fonte de Vales. XABRE: A Xabreira.

2. Hidrotopónimos.

Son os nomes relativos ás augas. Uns designan realidades naturais, cursos fluvais, nacentes, mananciais, fontes…, o conxunto dos recursos hídricos do territorio, e outros o resultado de actuacións humanas para aproveitar eses recursos, de xeito que poderiamos incluílos igualmente no apartado dedicado aos topónimos resultantes de «Obra humana». Algúns son hidrónimos moi antigos, de orixe prerromana, como *Babio* ou o *ouro* da *Fonte de Ouro*, e posiblemente tamén *Arañón* e *Alba*. Outros son termos tamén de orixe prerromana que sobreviviron en galego, como *arroio*, *bazoca*, *barxa* ou *varxa* e quizais *lobagada* ou *alobagada*. Polo que se refire aos topónimos que designan actuacións humanas relativas ás augas, ten interese *As Cans*, onde a propia forma do nome tamén nos informa da antigüidade das canalizacións que o orixinaron. Os máis frecuentes entre os hidrotopónimos de Valadares son os compostos dun primeiro elemento xenérico común (*auga, cal, fonte, lagoa, mina, río, rega, lavadouro, presa, tanque*…), que é o que porta o significado hidronímico, seguido da preposición *de* e mais un segundo elemento que pode responder a moitas motivacións, só raras veces de significado hidronímico tamén (*arroio, auga, pingallo, pinguela, gurgulliños, lago, ouro*…).

*ARAN-: Arañón (?). ARROIO: O Arroio, Fonte do Arroio. AUGA: Augalonga, Auga do Mandín, Rego da Auga/Regodauga. BABIO: Babio, Babio da Furna, Babio da Rocha, Babio do Cocho da Porca, Babio do Cocho dos Muíños, Campos de Babio, Resío de Babio, Río Babio/Río de Babio. BARXA (varxa): A Barxa, As Barxas, Río da Barxa, A Barxa do Redondo, As Barxiñas, O Barxío. BAZOCA: O Bazocal. CAL: A Cal do Lavadouro, O Cocho da Cal, A Mina da Cal, As Cales, As Cans (2). CANO: O Cano. FONTE: A Fonte, A Fontiña (2), A Fontela (2), Fonte Carreira, Fonte da Abilleira, Fonte da Cacheira, Fonte da Candea da Igrexa, Fonte da Chan ou Fonte da Estrada do Alba, Fonte da Chanca/ Fonte dos Barros, Fonte da Chosca, Fonte da Cuncha, Fonte da Estrada do Portal, Fonte da Garrida/Fonte do Alto da Garrida, Fonte da Mina da Devesa, Fonte da Raposa, Fonte da Regamán, Fonte da Silveira, Fonte da Simona, Fonte da Torre, Fonte da Valada, Fonte da Vila, Fonte das Mitoas, Fonte das Barrocas, Fonte das Cans, Fonte das Cortes, Fonte das Cortiñas, Fonte das Mouteiras, Fonte das Quendas, Fonte das Regadiñas, Fonte de Quinta, Fonte do Regueiro de Alén/ Fonte de Alén, Fonte do Freixo, Fonte da Igrés, Fonte de Peimallo, Fonte de San Bartolomeu, Fonte de San Xoán/Fonte do Pracer, Fonte de Seoane, Fonte de Vales, Fonte do Alba/Fontes do Alba, Fonte do Arroio, Fonte do Barreiro, Fonte do Barronco, Fonte do Caramancho, Fonte do Caride, Fonte do Carregal, Fonte do Coello, Fonte do Eido Vello, Fonte do Estripeiro, Fonte dos Fabás, Fonte do Lago, Fonte do Monte Alba, Fonte do Ouro/Fontedouro, Fonte do Pereiro,

Fonte do Pingallo, Fonte do Rei, Fonte do Sapo, Fonte do Seguedo, Fonte dos Seixos, Fonte do Souto, Fonte do Souto (2), Fonte do Xestal, Fonte dos Bértolos, Fonte dos Pozos, Fonte Carreiro, Fontecovas, Fontefría. Cocho da Fonte. GURGULLO: Os Gurgulliños. ILLA: As Illas, O Cocho das Illas. LAGO, LAGOA: O Lago, A Lagoa, A Lagoa de Courás, A Lagoa do Arroio, A Pouleira da Lagoa, Fonte do Lago. LAMA: A Lamosa, Souto da Lamosa, A Devesa da Lamosa. LAVADOURO: O Lavadouro, Lavadouro da Fonte das Barrocas, Lavadouro do Canizo, A Cal do Lavadouro. LOBAGADA: As Lobagadas. OLLO: O Ollo da Cabra. PINGA: A Pinguela, Camiño da Pinguela, Cruceiro da Pinguela, Fonte do Pingallo. POZO: Fonte dos Pozos, Monte dos Pozos. PRESA: A Presa, As Presas, A Presa Nova, A Presa de Roque, Lugar da Presa. REGA: A Rega, A Rega Loureiro, A Rega de Arriba, A Rega do Medio, A Rega de Abaixo, A Rega dos Carballos, A Rega do Portelo, A Rega da Mona, A Rega da Simona, A Regamán, As Regas, As Regadas, As Regadiñas; Fontes da Regamán, Fonte das Regadiñas, A Tomada da Rega. REGATO e RÍO: Regato da Regamán, Regato de Fontefría, Regato da Senra, Regato da Simona, Regato das Cortes, Regato das Faixas, Regato do Groño. REGO: Regodauga, Rego da Miragaia, Rego dos Canizos, Campo do Rego (2). REGUEIRA: As Regueiras (2), A Regueira da Casa, A Regueira de Cartas. REGUEIRO: O Regueiro (2), Regueiro de Alén, Regueiro da Gaiteira, Regueiro do Forno, Camiño do Regueiro do Forno, Fonte do Regueiro de Alén/ Fonte do Regueiro, Estrada do Regueiro. RIBA: Ribas, As Ribelas, A Ribeiriña, As Ribeiriñas, As Pedras da Ribeira. TANQUE: O Tanque (2).

3. Fitotopónimos.

Son os nomes de lugar relativos á flora e á vexetación, tanto a brava ou espontánea coma a dos cultivos. As especies arbóreas están ben representadas: *abeleira*, *abruñeiro*, *amieiro*, *carballo*, *castiñeiro* (e *o souto*), *estripeiro*, *freixo*, *loureiro*, *moreira*, *nogueira*, *olmo*, *piñeiro*, *salgueiro*, *vimbieiro*…, e con elas as froiteiras domésticas: *ameixeira*, *cerdeira*, *figueira*, *laranxeira*, *maceira*, *pereira* e o xenérico *pumar* ou *pomar*. Entre as especies agrícolas están representados varios cereais (*avea, centeo, millo, paínzo, trigo*) e outros cultivos como *viñas*, *liño* e *fabas*. Entre a flora espontánea teñen presenza especies como *cádavo*, *cardo*, *carrizo*, *codeso*, *xunco* ou *xesta*. Teñen interese especial algúns topónimos formados a partir de nomes de plantas que só moi raramente deixan pegada toponímica, como a *ervellaca* ou a *xarxa*; outros como as *moruxas* ou *moruxes* teñen na toponimia local unha variante *maruxas*, seguramente por interferencia do nome persoal feminino.

ABELÁ, ABELEIRA: O Abelal, Os Abelales; ABRUÑO: Os Abruñeiros; AMIEIRO, AMIAL: O Amial (2), Amieiros, Amieiras, A Cachada de Amieiros, Río do Amial. AMEIXA, AMEIXEIRA: A Ameixeira. AVEA: O Aveal. BOUZA: Bouzacova. BREÑA: A Esbreñada. CÁDAVO: Cadaval. CANA: Campo das Canas,

Fonte das Canas, A Horta das Canas, O Canaval, Alto do Canaval, O Canizo, Lavadouro do Canizo. CAÑOTO, CAÑOTA: Os Cañotais, Coutada do Cañoto, Camiño dos Cañotais, A Cañoteira. CARAVEL: O Caravel, Coutada do Caravel. CARBALLO: Carballa, A Carballa Seca, O Rego dos Carballos, Carballiños, Carballases, A Carballeira. CARDO: O Cardoso, Os Cardosos. CARRAPETO, *Carrapatelo (?), CARRIZO: O Carregal, Muíño do Carregal, O Cocho do Carregal. CASTAÑA, CASTIÑEIRO: Castiñeira, As Castiñeiras, O Castañal. CEBADA: A Sebadilla (?). CENTEO: As Centeeiras. CEPO: O Cepudo/Monte Cepudo, Parque Forestal Monte Alba-Cepudo, *Área de Lecer do Monte Cepudo*. CEREIXA, CERDEIRA: As Cerdeiras, Cerdeira, Cerdeiras. CIROLA: Cirolas. CODESO: O Codesal, A Codeseira. CORTIZO: Cortizo, Leira dos Cortizos. COUCE: Cousides (?). ERVELLACA: A Ervellacosa. ESTRIPO, ESTRIPEIRO: O Estripeiro, Fonte do Estripeiro. FABA: Os Fabás, Fonte dos Fabás, Camiño dos Fabás. FIGO, FIGUEIRA: A Figueira. FREIXO: O Freixo, San Xoán do Freixo, Capela de San Xoán do Freixo, Estrada do Freixo, Fonte do Freixo. LARANXA: A Laranxeira, O Laranxo, Camiño do Laranxo. LIÑO: Os Liñares. LODEIRO: O Lodeiro (?). LOUREIRO: O Loureiro. MATO: O Mato (2), O Mato da Besta, O Mato da Eira, O Mato da Porta, O Mato da Besta, O Mato da Renda, O Mato das Xestas, O Mato de Paredes, O Mato do Areeiro, O Mato do Cacheiro, O Mato do Cruceiro, O Mato do Medio, O Mato Grande, O Mato Vello, O Matiño, O Portal do Mato, Tras do Mato. MACEIRA: A Maceira, As Maceiras, Petróglifo das Maceiras. MILLO: A Millada, As Milladas, A Presa das Milladas, A Millada do Sobreiro. MOREIRA: A Moreira. MORUXA, MARUXA: Os Maruxentos. NOGUEIRA: A Nogueira (3). OLMO: Os Olmos. PAÍNZO: Os Painzás/Os Pinzás. PALLA: Tras do Palleiro, A Palloceira. PANASCO: A Panasca. PASTO: Os Pastos da Casa Vella. PEREIRA: As Pereiras (2), O Pereiro (3), As Pereiriñas. PIÑEIRO: Outeiro de Piñeiro, O Pinal, O Pinal de Manamitas, O Pinar do Marqués, O Pinal do Rei. POMAR, PUMAR: O Pumar. POULA, POULO: A Poula, A Pouleira (2), A Pouleira da Lagoa, As Vesadas da Pouleira, O Poulo do Cocho. PRADO: Prado (2), Pardabesta (Prado da Besta). SALGUEIRO: Os Salgueirales. SEGUEDO: O Seguedo, Fonte do Seguedo. SILVA: A Silveira, O Cocho da Silveira, Fonte da Silveira. SOBREIRA: A Sobreira, A Devesa da Sobreira, Castro da Sobreira, Monte da Sobreira, Monte Sobreiro, Souto da Sobreira, Veiga da Sobreira, Outeiro de Sobroso. SOUTO: O Souto; Souto da Lamosa, Souto da Sobreira, Souto das Faixas, Souto do Guicho, O Soutiño, O Agro do Souto, O Cocho do Souto, Estrada do Souto, Fonte do Souto (2). TINTOREIRA: A Tintoreira. TRIGO: A Trigueira. VIMBIO: O Vimbieiro. VIÑA: As Viñas, Campo da Viña, A Chan da Viña, A Vesada da Chan da Viña. XARXA: A Xarxenta. XESTA: O Xestal (2), O Xestal da Lapela, Fonte do Xestal, O Mato das Xestas. XUNCO: O Xuncal, A Xunqueira.

4. Zootopónimos.

Son os nomes de lugar relativos á fauna, tanto de animais bravos coma domésticos. Dado o frecuente emprego dalgúns nomes de animais como sobrenomes ou alcumes, non sempre podemos saber cando o topónimo se refire a un animal, pola súa presenza ou pola abun-

dancia nun lugar, ou cando procede dun sobrenome persoal, fixado na toponimia como nome de propietario. Suponse que nos topónimos de Valadares refiridos ás abellas, aos becerros, ás bestas, aos cabalos, ás cabras e ás galiñas han de referirse aos animais domésticos, aínda que non sempre podemos ter certeza. Os gatos na toponimia poden referirse en ocasións ao gato bravo ou ao gato montés. As referencias a raposas ou a raposos e a coellos son frecuentes en toda Galicia. Nomes relativos a aves como corvos, curuxas, mouchos, falcóns ou perdices son relativamente frecuentes na toponimia galega; menos comúns son os topónimos que conteñen o nome do *bufo*. *Pisco* é a denominación tradicional na zona para o *paporrubio* (*Eritacus rubecula*). O topónimo referido ao insecto chamado *moscaveira* é un topónimo único. Téñase en conta que outros topónimos relativos aos animais domésticos e á gandaría, como *corte*, *curral* etc., van incluídos no apartado sexto, titulado «Obra humana».

ABELLA: A Abelleira/A Abilleira. BUFO: Bufos, Bufos-Abelal. BECERRO: O Cu do Becerro, A Becerreira. BESTA: Pardabesta, Prado da Besta. CABALO: O Cabaleiro, Cabaleiros. CABRA: O Cocho das Cabras, A Corte das Cabras, O Ollo da Cabra, Cabreira. CAGAR: As Pedras das Cagallas, A Chan do Cagalleiro. CARACOL: A Caracola. CARRAPATA: A Carrapata, Carrapatelo, Carrapateiro. COELLO: Fonte do Coello, A Coelleira, Camiño da Coelleira. CORVO: Os Corvos, Tras dos Corvos. CURUXA: A Curuxeira. FALCÓN: O Falcón. FORMIGA: A Formigueira. GABIÁN: Monte do Gabián. GALIÑA: A Galiñeira, As Galiñeiras, O Cocho da Galiñeira, Muíño da Galiñeira. GATO: Outeiro do Gato. MOSCAVEIRA: A Moscaveira, Camiño da Moscaveira. MOUCHO: O Moucho, As Pedras do Moucho. (RATO) PAPADO: A Papadeira (?). PERDIZ: Os Perdigóns. PISCO: A Pisqueira. PORCA: Babio do Cocho da Porca. RA: As Rans. RAPOSO: A Raposa, Fonte da Raposa, Monte da Raposa, O Lombo do Raposo, As Pedras do Raposo. SAPO: Fonte do Sapo, Camiño do Sapo. TABÁN: O Tabán. TOCO, TOCA: A Toca.

5. Antropotopónimos.

Son os topónimos formados a partir dun nome persoal, polo regular o nome dun propietario. Cando conteñen un alcume ou sobrenome, non sempre é doado identificalos. Nos máis antigos, que podemos considerar milenarios en idade, o topónimo procede da forma do xenitivo latino do nome persoal, como en *Saramil*; tamén proceden do xenitivo latino de nomes persoais medievais outros como *Mandín*, *Caride* ou *Guisande*, pero na toponimia de Valadares están presentes

como apelidos ou como sobrenomes de persoas orixinarias de lugares así chamados. A aparente abundancia de nomes persoais femininos non remite a propietarias, senón que na maioría dos casos son formas adxectivas segundo o modelo *A Bértola* = 'A de Bértolo', aplicado á casa ou á propiedade de alguén con ese apelido, do mesmo xeito que a propiedade de alguén chamado *Simón* orixinou o topónimo *A Simona*. Outra fórmula igualmente común na microtoponimia é *A + de + antropónimo* (*A de Ana*, *A de Anselmo* etc.). No nome do lugar chamado *Os Martices* consérvase un plural da forma tradicional galega do apelido patronímico correspondente ao nome *Martiño*, que era *Martiz* en galego e de maneira sistemática foi alterado na forma correspondente castelá, *Martínez*. Son igualmente interesantes os topónimos formados por un nome persoal composto con nome e sobrenome, como *Peimallo* e *Porvello*, correspondentes a individuos medievais chamados *Paio Mallo* e *Pero Vello*, cos nomes de pía nas formas abreviadas *Pai* e *Per*.

ANA: A de Ana, Lugar de Ana González. ANDRÉ: A Andresa, O Cocho de Mariandrés. ANSELMO: A de Anselmo. BALTASAR: A Baltasara. BAUTISTA: Campos de Bautista. BÉRTOLO: Os Bértolos, Camiño dos Bértolos, Os Bértolos do Areeiro, A Bértola etc. BOUZÁN: A Bouzana. CADAVAL (apelido): Cadaval. CARIDE: Fonte do Caride. CARREXÓN: Os Carrexóns. CARTA: Regueiro das Cartas. CONSTANZA: A Constanza. DIABRIÑA: A Diabriña. EMILIO: Milio de Arriba, Milio de Abaixo. FALCÓN: O Falcón. FRANCISCO: A de Francisco. GARRIDO: A Garrida, Estrada da Garrida, Fonte da Garrida etc. GASPAR: A Gaspara, Outeiro da Gaspara. GONZÁLEZ: Lugar de Ana González. GUISANDE: As Pedras de Guisande. MALLO: Peimallo etc. MANDÍN: O Mandín/Os Mandíns, A Auga do Mandín. MARÍA: O Cocho de Mariandrés. MARICA: A de Marica. MARQUÉS, MARQUESA: As Minas do Marqués, O Pinar do Marqués, Camiño da Marquesa. MARTIÑO, MARTIZ: Martiño, Os Martices. MITÓN: As Mitoas, Fonte das Mitoas, O Picoto das Mitoas etc. MONTEIRO: A Monteira. PAIO MALLO: Fonte de Peimallo, Camiño de Peimallo, Petróglifo de Peimallo etc. PASCUA: Pascua da Vila. PATIÑO: Dorra de Patiño. PATRÓN: Patrón, A Patrona. PEDRO: A de Pedro, Porvello ~ Pero Vello. QUINTAS: A Medorra de Quintas. REI: O Pinal do Rei, Fonte do Rei. SALAMIRO: Saramil. SERODIO: A Serodia. SANDOMINGO: As Sandomingas. SIMÓN: A Simona, Camiño da Simona, Fonte da Simona, Lavadouro da Simona, Regato da Simona. TIRADO: Os Tirados. TOMÉ: Outeiro de Tomé, A Tomasa. VELLO: Porvello. VILCHO, VILCHA: A Vilcha. XAN-XOÁN: Sancostas, As Xoanelas. XUÍZ: A Mó do Sues.

6. Agrotopónimos e sociotopónimos.

Os nomes de lugar relativos á obra humana, ao hábitat e aos labores agrícolas son numerosos e variados, e aínda poderían incluírse tamén

con eles algúns dos topónimos enumerados noutros apartados pero relacionados cos traballos e os días da comunidade, as construcións, os modos de propiedade e de asentamento etc. Na toponimia de Valadares contamos os seguintes:

AGRO, AGRA: O Agro do Souto, A Agra das Cans, A Agra de Seoane, A Agra das Cortes. AMEIXOADA: Ameixoada Alta. ÁREA: *Área de Lecer das Cans*. CACHAR, CACHADA: A Cachada, As Cachadas, A Cachada de Amieiros, As Cachadiñas, A Cacheira, Fonte da Cacheira, Cacheiras, O Cacheiro, Camiño do Cacheiro, Muíño de Abaixo do Cacheiro, Muíño de Arriba do Cacheiro, O Mato do Cacheiro, A Horta do Cacho. CAL, CALES, CANS: A Cal do Lavadouro, O Cocho da Cal, A Mina da Cal, As Cales, As Cans. CÁMARA: O Caramancho, O Caramanchel, Camiño do Caramanchel, Muíño do Caramanchel. CAMPO: Campo da Eira, Campo da Porta, Campo do Abade, Campo do Río das Cortes, Campo de Quinta, Campos de Babio, O Escampado. CANCELA: As Cancelas. CANO: O Cano. CANIZO: O Canizo, Lavadouro do Canizo, Rego dos Canizos. CANTEIRA: Canteira de Coviles, Canteira de Fontefría. CARTAS: Regueiro das Cartas. CARTO: O Carto do Viño. CASA: A Casa Vella, Detrás da Casa, A Regueira da Casa, A Casa da Patrona, A Casa da Malla, Casouteiro, Os Pastos da Casa Vella. CASEIRO: Camiño do Caseiro. CASTRO: O Castro, Castros, Os Castros, A Devesa de Castros, Castro das Barrocas, Castro do Monte Alba. CAVAR: A Cavada, A Cavada da Costiña, A Cavada Vella, As Cavadiñas, O Cavadón. COCHO: O Cocho da Cal, O Cocho da Devesa, O Cocho da Illa/O Cocho das Illas, O Cocho da Fonte, O Cocho da Fonte da Grisvella, O Cocho da Galiñeira, O Cocho da Porca, O Cocho da Silveira, O Cocho da Torre, O Cocho da Viña, O Cocho de Mariandrés, Cochos, Os Cochos do Foxo, O Cocho da Viña, O Cocho de Prado, O Cocho das Cans, O Cocho das Rans, O Cocho do Carregal, O Cocho do Muíño, O Cocho do Muíño do Carro, O Cocho dos Fabás, O Cocho do Souto, O Cocho do Sueido, O Cocho do Tombiño, Cochodares, O Poulo do Cocho, O Cochelo, Cocheliños, Cochiño das Barrocas, Cochiños. CÓMARO: A Comareira, Veiga da Comareira. COMPRAR: As Compras. CORTE: O Areeiro da Corte, A Agra das Cortes, A Corte de Cabras, A Corte Vella, As Cortes, Veiga da Eira das Cortes, Río das Cortes, Campo do Río das Cortes, Lavadouro das Cortes. CORTIÑA: A Cortiña da Virxe, As Cortiñas. CORTIZO: Cortizo, Leira dos Cortizos. COUTADA: Coutada Grande, Coutada Nova, Coutada Vella, Coutada das Pitas, Coutada das Presas, Coutada do Cañoto, Coutada dos Pinos. CURRAL: O Curral, Os Currás. CRUZ: A Cruz, A Pedra da Cruz, A Pedra da Cruz de Fontefría, O Cruceiro da Areosa, O Mato do Cruceiro. DEVESA: A Devesa, A Devesa da Cotarela, A Devesa da Sobreira, A Devesa de Abaixo, A Devesa de Arriba, A Devesa de Castros, A Devesa de Lamoso, A Devesa do Rei, A Devesa do Torrón, A Devesiña, Camiño da Devesa, Fonte da Mina da Devesa, Monte da Devesa. EIDO: O Eido Vello, Fonte do Eido Vello, Sueido, O Cocho de Sueido. EIRA: A Eira, Campo da Eira, A Chan da Eira, A Eira Vella de Seoane, Suaeira, Lugar da Eira, Os Eirados. ESQUEIRO: O Esqueiralto. FEIRA: A Feira. FOLÓN: O Folón. FONTE: *vid.* nos hidrotopónimos (2). FORNO: Regueiro do Forno. FORO: A Aforada. FOXO: O Foxo, Os Cochos do Foxo, O Cantón do Foxo, Estrada do Foxo, Os Foxos de Vincios, Río do Foxo. GRANXA: A Granxa. HORTA: A Horta do Cacho, A Horta das Canas,

A Hortiña, A Hortiña de Paredes. LATA: A Lata, A Latiña. LAVAR: Os Lavadouros, Lavadouro da Simona, Lavadouro de Vales, Lavadouro do Canizo, Lavadouro dos Mangales. LEIRA: A Leira, As Leiras, A Leiriña, A Leira dos Cortizos, A Leira Longa, A Leira Nova, As Leiras do Lago. LUGAR: Lugar da Eira, Lugar da Presa, Lugar da Viña, Lugar de Abaixo, Lugar de Alá, Lugar de Ana González, Lugar do Abade, A Chan do Lugar. MADORRA: A Madorra de Quintas, Dorra do Patiño. MALLAR: A Malla, O Malladeiro. MAQUÍA: As Maquías, Muíño das Maquías. MARCO: O Marco da Gándara. MARIÑEIRA: As Mariñeiras. MENOR: A Menora. MINA: As Minas, A Mina da Cal, As Minas do Marqués, As Minas do Souto, Fonte da Mina da Devesa. MOLLÓN: O Mollón Real. MOUTEIRA: A Mouteira, As Mouteiras. MUÍÑO: Muíño da Areíña, Babio do Cocho dos Muíños, Muíño do Caramanchel, Muíño da Cotarela, Muíño da Galiñeira, Muíño das Maquías, Muíño da Pontella, Muíño da Senra, Muíño de Abaixo, Muíño de Abaixo do Cacheiro, Muíño de Arriba, Muíño de Arriba do Cacheiro, Muíño das Longras, Muíño do Carregal, Muíño Pequeno, Muíño Vello, Tras do Muíño. MURO: Muradas. PADRÓN: O Padrón do Couto, Estrada do Padrón do Couto. PAREDE: A Pardiñeira, O Pardiñeiro, Paredes. PASTO: Os Pastos da Casa Vella. PAVILLÓN: Pavillón do Pedregal. PEIRAO: O Peirao da Valada. PONTE: Ponte de Roque, A Pontella, Muíño da Pontella, O Pontillón. PORTA: Campo da Porta, O Portal, A Chan do Portal, Camiño do Portal, Estrada do Portal, Fonte da Estrada do Portal, O Portal do Mato, A Portela, A Porteliña, O Portelo, A Portela de Alba, O Portelo dos Paus, A Lapela do Portelo, A Rega do Portelo. POULO: O Poulo do Cocho. PRESA: A Presa, As Presas, A Presa Nova, A Presa de Roque, Lugar da Presa. QUENDA: Fonte das Quendas. QUINTA: Quinta, Camiño de Quinta, Fonte de Quinta, Campo de Quinta. RABADEIRA: A Rabadeira. RESÍO: Resío de Babio. ROZA: A Rozadiña, O Balcón das Rozadiñas. SEGAR: O Seguedo, Fonte do Seguedo. SECO: O Sequeiro. SENRA: A Senra, Muíño da Senra, Regato da Senra. TAFONA/A TAFONA: A Tafona. TALLO: Os Talliños, O Tallo do Adro. TANQUE: O Tanque. TOMADA: A Tomada, A Tomadiña, A Tomada da Costa, A Tomada da Rega. TERREIRO: O Torreiro. TORRE: A Torre, Campo da Torre, A Devesa da Torre, O Cocho da Torre. TÚNEL: O Túnel, Túnel de Valadares. VACAR: A Vacante. VALO, VALAR: A Valada, Fonte da Valada, O Pedregal da Valada, O Peirao da Valada, Valadares. VEIGA: Veiga do Medio, Veiga da Fonte de Abaixo, Veiga da Fonte de Arriba, Veiga da Mina, Veiga de Pedro, Veiga Grande, Veiga da Comareira, Veiga da Sobreira, Veiga da Corte, Veiga da Eira, Veiga da Fonte, A Veiguiña. VESAR: A Vesada da Chan da Viña, As Vesadas, As Vesadas do Fabás, As Vesadas da Pouleira. VILAR: Vilariño. VÍNCULO: O Vínculo. VIVEIRO: O Viveiro.

7. Haxiotopónimos.

Son os nomes de lugar relacionados cos santos, cos cultos e coa relixión.

ABADE: Campo do Abade, Lugar do Abade. ADRO: O Adro (O Torreiro), O Tallo do Adro. BIEITO/BENITO: San Benito. BISPO: O Bispo. CALVARIO: O Calvario. CANDEA: As Candeas, A Candea, Fonte da Candea da Igrexa. CAPE-

LA: A Capela, Capela do Monte Alba, Capela de Nosa Señora da Alba. CREGO: A do Crego. CRUZ, CRUCEIRO: O Cruceiro, O Cruceiro da Areosa, O Cruceiro de Quinta, O Cruceiro do Freixo. CURA: A do Cura. DEAN: A Deana (?). DEUS: Outeiro de Deus. ERMIDA: A Ermida (do Monte Alba), A Ermida de Abaixo, A Ermida de Arriba. IGREXA: A Igrexa, Camiño da Igrexa, A Igrexa Vella/A Grisvella, Fonte da Igrexa Vella, Igrexa de Santo André de Valadares. MENORES: A Menora. SAN DOMINGO: As Sandomingas. SAN XOÁN: San Xoán/San Xoán do Freixo, Capela de San Xoán do Freixo, Estrada de San Xoán, Fonte de San Xoán. SANTO: O Santo. SEOANE: Seoane, A Agra de Seoane, Estrada de Seoane, Fonte de Seoane, Muíño de Seoane, VIRXE: A Cortiña da Virxe.

8. Topónimos viarios.

Son os nomes de lugar que se refiren a vías de comunicación.

CALZADA: A Calzada. CAMIÑO: Camiño da Areosa, Camiño dos Bértolos, Camiño da Chanciña, Camiño da Coelleira, Camiño da Devesa, Camiño da Igrexa, Camiño das Maquías, Camiño da Marquesa, Camiño da Pomba, Camiño da Valada, Camiño das Campaceiras, Camiño de Peimallo, Camiño de Seixos, Camiño de Seoane, Camiño de Vales, Camiño do Cacheiro, Camiño do Canizo, Camiño do Caramanchel, Camiño do Carro, Camiño do Caseiro, Camiño do Cruceiro, Camiño do Monte, Camiño do Piñeiro, Camiño do Portal, Camiño do Regueiro do Forno, Camiño do Sapo, Camiño do Souto, Camiño dos Cañotais, Camiño dos Liñares, Camiño dos Mancales, Suocamiño, Tres Camiños/Tras Camiño. CANCELA: As Cancelas. CARREIRA, CARREIRO: Fonte Carreira, Campo do Carreiro, A do Carreiro. CONGOSTRA: A Quiringosta. CRUZ, CRUCEIRO: O Cruceiro, O Cruceiro da Areosa, O Cruceiro do Freixo, O Cruceiro de Quinta. ESTRADA: Estrada da Gándara, Estrada da Garrida, Estrada das Barrocas, Estrada de San Xoán, Estrada de Seoane, Estrada do Monte Alba, Estrada do Padrón do Couto, Estrada do Portal, Estrada do Regueiro, Estrada do Freixo, Estrada do Portal, Estrada do Foxo, Estrada do Souto. PORTA: Campo da Porta. POUSO: O Pouso, O Pouso de Fóra, O Pouso do Areeiro. VOLTA, REVOLTA: Volta do Groño, A Revoltiña.

9. Posición relativa e semellantes.

Agrúpanse neste apartado os topónimos que responden a motivacións baseadas na posición do lugar denominado respecto dos seus arredores. Moitos destes topónimos conteñen un composto cun substantivo precedido de preposición (SUB-, TRANS-) ou cun complemento do tipo *de Arriba*, *de Abaixo* etc. Cando a preposición é a correspondente ao latín SUB (en galego *so*, que en compostos pode aparecer cunha variante *su*-) conviven formas con artigo e sen artigo: *Sueido* e *O Sueido*,

Suaeira e *A Suaeira*; no segundo caso, o emprego do artigo dá a entender que os falantes xa non son conscientes do significado da sílaba *su-*.

ABAIXO/BAIXO: Milio de Abaixo. ALÁ: Lugar de Alá. ALÉN: Fonte de Alén. ARRIBA/RIBA: Milio de Arriba, Riba dos Campos. BALCÓN: O Balcón das Rozadiñas, O Balcón do Cruceiro. BANDA (?): A Bandeira, As Bandeiras. CANTO: O Cantón do Foxo, O Cantón de Vilariño. DETRÁS: Detrás da Costa. MEDIO: Veiga do Medio, Campo do Medio, Campos do Medio, O Mato do Medio. MIRA: A Miragaia. SO (Sub): Suaeira, Sueido, O Cocho de Sueido, Suxenda, Suocamiño. TRAS: Tras Camiño, Tras do Mato, Tras dos Corvos, Tras Palleiro.

10. Outras motivacións.

Podemos incluír nun último apartado os topónimos que responden a outras motivacións. Naturalmente, sempre hai topónimos escuros ou outros de carácter anecdótico para os cales non poderemos saber por que razón se aplicaron para denominar un lugar. En calquera caso, na súa orixe, no momento en que comezaron a empregarse, todos os topónimos eran de significado transparente para os falantes.

Entre as motivacións que orixinan nomes de terras cultivadas que non se incluíron nos apartados anteriores podemos considerar a referencia á forma das propiedades ou dos accidentes xeográficos, que dá lugar aos chamados **morfotopónimos**. Así, realidades alongadas e estreitas adoitan orixinar nomes de lugar a partir do adxectivo *longo*, *longa* (*A Augalonga*, *A Longa*, *A Longra, A Lóngara*) ou aplicando metaforicamente o nome doutras realidades coa mesma forma, como manga (*A Manguela*, *As Manguelas*, *Os Mangales*) ou faixa (*As Faixas*, *O Outeiro da Faixa, As Faixas dos Penedos*). Tamén se refiren á forma, neste caso máis ou menos circular, topónimos que conteñen termos como *redondo*, *redonda* (*O Redondo, A Barxa do Redondo, A Redonda*). A referencia ao tamaño adoita manifestarse cos adxectivos *grande* ou *pequeno*, *pequena* en topónimos compostos (*Campo Grande, Coutada Grande, Muíño Pequeno*). Nomes como *As Mouráns* ou *As Mourellas* poden denominarse **cromotopónimos**, cando se refiren á cor da realidade que designan. Tamén teñen moita presenza na toponimia as referencias ao tempo ou á antigüidade de determinadas realidades xeográficas, nos chamados **cronotopónimos**, que nos máis dos casos se manifestan cos adxectivos *novo*, *nova*, *vello*, *vella* en topónimos compostos (*O Eido Vello*, *Muíño Vello*, *O Mato Vello*, *Coutada Nova*, *Presa Nova*, *Muíño Novo*).

3m

5 Referencias

Álvarez Pérez, Marta (2018): *Toponimia de Val de Fragoso. 6. Bembrive*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Ares, Nicandro (2012): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega [en liña]. Dispoñible en: https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/245&book/261.

Ávila y la Cueva, Francisco (1995 [c.1852]): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, 4 vols. Edición facsimilar. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Bascuas, Edelmiro (2002): «Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega», en anexo 51 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Bascuas, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.

Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.

Bluteau, Raphael (1720): *Vocabulario portuguez e latino, aulico, anatomico, architectonico, bellico, botanico, ... autorizado com exemplos dos melhores escritores portuguezes e latinos*. Lisboa: Oficina de Pascual da Silva.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.) (2017): «Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas», en anexo 75 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Búa, Carlos (2019): «Toponimia prelatina de Galicia», en anexo 78 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Cardoso, Jerónimo (1613 [1570]): *Dictionarium latino lusitanicum et viceversa lusitanico latinum*. Lisboa: Ex officina Petri Crasbeeck.

Carrasco, Lorena e Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia de Val de Fragoso. 3. Beade*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Corominas, J. e J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos.

Echániz Sans, María (1993): *El monasterio femenino de Sancti Spíritus de Salamanca*. Colección diplomática (1268-1400). Salamanca: Universidad de Salamanca.

Espinosa Rodríguez, José (1949): *Tierra de Fragoso* (*Notas para la historia de Vigo y su comarca*). Vigo: Faro de Vigo (edición facsimilar, 2003. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses).

González, Manuel e Antón Santamarina (dirs.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG). A Coruña: Real Academia Galega [en liña]. Dispoñible en: https://academia.gal/dicionario.

González, Tomás (1829): *Censo de población de las provincias y partidos de la Corona de Castilla en el siglo XVI*. Madrid: Imprenta Real.

Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid: Establecimiento Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.

Ministerio de Fomento (1859): *Clasificación general de los montes públicos*. Madrid: Imprenta Nacional.

Moralejo Álvarez, Juan José (2008): *Callaica nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [en liña]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Callaica_Nomina.pdf.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega [en liña]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf.

Nomenclátor de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (NG). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Comisión de Toponimia [en liña]. Dispoñible en: http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp.

Otero Piñeyro Maseda, Pablo e Miguel García-Fernández (2013): «Los testamentos como fuente para la historia social de la nobleza. Un ejemplo metodológico: tres mandas de los Valladares del siglo XV», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 126, 125-169.

Pérez-Blanco y Pernas, Ignacio (2019): *Un viaje por la historia de Galicia. Del señorío al marquesado de Valladares*. Madrid: Editorial Doce Calles.

Piel, Joseph M. e Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

Real Academia Española: *Nuevo Tesoro Lexicográfico de la Lengua Española* (NTLLE) [en liña]. Dispoñible en: https://apps.rae.es/ntlle/SrvltGUILoginNtlle.

Río Barxa, Francisco Xavier (1990): *Cartografía xurisdicional de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cutura Galega.

Rodríguez González, Alfonso Salvador (2019): *Toponimia de Val de Fragoso 7. Candeán*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Rodríguez Lemos, Anxo (2018): *Toponimia de Val de Fragoso. 5. Comesaña*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Romaní, Miguel *et al.* (1889-1993): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Oseira* (*Ourense*), 3 vols. Santiago de Compostela: Tórculo.

Sandoval, Prudencio de (1610): *Antigüedad de la ciudad y iglesia Cathedral de Tuy*. Braga: Em casa de Fructuoso Lourenço de Basto.

Santamarina, Antón (2003-): *Dicionario de dicionarios* (DdD) [Dispoñible en: http://sli.uvigo.es/DdD/]

Sarmiento, Frei Martín (1999 [1757-1762]): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Sestay, Iván (2008): *Toponimia do Val do Fragoso. 1. Coia*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Sestay, Iván (2010): *Toponimia do Val do Fragoso. 2. Lavadores*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Sestay, Iván (2015): *Toponimia do Val de Fragoso. 4. Freixeiro e Sárdoma*. Vigo: Universidade de Vigo/Concellería de Cultura e Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Taboada, Nicolás (1840): *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores*. Santiago de Compostela: Imprenta de Compañel e Hijos [en liña]. Dispoñible en: http://biblioteca.galiciana.gal/pt/consulta/registro.cmd?id=4259.

ARQUIVOS DIXITAIS E BASES DE DATOS

ACS: Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela [en liña]. Dispoñible en: http://csa.archivo3000.es/jopac/.

AHN: Arquivo Histórico Nacional. Madrid [en liña]. Dispoñible en: https://pares.culturaydeporte.gob.es.

AHUS: Arquivo Histórico da Universidade. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [en liña]. Dispoñible en: https://www.usc.gal/gl/servizos/arquivo/fondos/accesoweb.html.

CAG: Boullón, Ana e Xulio Sousa: *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega [en liña]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/cag/.

Codolga: López, José Eduardo (1994-2017); José Manuel Díaz (2017-2020) e José Carracedo (2020-) (dirs.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* [en liña]. Dispoñible en: https://corpus.cirp.es/codolga.

GALICIANA-A: *Arquivo Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* [en liña]. Dispoñible en: https://arquivo.galiciana.gal/.

GALICIANA-B: *Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia* [en liña]. Dispoñible en: https://biblioteca.galiciana.gal/.

TMILG: Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [en liña]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/tmilg.

FONTES MANUSCRITAS

Apeo 1737: Apeo de varias fincas por las que se pagaba renta a los marqueses de Valladares. Ano 1737. ES. 45168. AHNOB/MOS-VALLADARES, C. 23, D25 (Pares).

CCME: Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la villa y coto de Valladares (Valladares, Tuy), efectuado por decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución. 1764. Archivo General de Simancas, DGR, 1RE, 989, 6 (Pares).

CME: Catastro de Ensenada (Interrogatorio). Respuestas Generales del Catastro de Ensenada (Pares). Valadares, Santo André. 1753 [en liña]. Dispoñible en: http://pares.mcu.es/Catastro/.

Curato 1589: Protocolos, S-486. Ano 1589. Presentación hecha por Diego Suárez de Tanxil, canónigo de Santiago y señor del coto de Valadares, de varios clérigos para la ocupación del beneficio mitad con cura de Santo André de Valadares. Fol. 116r.-116v. (AHUS).

Deslinde 1617: Deslinde entre las feligresías de Santa Eulalia de Camos y San Andrés de Valladares. 1617. (Archivo Histórico de La Nobleza. Mos-Valladares. ES. 45168-AHNOB/MOS-VALLADARES, C.19.0.54 (Pares. Non dixitalizado).

Información genealógica de Diego Sarmiento de Valladares. AHN, Inquisición, 1420, Exp. 3. Ano 1657 (Pares).

Informe xenealóxico dos señores de Valadares e Neira. Ano 1632. Arquivo do Reino de Galicia. ES.GA.15030.ARG / 2.1.2.7./Caixa 44976-13 (GALICIANA-A).

Preito 1597. Ejecutoria del pleito litigado por Álvaro Suárez Sarmiento, regidor, vecino de Pontevedra, Diego Suárez de Tangil, canónigo, Inés de Castro, mujer de Diego Suárez de Sotomayor, y los demás herederos que fueron de Rodrigo Suárez de Tangil, con Gregorio Sarmiento de Valladares, vecino de Vigo (Pontevedra), y sus hermanos sobre la toma de posesión del tercio de los palacios, casas, cotos y heredades que pertenecieron a García de Sarmiento y Teresa de Neira, en cumplimiento de la carta ejecutoria de un pleito anterior que litigaron sobre dicha herencia. Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Registro de Ejecutorias, Caja 1842, 9 (Pares).

Preito 1710: Ejecutoria del pleito litigado por Félix Correa Valladares. Ano 1710. Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Registro de Ejecutorias C. 3129, 57 (Pares).

Preito de 1588: Ejecutoria del pleito litigado por Gregorio de Valladares, Elvira de Valladares, su mujer, el doctor Mateo Luis y consortes, con María de Neira, viuda, sobre ejecución de la carta ejecutoria de un pleito anterior sobre la posesión y división de los bienes de Ginebra Alonso y de Alonso Pérez. Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Registro de Ejecutorias C 1621, 6 (Pares).

Preito de Simón Rodríguez 1540-1581: Ejecutoria del pleito litigado por Simón Rodríguez. Ano 1540-1581. Registro de Ejecutorias C 531, 8 (Pares).

Preito do Portal = Ejecutoria del pleito litigado por Juan y Alonso de Ávila [sic, por da Vila], vecinos de Valadares (…) con Diego Sarmiento de Valladares, sobre ocupación indebida del lugar del Pornal [sic]. Anos 1587, 1591, 1593. Real Chancelería de Valladolid, Ejecutorias, C1595, 3 (Pares).

San Domingos Pontevedra: Convento de San Domingos de Pontevedra (1646-1660): *Libro de los segundos traslados de foros y escrituras*. ES. 28079. AHN/14//CLERO, L. 20237 (Pares).

San Domingos Pontevedra, Apeos 1591: Apeos de bienes y hacienda en Redondela que pasaron ante Domingo de Caniagos [sic]. Ano 1591. AHN. CLERO, L. 10233 (Pares).

San Francisco Vigo: Convento de Nosa Señora dos Remedios. Franciscanas de Vigo. *Memorial Cobrador de Censos 1671-1672*. AHN Clero L20044/*Memorial Cobrador de Censos* 1672-1673. ES. 28079. AHN/13//CLERO, L. 20215 (Pares).

Tenzas 1594: Libro tercero del año 1594, del Notario de Número y Cabildo Domingo Cabaleiro. Protocolos, S-503. Ano 1594. Escritura de poder de Rodrigo de Hevia, canónigo de Santiago, tenenciero de la tenencia de Teis y Valadares, a Juan de Arines Troncoso, vecino de Vigo, para demandar y cobrar de todos los vecinos de la mencionada tenencia, todos los frutos y rentas que son obligados a pagar. Fol. 295 (AHUS).

Testamento de Gonzalo Sarmiento de Valadares. Ano 1470. ARG: Arquivo do Reino de Galicia (GALICIANA).

CARTOGRAFÍA

Galicia Nomeada (GN) [en liña]. Dispoñible en: https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/visor.
Catastro [en liña]. Dispoñible en: https://www.sedecatastro.gob.es/.
Mapas do Instituto Xeográfico Nacional (IGN) [en liña]. Dispoñible en: http://www.ign.es/web/ign/portal/cbg-area-cartografia.

Fonte da Changa
Vasadores

Índice

LIMIAR. 5
A PARROQUIA DE VALADARES 9
TOPÓNIMOS. 21
MOTIVACIÓNS DOS TOPÓNIMOS DE VALADARES. 263
REFERENCIAS 275

Estas páxinas son unha primeira aproximación ao estudo do vasto corpus toponímico de Valadares que logrou conservarse e chegar ata nós. Normalmente, os topónimos que designan realidades xeográficas de ámbito relativamente extenso, ou os que nomean cursos de auga de certa importancia, por exemplo, adoitan ser milenarios, remontan ás linguas faladas no noroeste peninsular na prehistoria e son os que mellor sobreviven.

Servizo de Publicacións

CONCELLO DE VIGO

Área de Normalización Lingüística
Universida de Vigo